

# Obra xornalística

## Índice

### [308 artigos](#)

[Escolma de artigos da revista Palavra Comum](#)

[Revista Argenteuil!](#)

[Illa Bucle Groenlandia](#)

[Entrar e saír do capitalismo. Conversa con Borxa Colmenero](#)

[Conversa con Amauta Castro](#)

[A espiral galega. Conversa sobre os celtas con Ana Mar Fraga Rábade](#)

[Dentes para a mazá \(fotos de París\)](#)

[Revista sonora Cruña \(con Xosefa Vázquez y Manuel Pan\)](#)

**308 artigos**

*O ser e a nada.* Este título de Sartre ben podía cuestionar e analizar a nova obra de Marina Abramovic pois esta como di a artista non trata de nada. Esta idea non é nova na arte pois xa facían uso da mesma os cineastas da *Nouvelle Vague* que pretendían contar nada ou case nada. Así achegámo- nos á obra en si e para si e a linguaxe plástica estaría da parte da construcción e non tanto da trama e significado. O título é *512 horas* e a materia do mesmo son: ela e o público. Xa nos cativara con aquela *performance* na que se sentaba en fronte a persoas coñecidas sen se decir nada, levándo-a aquí ao seu extremo.

*You may write me down in history/With your bitter, twisted lies,/You may trod me in the very dirt/But still, like dust, I'll rise.* Este é un poema de Maya Angelou que acaba de falecer aos octenta e seis anos de idade. Ela é unha representante, e icona mesmo, da loita afroamericana a través da realización artística e/ou cultural. No noso país é pouco coñecida pero non así no mundo anglosaxón facendo eco da súa morte a meirande parte de xornais. No ano 1993 asina un filme co suxerente e contundente título “*Poetic Justice*” sendo considerada como unha riot.

Se non hai compromiso non hai verdadeira fotografía. Son as palabras de Sebastião Salgado, fotógrafo que achega así esta arte ao documentalismo, o que fai fincapé nas dúas variantes ás que se atén. Por un lado ese aspecto artístico e por outro o de documento, podemos dicir case histórico. As fotografías así non deixan de entrever a vida do fotógrafo, é máis, ambas van unidas. Así mesmo recorda que perante os avanzaos tecnolóxicos (o dixital enténde-se) os profesionais deberon adaptar-se e os que non o fixeron perderon unha oportunidade importante. As súas fotografías son todas en branco e negro, vendo nesa opción unha abstracción.

En declaracíons para un medio dixital Michael Haneke vén de defender os seus filmes coa consideración de que son normais, que esa é a normalidade (baixo apariencia de delirio) e que ademais co cine e as demais artes ténen-se que mover as mentes até o punto de inquedar e non así calmar. Sabemos que os seus filmes son extensíons concretas de conflitos humanos e que as temáticas non deixan de rondar a condición dos mesmos poñendo ás personaxes en situacións e dilemas extremos. Dende calquera perspectiva o seu cine achéga-nos a esas realidades que como espectadores temos que face-las nosas.

Vivimos nunha sociedade globalizada, sen dúbida. *10.000 kilómetros* é un filme que desvela esta realidade a través dunha construcción narrativa que retrata o amor na distancia. Non só pola temática é actual senón que indaga e manifesta unha nova linguaxe que se pode considerar meta- cinematográfica posto que as pantallas a través das que se comunican as dúas personaxes non deixan de ser un “algo” como o cinema. A obra é autoría de Carlos Marques-Marcet quen asina a súa primeira longa e foi presentada en festivais como o de Austin en USA.

*Un certain regard* é o premio que Cannes ofrece ás producións más experimentais. A fipresci (federación internacional de críticos de cine) deu- lle o galardón a coproducción arxentino-mexicana *Jauja* dirixida por Lisandro Alonso. Mentre comeza a premiación agardamos pola Palma de ouro que este ano pode recaer no filme *Adieu au langage* de Godard (sería a primeira vez). Nembargantes a obra deste realizador parece ser demasiado arriscada para conqueri-la; entre outros factores porque está protagonizada por un can. Godard non deixa de sorprender-nos. Cannes segue o seu curso.

En Tailandia houbo onte un golpe de Estado. O exército anulou a Constitución e impuxo a lei marcial. Os medios de comunicación retransmitiron en directo o golpe e despois interrompéreron-se as emisións para deixar paso a contidos patrióticos. A primeira ministra, Yingluck Shinawatra, estaba desaparecida. Os manifestantes serán detidos. Este é o clima de inestabilidade dun país no que a democracia na súa vertente más clásica aínda non ficou

asentada. Despois desta viría a capacidade do pobo non só de escoller goberno senón de decidir directamente sobre os asuntos deste; pero nisto aínda estamos en Europa, na idea de empoderamento da sociedade civil.

Darren Aronofsky é un cineasta neoiorquino nado a finais da década dos sesenta. Os seus filmes están enfocados en analizar as relacións sociais que se efectúan en situacións extremas tanto sociais como psicolóxicas. É o director do famoso filme *Requiem for a Dream* e vén de publicar neste ano a súa nova aportación *Noé*. Este director comezou no mundo das curtametraxes antes de lanzar-se ás longas, como sucede en moitos casos. A súa obra dá especial importancia á posta en escena, sendo un cineasta da imaxe, con encadres arriscados que o fan representante do cinema *indie* norteamericano.

281 anti nuke é un grafiteiro coñecido como o Banksy xaponés. Nas súas obras reflícte-se o seu compromiso social, sobre todo a súa militancia no anti-nuclear. Sempre con gafas de sol leva ás rúas de Tokio un andamiaxe de propostas que versan en torno a temas que desde fai décadas preocupan ás novas xeracións. Non nos esquezamos de Chernóbil e a catástrofe que levou aparellada, e por iso este tipo de reivindicación non deixa de estar de actualidade. O anti-nuclear é unha protesta que se estenden por todo o planeta e que en Xapón non deixa de estar presente. 281 anti nuke fai-nos pensar e reflexionar sobre como ten que estar administrado o mundo.

A cuestión da aura nas obras de arte é algo que vén marcando o mundo da Arte desde os seus comezos. Así as primeiras obras tiñan un valor de culto que as achegaba ao máxico. Na época da reproducibilidade técnica o valor de seres un algo único desaparece, como di W. Benjamin nos seus escritos sobre a fotografía, agora é cando a aura se transforma noutra cousa que non é máis que unha certa lontanía que nos fai entrar así mesmo nos parámetros do belo. A beleza segue a ser o fin último dunha obra de arte e esta conségue-se a través da construción dun algo auténtico aínda que se poida reproducir.

Boko Haram é unha organización extremista islámica de orixe nixeriana. Sabemos que despois do 11S o islamismo é un dos focos nas relacións internacionais e case que unha alarma para a estabilidade do sistema mundial. Este non só pertence a zona xeográfica de Oriente Medio e Asia senón tamén en África. Para este grupo a relación co mundo occidental está prohibida e perseguida e xa levan un bo número de mortes por esta causa. Un xuíz do estado español sostén que é preciso unha reforma do sistema do dereito internacional posto que se o líder deste grupo viñera a España non podería ser detido. O fundamentalismo relixioso (islámico) é unha das chaves para entender a política do século xxi.

O Musée d'Orsay está situado nunha antiga estación de trens de París. Alberga as pinturas más representativas do século xix e é unha ponte entre a arte clásica (Louvre) e a moderna (Pompidou). Concretamente e especialmente pódense ver as obras do pos-impresionista Gauguin, que realizou a súa obra influenciado polas paisaxes naturais e humanas tanto do Caribe como de Oceanía, onde Francia tiña os seus territorios de ultramar. Esta racha co gusto burgués imperante na época e desvela a través sobre todo da cor lugares e persoas exóticas. Hoxe é o día internacional dos museos.

Un día como hoxe pero de 1863 publicou-se en Vigo *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Esta data dá pé á celebración do Día das Letras Galegas que este ano está adicado a Xosé María Díaz Castro e que é instaurada pola Real Academia Galega (dende 1963). Díaz de Castro naceu en Guitiriz en 1914 e morreu en Lugo en 1979. O seu libro *Nimbos* (1961) condensa a poesía de toda a súa época. Estes son uns versos deste poemario, da parte *Soños*: “*Hase de amar a cousa hastra que sangue./O verdadeiro amor enferra en neve,/ara nun mar de rosas suco leve,/ ai pro acadulla en sangue.*”

Os anti-mundialistas en Brasil segundo os xornais franceses non son tantos como semellaba. Seguro que hai moitos máis que non se manifestan. O fútbol nestes tempos é considerado como o deporte rei, e un mundial é o seu epicentro. Non obstante os que están en contra del opóñen-se a un derroche de cartos cando hai moita poboación que está a pasar fame e berran que non queren fútbol senón dereitos sociais. Son contrapostos? Sobre todo sabendo que Brasil é unha canteira de bos xogadores...

Xa comezou o festival de Cannes e dende as canles online francesas podemos ver o que alí sucede, en directo. Pois ben, a parte que me tocou ver a eso das 5 da tarde de onte foi a Nicole Kidman coa equipa do filme sobre a dinastía de Mónaco na alfombra vermella atenta e disposta ante o ollar tecnolóxico dos fotógrafos que dun lado e do outro demandaban más sorrisos. O traballo de fotografar as estrelas do festival leva aparellado unha atención para captar o momento preciso: un bico ou unha mirada cómplice. O importante con todo é sacar *glamour*.

Xa comezan a saír as programacións dos festivais musicais do verán. L'orient le jour vén de publicar os que se desenvolverán en Byblos entre xullo e agosto. Byblos é a cidade aínda conservada e habitada máis antiga do mundo (5.000 a.C.) e dá nome así mesmo ás escrituras sagradas. O Líbano está rodeado de conflitos pero a súa guerra civil xa pasou: Os amigos da miña xeración deste país viviron a guerra civil cando eran novos tendo que emigrar moitos deles. Agora coa situación política máis estable podemos disfrutar dos concertos da estación estival.

Escoitar música vén sendo algo moi propio do ser humano desde os temas percusivos do primitivismo até a música más refinada. Hoxe en día os formatos dixitais veñen a substituír aos soportes más clásicos como a casete e o vinilo. Nembargantes a fábrica de vinilos máis grande dos USA non dá feito coa demanda. O vinilo está de moda e é case todo un ritual “poñer” un disco. Son moitos os grupos que optan por este formato para sacar ao mercado a súas cancións pero estes mesmos non deixan de empregar plataformas dixitais como o bandcamp para a difusión musical. Entre clasicismo e innovación.

Copenhague: Eurovisión é gañado por Conchita. O festival dá o máximo galardón a unha muller con barba que xa todos coñecemos e recoñeceríamos. Ante isto o goberno ruso asómbrase e pide seriedade. Por outra banda os transexuais celebra-no pois é un paso máis para a normalización da súa condición. De transexualidade xa falou Virginia Woolf en *Orlando* (1928) e aínda que xa pasou case unha centuria volve a estar hoxe da máis absoluta actualidade. Porque os xéneros son construcción □

O EZLN tivo unha importante repercusión mediática na década dos noventa, non obstante segue en activo e participando noutros movementos como *La otra campaña*. O subcomandante Marcos cambiou de nome polo de Comandante Zero. Eu tiven a oportunidade de ve-lo a comezos do século xxi (concretamente no 2006) e o seu discurso na manifestación do 1 de maio versaba xa non só sobre os dereitos dos pobos indíxenas senón sobre os traballadores inmigrantes. O ezln ten máis peso no centro-sur de México, sobre todo no estado de Chiapas (que limita con Guatemala) onde se forxou. Nembargantes son habituais as “subidas” á capital para manifestar- se.

Sun Ra é un músico afroamericano cuxa orquestra segue en activo; podemos ve-la no Primavera Sound de Barcelona este verán. Os seus ritmos son afroamericanos pero con un toque de experimentación que o fai máis orixinal que o resto de propostas deste tipo. Non é tan reivindicativo como Fela kuti ou Seun Kuti (o seu fillo) pero deixa o mesmo pouso que eles: o de ser a voz dun colectivo que estivo marxinado ao longo da Historia. Unha música que nos trasladará a espazos case psicodélicos e a un tempo que se presenta en impasse pero sempre mirando cara adiante.

Ultimamente a imaxe da *Ioconda* é fenómeno de discordia. Algúns xogan coa súa imaxe e transforman a pintura, ben sexa cun inodoro ao carón, bigote, outro rostro etc. O museo do Louvre fala de iocondofilia nestes últimos tempos mais esa admiración pode transformar-se en case burla. Motivo de que? Imaxino que é unha transgresión con respecto á pintura xa clásica. Algo por outra banda repetido na época contemporánea.

Non todo é o que parece. O machismo oculta-se na época pos-moderna baixo o termo pos-machismo que non é a eliminación deste senón este mesmo baixo outros parámetros. En función da suposta igualdade consideran que xa non hai diferenzas nem supostas desigualdades e instan á inactividade das mulleres para lograr os seus dereitos dando por feito que xa os teñen. Este termo pos-machismo foi recollido dun artigo de *El país* desvelando así os mecanismos ocultos dos homes que pensan que xa non ten que haber loita feminista e amparándose nunha neutralidade que non é máis que unha liña de consenso imposto, levan a pensar que xa non hai nada que reivindicar.

Onte foi o día da independencia mexicana e todos seguramente nos lembramos de Zapata. Incluso hai berros nas manifestacións actuais que din “*Zapata vive la lucha sigue*”. Tamén o imperio francés quixo facer as Américas en México pero só puideron controlar unha pequena parte do territorio e por pouco tempo. México é un país onde o peso das comunidades indíxenas é importante e transcendente e a súa loita está presente en movementos como *La otra campaña*. Marcos e o seu exército seguén a reivindicar os dereitos destes pobos.

O que está a pasar en Ucraína é grave pois é case unha guerra civil de fascistas contra antifascistas. Algo que me recorda á guerra civil española. Moscova apoia a idea de confederar-se con Ucraína e a Otan non quere dar-lle a relevancia que ten o conflito. En Odessa houbo moitos mortos pero non tivo a repercusión mediática suficiente. Con todo sóame máis a un conflito pos-guerra fría que outro do século xxi no que o Islamismo xoga o rol protagonista.

Ata onde podemos chegar? Cal é a dirección correcta para chegar a onde queremos... porque non todas elas levan ao mesmo sitio. Hoxe tomei un café a carón do estadio de Riazor cun sol potente que nos aloumiñaba o corpo, presto a tan delicado e saboroso pracer. Os traballadores dos bancos non fan ponte e mentres escoitaba radio 3 no carro miña nai foi sacar algúns cartos. Até onde quero chegar? Son cuestiós más ben do día a día sen esquecer esa mirada panorámica que nos leva ao futuro. Moitos dos punkfilos sinalan o *no future* e eu tamén me guío pola idiosincrasia chinesa que di que hai que poñer os ollos niso, no futuro; e isto é así para escapar do pasado e da ilusión do presente.

Animal Lover é un grupo de pos-punk de Minnesota. A voz de Addison, o seu cantante, é enormemente forte e contundente e eleva as letras a un estado case etéreo polas melodías que as acompañan. Derrocha cantidade de enerxía nos seus xa 3 discos, que foron editados en casete e en vinilo (facendo uso dos medios tradicionais de rexistro). Este ano estiveron de xira por USA tocando en locais pequenos para un público reducido. A actitude de “diy” (*do it yourself*) está presente neste grupo que controla todo o proceso de produción. Esperemos ve-los pronto polo estado español, pero o grupo xa está disolto.

Soledad Vélez é unha cantautora que canta desde o máis profundo sobre experiencias propias transformadas en cancións que deixan pegada; e fai- no até o punto máis interno reflectindo unha cosmovisión repleta de lugares comúns que comparte co ouvinte. Os seus temas, nos que predomina o son da guitarra acústica, son delicados e transparentes pero a súa voz é forte; sostén que se sente máis identificada con ela cando canta que cando fala, é dicir, que lle sae esa digamos “furia” propia. Ademais afirma que o que fai non vén inspirado de ninguén senón que é algo que sae así porque ten que saír dese xeito, sen influencias.

A convención de Ottawa pretende rematar coas minas antipersoais de aquí ao 2025. USA nunha conferencia na capital de Mozambique (Maputo) móstra-se interesado e comprometido a non empregar este recurso bélico. Non obstante rechazaron asinar a convención no 1997, data do seu inicio. Un millón de minas están colocadas entre as dúas Coreas. Algunhas ongs, constatan que ao non poñer unha data concreta para acabar con estas prácticas, pode quedar no ar unha vez que Obama perda as eleccións.

Abel Gance é coñecido polo emprego pioneiro de varias pantallas (e de grandes dimensións) para desenvolver a súa arte cinematográfica. Máis que coñecido no país galo é o seu filme Napoleón. Un filme histórico que desvela a vida desta figura emblemática. Non obstante a idea do filme non é tan importante como a maneira de trata-lo mediante a expresión cinematográfica propia. O que tentaba Gance era crear unha escola de entusiasmo, enerxía, elevación, poderío, metamorfose, grandiosismo... e todo para crear un espectáculo que fora seguido polas masas, á maneira dos teatros gregos.

Onte cumpríron-se 30 anos do falecemento do pensador francés Michel Foucault, fito na historia filosófica da Europa de finais do século xx. Rechazou as etiquetas de pos-estruturalista facendo fincapé na idea de que a súa obra ten as raíces na modernidade e especialmente nas teorías de Kant. Con todo, tamén está influído pola filosofía alemá, sendo autores de referencia Heidegger e Nietzsche. Foucault analiza os poderes transgresores e na súa viaxe a Irán toma como exemplo os líderes da revolución iraniana de 1979 entre eles o aiatolá Jomeini.

Estamos perante o maior número de refuxiados desde a II guerra mundial, segundo o informe elaborado na Xornada mundial de refuxiados (ONU 20 de xuño de 2014). Isto pon de manifesto a inestabilidade mundial que estamos a sofrer. En total son 51 millóns, dos que 33'3 ficaron no mesmo país pero lonxe das zonas de conflito, e o 16% refúxian-se en países veciños. António Guterres de Nacións Unidas aporta o seguinte dato: Irán e Paquistán son os países con maior número de refuxiados. Acollen máis de 6 millóns de refuxiados afgáns e estes cinco anos despois do conflito aínda non poden regresar os seus fogares.

A líder do grupo estadounidense Lana del Rey vén de facer unhas declaracions polémicas sobre a morte de Kurt Cobain e Amy Winehouse. Sostén que a súas mortes son un fito e mostra unha falta de sensibilidade ante as mesmas. En resposta a filla de Cobain, Frances Bean argumenta que vista de preto a morte deixa de ter ese sentido romántico que lle atribuía Lana ou incluso a idea de que foi algo *cool*. Con todo Frances era aínda moi pequena cando morreu seu pai, pero supon-se que a asimilou co paso dos anos.

Robert Bresson xa é un fito na historia do cinema francés (e internacional). Nas décadas dos 40 e 50 cando el facía os seus filmes consideraba que a escritura cinematográfica estaba nos seus comezos e que non acadara o desenvolvemento final. Para el, que acuña o termo cinema puro, o que ten que facer este é non mesturar o falso co verdadeiro, formando un mundo coherente. Sostén así mesmo que o cinema aínda non atopou aos seus poetas e opon-se ao cinema como espectáculo e alega o seu amor polo estilo, é dicir, un cinema de autor que neste caso afána-se por mostrar perspectivas espirituais das personaxes manifestándose estas pola extenuación do mundo material.

As milicias actúan fóra dos parámetros de legalidade ou de normatividade e fórmase ben para axudar ao exército profesional ou ben para combati-lo. En Bagdad a milicia Mahdi loita contra os xihadistas e para stabilizar o territorio polo que se postulan na actualidade como aliados dos USA, aínda que no pasado combateron con estes polo control do país. Queda por saber se van a unir-se ao exército regular ou seguir actuando na clandestinidade. O seu líder coñéce-se como Al-Sadr e é agora un dos personaxes más influentes de Iraq.

As cantigas medievais dos trobadores son un momento chave na consolidación dunha literatura non relixiosa, exceptuando as de santa maría que si o son. Pois ben, as de amor, escarnio e maldizer supuxeron un antes e un despois na literatura galega, que neses anos estaba unida á portuguesa pois parte do actual Portugal era territorio do Reino de Galiza. Na célebre *Ai ondas do mar de Vigo* atopamos un actante namorado á espera de poder atopar o suxeito dese amor. Unha sinxela cantiga que non deixa de ser profunda e que pon de manifesto que, nesa época, amigo e amado son o mesmo.

Premios internacionais polo recoñecemento dalgún labor hai moitos; non obstante este que citarei é un menos coñecido. Trátase do premio internacional de alimentación, ou o Nobel de agricultura. Este ano, 2014 vén de recaer no indio naturalizado mexicano Sanjaya Rajaman. Este resalta o traballo feito en pro da evolución xenética do millo, un alimento por outra banda fundamental tanto para a gandería como para a alimentación en moitas comunidades rurais. Dito recoñecemento pon de relevo a importancia da investigación en materias como a agronomía.

A busca da beleza é o que perseguen as artes plásticas. Esta vén da man do xenio creativo pero tamén de determinados métodos que se instauran como prototipos para acada-la. A sección áurea é un deses coñecementos que, xurdindo no Renacemento, pasaron a través dos tempos até a época contemporánea. Pois ben, este recurso é unha maneira de compoñer unha imaxe, ben sexa unha fotografía ou unha pintura. Leonardo da Vinci define-a como “unha división do todo en dúas partes, de tal modo que a parte menor é a maior como a maior o é ao todo”.

O mundo da moda non está reñido co compromiso social e as innovacións artísticas. Un exemplo disto é o fotógrafo William Klein. Os seus traballos foron realizados principalmente na década dos 50 e 60 e abarcan un abano de posibilidades moi extenso; tanto é así que podemos ve-lo como fotógrafo de Vogue (onde experimenta coas posibilidades da cámara: utilizando teleobxectivos e grandes angulares) ou ben como cineasta de guerra debuxando o que pasou en Vietnam ao redor de 1968, época convulsa nos USA polas críticas a dita guerra, filmando un filme colectivo titulado *Loin du Vietnam*.

A obxectivación da fotografía *sui géneris* entrona unha nova cuestión: o seu *status* de arte. A idea de que reproduce a realidade (sobre todo nos seus comezos) enfrónta-se coa creación e así deste xeito poderíamos clasifica-la en dous grandes bloques: a fotografía *verité* e a fotografía artística (que modula a realidade). A historia da fotografía vén aparellada ao quefacer pictórico. A pintura libéra- se do seu papel de constatar a memoria e pode comezar un camiño novo e independente desde que xurdiron as vanguardas pictóricas. As artes plásticas acollen unha nova modalidade e queda definitivamente instaurada como nova arte.

O Curdistán leva tempo solicitando o dereito de autodeterminación. De momento depende de Iraq pero este vendo como a estabilidade se mantén no territorio é favorábel a que adquira a súa independencia. *Peshmerga* é o nome das tropas militares kurdas que están controlando todo o país. Dita estabilidade vén dada polo reforzamento económico principalmente a través dos acordos con Turquía, exportando petróleo polo oleoducto que une os dous territorios. O dereito de autodeterminación é un dos puntos da carta xeral de Nacións Unidas (concretamente o 2.3.)

Nova Iorque é unha das cidades máis multiculturais do globo; non obstante este feito non significa que exista unha verdadeira integración, é máis existe unha segregación a diversos niveis, entre eles no eido da educación. Un estudo recente pon de manifesto que case o 70% dos alumnos de cor estudan en centros nos que non hai brancos. Esta segregación racial educativa choca co decreto (de hai 60 anos) do tribunal supremo que a prohíbe, ditando a sentencia que se coñece co seguinte nome: *Brown vs Board of Education*. As directivas dos

centros reseñan que existe menos integración que hai 40 anos.

Hong Kong é un territorio administrativo que depende das autoridades chinesas. Así China vén de escribir un libro branco sobre a súa situación perante a mesma. Titulado *South China Morning Post* desvéla-se a posibel autonomía para celebrar eleccións propias sempre e cando sexan afins a China. É dicir que se sae un goberno “non pro China” non se admitirá como valido. E todo isto no contexto da celebración do 17 aniversario da descolonización de Gran Bretaña.

Hoxe, 13 de xuño é o día de san Antón. Na Cruña temos un castelo que leva o seu nome. Pois ben, o castelo de san Antón é do século XVI e construído para defender a cidade (xunto co de santa Cristina e san Diego). Dende 1968 alberga o Museo Arqueolóxico da Cruña. No seu interior, ademais de xoias castrexas expostas en vitrinas, ten relevancia o pozo onde xa é tradicional pedir un desexo tirando unha moeda (sempre queda o pouso da ilusión). Unha das referencias históricas foi a réplica emprendida por Francis Drake, grande navegador dese século.

*Supervivencias* é un libro biográfico pero non lonxano de realidades globais. A sociedade establece puntos de conexións, un “algo” que todos chegamos a vivir. Michel Houellebecq fai un retrato das súas experiencias cotiás para conquerir un estado de auto-consciencia. En declaracíons a Art Press sostén que o individualismo é o crime e a desdita. Por iso a necesidade de sentir-se parte do outro. Nesta obra aparecen referencias a lugares comúns combinados con expresións máis intimistas: “Traces de la nuit/ Une étoile, seuel/Préparée pour de lointaines eucharisties/ Des destins se rassemblent perplexes,/Immobiles/Nous marchons je le sais vers de matins étrangers”.

Os restos das culturas pre-colombinas seguen aparecendo nos lugares sagrados, un labor arqueolóxico que desvela o tipo de cultos que estas civilizacións levaban a cabo. No 2006 atopou-se no Templo Maior de México City unha reliquia da deusa da terra chamada Tlaltecuhltli. Unha escultura de grandes dimensións que permite comprobar que a súa presenza era tan relevante como o seu nome indica. Os cultos á natureza son considerados fundamentais nestas culturas e levan de seu a súa plasmación visual, case sempre en pedra.

Paulo Grangeon, artista francés realiza unha obra no aeroporto de Pequín. Esta consiste na colocación de pandas feitos con papel na superficie do mesmo (concretamente 1.600). Esta obra vén a reivindicar a necesaria protección de especies en perigo de extinción. China segunda potencia no contexto internacional non pode a favor da industrialización abandonar as demandas ecoloxistas, entre as que se encontra o coidado das súas especies animais.

*Entropy and the New Monuments*, é o título do ensaio de Robert Smithson sobre o minimalismo na arte, predicindo e anunciando ao mesmo tempo a destrucción do obxecto minimalista pola década dos 50 do século pasado. Este texto non deixa de resaltar a canonización desta corrente que ten a súa máxima expresión no este de USA, concretamente en Nova Iorque de onde saíron os máis importantes representantes que avogan pola simplicidade nas formas e o rechazo a toda manifestación de expresividade. Este período corresponde-se cun cambio na sociedade americana, pois xorden as diversas organizacións de liberación e a arte así tamén se desprende e libera do seu método e fin tradicionais, a representatividade.

Jean Vigo é un autor de filmes poéticos que morreu prematuramente cando só tiña trinta anos de idade. No seu legado deixou tres filmes transcendentes (entre eles *L'Atalante*) pero descubríronse moitos más guións que nunca chegou a realizar. Vigo tiña relación coa escola constructivista rusa e mesmo o seu director de fotografía era Boris Kaufman, irmán de Vertov. Deste xeito edita os seus filmes mediante a montaxe de asociacións provocando un efecto

psicolóxico no espectador. Desde 1951 celébra-se o Premio Jean Vigo en Francia para galardoar a novos cineastas. A súa obra agora é de culto.

*A Orixe do mundo* é unha pintura realista de Gustave Courbet do ano 1866 que reside no Museo de Orsay desde finais do século xx. Unha artista da *performance* sentou-se diante da mesma para realizar unha intervención ensinando o seu sexo. Pode parecer-nos moi atrevido e certamente o é pero non é un escándalo pois é arte (é-o de verdade?) Esta pintura estivo gardada moitos anos antes de ser exhibida ao público supoñemos que pola moralidade da época (finais do xix) pois a pesar de que existiron espídos en toda a historia da arte (desde a tradición grega) este cadro pon en primeiro plano o sexo dunha muller.

Fai 25 anos do suceso de Tian'anmen, un dos capítulos más escuros da historia contemporánea chinesa. Non só se manifestaron en Pequín por unha apertura do réxime comunista senón que foron vinte semanas de manifestacións por todo o país. Shiwei na actualidade é o director de Human Rights é destaca a creación dunha plataforma de activistas que non propoñen un cambio de réxime senón que se cumpra a constitución chinesa en materia de dereitos humanos. Esta plataforma leva o nome de “Nova cidadanía” e estes como en 1989 loitan por un comunismo máis humanista.

No 2014 conmemóra-se o vinte aniversario da morte de Kurt Cobain, unha das iconas da cultura underground norteamericana, que de xeito contradicitorio, vendeu e vende milleiros de discos. Por este feito algúns pensan que se suicidou pero o enigma en torno a súa morte non está resolto. *Last Days* (Gust Van Sant, 2005) retrata os días antes da súa morte dunha maneira exemplar, áinda que non deixando de ser ficticia, pois é exquisitamente introspectivo. A música de Nirvana segue a ser e estar de actualidade dúas décadas despois da súa desaparición.

En Salvador o antigo guerrilleiro Sánchez Cerén é nomeado presidente. Formou parte da Frente Farabundo Martí de Liberación Nacional (FMLN). En Latinoamérica os presidentes Evo Morales e Correa aplaudiron a nova. Observamos que as ideas bolivarianas seguen a callar e a presentar-se como unha alternativa desde a que gobernar. Esta é unha vía populista pero que debe ser entendida como unha proposta para acabar coas desigualdades crecentes tanto internas como no xogo das relacións internacionais. A pobreza é sen dúbida un mal que erradicar e estes partidos posiciónan-se do lado dos máis desfavorecidos.

*Bed in* (Na cama, 1969) foi a *performance* que Yoko Ono e John Lennon fixeron contra a guerra de Vietnam. Son moitos os artistas que se manifestaron de diversas formas contra a intervención dos USA nese país. Ese ano corresponde-se tamén co maio francés e as correntes pos-modernas comienzan a facer brecha. Yoko Ono ten unha especial relación co músico experimental John Cage e a ambos úne-os o interese polas formas de arte efémeras. Foi membra fundadora do movemento Fluxus. Para ela a arte era unha forma de entender mellor a vida.

Jean Paul Belmondo é un actor francés nacido no 1933 e fetiche de Godard. No filme *Ao final da escapada* (1959) fixo un fito na historia do cinema francés, sendo o filme que marcou o inicio da *Nouvelle Vague* e que foi guionizado por Truffaut e dirixido polo mencionado director. É un dos actores más prolíficos franceses protagonizando máis dunha ducia de filmes. Xa no ano 1988 foi-lle concedido un César pero este rechazou-no. No 2002 casa cunha muller 24 anos máis xove que el que formaba parte da súa compañía, tendo en común unha filla.

En arte, esta-se a dar unha situación recente e orixinal que consiste na re-utilización de materiais para a construcción das obras. Deste xeito o fai o artista de Corea Yong Ho Hi, quen con pneumáticos realiza unha escultura que representa unha besta, un animal salvaxe. Con

isto podemos afirmar que os obxectos domésticos sofren unha re-utilización e que incluso os *objets trouvés* poden converter-se en obxectos artísticos (non esquezamos a Marcel Duchamp) nun momento no que así o cotiá chega a ter o valor de obra de arte. En todo caso é a man do artista e os seus significados os que lle atribúen dito estatuto.

Corea do Norte ameaza con un ataque nuclear aos USA en declaracíons feitas polo presidente Kim Jong-Un no parlamento da capital Pyongyang, no 61 aniversario da fin da guerra civil de Corea. Ben é certo que a fin da guerra fría rematou e ese ambiente con un binomio entre ameaza e contención tamén con ela pero segue a haber rivalidades entre os USA e as nacións que áinda se dirixen mediante reximes comunistas. Provocacíons por parte de USA, pola colocación dun portaavións na fronteira con Corea do Sur puideron ser os detonantes desta declaración de intencíons do norte.

O grupo Smog é o antecesor do que sería o debut en solitario de Bill Callahan. Un grupo que se caracteriza polos seus sons envolventes e delicados que apuntalan a heranza dun sentimento profundo para coa humanidade. De onde herdado? Da elocuencia do saber vivir entre cancións que descobren sentimentos. A voz do *frontman* é seducinte e transportadora a un lugar sen nome que é o lugar dos soños. Ensoñacíons perante unha vida ficticia, a creada pola súa cosmogonía que pon de manifesto un mundo interior cheo de sentimentos. E, como non, tamén lle cantan ao amor, nas súas diversas formas; un canto que clama e reclama sentir con máis énfase.

*India Song* foi escrita en 1975 por Marguerite Duras. O tempo de rodaxe non foi moi extenso, rematando-se en dous meses e rodado en mansíons de París; mais o lugar de ficción é Calcuta onde ela estivo na súa adolescencia e para dita rodaxe preferiu non volver senón utilizar tan só os recordos que tiña. A trama do filme resúme-se nunha historia de infidelidades, e concretamente na vida promiscua da esposa do cónsul francés da India, que, cansa da vida aburrida que levaba busca experiencias alleas ao matrimonio. É destacábel en canto á produción que as voces (en off) foron gravadas antes da rodaxe.

A autora de *India Song*, Marguerite Duras naceu na Indochina francesa no 1914. As súas obras, como o citado filme, están cheas de referencias a esta colonia francesa, e nela hai unhas constantes que se poden xeneralizar na temática do amar e ser amado. Politicamente posicionada participou na resistencia francesa contra os nazis e foi axudada por Mitterrand para escapar do país. Volvendo as súas obras vemos a ausencia da nai como factor temático, tamén os inicios na aventura amorosa, e o mundo diplomático como contexto para o desenvolvemento dos seus filmes (dos que moitos teñen unha novela que os precede). Morre en 1996 en París.

Leonardo da Vinci pinta a *Loconda* a comezos do século XVI, concretamente entre 1503 e 1519. Actualmente está no Museo do Louvre en París pois foi adquirida polo rei francés Francisco I de Francia. Tamén é coñecida como *A mona Lisa* pois representa a Lisa Gherardini. A pintura está feita con óleo sobre táboa mediante a técnica do *sfumato* e ten unha extensión de 77x53. O seu sorriso é o máis famoso da historia da arte (e non deixa de ser enigmático) pois a obra é visitada por millóns de persoas ao ano.

O presidente republicano de Texas, Rick Perry vén de manifestar que, perante o fluxo masivo de inmigrantes de México vai enviar á fronteira miles de militares. Desde Texas sosteñen que así pódese loitar contra os cárteles mexicanos. Poucos anos despois da construción do gran muro que separa México de USA os migrantes seguen a perseguir a se cadra utopía dunha vida mellor. Xa hai case 10 anos no primeiro de maio, o sub-comandante Marcos, unía- se á loita polos dereitos das persoas mexicanas migrantes. En México a chamada *La otra campaña*, da que forma parte o EZLN, tamén se posiciona a favor do dereito á liberdade de circulación da poboación.

Baudrillard explica a idea de hiperrealidade. Isto significa que existe unha realidade máis explícita que o real e pon como exemplo a sociedade estadounidense na que a busca por unha perfección no só estética converte a sociedade nun escenario. Podemos poñer en relación esta idea cos discursos de Hollywood que así mesmo crean idearios e busca dun amor ideal, o corpo ideal, etc. chegando a construír o que el chama simulacros, que son un proceso que afasta a sociedade da vida cotiá, enlazan co discurso da sociedade do espectáculo.

*Linguaxe e cinema* analiza a semiótica do cinema desde postulados estruturalistas. Christian Metz pon de relevo que os significados no cinema veñen dados pola construcción do discurso. Así temos por unha banda a obra de arte en si como parte da estética, e a banda semiolóxica citada. Metz establece a diferenza entre filmico e cinematográfico, o primeiro viría da man desa mensaxe e o segundo sería un conxunto de códigos. Xa cara o final do ensaio afirma que na linguaxe escrita hai un límite de símbolos (os do alfabeto) e que no cinema isto non é así, xa que hai un ilimitado número de imaxes.

John Coltrane é un dos músicos de jazz más importantes do século pasado. Naceu nos anos vinte e morreu no 1967 en Nova Iorque. Os seus estilos van dende o hard bop, free jazz até o jazz modal gravando arredor de 50 discos como figura principal; con todo tamén colaborou con outros grandes coma Miles Davis ou Thelonious Monk. Para moitos a súa obra mestra é *A love supreme* do 1964. O seu legado non é só musical senón que tamén foi un loitador polos dereitos da minoría negra nos USA. En canto a súa vida privada dicir que casou coa pianista de jazz Alice Coltrane quen morreu bastante máis tarde que el, concretamente no 2007.

Moholy Nagy, ademais de fotografías realizou filmes áinda que por estes non sexa tan coñecido, e son un reflexo da arte que se facía nos anos 20, época de vanguardas. Nagy pertenceu á escola da Bauhaus e nas súas curtas vemos a herdanza desta. A plasticidade é o elemento que engloba as demais partes do filme, como trazo e cor, e proba que o cinema non deixa de ser unha arte plástica. Da mesma época e con similitudes temos os filmes de May Ray que ben é certo son más metafóricos, non tan achegados á pintura abstracta como Nagy. Este ademais emprega o movemento das figuras xeométricas para acadar o efecto cinético.

Nos comezos da realización cinematográfica atopamos dúas correntes que marcarían os pasos do que estaba por chegar. Referímos ás encabezadas polos irmáns Lumière e a Méliès. Os primeiros fixeron un cinema máis próximo ao documental, gravando secuencias nas que por exemplo aparecían obreiros saíndo da fábrica ou trens en movemento. Esta é a corrente documentalista pero, por outra banda vemos o cinema do citado Méliès que, facendo uso de filigranas coas imaxes, deixa a porta aberta ao cine como construcción doutra realidade, a da súa propia imaxinación. Esta é a vía da ficción, pero dunha ficción como *constructio* non coma representación dunha realidade creada.

A Modernidade vén sendo o movemento no que nos atopamos desde a ilustración e as teorías kantianas, nas que se priman os postulados racionalistas, veñen a defini-la. Con todo, na actualidade estan-se a formular teorías como a da pos-modernidade, pero outras tamén como a de modernidade líquida. A modernidade líquida de Zygmunt Bauman define un período, o actual, no que a identidade se constrúe por diversas canles e en constante mutación xa que habitamos unha época incerta e máis afastada da loita de clases que a comezos de século (do xx referímos-nos) e isto supón que os valores da persoa están precedidos por unha busca constante das coordenadas en cambio.

*Á busca do tempo perdido* trata sobre a memoria e como esta se modula á maneira de recordos que proceden de momentos nos que un obxecto material se revela como fornecedor dos mesmos. Eses pequenos detalles que nos trasladan a outro tempo e que ben poden ser ora unha cunca de té ora o olor dunha flor. Marcel Proust fai un exercicio de estilo levántanos a unha prosa abundante, explicativa á esgalla e valente polo que ten de autobiográfica.

Podemos dicir que esta novela é costumista pola descripción dun xeito de vida, polo detalle na descripción da mesma pero enlaza coa escritura modernista do século xx.

O surrealismo en pintura ten, segundo André Breton, o seu máximo representante en Miró polo seu automatismo psíquico puro que desenvolve as imaxes que xorden do mundo dos seus soños ou do seu subconsciente achegando-se a unhas revelacións que poden ser clasificadas de naifs. Miró nace en Barcelona no ano 1893 e morre no 1983 na illa de Palma. Nos seus comezos como pintor mostra influencias do cubismo, expresionismo e fauvismo pero será a viaxe a París a que dea o xiro cara o surrealismo aínda que pouco despois vai abandonar este grupo por diferencias sobre todo políticas pois dá un xiro cara convencións menos comunistas e más individualistas.

O dadaísmo é o movemento que antecede ao surrealismo e do que este toma algunas nocións. Para os dadaístas é esencial rachar cos preceptos derivados da razón e postulan a creación dun ser humano novo que basee o seu ser na liberdade tanto de creación como de existencia. Deste xeito para a creación literaria a construcción fai-se a través de escritura automática e nas artes plásticas empréga- se o *collage* ou a fotomontaxe. O que houbo antes deles non ten interese rompendo con toda tradición non só nas artes senón tamén no xeito de vivir, que tamén ten que ir acorde cos seus postulados.

O termo construtivismo aparece por primeira vez no libro *Manifesto Realista* de Gabo Dien Aléksei Gan que data de 1920, publicado en Rusia pouco despois da Revolución de Outubro. Moitos dos seus defensores aliaran-se cos bolxeviques ocupando postos en museos e institucións artísticas como é o caso de Rodchenko. A primeira exposición construtivista será no ano 1921 sendo a obra canónica a construcción de Vladimir Tatlin para o Monumento á Terceira Internacional, unha torre de

400 metros de altura con estrutura en espiral onde se albergaría a sede da Internacional Comunista e que nunca se chegou a construir, tendo non obstante moita importancia os bocetos.

Hoxe fai 60 anos que morreu Frida Khalo en Coyoacán, barrio da cidade de México D.F., onde tamén se atopa o seu museo. Frida naceu en 1907 e desde moi cedo tivo unha relación co muralista Diego Rivera (casaron en 1929), ambos militantes do partido comunista. A obra de Frida flutúa entre o realismo, expresionismo e o surrealismo, estando en contacto cos surrealistas Parisinos. Destacan na súa obra os autorretratos onde se pode apreciar esta mestura de elementos; o primeiro data de 1926 ao que seguiron moitos outros, como *A Columna Rota* de 1944. Nos seus lenzos deixa ver a súa orixe pois en moitos hai motivos da arte popular mexicana.

O museo de Rodin está emprazado nun fermoso xardín que acolle entre outras a escultura do Pensador. No filme de Woody Allen *Midnight in París* aparece unha Carla Bruni que representa o papel de guía por dito museo. Pero volvamos co autor. Este procede do estilo neoclásico e é considerado o primeiro escultor moderno formándose na escola de artes decorativas. Ten amplos coñecementos en anatomía e considera que é o artista o que ten que escoller o obxecto a representar e por esta representación que supón inxectar o seu punto de vista, o obxecto renace creando unha imaxe nova aos ollos do mundo.

Eisenstein dá un novo pulso ás teorías cinematográficas xa nos anos 20. Para el a non indiferenza da natureza é o que fai posíbel a construcción dun método propio para o cinema, de xeito que entramos na mirada extática (de éxtase) cando contemplamos as leis da natureza que, por ser materia, ten os mesmos sistemas que a nosa materia, a do ser humano. Deste xeito ao coñecérmo-nos a nós tamén coñecemos a propia natureza. E para isto a montaxe é a fórmula, a esencia do método, que ten que levar aparellada unha reconstrucción da realidade a

partires das premisas da Revolución para acadar a expresividá argumentativa e saír de si mesmo.

O Consello de Seguridade da ONU, prevé unha reunión para o día de hoxe debido á escalada da violencia en Gaza, e demandada polo pobo palestino, os países árabes da ONU e o secretario xeral Ban Ki Moon. Este aconsellou-lle ao presidente de Israel, Netanyahu, que mantivera o control, un feito que segundo o secretario non se está acadando. O portavoz da armada israelí, Moti Almoz, advirte que a operación vai-se estender nos vindeiros días baixo o nome de *Fronteira de Protección*.

*Manhattan* de Woody Allen comeza cunha oda á cidade. Así planeamos pola mesma como se esta fora unha personaxe máis pero ademais facémo-lo desde a ficción dentro da ficción converténdo-se nunha secuencia meta-cinematográfica. Neste filme Woody Allen traballa cunha das súas musas: Diane Keaton, da que, no filme, se namora. Pero a historia sentimental non pode ficar aí ao tratar-se dun filme deste director pois sempre remata enleando a trama. Feita en 1979, pon de manifesto como a clase media e os seus matrimonios non son máis que unha máscara que agocha relacións subterráneas.

No libro *A construcción da personaxe* Stanislavski analiza con teorías e experiencias como se debe formar un actor de teatro. El foi pedagogo e actor na escola rusa e o libro é unha guía que todo actor debe senón seguir ao menos coñecer. Os exercicios que propón están marcados polas vivencias na escola da que como dixen formou parte como alumno e como profesor. Creou un método propio no que se desvela que o actor ten que revivir sentimentos e emocións da súa propia vida para recrear as personaxes. Este método é seguido por importantes actores ao longo de todo o mundo, mesmo en Hollywood como é o caso de Marlon Brandon (entre outros moitos).

No contexto dunha Francia que perde en torno a 1870 Alsacia e Lorena diante de Alemaña, xorde a idea de celebrar unha exposición universal para devolver-lle prestixio ao país. Así, a exposición preve-se para 1889 no primeiro centenario da Revolución. O emblema da mesma será a *Torre Eiffel*, deseñada por Maurice Koechlin e construída por Gustave Eiffel. Foron necesarios 200 obreiros e dous anos de construcción para este monumento feito en ferro e con 18.000 pezas. Foi durante 41 anos a maior construcción do mundo, sobrepassada no 1930 polo *Chrysler Building* de N.Y.

As plumas de Montezuma non volverán a México senón que quedarán en Viena debido ao seu fráxil estado. Este tesouro pre-hispánico é un dos máis importantes conservados e desvela unha parte significativa da estética dos pobos indíxenas, concretamente dos seus dirixentes. Pois ben, Montezuma pertence á casta Axayacalt e naceu no 1398 morrendo no 1469. Os seus dominios esténde-se a Guerrero, Oaxaca, Hidalgo, Puebla e Veracruz. Destaca a construcción durante o seu reinado da cidade de Technotlán (actual México City), capital do Imperio Mexica. O seu nome significa, “lugar onde nace o froito do nopal sobre as pedras”.

Salvador Dalí sostén que a vida debe ser unha festa continua. Pois ben, pode ser considerada esta afirmación como unha loa á vida, ao desfrute, á positividá e á continua satisfacción. Drama ou comedia? No cinema formúla-se esta dicotomía e nas más das veces atopamos que estes dous elementos aparecen xuntos no filme. Que actitudes hai que ter para conmemorar todos os días esa felicidade? Pois isto débe-o sacar cadaquén do seu propio interior... Para a filosofía taoísta, dentro de algo bo hai algo malo e á inversa.

Música electrónica é o que realiza Svrecka a través de set orixinais e elegantes que deixan unha sensación de viaxar a través do espazo. As composicións son soños, elementos oníricos transformados en música. A mirada é a dun facedor de experiencias rítmicas que trasladan o ouvinte a lugares descoñecidos pero que si se poden identificar, lugares que son etéreos e

exóticos e que ben poden facer de banda sonora dun filme experimental. Svreca procede do estado español, e este verán actúa en Madrid e Barcelona. Unha boa ocasión de vivir en directo a alquimia do techno.

Arabia Saudí envía 30.000 militares á fronteira con Iraq segundo informaba a canle televisiva Al- Arabiya. En Iraq levantáron-se milicias coa intención de crear un estado islámico máis forte por parte do Estado Islámico de Iraq e o grupo insurxente Al-Sham (ISIS), ambos sunitas, que avanzaron en varias cidades desde fai un mes, pretendendo crear un califato. King Abdullah, o presidente de Arabia Saudita realizou dita operación para protexer o seu estado de posíbeis ataques terroristas. Como se pode ver as fronteiras en Medio Oriente son puntos chave para a seguridade das nacións.

Interrogar-se sobre a función e percepción da arte é a consigna de Loiuse Lawler (nacida en Nova Iorque en 1947) funcionando como un leitmotiv ao longo da súa obra desde que comezou en 1978 nunha exposición colectiva en *Artist Space*. A súa idea non é tanto a da composición da obra senón o que rodea á mesma. Así sostén que o importante é o contexto na que a arte se realiza; é dicir as consideracións económicas e sociais. Por esta mesma razón, interesa-se pola relación entre arte e comercio e as súas inauguracións convérten-se nun acto de relacóns públicas remitindo á cultura do espectáculo. A súa instalación do ano 2000 ten un título moi suixerente: *Something About Time And Space But I'm Not Sure What It Is* e pon en cuestión a diferencia entre reproducción e obra orixinal.

A ópera *A traviata* de Verdi está inspirada na *Dama das Camelias* de Alexandre Dumas (fillo). Foi estreada en Venecia en 1853. É un drama psicolóxico de carácter intimista, polo que se diferencia do resto de obras do compositor que teñen contextualizacións históricas. Foi a primeira ópera na que se empregaron vestimentas contemporáneas como *smokings*. A trama sucede na cidade de París e céntra-se na vida de Violeta Valery e a súa aventura amorosa con Alfredo Germont. Ela muller liberal, sinte que chegou o verdadeiro amor pero teme que a súa liberdade remate. Finaliza coa morte dela, en mans del. Hoxe represénta-se no Palacio de Bellas Artes de México d.f.

John Cage, pai da música experimental que xorde en N.Y, ofréce-nos unha achega co piano chamada *Dreams*. Un paseo tranquilo por unha composición que a diferenza do *grosso* da súa obra non é tan experimental senón que bebe de fontes clásicas, da maneira clásica de tocar este instrumento influenciado entre outros por Erick Satie. John Cage morre no ano 1992 e tras de si deixa unha obra que pasará a historia. Esta é 4 33", composición sen nengunha nota, é dicir, o silencio e que foi interpretada para o público con orquestra.

Unha delicia, enmarcada nas notas dunha guitarra clásica. Así en acústico canta Damien Jurado *Everything Trying*, canción delicada e ensoñadora que nos transporta a un mundo onde mirar directo aos ollos da persoa amada, en profundidade, até descubrir a súa aurea. Vemos unha *performance* del no medio dun bosque en Colorado, facendo da súa voz un elemento más da natureza. Desde esta perspectiva nada pode ser erróneo achegándo-nos ao concepto de beleza e de verdade. Unha delicia, o dito, e é máis, un alegato á sinceridade.

A cadencia como o *sfumato* dunha pintura disólve-se durante os tres minutos de canción. *Tree Bones* de Port O'Brien é un percorrido por consideracións de orde familiar na que se fai referencia á relación entre irmáns a través dunha paisaxe onírica na que a natureza está presente. As notas de guitarra van acompañadas de sons de violín que leva o fio rítmico en toda a peza. E en todo este entramado a casa como fin a conquerir, atopar un fogar, un novo no que poder descansar dunha viaxe emprendida para descubrir unha sensación de liberdade.

Esta canción é, como case todas as súas, un misterio. Un misterio doméstico no que dilucidamos unha relación que, parece, acaba de comenzar. Semella que os dous non se

coñecen ben, ou non o suficiente porque áinda se crea a sorpresa. Unha letanía de accións que desvelan que o día a día pode converter-se en algo extraordinario. A canción é *O peor poema* e o autor é Sr Chinarro. O ton da mesma demostra que hai unha especie de pacto de convivencia pero que, con todo, tamén hai marxe para berrar. E que sempre se pode cambiar de tema (no peor poema).

Vilgot Sjöman firma *Son curiosa amarelo / Son curiosa azul*, un filme díptico do ano 1968. A protagonista é unha muller que vive a súa década dos vinte e pertence a sociedade sueca, como o director. O filme fai un repaso pola súa vida, unha vida levada a cabo de maneira alternativa ao *mainstream* e que tamén se encadra nas loitas pos-modernas do ano 1968. É salientábel no filme (con respecto a nosa posición de cidadáns do estado español) que na época da ditadura franquista ela, a modo de xornalista – independente - pregunte á xente que ve pola rúa que é o que pensan do rexime de Franco.

*Whatever Works (Se a cousa funciona)* de Woody Allen estreada no 2009 é un cántico á transformación persoal e social. As personaxes que, vindo dun medio tradicional cambian ao chegar N.Y., emprenden unha vida totalmente nova e distante do que era. Non obstante, a protagonista feminina xa tiña idea de facer algo distinto coa súa vida no momento de iniciar a viaxe, non así a súa nai quen chegaba á cidade coa pretensión de que a súa filla regresase ao campo. A nai dela é para min a grande triunfadora e a personaxe que acada unha maior metamorfose. Con todo o final feliz, rematando cunha oda chea de ledicia, é-o para todos eles.

*Songs from Woody Allen's films* é unha colección de cancións que aparecen nos filmes deste director. Cómpre destacar primeiramente que el tamén é músico e que polo tanto debe ter unha sensibilidade especial para esta arte. En case todos os seus filmes elixe música jazz, recorrendo aos *standards*. Este volume é polo tanto unha ocasión inmellorábel para achegarse a este xénero e así mesmo para poder mergullar-se de novo nos seus filmes empregando o oído.

O cubismo foi o movemento artístico que precedeu as vanguardas (*in stricto senso*) a comezos do século xx, xa no primeiro decenio. O fundamental deste movemento é que racha cos preceptos renacentistas de perspectiva creando o lenzo desde todos os puntos de vista do obxecto a representar, trazendo así unha perspectiva múltiple. Entre os seus fundadores destacamos ao fundamental Picasso (quen viñera dunha tradición pictórica anterior clásica) sendo unha das súas obras, *O Guernica*, un fito. A aparición da fotografía permitiu á pintura liberar- se da representación da realidade e optar por novas vías.

*Canto das espigas* (1929) de Maruxa Mallo demostra que as súas pinturas están fortemente influenciadas polo ideario galego e os seus costumes. O millo vén sendo un alimento que destaca na idiosincrasia de Galiza. Así, achamos o mundo rural nos lenzos pero como elemento de pinceladas surrealistas pois estes están, como se dunha acrobacia se tratase, enriba dos dedos da muller que os sostén. Unha muller, como moitas que aparecen na súa obra, inmortalizando a figura feminina. Non deixa de ser unha pintura figurativa pero achégase ao estilo cubista polos trazos marcados e as hipérboles, que no seu conxunto, procuran unha visión metafísica.

Maruxa Mallo está considerada unha das pintoras más vanguardistas de Galiza que así mesmo pertence á xeración do 27 española (xunto con Vicente Aleixandre, por exemplo). Nacida en Viveiro vai estudar a Madrid onde se relaciona con escritores e artistas como Salvador Dalí. Ao estalar a guerra civil foxe a Arxentina onde colabora na revista de Borges chamada *Sur*. No 1991 recibe a Medalla de Galiza. De entre as súas pinturas surrealistas destacamos *Canto das espigas* (1929).

Ata finais de setembro podemos ver no Musée d'Orsay as esculturas de Jean Baptiste Carpeaux, escultor francés do século xix. A súa formación revela un alto coñecemento en técnicas do movemento. Por outra banda nunca abandona os preceptos da arte barroca e a súa formación e inspiración teñen que ver coas viaxes que realiza a Italia, principalmente a Roma. A súa obra *La Danse* (1869) situada na fachada da Ópera de París foi duramente criticada por falta de decoro. Así mesmo realiza *Vacante con rosas uns anos antes* (1961) onde podemos atopar motivos que proceden da mitoloxía grega.

*I'm so tired* é a canción de Fugazi máis sosegada pois excepto esta todas son dunha enerxía case incalculábel. Non obstante falamos da música porque a letra si que está cargada de potencia. O camiño de cadanseu debe estar rexido polas decisións propias sen mirar ao redor. A envexa que se menciona na canción é un estímulo para seguir adiante e por iso non pode converter-se nun obstáculo que paralice. As notas do piano envolven nunha atmosfera cargada de intimismo para acompañar-nos nun día no que precisemos un impulso.

Un dos documentalistas más relevantes da URSS foi Dziga Vertov. Para el o cinema é un sistema ao servizo da revolución e mediante a montaxe (o aspecto específico do cinema) admite que se pode formar ideoloxicamente. Pero ademais é unha montaxe que se asimila ao fenómeno poético creando relacións entre unhas imaxes e outras que se basean nas figuras retóricas. Un paseo pola vila de Moscova é o que realiza en *O home da cámara* (1929) un dos primeiros documentais da historia. Os seus traballo son denominados cine-verdade (kino-pravda). Anos máis tarde, en Francia créa-se o grupo Dziga Vertov, dirixido por Godard para homenaxear a este cineasta, cuxo legado foi transcendente.

Man Ray en Nova Iorque foi un dos pioneiros no que a pintura abstracta se refire, nembargantes é coñecido máis polas súas fotografías. Entre elas atopamos unha de 1932 que retrata a Pablo Picasso e unha más antiga (1922) onde podemos ver ao cineasta Jean Cocteau. Con todo son más significativas a súas fotografías de espidos nas que practica con técnicas experimentais como son a solarización. Ray nace en USA pero trasládase a París onde entra en contacto co grupo surrealista (xa antes en N.I. foi o co-fundador do grupo dadá dessa cidade) e da época é a famosa fotografía *o Violon d'Ingres*.

A fotografía de Robert Doisneau é transparente e inequívoca retratando a realidade en si. Así o resultado por unha banda é dunha pureza artística e por outra consegue un efecto documentalista. Pretende co seu traballo extraer anacos de vida na cidade de París de onde é orixinario e fai-no deixando proba estética (eterna) en fotografías como a do “*Bico ante o concello*”, pero non retrata só a xente anónima senón que tamén inmortaliza un instante da vida de Picasso en compañía da súa amiga Françoise Gilot no ano 1950.

A Chema Madoz concedéu-se-lle o Premio nacional de fotografía no 2000. Un ano antes o Cegac realiza unha retrospectiva das súas obras de finais dos noventa. Os seus temas recorrentes son a transformación do espazo habitual e/ou real, inducindo elementos novos a dita realidade. Isto é facer de obxectos cotiás un algo que teña outro uso (converter unha alcantarilla nun escorredor de pratos). Emprega principalmente o branco e negro para as súas composicións e volvendo sobre as temáticas tamén ten predilección pola choiva ou as imaxes producida pola mesma (un vidro con gotas de auga).

Ronen Golman é un fotógrafo contemporáneo que realiza fotomontaxes. Engade, aos elementos reais, anacos doutras realidades recreadas. Salientamos aquela na que un paraugas recibe como se for auga, unha bacanada de mazás, verdes. Destacamos a cor pois predomina o branco e negro (tanto no fondo como na vestimenta do home) pero é resaltada polo verde da froita. Non deixa de ser unha fotografía surrealista e incluso nos fai pensar en René Magritte, non obstante ten un pouso más actual.

A natureza é fonte de inspiración de moitos artistas. Edith Meusnier traballa neste sentido coa creación de natureza artificial que non oculta a verdadeira senón que a potencia nunha simbiose que fai chegar a catarse ao espectador. Empregando materiais téxiles elabora mantos de vexetación que traspasan límites como pode ser o da beira dun río, unindo así a mesma con anacos de tea que permiten cruzar no ar a auga. O resultado é o dunha beleza que dialoga co espazo facendo despertar a imaxinación, pois invita a pensar en termos de harmonía entre o que xa está e o que pode ser.

“*Casa Tomada*” é o nome da instalación de Rafael Gomez Barros que se pode ver na Saatchi Gallery de Londres despois de ter pasado por edificios emblemáticos de cidades que tamén o son. Con esta obra na que se poden ver formigas xigantes que se apoderan dos espazos, pretende dar visibilidade aos inmigrantes de Colombia, o seu país de orixe, nun contexto no que a violencia nas súas diversas vertentes leva aos colombianos a desprazar-se de maneira forzosa. A peza forma parte dunha exposición que leva por título “*Pangea: Nova arte de África e América Latina*”.

Para crear conciencia sobre os desastres da guerra, en Londres asistimos a posta en escena dunha instalación que conmemora a participación de Gran Bretaña na I guerra mundial. Consiste na construcción de máis de 800.000 papoulas de cerámica que saen da ventá da Torre de Londres e que se estenden polo chan sendo a metáfora de todos os mortos na guerra. Foi realizada por un artista da cerámica chamado Paul Cummis e polo escenógrafo Tom Piper baixo o título *Blood Swept Land and Seas of Red*.

Son coñecidos os seus filmes psicolóxicos, non obstante tamén dirixe outros con temáticas diversas. Referímos-nos a Hitchcock e a *Encadeados* (1946). O director opta por unha historia de amor nun contexto político internacional como é o da fin da II Guerra mundial. Concretamente son dous espías que tentan disolver unha organización nazi en Brasil. Está filmado en Rio de Janeiro e protagonizado por Ingrid Bergman e Cary Grant, dous grandes de Hollywood. Foi producida por RKO.

“*Il n'y a hors du texte*” palabras sobre a deconstrucción de Jacques Derrida, filósofo francés que morre a comezos do século XXI. Analiza desde fundamentos que veñen de Heidegger, precisamente da súa obra *Ser e tempo*, como os significados só poden ser relativos e polisémicos e que estes poden ser extraídos da propia estrutura da linguaxe na que están redactados. Así chégase a conclusión, contrapoñéndo-se a idea de racionalidade, de que finalmente non se pode acadar ningún sentido concreto. Con isto, quere desvelar que non hai interior ou exterior dun texto e que as palabras tamén se miden polo que non está escrito e que ao final o que queda é a retórica (confluindo coa semioloxía).

Ano 1964, *A love supreme*. Coltrane. Potencia e elevación que fan desta peza un chamado á acción para así apostar a todo ou nada entre notas precisas e voces que recitando as palabras “*a love supreme*” nos achegan a carón dunha composición case sobrehumana polo que ten de espiritual. Un rito que hai que saber encallar, facer chegar a porto, e leva-lo a través das sinuosas e directas demostracións de virtuosismo, coa paixón daquel que sen máis acolle, no abismo, a ovación entre as súas mans que son o medio para expresar, se cadra estupefacto, a ledicia do que manifesta con elegancia os sentimientos más sublimes.

*Once upon a time. A terra chá*. E o título dunha canción de A.E. Mestura de paisaxes entre USA (nos territorios máis antigos) e Galiza onde as experiencias propias relatan o que non deixa de ser unha vivencia común. *Seica me declararon a guerra*. Así comeza, e relata con un ton espiritualmente cotiá as abnegacións por límites do vivido e ávido de ter máis presenza. En primeira persoa, acada un motivo plural, levando as letras a territorio propio, desvelando que o alleo non é máis que o que rechazamos e conxugando a perda coa historia, aquela na que as conquistas tamén son unha autobiografía.

*O raio verde* de 1985 é un filme de Eric Rohmer que narra con auténtica paixón polo cotiá como a busca do amor é ante todo un fenómeno no que conta o inesperado e que ademais se conxuga coa propia manifestación da natureza, e así vemos un todo entre o ser e a mesma, non obstante é preciso estar moi atentos aos signos que nos fan levar ao mesmo pois é todo tan delicado que un pensamento abrupto pode desfacer o destino. Tamén é un filme de loita persoal, de chegar a encontrar-se a si mesmo. Non se pode abdicar para atopar o amor, este é o refrán do filme.

Se chegamos a percibir o movemento dun filme é grazas a persistencia retiniana. A retina reacciona ao recibir a luz, formando unha compoñente ácida, que transmitida a través do nervio óptico chega ao cerebro e permite a sensación de continuidade. Deste xeito as fotos fixas unha detrás de outra producen dito movemento. A velocidade estándar é de 24 fotogramas por segundo no cinema. O sistema visual pode ser entendido como a capacidade de resposta aos estímulos luminosos. E así pásase da percepción á interpretación e aquí cada cultura ten os seus propios códigos.

Foi Newton quen aportou os primeiros coñecementos científicos sobre a cor, estudiando a desviación da luz mediante un prisma. Deu o nome de *espectro coloreado* á dispersión das cores que se obtén a partir da luz branca. Por outra banda Goethe, analiza a cor segundo un punto de vista subxectivo, das impresións visuais da mesma. Na actualidade unha tarxeta gráfica pode recoñecer máis de 16 millóns de cores. Unha definición da cor pode ser a seguinte: cando un raio luminoso incide sobre un obxecto este absorbe todas as lonxitudes de onda excepto unha que é reflectida cara ao ollo e que constitúe a cor dese obxecto.

O museo da luz, en México d.f. foi inaugurado en 1996 e desde esa data alberga as obras de arte feitas con luz. A súa localización está no Patio do que foi o Colexio de san Ildefonso e é administrado pola Unam. Para chegar a el cómpre baixar-se do metro O zócalo que está a carón da praza do Zócalo, lugar central da orografía da cidade. Así mesmo impártense talleres entre outros sobre os fundamentos e principios da fotografía, como tamén sobre a natureza da luz (enerxía electromagnética emitida polo sol ou por outra fonte luminosa).

Considerado un dos precursores da abstracción, Kandinski realiza as súas pinturas a comezos do século xx. Os seus lenzos cheos de cor fan da expresión colorímetra o fundamento das mesmas. Até o momento en que el compuxo os seus cadros existía a realización a través da figuración e foi el quen non obstante comezou a trasladar á pintura a composición a través das emocións que o simple quefacer plástico lle proporciona. En 1912 publica *Do espiritual na arte* onde plasma a súa crítica ás institucións artísticas tradicionais considerando que a arte nova debe basear-se na linguaxe da cor.

Na Amazonía, indíxenas saen por primeira vez do seu territorio (no norte da selva amazónica) e isto é gravado por unha cámara do departamento de asuntos indíxenas. Eles son chamados o pobo do río Xinane e a causa da súa saída, segundo expertos, pode ser que estiveran en contacto con compradores de terra ou mesmo con traficantes de drogas. Segundo a Funai (departamento de asuntos indíxenas do Brasil) serían unha cincuentena. En xeral as tribos en canto a número van de cinco a cincuenta e rechazan o contacto exterior por causa de experiencias dolorosas como invasións e destrucións.

Belmondo é para Godard o que Jean Pierre Léaud é para Truffaut. Léaud comezou con dito director dende neno protagonizando *Os catrocentos golpes* que coma *Ao final da escapada* é do ano 1959 e tamén supón un fito na nacente *Nouvelle Vague*. Léaud interpreta o papel de Antoine Doinel (xa nos *400 golpes*) e vinte anos máis tarde emprendería unha saga de filmes coñecidos como as aventuras de Antoine Doinel nas que destacan a famosa *Bicos roubados*. Non obstante tamén o podemos ver noutros roles como en *Pierrot le fou* ou *A chinesa*. Nace no ano 1944 e segue a facer filmes.

Esta canción compúxo-a e escribiu-na despois de que a súa moza (a da casa, non a dos concertos) tivera un fillo. O amor case o salva (case) porque en realidade só sentía compaixón non amor. Si, certo unha compaixón na que tamén tiña cabida o cariño e a calma de atopar a alguén no fogar. Isto é xogar a dúas bandas, e como din en Franzia quen ten más dunha muller perde a alma. Ou cando menos esta fragménta-se e no mellor dos casos divíde-se. O vídeo de *Love will tears us apart*, é case como un concerto para ninguén ao que chegamos cando alguén nos abre a porta deste espazo no que o grupo está a tocar. Sós.

O seu grande éxito *A garota de Ipanema* foi re-interpretado por moitos músicos a nivel internacional. Antonio Carlos Jobim, nace en Rio de Janeiro e morre a finais do século pasado. *Stone Flower* (1970) é un álbume que respeta a tradición da bossa nova a través dunha edificación sonora preparada con receitas de jazz (sempre tiveron nexos de unión) e que nos convida a deixar-nos deleitar por un sabor agridoce. Jobim multiinstrumentista - piano, guitarra, vento - elabora un disco sombrío o cal oscila entre o triunfalismo e a perda. “*Vou voltar*”, un tema no que el tamén canta, é unha declaración de intencións (amorosas).

Mali independizou-se de Franzia no ano 1960; 30 máis tarde saía o disco *The river*. O seu autor é considerado un dos músicos más importantes da áfrica negra. Foi o único supervivente de 10 irmáns, e foi chamado Farka pola súa tenacidade (significa *asno* na lingua nativa dos territorios do norte do país). Á música de raíz engáde-lle elementos do blues interpretados a través da guitarra eléctrica pero así mesmo toca instrumentos propios de África como a cabasa. Obtivo éxito internacional gañando 2 *grammys* na sección de músicas do mundo.

*Afro* é o séptimo álbume de Dizzy Gillespie, do ano 1953. Este músico nace e morre en USA e, ao longo da súa traxectoria, foi un dos que máis experimentaron con fórmulas mixtas de jazz moderno. Sempre coa herdanza afroamericana presente nos seus traballos achéga-se a música cubana e colabora con músicos de Cuba. Importante foi o seu encontro con outro dos grandes, Charly Parker, con quen tamén tocou. A trompeta en *Afro* é sólida e delicada e léva-nos de paseo por outros mares durante pouco máis de media hora na que estamos expostos á presencia de sons que tamén nos poden facer bailar.

Damon Albarn non é novo nisto, nisto da música queremos dicir. Xa en solitario sorpréndenos (sorprénde-nos?) cun álbume no que a súa voz disfruta do deleite e da simbiose cos demais instrumentos, e tamén estes, produtos duns arranxos más que delicados, teñen moito que dicir. *Everyday Robots*, soa fresco e sendo intimista revéla-nos que estamos diante dun verdadeiro autor, que canta a un “*you*” que eterno descubre detrás a un suxeito femenino. As veces hipnótica, e pos-psicodélica, pode ser un elemento especial para unha cea para dous.

Tornado tropical que leva ventos cálidos. Así soa *Blues and roots* (1960), unha manifestación extrema da natureza que asolaga unha illa enteira: a da nosa percepción sonora, posicionándonos na parte duns ouvintes que asumen o fulgor que vén das cordas do contrabaixo durante pouco máis de 30 minutos nos que a cadencia se eleva e descende á maneira dunha montaña rusa. Escoitamos o son das voces que claman por un lugar no repertorio, berros catárticos que ocupan o lugar de remuños, mesmo de tronos que acompañan esta tempestade. E por momentos volve a calma.

O azar é esa motivación curiosa da vida que vén da man do non regulado. Dadá, nome do movemento artístico, foi escollido ao azar por Hugo Balls, o seu fundador, dun dicionario francés e significa cabaliño de xoguete. O *Cabaret Voltaire* nace e ten como vocación o divertimento xa que, segundo os seus componentes interpretan, é a diversión a fin da nova humanidade. E tamén, como non, a sorpresa. Balls ante os membros de dito cabaret presenta en 1916 un poema recitado por el constituído por fonemas e interxeccións sen significado, sendo unha oda á plasticidade do son.

O cubismo foi un movemento iniciado en 1907 por Picasso entre outros. Segundo este pintor non tiñan a intención de facer cubismo senón que simplemente sacaban o que tiñan dentro. Póde-se dicir que durou até 1914, non obstante perdurou na historia xeral da pintura. Para os críticos da época era un tipo de pintura formada por cubos, de aí o nome e ademais foi o primeiro movemento que precisou de exéxese por parte desta crítica, definindo-o ao mesmo tempo que a realización dos lenzos. Nunha época na que a teoría da relatividade invade todos os campos, incluso o artístico, esta pintura proclama o dinamismo da humanidade.

Dende 1911 até 1913 desenvólve-se o grupo pictórico *O xinete azul*. Entre os seus membros destaca Kandinsky que así mesmo foi o fundador. Os artistas deste movemento transformaron o expresionismo alemán e miraron cara a arte oriental, o medievo e o primitivismo. Con todo tamén se influenciaron mutuamente co fauvismo e o cubismo, coetáneos. Realizaron dúas exposicións colectivas en Alemaña - que máis tarde serían itinerantes - contando coa presenza de pintores como Robert Delaunay ou Henry Rousseau.

*Os amantes* de Magritte é unha das súas obras más valoradas realizada no ano 1928 en pleno desenvolvemento do surrealismo. Este autor belga chamado René firma case unha vintena de obras que se asimilan a este movemento artístico. Nesta, en *Os amantes* retrata a un home e unha muller separados por un veo que non os deixa ver-se. Se cadra así son todos os amantes: imposible de ollar- se verdadeiramente pois todos poñemos un algo que nos enmascare. René pretendía que os seus espectadores se fixaran hiper-sensitivos á súa pintura e tamén por extensión ao entorno.

*Figuras xunto o mar ou O bico* (Picasso 1931) é un lenzo de grandes dimensións que pode parecer unha escultura xa que achamos elementos dinámicos e grandes trazos na composición das figuras. Dende 1920 Picasso levaba experimentando coas formas até afastar-se do modelo natural e traballa en consonancia co surrealismo da época. Así as persoas redúcen-se a pezas esféricas das que deducimos as partes corporais como a cabeza, as pernas ou os brazos que forman un todo pero con falta de cohesión dando cabida á imaxinación para completalas.

*Mulleres correndo pola praia* é un lenzo de Picasso de 1922. Nel achamos os antecedentes do que sería máis tarde a súa obra, concretamente os comezos da súa etapa cubista que tanto o caracterizaría. En canto a estes apreciamos nas formas dos corpos da mulleres distorsión, isto é que se agrandan brazos e pernas pero constitúen un todo homoxéneo con coherencia. Da-lle importancia ao movemento sendo unha peza moi dinámica que capta a carreira das mulleres. En canto ao rostro vemos que nunha das figuras está perfilado, non así na outra e o fondo e a area son só un indicio das mesmas.

Os vídeos de Neshat (Irán 1957) versan sobre a relación entre oriente e occidente, a tradición e a modernidade. Unha dicotomía que hoxe está ben presente no ideario mundial, sobre todo co incremento do fundamentalismo relixioso. En canto a estrutura dos vídeos, estes abarcen todas as paredes do lugar de exposición para crear un espazo no que estes se comuniquen internamente, dialoguen logo. En *Soliloquy*, con dúas pantallas, proxecta a imaxe dunha muller de Irán a carón de outra de USA, gravadas nas súas diferentes accións vitais.

O primeiro ep de Fugazi titulado como a banda data do 1988. A primeira canción *Waiting room* é unha apertura chea de poder. Un poder oscilatorio que fai que esteamos á espera dun gran momento, algo parecido aos nervos antes de saír a escena. *Give me the cure* - o quinto tema - é un alegato a favor da curación a través de compoñentes espirituais que non pode ser causa de inmobilidade senón que ten que proporcionar axitación. Un bo comezo este disco, que só era un aperitivo do que nos esperaría despois até a súa disolución no 2003.

The Van Pelt son esa banda que exemplifica o pos-punk. Activos desde 1994 despois de anos sen publicar firman un ep no 2005, un sete polgadas titulado *Same as stone*. Con *The good,*

*the bad and the blind* obséquia-nos con un tema de hardcore melódico que remite a bandas como Mogwai calmando así as notas de guitarra e deixando-se levar por un sentimento elevadamente agradábel até perpetuar a dor, que desaparece ao ver a esa persoa que nos traslada a un mundo mellor salvándo-nos do tedio como se dunha vacina se trata-se e poñendo entre nós e a vida unha bocanada de aire fresco.

Play Ground tv ofréce-nos o concerto que fixeron Delorean e Jhon Talabot no *backstage* do Sonar 2010. Fixámolo-nos en Sunshine, un experimento sonoro que invita a participar dos sons electrónicos xurdidos dos instrumentos analóxicos que se transmutan con sintetizadores (o caso do piano). Unha liña de voz que pode parecer a dun ritual dun pobo indíxena ou o mantra dun budista, na que se entrevé a palabra *future*. Pois si música do futuro que se instala no presente e que deixa os nosos ouvidos co rescaldo de axitación *versus* calma que nos proporciona a súa música.

Santa fe ou como esquecer-se da morte da persoa amada. Beirut realizan un vídeo clip no que os desastres se fan múltiples pero el, o protagonista, pode ver rebaixada a penuria a través da imaxinación. Pensar que áinda está con el nunha praia considéra-se unha vía de escape, é dicir, apartar-se da realidade. A canción en cuestión, como case todas as de Beirut, ve-se engalanada co son da trompeta ao que acompaña a batería rexia e a voz peculiar de Zach líder da banda que así mesmo nace en Santa fe (Novo México) e que leva en activo con Beirut desde 2006.

Kexp é unha emisora de radio de Seattle, que tamén organiza concertos con grupos de indie rock e que se poden ver na rede. Entre eles, visionamos a Delorean grupo basco que ofrece un directo contundente. As guitarras mestúranse cos sons más electrónicos dos sintetizadores que os fan achegar- se ao experimental, pero non deixan de recordar-nos outras bandas como os Black Keys ou Strokes. Son un dos grupos con más proxección internacional do momento e segundo as súas palabras aman facer *tournée* por USA.

Julia Holter canta con ese ton agudo que a caracteriza acompañada do ineludible son dun violín na canción *This is a true heart*, que vén significado por un vídeo clip no que prima o narcisismo con mulleres que, despois de pintar-se os beizos de vermello, lle dan bicos ao espello dun hotel calquera no que elas son as espías tentando esclarecer un asasinato dunha loira que xace nunha cama. Aires hipnóticos (sobre todo nas primeiras notas), que exhalan do barroco na liña das cordas, para unha canción que se inclúe no seu disco *Loud City Song*, o terceiro disco (2013) da cantautora nada en L.A.

Three Blind Mice é un selo xaponés fundado na década dos setenta que abarca o amplio abano da música jazz do Xapón pero que intenta dar cabida á música jazz más experimental. Entre os músicos atopamos a Tsuyoshi Yamamoto que firma un elegante disco co seu trío; un disco rápido, exquisito e evocador que se titula *Blues for Tee* de 1974 no que toca o piano con unha maxestosidade tal que recordas aos grandes como Bill Evans, e non obstante tamén se aprecia as ganas de xogar co instrumento até facer algo que poida denominar-se simbiose.

As nubes que pasan, unha nota de guitarra sostida e os paxaros que cantan: así comeza *Towers*, o vídeo clip de Bon Iver que ten como protagonista un vello encantador ao que lle gusta conducir polas estradas solitarias dunha vila dos USA cara un destino que non pode ser outro que o mar onde lle espera unha barca. E el só caerá á auga para saber que pode sobrevivir a flote como se dunha ceremonia se trata-se onde voan anduriñas (e queda un grolo de alcool na botella). Ela está aí para acoller os segredos dos que cantan aos subterfuxios do amor.

*The end's not near* é unha canción de Band of horses que soa a despedida, con avión e mans saudando ao ar (imaxe da súa portada). Un lugar mellor ao que poder chegar recibindo o

espazo coa valentía dos iniciados e todo isto para cantar-lle ás sorpresas da vida. De fondo unha guitarra eléctrica sofisticadamente hilarante cunha base percusiva que marca os compases ledos e calmos do ritmo xeral da peza. Unha metáfora da viaxe, dun suxeito do século xxi que acha constantes cambios e opta pola perspectiva múltiple.

Os tuaregs, en África, loitan para que se lles recoñeza como pobo. Concretamente de Mali son o grupo musical Tinariwen, que despois da súa viaxe por Occidente chegaron a recibir o Grammy no ano 2012 ao mellor álbum World Music. Déixan-nos un concerto no mítico Tiny Desk Concert, con tres membros (dúas guitarras e percusión). Son unha voz para as mencionadas luitas e a súa música evóca-nos as mesmas pero tamén ás paisaxes áridas do deserto, un algo máis poético que se mestura coa política. Unha música con raíces que apostou así por gardar a tradición.

Unha apertura que evoca unha paisaxe hawaiana durante case un minuto para dar paso á voz de Georgia Hubley (esposa de Ira Kaplan), sinuosa e doce que lle canta aos segredos do amor. O vídeo clip desta canción de Yo la tengo ten como protagonista o surf e as perfectas ondas californianas nas que deslizar-se un día de verán. *Today is the day*, no que pensar en ti, e os recordos amoréan-se nos cinco minutos que dura o tema. Eles levan facendo música dende 1984 e seguen en activo. Nós seguimos a escucha-los coa mesma emoción que ao comezo.

Para algúns achégase ao cinema puro pois, entre outras, afástase dos métodos e técnicas da posta en escena teatral pero optando así mesmo por seguir unha liña que vén da tradición de contar historias, de crear espazos onde as personaxes viven nunha e unha historia. Ao mesmo tempo parece que lle dá unha volta a todas as regras de composición e mesmo de montaxe, é un realizador *sui generis* que ten un posto na Historia do cinema. Falamos de Jean Renoir que emprega sublimemente a profundidade de campo en filmes como *A regra do xogo*, sendo este un elemento propriamente cinematográfico que define os códigos do cinema.

En *L'Atalante* (1934) atopamos un Jean Vigo que dá renda solta á súa imaxinación, achegado aos postulados surrealistas e rechazando a civilización que encerra ao individuo. Non obstante o “inferno” non está só no exterior senón tamén no interior. Por outra banda, desfai os preceptos do bo gusto francés de Boileau. E todo isto ten de tráxico o que se atopa nun home profundamente revolucionario de tendencia anarquista. Este filme é un berro contra a indiferenza social que agocha moito de máxico (véxase por exemplo a secuencia debaixo da auga na que ollamos unha sorte de Ofelia) e que ten o seu reflexo na maneira en que emprega a cámara - inestábel - aumentando o lirismo do mesmo.

Os actantes, como os de Homero teñen o seu correlativo nos filmes de Mizoguchi, concretamente en *Contos da lúa pálida*, onde o protagonista atopa o espírito da súa muller cando regresa á vila. A aventura así como en Ulises fai desenvolver un lado espiritual, más ben un ciclo espiritual que queda nos entreactos dun discurso lendario. Así mesmo atopamos resquicios da lenda celta de Lancelot, do *amour fou*, predicindo así un himno á unidade ao mesmo tempo que á diversidade das aparenncias. Condensa todas as categorías do relato nun ente *sui generis* que é o propio relato filmico.

*Soon it be cold enough* presenta unha portada ben ilustrativa do que vai ser a lectura do disco: unha paisaxe na que destacan as árbores, só elas, e todo tinxido de branco cunha composición que nos deixa penetrar nese bosque cálido aínda que frío e que parece acubillar o son da voz solista e insólita entre as súas pólas finas e alargadas até o infinito (estando en fóra de campo) desdibuxando os trazos e atraendo cara si golpes e ruidos exóticos que se agochan tras a melodía principal, a dunha guitarra que por momentos deixa de ter protagonismo para dar paso a sons más sintetizados.

Akira Kurosawa foi coñecido e entendido en Europa grazas ao premio de Venecia no ano 1950 polo grande filme *Rashomon*. No discurso ao recoller o premio afirmaba que tiña unha débeda para coa humanidade e a paz mundial. Nos seus filmes constáta-se un barroquismo interior das súas personaxes cunha moralidade que os acompaña de maneira decisiva ao final. Mostra así mesmo o reverso do “bo” para dar- lle más profundidade as relacións, sobre todo internas, non exentas de violencia externa. E sobre todo destaca nas tramas a capacidade de exorcitar o “mal”.

Bresson (1907-1999) afirmou que o cinema non atopara áinda aos seus cineastas, aqueles que lle dean unha nova forma, que crearan unha verdadeira arte cinematográfica e pensa que tampouco se chegou a desenvolver esta arte como se fixo na pintura ou na escritura. E todo isto con data de 1975 (*Note sur le cinématographe*). Nesta época xa se proxectaran os filmes das novas cinematografías europeas pero semella que áinda ten que xestar-se algo máis, un *plus* que vén da man de escribir coa cámara. No ano 1995 recibe o premio René Claire da Academia francesa do cinema.

Magdalena Jetelová de orixe checo crea instalacións que sobrepasan os límites domésticos do espazo. En *Area de cuarzo vermello* inunda o interior dunha basílica con este elemento até face-lo protagonista do mesmo pretendendo dar visibilidade aos mecanismos do poder despois da Primavera de Praga en 1968, data na que se gradúa en Belas Artes. Con todo, os seus comezos datan dos anos 80 sendo a citada obra de 1992. O seu traballo achégase ao *land art* e en *Island Project* (tamén de 1992) reflícte-se o mesmo, trazando cun láser unha liña de luz nunha montaña. En último termo pretende dilucidar a enerxía oculta en tódalas cousas.

Louise Nevelson (Kiev 1899, N.Y. 1988) sostén que a vida en esencia é un misterio e así o reflexa na súa arte que está influenciada pola arte africana descuberta no Musée de l'Homme nunha das súas viaxes a París así como da arte pre-colombina. Traballa esencialmente con *objets trouvées* á maneira de *found footage* sendo a madeira o seu material favorito realizando obras escultóricas cuxa fluidez proceden do achegamento coa danza, empregando tamén o aceiro. Separando as cousas das súas funcións primarias converte-as en obras artísticas.

Manter a unidade do corpo e da alma é igual a seguir vivo segundo o pensamento de Marina Abramovic (Belgrado, 1946). Nalgúns das súas *performances* actúa cos límites da dor corporal infrinxindo-se cortes - un deles debuxa unha estrela para representar a época de Tito. O seu corpo é o material fundamental sobre o que traballa; pero así mesmo emprega outro tipo de materiais como os ósos de animais. Nesta ocasión escenifica a masacre, metáfora - signo dos cadáveres da guerra da antiga Iugoslavia. Nas últimas emprega ao público como elemento actante poñendo a proba, por exemplo, a súa paciencia.

Unha banda de proto-punk que saca *Young Loud and Snotty* no ano 1977 e cuxo título desvela que eles, Dead Boys forman parte dun movemento contra-cultural desenvolvido en USA e que ten a nova música como factor referencial así como unha actitude de protesta e insatisfacción coa sociedade da época. Tal é a súa proposta que chegan a afirmar: “*Fuck art let's rock*”. Relaciónase coas figuras da época como Iggy Pop ou Joey Ramone influenciándose reciprocamente. Deste disco no ano 1997 editáronse os remixes pero quedarán na historia da música por ser actantes do comezo do punk nos setenta.

Tsuyoshi Yamamoto é un virtuoso do piano. Coa súa banda Tsuyoshi Yamamoto Trío firma no ano 1974 *Blues for tee*. A elegancia das notas deixan paso a momentos elevados nos que o instrumento se achega a espazos de axitación para despois sermos inmersos nunha calma activa. É case unha hora de idas e vidas, constatando un tempo case en espiral, á maneira do eterno retorno. Curiosidade é que (e pasa noutros moitos casos, sobre todo se falamos de directos) nesta gravación os músicos comunican-se entre si para levar o ritmo ou como manifestación de ledicia polo devir da acción.

Eddie Higgins: ou como canonizar un clásico - non recoñecido - de jazz. Este pianista nace en USA e adica toda a súa vida ao jazz, rozando xéneros como o bebop. En *Portrait in black and white* (1996) déixa-nos unha hora de puro jazz no que tamén temos oportunidade de deleitarnos con outros instrumentos como o violín e no que colabora con outros grandes como Jobim. Tocaba para varios club de jazz, se cadra os más importantes como Blue Note. Pode comparar-se cos grandes como Bill Evans do que, por outra parte, foi unha influencia para este.

Os dereitos humanos teñen que respectar-se áinda que exista unha confrontación. Partimos da base doutro derecho: o de manifestación. Esta é a realidade que se está a vivir en México. Concretamente no estado de Guerrero. Tras a desaparición de máis de 40 estudiantes e tendo como precedente a morte por parte das forzas de seguridade (que actúan á marxe da lei) de estudiantes da capital, son moitos os que están a pedir explicacións e xustiza. E como contrapartida queimaron o Pazo de goberno do estado de Guerrero.

Etienne Jaumet converteu-se nun grande da electrónica seguindo ao mestre Steve Reich; non obstante este francés conseguiu un selo de identidade propia gracias a traballos como *Entropy* que comezan con notas industriais minimalistas para dar paso a bases techno. Unha viaxe polo seu universo sonoro pode encallar-nos na beira da praia na que desfrutamos dunha *rave* ou ben transportar- nos a un planeta máis árido e sempre cun ritmo que nos fai transcender os propios acordes que tamén poden ser discordes por momentos. Un ep que non deixa de ser hipnótico e que dá fe da entropía entre autor e público.

Duane Michals retrata en tres fotografías o rostro de Andy Warhol e fai-no xogando co movemento de tal forma que na derradeira fotografía apenas se lle ve o rostro. Michals sostén que a secuencia de imaxes confíre-lle a fotografía maior transcendencia, considerando que suxire moito máis. Estas fotografías foron realizadas no ano 1973. Michals sempre xogou no seu quefacer cos conceptos de real e imaxinario traspasando fronteiras entre o un e o outro. “*Non creo no visíbel*” afirmaba, e desexaba ampliar o potencial cognoscitivo das narracións puramente visuais.

A fotografía, nalgúns casos, pretende desvelar o estado anímico e ou espiritual de quen está sendo fotografado. Este é o caso de Richard Avendon que estuda na Universidade de Columbia en USA, e concretamente estudos de filosofía sendo autodidacta en canto ao traballo fotográfico. Neste destacan fotos de Chaplin pero aquí destacaremos a que capta a Ezra Pound. Un retrato cru que significa o rostro do poeta e fai-no de tal xeito que nos desvela unha especie de dor existencial áinda mesmo tendo os seus ollos pechados; pero estes non deixan de transmitir dende o interior do seu ser.

Paisaxes erosionadas, a terra na súa faceta máis árida, a natureza pura: isto é o que retrata Ansel Adams nas súas fotografías, que datan da primeira metade do século xx. Destacamos *Val da Morte*, do ano 1948, unha fotografía na que a dureza do chan se transmite á perfección e as súas ondulacións poden asemellar-se aos sucos dun rostro destruído. Unha peza que é máis orgánica que panorámica (está máis preto do obxectivo) e que nos fai ser espectadores - como nun voo - das colinas de California. Outra que se lle asemella a esta é o *Canón de Chelly* (1942) que ten máis profundidade de campo, pero que orbita en torno á idea da inmensidade da paisaxe.

Cómo sobrevivir ao tempo, aos bos tempos e pensar que o presente e futuro poden ser igual ou mellor que o que deixamos atrás? Juana Molina leva tocando a guitarra desde cativa - pódense ver as sesións con Charly García - e reinvénta-se a cada vez a pesar de que existen notas comúns, un selo de identidade: ela é a protagonista ineludible de todas as composicións tanto en decisións de producción como nas temáticas. Así mesmo o son da súa voz segue a ser o seu máximo significante e áinda que transformada cos anos, non deixa de ser bela ou é-o

incluso más.

Paint it black (a banda) crean un potente tema de hc “*Past tense future perfect*” do álbum *New Lexicon*, que une a súa vida con algo máis grande e mesmo etéreo como poden ser as estrelas e os satélites, que orbitan en torno a nós máis do que o poida facer un deus creado/imaxinado por nós mesmos. O ritmo aceleradísimo da canción tanto en guitarras como en batería fan que teñamos ganas de saltar ben alto. Unha mensaxe fortemente positiva que remata asumindo que non estarán decaídos ou rotos no futuro senón que se manterán firmes nas súas crenzas.

Angus and Julia Stone bríndan-nos a oportunidade de escoitar voces cálidas, delicadas e completamente sinceras. Un son de pop de cámara, no que as relacións son a linguaxe, aquela que deixa ver como nos afectan as filosofías dos outros, esas coas que non estamos de acordo, como o poliamor (para eles). *Memories of an old friend*, pode traer-nos ao presente esas vivencias cos velllos amigos, os que sempre están áinda que non estean, e trasladar-nos ao campo onde se facían pícnicns no alto da cidade ou ben ás tardes de televisión con clásicos – modernos - filmicos.

Achegado ao power pop e mesmo o pos-punk é *It could be real* (Me and the bees, 2010). Unha cápsula de 2 minutos nos que os estribillos levan consigo os rífs de guitarra apresurada e coros que os fan máis disonantes. Un alegato ao esquecemento do mañá coa idea de refrescar a vida e mesmo de casar en modo fantasía, así como poñer-se en mans dun ritual que se transforma en algo cotiá até facer da nosa propia existencia algo “real” ou ben convidar ao outro á propia ensoñación facendo dos soños(como pretensíons) un lugar común.

Colonia de Reino Unido até 1997, Hong Kong é desde entón Rexión Administrativa da República chinesa (comunista). Este país está a ser testemuña dunha das manifestacións más importantes despois da revolta de Tian'anmen (1989) perpetrada principalmente - como a outra - polo estudantado ao que se unen traballadores e ou simplemente simpatizantes. Reivindican unha apertura do rexime comunista e a independencia de China. Si, os dous factores, e que ben se poden inscribir nun contexto internacional no que se pide máis democracia e a emancipación dos pobos.

Este autor opta por proporcionar-nos medios de análise da escritura entendida esta como unha acción case performativa. Así o que teríamos enfronte sería unha contraposición de conceptos estando tanto o un como o outro determinados pola súa ausencia ou presencia. Ditos opositos son a base desde a que se criou todo sistema de entendemento. Pero, ademais, achamos que o que escribimos vén así mesmo do *ailleurs*, do que non se di, do máis alá. E con todo o que nos permite seguir expresándonos é o xogo de atopar-se, isto é: atopar o eu que embora vai quedar indescifrado.

Unha das mulleres pioneiras no dadaísmo foi Hannah Höch (1889-1978) quen nace e morre en Alemaña. Foi así mesmo unha das primeiras artistas en empregar a fotomontaxe como unha forma para impactar ao público máis que para cambiar as estruturas do sistema (que tamén). E usual que empregue tonos escuros coa excepción dalgunhas como *Wenn die Düfte blühen* (1962) máis colorista. Foi a i guerra mundial o que lle fixo modificar a súa visión do mundo até ese momento estabel. Durante a ii guerra mundial é considerada bolchevique cultural levando a termo un exilio interior.

Mariko Mori é unha artista xaponesa nada en 1967 que actualmente traballa en Nova Iorque pero que non deixa de traballar sobre a cosmogonía do Xapón. As súas obras, tanto instalacións como pictóricas (ás que lles da forma a través de programas para ordenador) exhalan toda a maquinaria espiritual do seu país de orixe. Nela achamos figuras humanas que son case ciborgs e que se rodean dunha aura de transcendencia. E isto nun contexto gráfico no

que está presente a natureza, tanto imaxinada como real e que fai que nos movamos entre o pasado ancestral e a modernidade.

A obra de Frida Kahlo compon-se de máis de 200 pinturas. Ela afirma que nunca quixo pintar soños e que non era conducida para a realización das mesmas por un espírito de loita. Se cadra sabía que non ían cambiar a maneira de ver o mundo ou enfrentar- se a realidade. Inserta no movemento realista nunca deixou de ser surrealista: a maioría dos seus cadros son autorretratos de pequeno tamaño nos que investiga os límites corporais e os mestura con enfermidades por ela padecidas (véxase a columna que a atravesa nun deles concretamente en *La columna rota*). Por isto ela esperaba felizmente a que chegara o final.

A súa obra, ou parte, xorde da visualización de templos da antigüidade clásica, de Grecia, onde as pedras se sosteñen por fricción. Non obstante non traballa só con pedra senón que emprega outros materiais que poderíamos considerar más cotiás (por exemplo o chocolate) para infrinxir na súa construcción unha parcela de ironía que non deixa de ser auto-ironía. Ela mesma argumenta que lle interesa converter os rituais cotiás en procesos escultóricos. Ademais para realizar a súa obra tamén emprega o seu propio corpo (*Loving care*) pintando cun tinte na cabeza.

*It's O.K.* é un deses temas que quedan no imaxinario da xuventude e que por iso pasan a facer parte dunha etapa da vida. Derraman enerxía positiva, sendo este optimismo unha guía para afrontar situacions adversas. Fai que nos deslicemos polas estradas baleiras en monopatín para experimentar sensacions cheas de adrenalina e liberdade. Unha canción que podemos adicar-lla á persoa que máis odiemos no mundo para reafirmar-nos na nosa ledicia e no noso poder. Un poder que testemuña que o futuro pode ser algo máis que unha intención, pode ser a constatación da felicidade.

Da América de Hollywood chéga-nos o cinema de Georges Cukor, quen nos proporciona unha liña de distinción e delicadeza. Soubo crear atmosferas sutís moitas veces inspirado pola pintura do universo femenino. Foi un dos mellores directores de actrices, entre elas Katharine Hepburn ou Garbo. Un filme de 1939, *Mulleres*, dá proba disto. En xeral cos seus filmes achéga-nos a un estado mental, a elementos psicolóxicos que nos fan descubrir o ser humano e que nos propoñen unha arte humanista apartándose dos excesos retóricos. Fai, por outra banda, que o cotiá se volva insólito.

A animación no cinema ten un expoñente primixenio na figura de Norman Mac-Laren, a quen se consagran os números 79 a 81 de *Cahiers du cinéma*. A súa arte non está baseada no realismo senón no imaxinario, realizando creacións *ex nihilo* que teñen moito de lirismo e que pasa a través da modernidade. Falamos dun cinema sen cámara un *no man's land* cinematográfico. Para a realización das súas figuras emprega a tinta china ou mesmo a agulla sobre a celulosa explorando as posibilidades do grafismo con deseños non figurativos; Bazin describe-os na liña do zoomorfismo.

Deu-lle un novo alento ao *western*, falamos de Anthony Mann nacido a comezos do século xx e que con *L'homme de la plaine* chega a un punto de non retorno. En Radio cinema de Franzs resalta a súa posta en escena, a condensación e precisión da mesma infrinxindo-lle un algo que o fai achegar-se a perfección polo que, comentan, fixo envellecer a John Ford. Mann conduce o *western* ao esencial a través de elementos poéticos de rara intensidade. Relaciona de tal maneira a paisaxe aos actores, que provoca un efecto de dramatismo e así mesmo de realismo, sen esquecer certas doses de barroquismo.

Eisenstein declara que nos seus filmes atopamos ideas da psicoanálise plasmadas a través da convención por oposición unhas veces, por asimilación outras, dos seus planos. Montaxe que revela que o cinema ten códigos propios. Con elas pódense crear ideas sucesivas e provocar

un movemento de sentimentos. A viaxe a México proporcionou-lle un alento máis grande para tocar temas do seu interese, versando sobre as grandes paixóns humanas que ben poden ser aquelas que nos fan actuar de maneira colectiva emprendendo misións como pode ser o cambio de sistema de goberno, algo que atopou en México.

Abel Gance firma os primeiros filmes históricos no cinema. Os seus métodos de construcción filmica son ben orixinais pois emprega varias pantallas para o visionado dos mesmos, tendo que, por isto, gravar dunha maneira peculiar. Nace no ano 1889 e leva a termo máis dunha ducia de filmes sendo *Napoleón* a súa obra más significativa datada do 1927. Nesa época achéga-se ao lirismo doutros autores que admira (Moussinac por exemplo) traducindo deles esa dimensión caótica. Por outra parte non debemos esquecer o nivel retórico ao que expón ao espectador.

É considerado o primeiro documental da historia do cinema. Falamos de *Nanouk* realizado entre 1920 e 1922 da man de Robert Flaherty. Este filme destila un respecto pola vida e unha admiración pola natureza e os seus misterios. Unha especie de comunicación espiritual emana do mesmo. A temática remite á loita pola supervivencia (tamén no *Home de Arán*) e a relación entre o ser humano e a terra. Podemos cualifica-la de anti-epopeía, que transforma o tráxico en loita cotiá e que sinala aos pobos primitivos en convención co seu entorno a pesar de que dita relación non deixar de ser dolorosa.

Ingmar Bergman pertence a esa xeración que leu a Kierkegaard, Beckett ou George Bataille e que por iso mesmo non sofocaron as súas ansias existenciais e/ou non levaron ao extremo as súas desesperacións. Bergman describe ao ser humano nun mundo agnóstico buscando ás veces esa fe perdida: a de saber-se adaptado ao mundo, é dicir, de atopar o amor e a felicidade. Os seus filmes destacan polo barroquismo con unha densidade plástica subliñábel; e en canto ao tratamento temático existen similitudes con Shakespeare (véxase *O séptimo selo*, 1956).

Stan Getz nace no 1927 (morre no 1991) en USA, vivindo no barrio do Bronx. Aos trece anos xa estaba tocando o saxo e seguiu até que a morte o alcanzou. Entre as moitas influencias destacamos aquela da bossa nova, firmando unha contundente *Garota de Ipanema*. Así mesmo na década dos 50 realiza xiras e a gravación dun disco co Oscar Peterson (trío) que rezuma ledicia, envolvéndo-nos nun ambiente de xovialidade - áinda eran novos -, que por outra parte non vai a deixar de proporcionar nos nosos ouvidos. Todo frescura.

Sófocles deixa como heranza sete tragedias; entre elas destaca Edipo polas análises que se fixeron *a posteriori*, as contemporáneas (sobre todo da man de Freud). Non obstante na década dos 70 do século pasado houbo un autor francés que lle deu a volta ao mito: Deleuze quen firma xunto con Guattari o chamado *Antiedipo*. A máquina capitalista xoga coa represión dos mencionados desexos establecendo parámetros de permisión/represión. Introducen un novo termo, o de desedipizar, é dicir, deixar que a represión dos desexos desapareza.

Amor, violencia, morte: estas son as chaves do lirismo tráxico de Nicholas Ray nacido en 1911. *Johnny guitar* é a proba de que tamén hai certas doses de realismo, de documentos sociais nas súas obras, estando este filme instalado no dominio do folclore do oeste estadounidense e que desvela as intencións de Ray de dar-lle relevancia ás relacións secretas entre dúas personaxes e mesmo de revelar-nos universos íntimos. Pero todo isto levado ao extremo de caer no paradoxo ou no seu caso na catarse ou sufrimento. Velaquí un extracto do diálogo: *Johnny: Cantos homes esqueciches?/ Vienna: E ti, de cantas mulleres te lembras?*.

O realismo poético francés de Marcel Carné exprésase particularmente ben en *Quai de Brumes*, obra do 1938 baseada na novela homónima de Pierre Mac Orlan (1927) e no que

colabora Jacques Prévert como xa o fixera en dous filmes anteriores. A evolución do realismo pasa por manter a poesía dos seus diálogos, un certo onirismo dos *cafés-tabacs* que toca o nihilismo lírico. E deixa espazo para dar-lle a volta a determinados valores da época que produce unha ética e estética do deterioro. Teñen todos os seus filmes ademais unha presenza do tráxico no sentido grego do termo, un certo destino agonizador.

Entre os moitos dos escritores galegos que pasaron tempadas por Madrid está Uxío Novoneyra, a quen se lle adicaran as Letras Galegas do 2010. Kike Benlock repasa a súa vida nun cómic que titula *A voz herdada*, no que relata as súas andainas pola capital do estado mentres estaba na universidade e tamén recolle experiencias más persoais como o namoramento coa que será a súa muller. Co seguinte verso: “*Non foron existencias olvidábeis*” reclama un canto á vida, a felicidade e así mesmo á importancia do pasado e do recordo; e tamén este: “*A forza do noso amor non pode ser inútil*”

Jean Le Gac nace en França no ano 1936 e pertence á corrente conceptualista e tamén se adhire aos preceptos da arte narrativa (denominación que provén do medio neoiorquino). Das súas viaxes quédan-nos cadernos de notas e diarios íntimos; de feito son estas viaxes a materia da súa arte que recopila nunha edición chamada *Cadernos* e foron feitos principalmente entre o 68 e 71. O tema fundamental que trata na súa obra e a oposición entre ficción e realidade creando unha personaxe ficticia coa que dialoga chamada Flotent Max. As súas obras fotográficas van acompañadas de textos.

En Murnau (Alemaña, 1889) todo aquilo que é estranxo e invisíbel nas apariencias transfórmase en obxecto filmico e non foi até a edición de *Cahiers du cinéma* que se constatou este feito. De Alemaña trae ese espírito romántico e así mesmo, vendo o contexto en que realiza a súa obra, un certo desencanto propio do pos-nazismo, e esta rexida outrora por un certo nihilismo. Con todo cómpre ter moi en conta que nos atopamos ante un cineasta representante primordial do expresionismo constatando nos seus filmes que o ser humano atópase no “inferno terrestre” (sendo Fausto esa dialéctica do inferno.)

*Comizi d'amore* é un filme documental de Pasolini no que podemos ver o retrato da sociedade italiana da época que se deixa interrogar polo director. Unha aposta por dar-lle voz á población para crear un documento no que se fala do amor. E fála-se con sinceridade (ou iso é o que pretende o cineasta) pois as preguntas non feren a sensibilidade. Personaxes importantes, nenos na rúa, etc. todos eles son suxeitos do filme. En canto a estética está editada nun estrito branco e negro que lle confire unha dose de realismo histórico. Unha faceta do Pasolini achegado ao *cinema verité*.

Este filme retrata especialmente ben o tema do amor na França, onde teñen unha concepción do mesmo que versa entre a devoción e a liberdade. O protagonista quere ante todo sentir-se libre e os sentimentos tan fortes que ten por ela impíden-llo. Por iso a deixou dúas veces. Con todo o segundo encontro vai ser o último seguramente pois agora viven en cidades distintas; tería que ser o gran azar o que os xuntara de novo. Iso non o sabemos pero si que ela vai estar namorada del toda vida áinda que xa casada con outro. Porque eses amores duran para sempre.

O paso do tempo, inexorábel, pon o foco nas amizades, reflexionando acerca do aburrimiento. Esta canción de Los planetas supón que existen unhas épocas determinadas nas que nos queremos descolgar de determinados feitos que rozan a monotonía e mesmo que nos fan non atopar-nos. “*Quero ser eu*” di-lle ás súas amigas polo que ten que emprender un camiño distinto ao que elas viñan facendo e atopar outras opcións vitais. O cambio como motor, a realidade como experiencia. Ela elixe querer encontrar-se e para iso ou convence ás amizades para realizar cousas novas ou as acabará facendo ela soa ou con outros.

Low son ese grupo que todo o mundo quixera descobrir. Dá igual o momento pero mellor en estados de calma activa. En *Words* é todo un universo o que se recrea e a canción deixa un bo sabor continuando así ao pasar os cinco minutos que dura. O ton é descifrabelmente pausado cuns acordes de guitarra delicados que poñen un certo contrapunto. O baixo déixa-se escutar e leva a melodía do tema. Só fan falta dúas palabras que constatan a deriva fatidicamente luminosa do destino. O heroe é o cotiá, aquilo que nos leva a aclamar os saltos de eixe planificados.

*In a Silent way* consta de dous temas: *Peaceful* e *It's about that time* que se entenden non obstante como un conxunto pois dan-se paso sen trauma. Do ano 1969, dan constancia dunha época na que os valores pos-modernos estaban en voga. A trompeta por momentos tocada soa elevan o ritmo a unha calma que testemuña os cambios de intencións, aqueles que nos fan pensar nunha batalla na que o heroe vai saír vencedor. Os momentos más acelerados son como o campo da loita, pero sabendo que remata cun final feliz.

Na Arte sóña-se cun mundo mellor e reifican-se os rituais domésticos para dar-lles nova significación querendo acadar a beleza con actos cotiás que embora nos levan a novas formas de enunciación (tamén plásticas). Pero aquí hai unha chamada á acción entendida nos termos que realizaba Yoko Ono co seu marido: “*Make love not war. Habrá que hacer el amor*” porque a vida é moitas veces triste. Con todo é ousado falar-lle de poesía a algúen que coñeciches onte áinda que pode funcionar para polo menos pasar o tempo ou para crear un contexto no que a aura o envolva todo.

Algo así como poñer-lle portas ao campo nun convite para ir cear despois de ter-se mirado fixamente aos ollos. Unha canción que nos fai recordar unha tarde entrañábel e que nos remite a un contexto onde non hai que avisar para deixar-se caer pola casa. E entre todo isto un animal ensanguentado que propón que reflexionemos sobre a alimentación. Pero este non era o tema senón que o camiño entre el e ela xa se iluminou e poden comezar unha andadura xuntos: aquela que os fai pensar en finais felices porque “*tout va bien que finit bien*”.

Esta noite foi a máis longa do ano. Nacho Vegas firma un tema co nome *La noche más larga del año* que se formula como unha oda ao momento, sen fisuras, pleno e que nos remite ao *no future* aclamado do movemento punk. De punk ten un pouco pero a súa voz fai que se converta nun produto pop (sen esquecer a música na que sobresaen a súa guitarra tamén pop). Pero dita actitude fai-no bocexar temas como a non-espera, a de suxeitos activos do propio devir; e esta conduta vai-se completar con palabras do universo surrealista como o amor e o absurdo.

*Filles de Kilimanjaro* é un disco de Miles Davis datado do 1968 que ten moito de experimental pero na liña marcada xa desde os 50 polo trompetista que é representante da vanguarda jazzística. Uns envolventes temas que duran case unha hora e que nos farán espertar certas emocións unidas a unha viaxe (sonora). Nesta época Miles era adicto a heroína, droga que lle traería a morte (como a moitos outros compositores de jazz). Por momentos delicado e tranquilo, outros de carácter fortemente enerxético, oscilamos así entre subidas e baixadas como se quixeramos subir a unha montaña cun camiño non trazado.

*No café da xuventude perdida* é unha novela curta que nos sitúa no París máis boulevardante. A través dos paseos pola cidade das personaxes principais, imos descubrindo os lugares máis bohemios, como os cafés literarios. Elas son dabondo *underground* e viven o día a día (*no future*) e mesmo son nihilistas, non tendo ningún proxecto para *l'avenir*. Non obstante achamos que os libros deses faladoiros son non só unha vía de escape da realidade senón un refuxio de comprensión da propia vida. E en todo caso se un está un pouco *ailleurs* sempre pode situar-se nunha “zona neutra”.

*Morir ou matar* é un dos títulos más contundentes de Nacho Vegas, no que os contrastes de actitudes son a fórmula para que unha relación estea abocada ao fracaso. E sobre todo as ganas de non falar, comezando no silencio e pasando polo terror. Falar do que puido ter sido e do que xamais será. Case recitada, na canción destaca unha guitarra rasgada e así mesmo notas dun piano. Un dos temas constantes nel está a tortura diaria do hastío e querer adiviñar o futuro cando prognosticaron esas malas novas, que por outra parte, serán transmitidas desde un hotel. “Déjame de una vez”, “Te quiero un mundo entero”.

*The Velvet Underground & Nico*: un álbume de referencia e de todos escoitado xa sexa nunha etapa ou noutra da nosa vida (aínda curta). A modelo sorprende ao mundo artístico de n.y. aló polos setenta interpretando boa parte dos temas. Atendendo as bandas sonoras, neste caso diexéticas, recordamos *Last days*, concretamente a secuencia na que chegan dunha noite de festa e poñen o disco. Kurt non estaba alí; estaba na cociña preparando uns espaguetes pero acaba comendo cereais porque o seu posto non lle permitía facer nada máis. A canción era *Venus in fur*.

Nouvelle Vague asinan un álbume homónimo que é unha auténtica delicia. Achamos todo un disco de versións dende a do comezo - *Love will tear Us Apart* - de joy division pasando por The cure ou Undertones. Unha voz tremendalemente doce - se é que estas dúas palabras poden estar unidas - que envolve aos instrumentos, creando unha atmosfera certamente cálida e asombrosa, xa que nos fai resignificar estas cancións que todos coñecemos e que son un fito na historia da música contemporánea.

As denominadas *Pinturas Negras* son un conxunto de 14 obras murais de Goya, realizadas a comezos do século xix. Destacamos *Saturno devorando un fillo*. Esta obra desvela a asimilación dun mito e o feito de que a cultura clásica segue a ter reflexo nas artes. Foi exposta no Museo do Prado no 1889 xa trasladadas a lenzo. Crono, deus do tempo (en Grecia) devoraba aos fillos que tiña con Rea por temor a ser destronado. Segundo Freud está relacionado coa destrucción e mesmo coa melancolía. En canto á estética destaca o claro-escuro e os tons apagados e resalta a cor vermella do sangue que se desliza polo corpo do fillo.

El Prado non se cortan. Como bo grupo de pos-punk din o que queren dicir sen contencións e cun estilo peculiar, un algo que os caracteriza e os fai xenuinos. Poida que esta peculiaridade veña do ton da voz do cantante ou por unha composición das letras claramente poético-política, que polo tanto non renuncia á literatura construíndo significados que proveñen do simbólico “*ellos comen caviar y a nosotros nos mandan comer cerdo*”. Unha metáfora dun mundo dividido entre as clases ociosas e os traballadores. E seguen “*nos mandan darles las gracias: gracias, gracias*”.

As primeiras obras de arte estaban ligadas ao culto. Tiñan polo tanto unha función específica e metafísica (aínda que esta non fora inventada como paradigma) e demostraban o carácter místico das culturas primitivas. Walter Benjamin reflexiona sobre isto en *Sobre a fotografía*. Na actualidade, esta disciplina está liberada dos preceitos máxicos. A fotografía, entre a arte e o progreso como dúas constantes que teñen que manter unha relación na que un se apoia no outro. O seu devir transcorreu de maneira que pasou de ser un obxecto en mans privilexiadas a incorporar-se de forma masiva no consumo das masas.

*Ocho y medio* é un dos temas más significativos do universo de Nacho Vegas. Nun ton coma sempre nostálxico aparéce-nos unha imaxe dunha habitación lúgubre. E unhas veces pensa en sangue e outras veces nela, “*en ti*”. E relata a historia do anxo expulsado por non ter fe. E considerando a potencial saída inexistente na compresión literaria continúa describindo situacións simbolistas: a do paxaro enviado por ela, azul, que morre nas súas mans. Chove. Continúa a chover en todo o relato. Os deuses xa non responden e aínda non se fixo a luz.

*Jules et Jim* é un dos monumentos da *Nouvelle Vague* do ano 1962. Truffaut baséa-se nun feito real para a construcción do filme. Unha historia de amor que remata en traxedia desvelando-nos a idea de que o amor pode ter consecuencias insospeitadas. Pon-nos en posición de observadores pero fai que nos identifiquemos con unha ou outra personaxe; polo tanto tomamos partido. Un relato dunha relación a tres. Ela non é capaz de elixir pois ama aos dous compañeiros. Os ciúmes que nela se manifestan levan ao desenlace fatídico. Que facer cando se ama tan apaixonadamente?

As nosas percepcións estan-se adaptando a novos medios de comunicación entendidos en sentido amplio como aqueles enunciados codificados pola técnica que chegan aos receptores que tamén mudaron. Agora queremos outra cousa: cambiamos coa tecnoloxía. Todo é máis inmediato todo é máis rápido e eso ten o seu reflexo nos produtos que consumimos. Poida ser que os discursos non sexan outros pero si a maneira de expresa-los. Así achamos unha sociedade saciada con novas propostas que se move entre campos tecnoloxicamente avanzados.

A segunda canción do disco *Sonic Nurse* é un bo exemplo do que pode xurdir cando contamos coa emoción do primeiro día, unha voz que é como o voo dun paxaro que se pouxa no cumio dun penedo despois dunha longa viaxe; así se asenta a voz nas notas, repousada e acubillada polas mesmas. Unha viaxe sonora por un universo onde flutúan signos de eclecticismo que combinan a perfección e que derivan nun mundo *sui géneris*, o propio do grupo que xa ten máis de 2 décadas de existencia e ségue- nos a parecer xenuíno e ségue-nos a sorprender.

*Pattern recognition* é máis que unha canción coa que se abre maxistralmente un disco, é case un himno xeracional, un alegato de liberdade que se dilúe entre o son sempre característico do grupo. Seguen a soar como ao comezo pero non deixa de ser algo novo, orixinal, combinando o grunge co noise e mesmo o pos-punk. E é de esta mestura de onde xorde a singularidade e como mantra soa en toda a canción “*you are the one*” que desvela un suxeito anónimo que ten un sitio de honor na súa vida. O final só con instrumentos, da proba dos xéneros eclécticos e do carácter experimental.

*Todo acerca del cariño* do Sr. Chinarro é unha canción suixerente como por outra parte toda a súa obra. E así mesmo hai moita dose de surrealismo, pero do cotiá aquel que se cola entre as laranxas pola mañá na cociña. E tamén é unha historia de amor a primeira vista que se prolonga no tempo e se fai eterno. O ton da canción empeza de maneira case humorística e despois relata a historia de dito reencontro e sen deixar de facer crítica social - como a fame. Entre os instrumentos destaca na segunda parte da canción unha trompeta que da paso ao fin: un roce permanente.

Gétatchèw Mèkurya asina as súas cancións co selo da orixinalidade, que non obstante esta chea de raiceiras, aquelas do mundo africano que transforma en cancións ritos ancestrais asolagados polo son do saxo que ora está en primeiro plano ora se disolve no plano musical. Todo isto aderezado con moitas pingas de optimismo e provocando as ganas de danzar dun xeito harmónico atendendo as notas sincopadas. Unha boa ocasión para levantar o ánimo con por exemplo a canción titulada *Aynamaye Nesh*.

Low seguen tan espirituais coma sempre pero *Secret name* é unha auténtica delicia. E *Days of...* é un refuxio no que se situar cando unha tempestade de neve se achega. Un lugar no que a calma invade os corpos. Corpos que acubillan emocións etéreas ás que chegar mediante un proceso tal como o do revelado de fotografías: conseguir a imaxe a través de procesos químico-lumínicos. Porque a luz deixa paso a escuridade nun xogo de luscos-fuscos. *Days of...* poñamos por caso *Lights*. Días de luz nos que a consciencia aflora.

É a época yé-yé e Nancy sábe-o. *These boots* é unha canción que convida a camiñar co rumbo que nos dicta a nosa propia brúxula. E face-lo para achegar-se a un estado no que a rapidez estea presente, para dirixir os nosos pasos cara un algures que, a modo de pintura impresionista, se nos aparece nun punto lonxano pero que chegamos a perceber, e ao que tentamos chegar a través – quizais - dun campo aberto que semella que está feito para as nosas propias botas. En todo ese proceso non hai lugar para a perda (ou si?) e se nos perdemos só temos que berrar.

Porque tamén hai cancións de namorados, existe este tema: *Sitting on the dock of the bay*. Pero para non caer no pseudoromantismo é preciso sacar o pouso máis recalcitrante e deixarse levar por un sentimento novo, aquel que fai posíbel que os paxaros emprendan o voo: soñar a liberdade. Unha liberdade que pode ser acadada pola vía da comunicación - cos outros - facendo da alteridade un espazo común (no que as propostas son adoptadas sen oposición). E sentámolo-nos a agardar, mentres non vemos o camiño, por non perder-nos miramos a baía...

*Move on up* convida a bailar sen fin, até a extenuación, até caer rendidos no chan. Un tema que é un hit e que pon o acento na máscara-sorriso que empregamos cando nos movemos diante dos demás. Unha especie de loucura colectiva aparece cando se suma a colectividade á catarse propia, desencadeando unha sucesión de sentimientos que van desde a euforia até o auto-coñecemento. Son máis de 8 minutos de canción nos que agarrar-se para non deixar de ser felices e se-lo con consciencia, para interioriza-la felicidade e facer que sexa parte de nós(para sempre).

Cave é o perfeito *enfant perdu* do rock e/ou máis un poeta da música maldito. Empregando o seu rostro como reclamo é consciente - é-o? - da súa singularidade estética e como non tamén musical. Os seus temas fan-nos chegar até unha illa repleta de árbores tan altas que sería imposíbel chegar ao cumio; non obstante pódese estar deitado nas súas raiceiras tan incomodamente confortantes como esas súas cancións. Elas son potenteamente experimentais e a voz un contrapunto que acae tan ben como o son dun aparello que se acaba de inventar e que emite ruídos novos.

París era o centro da vida bohemia, onde os artistas se atopaban aló polos anos 20 e que continuou varias décadas despois ou que mesmo se mantén até os nosos días: épocas gloriosas en perfecta evolución. Moitos de USA ían á capital francesa (como Fitzgerald e a súa esposa Zelda) porque pretendían atopar na vella Europa un espazo de liberdade e inspiración. Os cafés parisinos estaban repletos de pintores - véxase Picasso - e literatos, que convivían nun mundo de intelectualidade e creación, retroalimentándose. A noite e a diversión eran o seu lugar común.

*Blue Train* - o seu comezo - é a banda sonora de *Sen alento* e é-o dunha forma tan mítica como suxestiva facendo que nos lembremos das secuencias que Belmondo protagoniza. E fai-no dunha maneira tan semellante ao axir real que parece que nos está recreando unha realidade precisa. Máis protagonismo ten con todo o jazz no *free cinema* de por exemplo Lindsay. Con todo eses acordes de Coltrane xa quedan na historia do cinema da *Nouvelle Vague*. Un movemento que botando man de actores nos que a dose de improvisación é importante, da á cinematografía mundial un sopro, como se de ardalén se trata-se.

A vida de M. Duras está tecida con lá e deseñada con bártulos de viaxe. Nada en Indochina leva o continente asiático na súa aura. Todo o que escrebe está direcccionado cara esa experiencia vital que a fai un expoñente case único no *nouveau roman*. Esa especificidade fai-nos situar ante obras dunha orixinalidade única pero que teñen o pouso de toda a tradición amorosa da literatura universal (polo menos a occidental começada desde a Grecia Clásica). O amor como fio condutor da narración nunha escrita meticolosa e biográfica que nos leva polos roteiros da busca interior que, como o tao, nunca se pode alcanzar.

Un disco de soul puro: *Bridges*; que non esquece as raíces facendo mención á temática *black*, como ben queda reflectido na portada na que aparecen os seus rostros, o de Scott e Jackson. Pode dar pé a unha sesión de baile porque danzar é o antídoto para a nostalxía e un método para entrar noutra dimensión. Achechar-se a este estilo musical supón unha predisposición á ledicia, sendo algo así como un bálsamo. O mundo afro ten unha constante que é sacar da alma o positivo con *good vibrations* tentando manter o karma nun estado de positividade.

Unha dose de barroquismo inváde-o todo; algo así como unha catedral do século xvii na que as fiestras deixan entrar anacos de luz que son transformadas en indicios de algo que está máis aló do terreal. A escenografía é altamente tratada con especial atención e forma un todo homoxéneo no que se define unha estética precisa. O *postbodyart* constitúe unha liña de tratamiento para coas personaxes e as súas accións: o corpo fragmentado, arrincado, mutilado. Ceremonias nas que se celebra a vida e a morte cunha idea común que as percorre: o nacemento.

É unha declaración de intencións desde o comezo pero que, para levar-se a cabo, ten que pasar por resolver determinados conflitos e sobrelevar complicacións. Isto é: chegar a unha cidade nova e querer deixa-lo todo para quedar-se alí e por que non namorar-se outra vez. Todo aderezado cunha carga de maxia que non deixa de facer verosímil o discurso. Atopar-se tamén con aqueles a quen admiramos en lugares tan bohemios como os cafés de París. Unha cidade onde a arte ten unha especial cabida porque dá lugar a inspiración.

The Evens son un dúo tan mítico como a traxectoria de Fugazi (e mesmo os grupos anteriores de Ian). Ela, a súa muller, Amy Farina toca a batería de xeito tan técnico como paixonal. El canta e toca a guitarra eléctrica - como non - e tanto berra como recita. Cabe dicir que ela non é nova nisto senón que tamén vén de grupos da escena underground norteamericana. O contundente "*Everybody knows you are a liar*" é un golpe na cabeza para quen sempre estivo a liar; é un cántico á que as cousas estean onde deben de estar.

Kexp de Seattle convida a Luluc para un concerto no seu estudio. Son un dúo home-muller con dúas guitarras: ela acústica e el eléctrica. Ela canta e fai-no con delicadeza, cunhas letras que describen situacións cotiás, reforzada, a súa voz, con coros del. Comunión entre elas. Xa non son novos pero soan moi frescos áinda que con un grao de son de antano, dunha época na que a lírica é a protagonista. Pero... de que falan? De ser *just friends*, de sentir o amor como algo que áinda está por chegar e de ser feliz nesa espera. Instálamo- nos por tanto na más pura ficción.

Realizan eps de menos de 20 minutos e trasláda-nos a lugares fortemente exóticos nos que nos podemos instalar por uns intres. Con certa dose de minimalismo acadan resultados rompedores enmarcados así mesmo dentro da corrente electrónica e cunha voz que ora ben berra ora ben susurra como dá mostra *People*. Animal Collective con todo non se deixan encasillar cuns produtos singulares que mostran a orixinalidade creadora do grupo. Porque non deixar-se levar por camiños intransitados e vivir sensacións entre o caos e a orde...?

Tweedy dá un concerto acústico en Desk Concert co seu fillo de 18 anos. Este toca a batería, que cobre con teas para que non soe demasiado estridente. O cantante de Wilco - o pai - leva a guitarra e pon a voz. 16 minutos de música entrañábel que testemuña a evolución intimista do líder do citado grupo. E a primeira canción, moi ovacionada, fala de esperar ao amor. Séguelle aquela na que recorda o seu matrimonio (o alcume dela dá título ao disco co seu fillo) e que ten un ritmo que vai *in crescendo* a medida que avanza o tema pero que non obstante se relaxa para dar cabida á voz.

*Darklands* é algo parecido a unha foto desenfocada, na que se ve a propia silueta e case non se reconoce; reconócenos non obstante as notas místicas que aparecen no disco. Místicas porque levan a un estado de descomposición - para logo reconstruír - dos sentimentos para coa persoa amada ou canto menos pola que se sente unha verdadeira atracción. Porque ao fin e ao cabo do que se trata e de sentir e de face-lo cun bo libro de instrucións porque, como todo, tamén teñen que ter as relacións unha certa técnica. O que non impide que se actúe cun grao de espontaneidade e inmediatez

Son unha estrada sen fin nun deserto da fronteira entre México e USA que parece nunca rematar e que cando acabe con todo quedará no recodo por moitos anos (se cadra toda unha vida). Tan boa que desde a primeira vez semella que xa a tiñamos ouvido. Un toque *country* mesturado con psicodelia poñen o punto de foco no eclecticismo áinda así poderíamos dicir que é rock (sen máis). A música de The jesus and mary chain é preciso escucha-la con gafas de sol e cun estado tendente á viaxe - interior e exterior. Pois como din “*ti queres volver atrás*”, a eses días nos que as mañás era máis que un café con leite e un xornal.

Chopin é un pianista polaco do século xix representante do Romantismo, unha época na que o espírito do pobo nace, e con el os estados-nación. Con influencias de grandes compositores anteriores como Mozart (s.xviii) e Beethoven (coetáneo). Xunto con este último representantes do citado movemento. Vinculado a Francia chegou a París en 1831 onde forma parte da vida cultural da cidade xunto con Victor Hugo ou Balzac. Mal de saúde decide trasladarme as Illas Baleares onde habita un tempo xunto coa súa esposa e fillos. Morre no 1849 e a súa tumba está no cemiterio de Père-Lachaise.

Keith Jarret é un dos músicos de jazz de vanguarda más influentes destes tempos. Nado en 1945 nos USA tocou cos grandes sendo un grande él tamén (ten discos con Corea por exemplo e desde os 70 colabora con Miles Davis con teclado electrónico). As súas obras más famosas son unhas improvisacións que fixo en distintas cidades - entre elles París - e que foron rexistradas unha vez que rematou o periplo. Cunha sensibilidade especial tamén se atreve coa música clásica. Ten máis de 50 discos gravados e segue en activo.

En *La rue (qu'est à nous)* a atmosfera creada e recreada é a da gran vila francesa. O son do acordeón, sempre presente, fai-nos trasladar a unha *cave* onde tomar un viño quente. Despois de todo o que importa e construir momentos no presente pero tamén poder viaxar coa música a lugares do pasado. Porque hay cigarras sobre a terra podemos agardar un golpe de sorte acompañado previamente dun esforzo que ten que ser considerábel e mesmo decisivo - fenómenos que non son irreversíbeis - e facer del o comezo dunha nova andaina. *Je t'aime mais demain on ne peut pas savoir.*

Está moi mesturado co mundo da psicoanálise nacente e o mundo dos soños. William Blake nos seus gravados debuxa personaxes mitolóxicas pasadas polo visor da súa imaxinación. Mulleres durmidas que teñen pesadelos nos que un neno e levado por un anxo, rapazas aladas que loitan contra o demo, corpos deconstruídos na súa materia dando lugar a monstros con varias calugas, un coro de nenas que danzan no claro dun bosque, homes que escriben nun pergamiño sentados nunha rocha, cabalos brancos que saltan cara o sol e toda unha ladaña de situacións e personaxes máxicas.

*Heels of love* ben podían estar na gran academia - quen sabe se máis tarde por obra dalgún dos membros - pero o que sabemos é que soan como tomar un zumo de laranxa recén feito á mañá (sen torradas) porque baixa só e refresca. Escoitar o tema homónimo redúce-nos a un estado mixto entre o primitivo e o moderno, cousas da época □ un moucho branco asexua esa festa matinal na que non hai ningún convidado - agás vós. Repetir o novo nome das cousas para iniciar a re-existencia. Nomes novos, laranxas novas,

mañás novas,...

É un dos máximos representantes da cultura mexicana e os seus murais poden ser considerados patrimonio da humanidade ou canto menos do pobo mexicano. Podemos atopalos no castelo de Chapultpec (entre outros lugares) xunto con obras doutros muralistas como Siqueiros. Estes murais representan as clases populares oprimidas polo colonizador pero tamén atopamos escenas da revolución mexicana e máis... A vida cotiá dos aztecas tamén está presente nalgúnha das súas obras situadas estas no Pazo Nacional da Cidade de México. Tradición e vanguarda definen o seu traballo artístico.

Braque xunto con Picasso é un dos grandes fundadores do cubismo. A súa obra pictórica non está tan divulgada como a escultórica, non obstante, nas dúas emprega para a súa elaboración formas xeométricas que responden a postulados minimalistas nunha época que ainda non o era. Co cubismo analítico realiza obras que son a expresión de obxectos descompuestos até o punto de resultar irrecoñecíbeis. Emprega nos lenzos (sobre todo en bodegóns) unha gama de cores no que predominan os grises, cor que tamén está presente nas esculturas, realizadas a meirande parte en pedra.

Porque pode aparecer nas nosas vidas un algo que traspoña todo un ideario. Si, un algo ou un alguén que nos faga pensar se os nosos valores son axeitados. Á protagonista da novela de M.R. pasou- lle. Atopa a unha muller que é todo o contrario a ela, e mesmo así (ou por isto) sente unha atracción case fatal. Son os contrapuntos os que nos fan poñer-nos en cuestión e mesmo dimisionar do pasado ou achegar-nos ao futuro con outra perspectiva. Ás veces somos nós propios os que nos facemos a nos mesmos cambiar outras son os demais. Por unha política do cambio(sendo fieis).

Unha vila devastada, unha terra devastada, un corazón devastado. Só as ruínas existen ao seu arredor. Eles, os amantes, non poden deixar de escoitar o ruído da guerra e recoñécen-se no leito pero non se aman, ou si pero non da forma que se quererían amar (con paz). O corpo do amante ficou coma un segredo para sempre e as verbas que se adican versan sobre corpos mutilados. Imposíbel pechar os ollos. Hiroshima está morta, mortos os seus habitantes, morto o amor. *Oui je t'aime mais comment fermer les yeux?*

A relación dunha muller co mar e co amor: *o deserto vermello*. Un delirante achegamento a psique da personaxe principal chea de profundidade. “*Os meus ollos están mollados*”, como poderá ela ver con claridade agora. O home que está ao seu carón quere saber dos “comos” pero non deixa de fazer un balanzo superficial. Non a comprende, ou menos do que debería. Ela está soa. Co seu esposo e fillo pero soa. Mira pola fiestra, pero pouco tempo, o mar. Só pode mira-lo por un período curto de tempo. Prefire a terra, saber o que pasa nela, pero non chega a entender.

El pardo: “*Las clases ociosas*”. Un tema que describe a situación pos-marxista na que a ironía é o fio condutor da evolución letrística. Situación que dende a revolución industrial se mantén na actualidade pero que coa expansión masiva do capitalismo fai aparecer máis clases ociosas. “*Eles comen caviar e mandannos comer porco*”. Porque un mundo sen desigualdade é posíbel (como?) con accións de solidariedade e non caridade. O traballo segue escravizando e non facéndo-nos libres. Liberdade, fraternidade, igualdade,...

*Guilt* é máis que un tema, é o resumo dunha actitude que se pode escoitar en casete. Unha viaxe sideral que nos leva a un planeta no que se poden poustar os pés, sobre materia. O ruído como parte dunha contestación: a de facer pos-punk mentres uns amigos fan unhas “*palomitas*” de millo. Un filme en 3 minutos que se move entre a liturxia musical e o comportamento rebelde. Berrar para deixar saír, deixar ir, ir ao encontro do encontro “*il n'y a pas de hasard il y a que de réencontres*”. En *WHPK* déixan-nos unha boa mostra do que se

pode facer con raiba (e amor).

Non adscribir-se a ningún *ismo*, comenzar de novo e desde cero e áinda así deixar-se influír por todas esas vanguardas dos anos 20 das que Risco lle informaba. Manuel Antonio foi o representante da nova poesía galega que con todo se inscribía no ideario de defensa da cultura galega. Nos seus poemas o mar e o amor son os grandes protagonistas, levándo-nos de travesía por confins descoñecidos nos que pousar unha semente de metáforas que desleixan a trama para embarcar-se no instinto máis primario “*Eu tamén navegar*”, facer visíbel a nosa existencia a través da arte, da literatura.

*As espigas* de Maruxa Mallo é unha dasas pinturas que non se esquecen tanto pola compoñente visual como pola sensación que nos transmite. Nesa época era algo usual na arte galega o combinar elementos da cultura tradicional con imaxes formadas pola inercia con outros movementos como o surrealismo. Así esta peza pintada con audacia é unha mostra da internacionalización, sen deixar de ter en conta as raíces galegas. Porque o millo (e todo o que hai arredor del) é un acto performativo da Galiza con longa tradición que se pode inscribir na vangarda ao trata-lo creativamente.

*What is dada? Dada is dada dada dada dada.* E así até o infinito, porque todas as brúxulas marcaban ao teu corazón reflectido nun espello, movéndo-se cos latexos. Ao final non quedou materia, só transcendencia metafísica e o son de dada dada (así ate o infinito). Despois da mañá xa veu a noite - durmías tanto - e cadanxeu abrigo foi colocado no percheiro - dada dada - agás as mangas, cortadas. As sinécdoques resucitaron en dados dadas que foron tirados ao chan: un 1. Só podía quedar un? Ese serei eu - dixo.

Como poñer en relación a cidade e o mar? Pj fai-no. E cunha canción que é toda unha declaración de intencións: albergar a natureza na urbe e senti-la como unha parte xa constitutiva desta. Pero neste disco hai moito más que certezas. Tamén hai preguntas, aquelas que nos facemos almorzando un café só e sós (se cadra cun disco) para enfrentar- nos ao día a día que augura un encontro, insospeitado áinda que sabendo que vai suceder. Poñer-se diante do futuro, facer que este incluso nos teña medo. *Horses in my dream*.

*A memoria* é unha pintura que impacta, como por outra parte, toda a producción surrealista. Xogando coa mitoloxía clásica pon no foco un busto grecolatino que é o achado da conciencia. Busto atravesado por unha bala contemporánea que o fai situar-se subxectivamente nun lugar de confrontación: a guerra. Pero esta é unha guerra contra o cotiá que deixa ver o que temos detrás (o ceo e as nubes) e deixa ver tamén un telón de fondo como é a apropiación dos espazos xa baleiros. O rostro incólume por dentro transmite a paz esperada para todas as nacións.

Atoparás ao home da túa vida está concebido como se dunha ironía se tratase. Despois dun matrimonio falido no seu solpor preséntase a oportunidade no ocaso da vida de atopar de novo o amor. Trátase de recoñecer que nunca podemos deixar de ter esperanza en conseguir o home da nosa vida, que como neste caso, chega cando menos o esperamos e, cos condicionantes de ter unha relación anterior na que el te deixa por unha muller máis nova. Somos diferentes en cada etapa, nun devir ou revolución persoal permanente; e cada etapa ten as súas oportunidades.

Violeta Parra tan lúcida e util infire na música tradicional o punto de vista dela mesma, isto é dunha muller. Tradición que se adoza con visións propias do amor. Unha visión que pon o foco na perda... *Que he sacado con quererte*, é así unha viaxe polos *locus amoenus* comúns dos amantes. A el diríxe-lle palabras tales como “ingrato”, que non soubo apreciar os momentos que viviron xuntos: ver a lúa por exemplo que co tempo non mudou (pero eles si cambiaron). Unha ladaíña de seres - achados na natureza - que os contemplaron o un a carón

do outro seguen existindo pero xa non así (como antes).

*Obedient Grounds* en *The viewer* é un achado no medio dun deserto, aquel percorrido con sede e fame, moita fame. Aínda que non nos alimente o ventre si deixa pouso en nós e na nosa concepción da música. Ruidismo, sintetizadores e máquinas varias para poñer-se ao servizo dunha idea: a de avanzar contra o vento - agora xa polo mar - e descubrir intencións desestabilizadoras que son o preludio a unha nova etapa: a da percepción de sinais entre berros que claman un estado de hiper-consciencia, a mesma que se visualiza cando estamos cegados polo sol.

Swans son o grupo maldito que logrou saír da invisibilidade para facer-se un oco no campo musical. A experimentación xunto con fórmulas más xeneralizadas son a chave para chegar a un público que exixe calidade e novidade. *Love will save you* é más que unha canción de amor, é un poema sonoro. Alí onde a canción nos chega abre-se o xogo de identificar-se e de face-lo ouvindo-a como un sinal do destino. O amor salvara-te e fara-o dun modo tan sutil que case sexa impredicíbel no seu método, pero non así nas súas consecuencias.

Bauhaus asinan temas que son invitacións a unha viaxe ao interior de nós mesmos para acicalar a existencia con verbas ficticias que deben chegar a ese punto máis profundo do noso ser. Unha proposta ruidista que con todo dá cabida a temas más plácidos nos que o piano se sitúa como protagonista (sobre todo na apertura) en temas como *Who killed...* nos que as luces secretas emitidas por un alguén descoñecido nos fan iluminar un almorzo no que non hai animais mortos. Tan só a morte da palabra silenciada. A morte do silenzo.

*El día que me quieras* é un canto ao romanticismo, ao máis puro amor tinxido con olor de rosas frescas. Gardel, sempre tan achegado ao sentimento, pon na súa singular voz unha balada-tango que xa fixo historia. Ateigado de referencias á natureza emprega metáforas para dilucidar a emoción que sentirá cando esa muller o ame. Todo cobrará sentido, chegará a a harmonía e xa non terá máis feridas pois estas serán cicatrizadas por ela. Cantada e recitada por momentos, chega a nós desde o máis profundo e fai-nos ser cómplices da espera.

Pode ser considerado un fillo do surrealismo mais a obra de Miró está cargada de estilo *sui géneris*. Un pintor de vanguarda que reifica a abstracción e que dá a luz lenzos que son soños, soños irresistíbeis que antepoñen a imaxinación á execución. Dotadas dunha carga de cor irreprimíbel as súas pinturas fan achegar-nos a mundos onde o puramente estético xoga coas visións dun imaxinario que se sitúa entre a diversión e a elocuencia. Respostas a un mundo cada vez máis complexo dan conta do enorme universo interior deste pintor que reclama a antítese do canonizado.

Duras ten unha vida marcada pola ausencia sobre todo na súa infancia. Nada na Indochina francesa é aos 18 anos cando deixa este territorio para instalar-se en París. Ausencia pola morte do pai e un irmá e así mesmo pola figura da nai que a deixa en desamparo desde nena. O feito que máis a vai marcar na adolescencia é a relación cun chinés 20 anos maior que ela e que levada á literatura vai ter o título de *L'ámant*, escrito nas últimas décadas da súa vida cun éxito considerábel, por outra parte como outras novelas da autora, tales como *L'amour ou O xardín...*

Srasrsra levan xa uns anos provocando ao público tanto coa súa posta en escena como cos seus vídeos. Un grupo de dous que fan moito ruído con letras que non nos deixan indiferentes como *Chica joven*, unha apoloxya do baile. Outros títulos como *Tú que miras*, son un alegato ao punk máis primitivo que nos pon diante dunha situación na que se afastan das miradas alleas. Crean a súa personalidade como grupo por unha actitude descarada e case biográfica - da biografía meta-formada - que se escribe a golpe de batería e rabuñada de guitarra.

Terremoto Sí disólven-se pero déixan-nos - xa na historia do punk cruñés - arredor dunhas dez cancións, publicadas por discos porno e mama vinya, que poden ser tan realistas como surrealistas pero que en todo caso e por riba de todo nos fan pensar en mundos a parte nos que poder adquirir uns folios grandes para seguir escribindo letras. O seu nome ten moito a ver coa súa música pois estamos diante dun grupo no que a velocidade e a furia está ben presente, véxase nos directos como na gravación do seu único disco. Escoitaremos a partir de agora unhas reliquias.

*In a sentimental mood*, léva-nos ao final dun roteiro xa andado e coñecido que nos provoca a sensación de consciencia e recoñecemento e que nos fai alcanzar un estado de calma que se conxuga cun certo grao de estupor - pois sempre achamos novas vías de comunicación e entendemento - aquel que nos proporciona a consecución dun estado no que a sorpresa é un factor a ter en conta para a realización de accións nas que os mitos son xa só unha reliquia e este é un tema de 4 minutos tocados pola maxestosa man de Coltrane.

Bill Evans (1929-1980) as influencias do impresionismo de corte clásico europeo son fundamentais para o desenvolvemento das súas composicións, influencias nas que se apuntan nomes como Debussy ou Ravel e este á súa vez condiciona a entre outros Hancock. As notas que emanen do seu piano fan aterrecer as estrelas e xogan coas raiolas de sol nun cosmos no que nos podemos deleitar e deitar para absorber o fluxo da música creando unha cosmogonía para cada un que a escoita que pode ser, como non, tamén compartida. Escoitas colectivas que redundan nunha comunicación efectiva.

Acollida a súa obra no seo das vanguardas (as históricas e as neo) Tàpies (1923-2012) constrúe-a tendo en conta os postulados do informalismo que así mesmo remiten á abstracción. Chea de simbolismo está composta de alusións metafísicas nas que reflectir un punto de vista con respecto á existencia, aquel que pon en valor a realidade creativa como factor de constitución dunha identidade – móvil - que se achega ao humanismo (e polo tanto a Sartre). En canto á realización das mesmas, son produto da pintura matérica, incluíndo no lenzo area, cemento, arxila, etc.

Frank Stella é coñecido por ser un dos principais representantes da abstracción pictórica e mesmo do minimalismo, non obstante con respecto a este varía a construcción dos lenzos empregando non xa sobre todo o branco e negro senón as cores. Nel achamos influencias inevitábeis de Kandinsky, que desde Rusia impregnou a arte de USA - tamén de Europa occidental-, e tamén do expresionista abstracto Pollock. Moitas das súas composicións achégan-nos á técnica do *collage*, sendo un dos primeiros en introducir materiais como a madeira nelas.

A improvisación como factor creativo, Monk acólle-o como consubstancial á arte musical que, elevada ao rango de espiritualidade, constrúe unha espiral jazzística na que deixar o seu talento. Si, tamén a negritude foi un elemento destacábel na súa traxectoria - como en moitos outros nomes do jazz - facendo das composicións un movemento político, aquel que quere dignificar o valor dos homes e mulleres negros en loita contra o racismo perante unha sociedade maldita na que prolifera a alienación e que actúa como opresora, mais tamén en función dun vínculo común simbólico como liberadora.

Innovación e ruptura, achados e transformación. Dándolle especial relevancia ás cores forma un meta-universo no que a figura se descompón á maneira dos cubistas e surrealistas pero sendo xa producto da modernidade posterior - á que se adianta - e das novas vanguardas que rachan coas anteriores (dos anos 20, da que forma parte nun primeiro momento) e poñen no foco da historia da arte un novo punto de partida: o comezo do expresionismo abstracto. Foi denunciada a súa obra polos nazis consideránda-a estes como arte dexenerada.

Blood diamonds con *Heart* fan un exercicio de compensación emocional levando ao extremo a súa concepción da música e condensándoal ao mesmo tempo. Pinceladas de electrónica rezuman na súa sonoridade facendo que o baile se converta no medio para a consecución dun pracenteiro estado anímico e na terapia para afastar os malos augurios. O ritual da danza descomposto en fragmentos rítmicos cos que reflectir e dilucidar a emoción - ela soa - deixando a razón sentada nun cómodo sofá dunha galería de arte.

*B.R.M.C.* é un disco que nos aboca a un presente concreto, aquel que se escribe con maiúsculas e que anima o voo dos corvos - animais tan pouco domésticos como os tigres - facendo desta hora un diálogo coa contemporaneidade - a do rock. Todo vai suceder por e para este. E mentres tanto queda encher os ocos. Cubrir os feitos diarios cun veo de compoñentes líricos, intimistas e ao mesmo tempo universais. Recalcar o baleiro dunha praia abandonada e por nós novamente habitada, como se da re-apropiación da natureza se tratase.

*La cruz verde* é unha canción pausada que destila cotidianidade e *savoir faire* (no que á lirica se refire). Unha composición na que se desvela a razón de ser da respiración - profunda por primeira vez - na que o silencio pode ser o factor x das mesmas vivencias. Porque as camisas de cadros ficaron no fondo do armario e os berros dos nenos no xardín fan-nos pensar que ainda hai vida máis aló da poesía. Pero aínda non sabemos de onde provén esa cruz, verde, sendo tamén o de menos. Medo a caer, a non respirar - por primeira vez. Pintemos os nosos beizos de cor vermella.

*Deep concentration* agroma sementes de espiritualidade que nacen dunha escoita que tamén pode ser despistada, pois atópa-nos en cada volta da esquina. Andar para levar o ritmo na ruta, aquela que nos leva á capital, ao centro, á vila, esa que nos acolle como se nunca deixaramos de estar alí. Un paseo polas profundidades. Un anaco de existencia que vén da man da música e da viaxe. Propoñer epitafios para a morte de cada día, reconstituir lembranzas coa dor do nacemento. A concentración como maneira de entrar e saír do trance. Perecer como as follas caducas, que sabemos que van volver á arbore.

*Nurse with wound*: un taladro para furar a parede e colgar un espello no que ver-se de vez en cando. Só de cando en vez. Porque o rostro non é alleo ás translacions do tempo e espazo. Un lugar onde contar o paso do tempo: o rostro. Un obxecto para ver-se en abismo. Unhas coordenadas para transitar na epopea dun mito. Esculpir no tempo, co tempo, ao tempo e reiterar a dúbida da similitude dunha escultura co corpo real. A erosión de esa escultura é tamén este disco. Un cálido reencontro coa materia, unha re-existencia (múltiple e acumulada).

O enigma desvela a decadencia do xénero humano até o punto de valer-se da morte como medio. Un ser raro, moi raro que vén sendo produto do desleixamento e a barbarie. Porque non hai vida plena senón hai comunidade e porque é moi triste que haxa persoas que non poidan vivir nesta, achamos, nas súas propias palabras que para el é mellor estar illado, esa é a súa escolha - que por outra parte tivo que abandonar. E abonda con tocar o piano nunha festa da alta sociedade para sementar as dúbidas sobre o seu comportamento. Inusual, sofisticado e salvaxe.

S/T é unha fosa no fondo do océano, ferida pola erosión e recomposta. *But not with you...* que será do soliloquio nas escaleiras sen que ti o escoites acochado. E a luz entra pola fiestra que da ao bosque no que asistimos á tala das árbores que o deixan baleiro. A auga cae sobre eles xa arrincados da terra e fai que xurdan pólas, que manteñen viva a materia. *I will be born again*, outro punto de partida, o que nos sitúa no obxectivo desa cámara que levas para facer retratos. Non só. Outro punto de chegada no que asistir a recomposición da escena.

Siouxie ben podería ser atopada na barra dun bar no que penduran esqueletos e onde se escucha música que pode ser dela mesma. Non é unha artista radical pero tampouco deixa de se-lo. *Waiting for me* é unha maneira de dirixir-se con ousadía a un ti que escucha. Algunhas das súas cancións lévan-nos polos roteiros do barroquismo lírico e técnico até chegar a un círculo de convidados que se moven arredor do lume e que manifestan os seus desexos a través dun conxuro. Escuridade con claridade (a esta última axúda-lle o magno satélite) que se irmandan.

*Zen Arcade* é un disco que ben se puido facer nun depósito de coches, alí onde atopar xoias que poden ser devoltas á sociedade de consumo. Con toda a forza transpórtan-nos ao eido do salvaxe, pero daquel xa domesticado, que impugna un ideario no que faltan cataclismos e saltos ao baleiro - mellor metafóricos - os cales son siluetas na noite e almorzos na mañá, obviando os cambios de perspectiva por seren un plano secuencia que nesta ocasión dura unha hora 10. E até onde chegar? Até o parking máis próximo. Maletas e metas.

*Becuz* é outra forma de escribi-lo pero tráta-se do mesmo: afondar nas profundidades dunha máquina de lavar para atopar-se con pedras que caen dun peto duns pantalóns vaqueiros. Algo así como un tesouro domesticado porque as xoias tamén se meten na lavadora (si, por descuido) e tamén se erosionan - como o amor, díganlo a Kim. Porque non é unha canción tímida senón un alegato: o da liberdade. A realidade pode volver-se más real cando achamos un anaco, aínda que só sexa un anaco, doutras existencias. Duras elas como a pedra, valiosas elas como un tesouro.

Os deuses en Mesoamérica (así en plural) dan conta dunha realidade mística diferente á occidental na que só hai un deus. Así achamos esculturas que os representan nas que as figuras dos mesmos van acompañadas de elementos da natureza. É o caso do deus da choiva representado con mazarocas de millo xa que é responsábel da colleita. Pero tamén é deus da tormenta, dos raios, remitindo-nos aquí a unhas atribucións pexorativas e destrutoras que se relacionan co ígneo. Esta peza exhibe-se en Oaxaca no Museo nacional de antropoloxía e leva o nome de Cocijo.

*De espaldas al patriarcado* asinan letras que nos remiten ao imaxinario libertario pero non aquel dos panfletos senón das profundidades, das mesmas relacións véxase neste caso as dunha rapaza co seu compañoiro e din poñéndo-se na voz del “*un grupo de mujeres por que non puedo estar eu*”, e responden apelando á sororidade, aquela que une a mulleres nunha loita común. Pasaron moitos anos desde o movemento sufraxista pero non tanto desde os 60 cando se consolida o feminismo. Que existan bandas como esta fai pensar que non todo está feito.

*Ohio* é unha cápsula de vitalidade asinada por Damien Jurado, autor sensíbel, encantador. Porque sempre vai haber algo ao que cantar e por que non, isto pode ser á familia ou a súa metonimia, a casa. Esta está onde está o noso corazón, o cal permite constituír-nos como suxeitos nómades (en perpetua transformación) coa alma sempre pendente de verbas, feitas cancións, que emanen do máis profundo do corazón. Fai moito tempo que non se traslada a esoutra casa aló onde cruzou pontes (que o unían a ti e que agora están ardendo), pontes antigas como o amor, como as casas.

*A metamorfose de Narciso* pintado segundo a imaxinación de Dalí dá mostra da dualidade do ser humano nun contexto peculiar empapado de surrealismo. Si, é unha obra surrealista pero está ben trazado o mito e non deixa de ser clásico por volver ao mesmo. Unha consigna implícita: deixar-se de ver no espello para ver ao outro, o que de nós se oculta no outro nun proceso de aceptación da alteridade no que sexamos cos outros unha identidade múltiple que acada un estado de recoñecemento das diferenzas e similitudes para afrontar os retos da sociedade mundializada.

*Remordementos* é unha canción total, que se pecha en círculo e que se abre a cada acorde para resultar un algo que se parece ás cantigas de amigo. Non deixar de sorrir, ante as adversidades: aquelas que poden ser as de atopar-se co mozo da nosa amiga. Non é unha historia de poligamia senón de amores que morren e amores que nacen, nunha eterna xeometría que da paso ao novo. E nese tránsito a risa tonta, nunha melodía eterna, a do namoramento, que sitúa aos amantes nun contexto no que é probábel escutar os discos do sr. chinarro.

Nace e morre no século xix e é un dos nomes que fixeron historia. Chopin representa o romanticismo musical europeo sendo este por outra parte de nacionalidade polaca. A súa imaxe é conservada nun daguerrotipo datado do 1846 feito por un fotógrafo francés en París, cidade á que chegou no outono de 1831. O seu primeiro concerto foi un auténtico triunfo e deu que falar no entorno cultural parisino. O levantamento de novembro en Polonia provocou que saíra do seu país sendo polo tanto un exiliado - tamén interior - áinda que a música polaca estivo presente na súa obra.

Clara Schumann foi unha compositora e pianista alemá que viviu no século xix. As súas obras destilan toda a maxia do romanticismo levando a liberdade a unha posición ineludíbel no ser humano, aquela que inspira obras de arte, xa sexa en pintura ou como nesta ocasión na música. Elevar a alma a un punto de inspiración permanente e non retorno, facendo desa vía a única opción posible. *Piano works* ten a delicadeza e a força axeitada para ser considerada unha obra maior que presúpón a consideración de estar falando dun xenio creativo.

*Bodegón con persiana* está na Tate de Londres sendo unha das pinturas precursoras do cubismo e que data de 1914. Nela aparece un anaco de xornal que leva por título “socialiste” o que pode deixar rastro das ideas do pintor - Juan Gris - nunha época marcada pola revolución rusa e a aplicación dos presupostos marxistas que por outra vía derivarán na socialdemocracia, algo afastado da ideoloxía do autor de *O capital*. Os vanguardistas nesas datas dos anos 10 e 20 miraban cara os procesos revolucionarios da mencionada Rusia pero tamén, como non, da revolución mexicana que a precedeu.

A lingua e o estilo como elementos descifrables da poesía moderna, os únicos que a caracterizan - e como contrapunto ao real - velaí o grado cero da escritura. Apartar-se do real pode ser irrealizable, non obstante, pode adquirir-se un certo nivel de independencia sobre el. Unha escrita neutral como a viu Barthes nas novelas de Camus, particularmente en *L'étranger*. Resulta así unha literatura *sui géneris* realizada coa consciencia de ser artificio, de ser produto e tamén de ser autónoma e que así mesmo ten como consecuencia unha reconciliación co mundo.

Soan como unha racha de vento no deserto, aquel que nos fai sentir o desterro, o desterro ficticio. Balánza-nos cara o descoñecido pero déixan-nos coordenadas polas que guiar-nos. Bitchin bajas son un super grupo que fan da electrónica o seu superego, cargado de boas vibracións, secretas e ensoñadoras. Perfecto para unha banda sonora dun filme que ainda está por facer. A melodía cambia xusto no momento en que o necesitamos: outra perspectiva, outro vieiros, todos eles polos que transitar, acelerados. E a fin nunca chega: un bucle.

Eric Satie morre no 1925 e deixa un legado musical que fica e ficará na historia universal. As notas deslizan-se no piano para fluír co sentimento. A abstracción das pezas elevan ao rango do sublime as súas composicións que se achán despois do xogo de buscar-se ao deixar-se levar polas emocións. En definitiva unha auténtica delicia escucha-lo ao piano, instrumento que foi para el un campo de experimentación que ten influencias do impresionismo pero que convoca xa un certo minimalismo imperante durante o século xx.

*Bodegón con mazás e laranjas* de 1895-1900 é unha obra de carácter clásico que respira impresionismo cunha tonalidade ocre e azul na que o branco tamén predomina. Unha obra cuxo fondo pode asemellar-se a unha composición cubista pola xeometría e os difuminados. Nunha perfecta sección áurea a froita sitúa-se no lenzo tendo o peso decisivo, non obstante tamén acubilla unha xarra de auga na que están debuxadas flores que intensifican o seu carácter ledo e alegre. Sinalar este aspecto supón dar-lle vida aos obxectos e atribuír-lles cualidades por tanto que non son propias deles.

*Composición en vermello, amarelo e azul* data de 1926 e está influenciado pola revolución cubista. Con todo xa está inmersa no movemento de vanguardas, e adianta o futuro minimalismo pero cunha maior importancia da cor. Sendo estas as tres cores primarias o lenzo é unha oda ao xeometrismo que o relaciona co concretismo e mesmo avanza tamén o expresionismo abstracto - que aparecerá unhas décadas máis tarde nos USA. Unha oda ao modernismo nos tempos da arte pre-moderna culmina coa constatación de que hai artistas que se posicionan como pioneiros do que estar por vir.

No retrato que realiza Modigliani de Juan Gris vemos os trazos que se perfilan como unha extensión do pincel, como un certo grado cero da pintura onde a enigmática presenza dunha áurea *sui géneris* nos achega ao pintor cubista dun xeito tan excepcional que nos leva polos roteiros da comprensión da súa alma, se esta pode ser intelixida. Reálzan-se os seus ollos e o seu ollar está cheo de maxia, axexando ao espectador da obra, que por outra parte non deixa de sinalar-nos as características comúns a todos os lenzos do italiano. París outra vez como epicentro da creación.

Nos murais de Pollock a cor enche a superficie de modo que é complexo distinguir figuras, non obstante estas forman parte da esencia das súas pinturas aínda que se agochen. Unha multitud descomposta - como se se tratara dunha guerra destruíndo e mutilando os corpos deixados á barbarie. Non hai baleiro, o visual ocúpa-o todo, non hai espazo para o lenzo en branco, as imaxes resultantes abranguen a nosa totalidade, non saturándonos senón facendo multiplicar os significados. Representante do expresionismo abstracto, deslucida a emoción e transpórtala-nos a universos creados *ad hoc*.

A danza vén sendo unha pintura na que as figuras - pouco perfiladas na súa constitución - ofrecen unha perspectiva de conxunto sobre un fondo abrupto por indefinido que nos achega do lado da sinerxias, aquelas producidas polo movemento que constatan a existencia de fluxos entre os corpos que acadan ritmo, transladándose-nos ao eido da comunicación efectiva, a da praxe na festa coa que se pretende un estado de embriaguez composto polo seguimento de liñas que non están trazadas senón que se intúen formando un círculo imperfecto no que bailar até caer exhaustos.

Curros adica-lle un poema a Rosalía morta: *Na tumba de Rosalía*. Neste poema recoñéce-se o afecto que Curros tiña por ela, vindo mesmo de Cuba para cantar-lle na súa tumba. En Cuba residía por non atopar traballo na Galiza e desde alí achégase para honra-la. Destila unha morea de sentimento e de consideración que desvela a profunda amizade entre os dous (agora xa fitos do Rexurdimento xunto con Pondal). El ofréce-lle flores coas que cubrir a alma. Ofréce-lle versos cos que acompañar esa outra existencia. Fala sobre a pedra, que se erosiona... e sobre o amor que non morre.

*Bos amores* é o título dun poema de Rosalía de Castro incluído no libro *Follas Novas* e nel retrátase un estado ideal onde o amor é o protagonista. Pero non un amor calquera senón o bo amor, aquel que nos dignifica, que nos suaviza que nos fai incluso más fortes. Aquel que se asemella á primavera en flores e cores e que nos leva por sendas nas que transitar con harmonía. En contrapartida *Amores cativos* describe outra situación: a dos amores negativos que provocan sufrimento e dor. Elixamos os bos.

*The Velvet Underground & Nico* con portada de Andy Warhol é xa un fito na historia do rock. Todos son grandes temas e respiran moita frescura parecendo mesmo contemporáneos - do século xxi - pois mantén actualidade e tamén un tanto de vanguarda ou de modernismo. En *Last Days* escoitamos unha canción diexética á narración do filme, bailada por un dos amigos de Cobain despois de chegar de festa a modo de *after* na mansión onde residían. El, Cobain estaba preparando un espaguete pero debido ao seu “posto” rematou por comer uns cereais.

Frederic Leighton asina *Electra at the tomb of Agamenon* e retrata unha muller con forza (aqueña que aínda conservamos coa dor) na que resalta a túnica negra que a cobre case por completo, tendo o rostro virado cara arriba como clamando ao ceo mentres que, abaxo, a tomba co corpo inerte do heroe se mantén ao seu carón cunha columna dórica debuxada nun primeiro plano. Os tons ocres de todo o lenzo rezuman calma e sofisticación aquela do pranto, dos rezos, e tamén a dos recordos. Os seus pés - os dela - están nus tocando o mármore, pétreo, como un suspiro, como a morte.

Engels na obra *A orixe da familia, a propiedade e o estado*, veicula un discurso arredor da cuestión patriarcal que se quere iniciada co nacemento dos estados, argumentando que a sociedade pre-estatal era matriarcal e remíte-nos ao mito de Electra para constata-lo mediante o mito. As Erinias defensoras do dereito matrilineal vingen na mitoloxía grega a morte da súa nai por parte de Orestes. Vemos que na sociedade grega clásica fórzanse as ideas que aínda influencian a nosa sociedade sendo estas portadoras dun discurso que convida a repensar o presente.

Cando comprendemos o porqué da existencia dalgo - véxa-se a arte - chegamos a un punto de inflexión no que as coordenadas de espazo-tempo maniféstanse como portadoras dunha experiencia efectiva que nos permite encadrar as ideas para facer repouso na comunicación eficiente, aquela que distingue o verdadeiro do falso. Pois ben é arte o que é verdadeiro. A verdade pode ser entendida como a autenticidade (nun mundo cheo de simulacros) e porta unha concepción universalizante, atendendo as diferenzas, nun todo que pretende ser posto en cuestión.

A Internacional Situacionista créa-se como unha organización cuxos obxectivos son acabar coa opresora sociedade de clases e co capitalismo e isto acontece nos anos 60, época de revisión do marxismo ou da súa neo-visión. Nun plano más pragmático son favorábeis a constitución de consellos obreiros que así mesmo nacen a partir do maio do 68 e por outra parte ao seguimento de folgas e á ocupación da Sorbona. Non obstante a IS non vai durar moito por dimisión dalgúns dos seus membros, sobre todo polo que respecta a súa posición á función que debe ter a arte.

Guy Debord en *A sociedade do espectáculo* analiza as relacións entre o ser humano e a produción de imaxes sendo estas o resultado dun ataque mediático no que se pretende manipular a información e substituí-la por ditas imaxes para así crear un imaxinario visual no que os patróns patriarcais tamén están presentes (véxa-se no seu homólogo documental imaxes que van destinadas ao público masculino). Publicado no ano 1967 forma parte das reflexións situacionistas e enmárca-se no comezo da pos-modernidade, aínda que ten a ver coa *avant garde* e o marxismo.

“Despois de todo isto non está tan mal” ou de como seguir coa dinámica paralizadora da que, por outra parte, pode saír unha alta compoñente creativa, se dentro da mecánica cotiá hai espazo para a arte, tamén a literaria. E finalmente decidir erguer-se da cama, mercar algo de comida, pero finalmente non, e afaste ao escuro da habitación na que soan unhas notas desafinadas de guitarra para ter presente ese impulso musical no baleiro dun abandono, tamén espacial e así mesmo mental que nos conduce por roteiros insospeitados, así é esta canción e así está: derrubada.

*Popol Vuh* é o libro sagrado da comunidade maia kiché composto por relatos que intentan describir a orixe da humanidade. Foi traducido ao alfabeto occidental no século xviii e é un dos escritos que xa pertencen ao cánone literario guatemalteco - no que convive con obras de autores en lingua española e cunha cultura crioula. Así esta formación do cánone atende tamén as exixencias sociais dun colectivo indíxena que tamén ve na literatura un elemento indispensábel de cohesión social. Estamos perante un exemplo de hibridación (como ocorre en toda América Latina).

A negritude e algo máis que unha idea: é unha ideoloxía na que se retratan identidades múltiples que converxen nun mesmo concepto que reivindica a pertenza a un imaxinario común que pon en cuestión o *status quo* dominante desde a súa formación é dicir, a supremacía dos brancos - ao cal podemos engadir home e occidental. Se pensamos en Billy Holiday esta é unha representante deste movemento que sofre *d'ailleurs*unha sobre marxinalidade por ser negra e por ser muller nunha sociedade multicultural na que se intenta escoitar múltiples voces e que convivan, todas elas.

Aviador Dro, desde 1979 no estado pos-franquista, defenden unha concepción da música na que a loita de clases está presente até o punto de subtitular ao seu grupo co suxerente concepto “obreiros especializados”. Un feito que vén de poñer no foco da cuestión a solidariedade cos traballadores e dos traballadores entre eles, os que, unidos, poden fraguar a revolución, como así aconteceu cos soviets da urss - aínda que o que veu despois non teña a ver coa proposta inicial - levando á práctica a teoría comunista e os postulados marxistas.

*Ondas do mar de Vigo* é un fito da lírica medieval (a cultivada esta en galego-portugués até o século xiii) destacando nesta cantiga de amigo o feito de estar contextualizada nun espazo no que o mar é o protagonista - lembremos as palabras que din que o mar é o cambio constante - pois aquí o mar é así mesmo o confidente e o lugar da espera. O amigo non está presente, quizais nin tan sequera o coñecemos pero a súa figura é o centro, a causa da acción, o motivo de agardar. Agardar ao amado, ao amigo, sendo a figura feminina a actante, nun acto que é a espera.

*Edipo rei* vén á actualidade polo *Antiedipo*, non obstante a obra ten interese *per se*, sen minguar a importancia da actualización do mito. A través dunha narración aristotélica confrontámoo-nos á historia sendo lectores omniscientes que, se dalgún modo puideramos dariamos-lle as chaves ao protagonista que sen coñecer tanto coma nós decide o seu funesto final, non dubidariamos en face-lo. Porque dunha traxedia se trata, as persoas retratadas son abocadas ao sufrimento e á morte nunha conxunción de factores que os sitúan como personaxes que teñen o destino prefigurado (Delfos así o afirmou).

O concretismo que xorde en Brasil liga a poesía e a música nunha relación indisolúbel que responde a postulados artísticos que abandonan o realismo imperante na década dos 50. A poesía concreta está influenciada e producida por unha mímese coa imaxe plástica xurdindo obxectos literarios que tamén son imaxes *per se* e que van dilucidando todo un entramado de ideas que cruzan fronteiras artísticas facendo delas unha arte total - ou case - na que as formas xeométricas esenciais como a circunferencia teñen protagonismo, subordinando a cor e facendo fincapé na estrutura.

*Koolshades* é unha canción na que se asubía e se fai con todo o ritmo e harmonía posíbel para deixar escoitar en primeiro plano ás guitarras eléctricas que son por outra parte as grandes protagonistas. Máis de 2 minutos de viaxe a través dun tema na que se intúe a mensaxe, aquela que porta un significado múltiple e que nos fai avanzar cara un lugar descoñecido pero que resulta mesmo agradábel e que magnifica o sentimento de comunidade pola identificación da paisaxe. Son de Baltimore, escena na que se coce moito rock pos-moderno, ruidista e alegórico.

Ana Hatherly é unha escritora vanguardista - das segundas vanguardas do século xx - que é representante do experimentalismo. Os seus poemas insírense no modernismo portugués e atenden a influencias que van desde Apollinaire até os anagramas chineses. Estudou cinema en Londres e os elementos que definen a arte cinematográfica tamén están presentes na súa obra. Destacábel é tamén a intención de crear produtos que teñen que ver directamente coa súa biografía e o seu nome, modulado, forma parte da estética de moitos poemas, que responden a postulados innovadores.

Nace no 1965 en Uk e segue a facer arte, eso si, rara, moi rara. Nela emprega animais, en formol como tiburóns no seu medio natural: a auga. E é esa mesma auga a que lle proporciona o rol de moldeador doutras realidades, neste caso o medio acuático. Pode parecer macabro, pode non gustar pero impacta, e mesmo podería ser anti-ético. A súa obra más importante é *A imposibilidade física da morte na mente de alguén vivo*. O tema fundamental é a morte tamén son cotizadas as súas caravelas con dentes humanos e diamantes. Outra dimensión.

*Homogenic* encerra unha canción que nos planta noutro planeta. *Pluto*, un reduto electrónico para deixar-se levar como mínimo a outras latitudes, as que son etéreas e más relaxadas con respecto á lei da gravidade. Porque os propósitos son os de atopar novos puntos de intersección que nos unen co outro, co diferente, co descoñecido e no que o baile está presente. Un baile no que nos collamos polas mans e formemos un círculo como se dun ritual se tratase para logo soltar-nos e volver cada un á súa cápsula, ao seu corpo.

Nike Savvas propón na instalación *Atomic: full of love full of wonder* que a función da arte estea asociada ao xogo. Este aspecto lúdico léva-nos polos roteiros do pracer *per se* e trasláda-nos a un mundo creado para o goce. Centos de globos pendurados de fios transparentes con diferentes cores nas que predomina o laranxa fan despertar a nosa imaxinación para trasladar-nos a unha feira na que mergullar-nos sentíndo-nos rodeados de fantasía. Esta que provoca a ledicia da explosión cromática e a forma circular, como parte dun estado harmónico aínda que caótico.

*Duel at the sun* é un filme que non deixa indiferente, sobre todo polo seu grandioso final. Nel combínánse todas as paixóns e tamén as pulsións más importantes: a do amor e a da morte. *Eros* e *Thánatos* unidos nunha mesma secuencia que nos remite á vinganza e á vitoria. Unha vitoria na que unha aperta vale máis que o disparo dunha bala. Combinación de emocións e sentimentos que mesturan sen saber cal é más forte, más poderoso e que motivan a acción no espazo desértico do *western*.

Unha sinfonía de texturas sonoras habitan este disco de Arcade Fire, *The suburbs*. Un coche antigo que se para diante da exótica palmeira dunha casa que poida que non estea habitada. Non hai ningún: estamos na espera. A soildade da espera fai-nos ansiar o outro, a sociedade, a estrutura, o sistema, nun contexto antisistémico no que cada cambio é unha melodía diferente - como no disco - e na que nomes de cidades como San Francisco activan a posibilidade de emprender unha viaxe (aquela que nos fará retornar coñecendo sabores de froita novos).

Tapiès morre no 2012. Considerado un dos representantes pictóricos da vangarda catalá ofréce-nos todo un mundo plástico *sui generis* polo que transitar. Os seus lenzos poden ser explicados desde concepcións pos-modernas na que a mestura de materiais está presente e é unha característica dos mesmos. As cores ocres combínánse con vermellos fortes que aparecen nas composicións como símbolos de forza e contrapuntos semellando unha corrente poderosa que arrastra cara lugares insólitos todo o demais.

*An awesome wave* respira aires de, por exemplo, Hawai, onde atopar praias que son paraísos naturais, e así mesmo trasláda-nos a lugares enigmáticos como unha pirámide abandonada.

Nestes dous polos achamos que a música de alt-j é sumamente híbrida, con compoñentes electrónicas pero tamén co valor lírico da voz, que chega ao ouvido por momentos soa, sen acompañamento instrumental. Logo ao deixar-nos levar podemos mergullar-nos nas augas e observar todo tipo de animais subacuáticos que tamén parecen bailar ao ritmo deste disco.

Chet Baker resolve a ecuación de técnica e sentimento na súa música. Puro jazz que se fai con personalidade propia e artellando unha atmosfera que se ben é envolvente deixa respirar. Cada vez que o escotamos pensamos nunha festa dos anos 50 en branco e negro - por tanto xa gravada - na que se sae ao centro do salón a danzar. Ben podía ser un vídeo clip áinda que a duración sexa extensa (o vídeo clip máis longo da historia dunha hora de duración) pero non, é un filme, e Baker é o compositor da música diexética.

*Zen Arcade* é o disco de 1984 de Hüsker Dü. Un golpe de efecto que leva o balón ao cesto ou como marcar 3 puntos desde o sillón da casa. De relaxado non ten nada senón que nos invite a dar un salto case no baleiro, suspendéndo-se o corpo no ar por uns segundos que quizais sexa inmortalizado por algunha cámara que desafie a lei da gravidade. Deixar un coche nunha chatarrería pode ser a mellor opción cando xa non funciona o motor. Todo está perdido. O coche non funciona. Recuperar as casetes é agora a consigna.

Soan como unha racha de aire no medio do deserto e mesmo no medio do desterro para saír así do reinado do capitalismo e chegar ao oasis nun lugar que áinda está por inventar. Minor Threat sitúan-se como grupo na escena hardcore dos 80 dos Usa. Saben que só son - somos - unha ameaza menor e que os cambios estruturais non chegarán da man dun conxunto reducido áinda que si crearán mundos propios nos que habitar - como un oasis-; con todo, o que fai falta é botar fóra, berrar, raspar a guitarra con raiba e manter-se na liña de fuga. Xeometría pura.

A Velvet son un grupo *sui generis* da escena musical neoiorquina que ten na súa formación a Nico, unha *femme fatale* que non dubida en poñer-se á fronte para deleitar coa súa voz andróxina ás masas hippies estadounidenses. Non é este o seu único nen más esclarecedor cualificativo pois ela contribúe a crear a idea de mulleres polimórficas que acubillan unha morea de cualidades que as fan estar en distintos asentos e posicións formando unha esencia múltiple que descobre a pluralidade no complexo sistema de constitución da identidade.

*Unha semana no motor dun autobús* remíte-nos a ficción sonoro-musical pero tamén e non obstante a unha realidade que sufren milleiros de seres humanos que pretendan escotitar e vivir outra sinfonía apartada da miseria e próxima ao concepto de felicidade universal. Los planetas deixa no *podium* dos mellores discos estatais unha ducia de temas que nos transportan á dimensión do desolado áinda que con pinceladas de sentimentos positivos e sempre co afán de descuberta: “*algo por descobrir*”, pois é a pulsión da curiosidade o que nos permite manter unha certa ilusión vital.

# **Escolma de artigos da revista Palavra Comum**

**(Cruña, Galiza)**

## **OM, Antón Lopo**

### **1. O libro comeza cunha cita de Lao- Tse... que facer contra esa imposibilidade de atopar o tao?**

Un dos principios do Tao é que o nome que pode ser dito non é o nome eterno. É unha idea básica que, dun xeito ou doutro, empapa inlusivo o pensamento occidental. Agamben, por exemplo, defende que é imposible escribir poesía e iso, precisamente, fai necesario facelo. “Om” é un libro de mediados dos anos noventa do século pasado, cun período de escrita breve para o que é o meu ritmo de escribir poesía, aproximadamente dous anos. Trátase dun libro especulativo respecto dos estados mentais inducidos. O material literario básico parte, de feito, desa imposibilidade de escribir o poema e, ao tempo, do seu sinal. Sempre me obsesionou a invisibilidade, o que se dá e non vemos, aquilo que só pode manifestarse.

### **2. “Pois nada lle prace más que terxiversar o destino”... raíces e constructio.. Somos posuidores do noso propio destino, ou se nos escapa?**

O destino encaixa en nós como unha luva encaixa nunha man. A luva podemos perdela, é obvio. Todo nós non só é susceptible de perderse senón que, inevitablemente, se desprenderá. Tendemos a ver a realidade con atributos. ISO, con frecuencia, impídenos detectar os significados do verbo. Esa é outra das ideas que cruza trasversalmente “Om”. Nunca foi un libro moi comprendido. Sorpréndeme o teu interese por el.

### **3. “E hai algo sempre que ós homes non lle interesa”... Á humanidade que é o que lle interesa?**

A humanidade, como especie, está limitada e os límites biolóxicos son moi estritos. Vémolo todos os días, a todas horas. Non me refiro só á morte, que tamén. Refírome á liberdade. Claro está, a liberdade, como o poema, é imposible: por iso é tan necesaria. Podería pensarse que á humanidade o que más lle interesa é a xustiza (nas súas distintas vertentes) polo que de liberdade significa. Porén, parece interesarslle cada vez menos. O que más lle interesa é a eternidade.

### **4. “As árbores recitan historias/deica o último da tarde/e cando enmudecen/perseguimos o xiro do horizonte”... Existe consciencia do poder que a natureza tén sobre nós... ? non falo de catástrofes senón de cada feito más cotiá... Ou é que a sociedade está demasiado metropolizada?**

Nada do que existe é alleo a nós e ningún de nós é alleo á terra. A natureza dessa relación vai máis alá do biolóxico, da gravitación e da subsistencia. O que sucede actualmente é unha revolta sen precedentes na nosa historia: os humanos batallan pola súa independencia respecto dessa simbiose, que é previa de Gaia. Estamos asistindo un cambio de paradigma. Podería dar a sensación de que “Om” é un libro místico, pero en realidade non o é máis que calquera outro poema. Máis ainda: para mi “Om” é un libro político. Ao mellor, resulta difícil visualizalo como un libro político polo seu envoltorio propedéutico, de éxtase.

### **5. “Bailamos ata nos transmitir a luz mensaxes/ e avirse un momento místico”. É o baile un acto revolucionario?**

O baile é unha forma de coñecemento e todo coñecemento é revolucionario. Forma parte tamén da éxtase, como ocorre no sufismo. O sufismo interésame moito. Aparece, sobre todo, nalgúns pasaxes do meu traballo “Lampíricos”.

### **6. Dis: “Os momentos místicos non son previsibles”... Este tipo de misticismo- o propio título OMque provén das culturas orientáis.. Como entra nas nosas vidas, fannos convertir en culturas híbridas?**

Teño a impresión de que existe un lévedo común, propio da especie e común ás formas biolóxicas. A cultura nace do contacto. Se non hai contacto é improbable que haxa vida

intelixente.

**7. “As sensacións non se atrapan”... “Tampouco se atrapan os amantes”. É o amor como un río que non se pode reter?**

O amor é un intrumento revolucionario, áinda que os resultados da utopía romántica sexan con frecuencia decepcionantes. Poucos conceptos elaborou a mente humana tan poderosos como o do amor. Tampouco ningún outro concepto foi tan atacado, sexa desde a relixión como desde o estado. Se acaso, a xustiza e a igualdade, que ao cabio son tamén expresións do amor.

**8. “Cando emocionarse é insignificante”... Que precisamos para sentirnos vivos?**

Ao mellor, estamos percibindo só un dos múltiples pregues da vida e hai moitas formas de estar vivo alén da que coñecemos. Algunhas persoas síntense vivas cando non teñen dor; outras cando a dor as tira do seu aillamento. Hai persoas que se senten vivas no exercicio do amor e outras só co do odio. As posibilidades de combinación son enormes. Eu creo que a inmobilidade é unha das formas que máis cerca nos coloca de sentirnos vivos.

**9. “Porque a satisfacción ven de repente/ e é todo un nada”. A adrenalina de apostar-lo todo.. Que tanto hai de xogo na existencia?**

Nese verso refírome en concreto á revelación, porque evidentemente “Om” é un libro que explora os fenómenos reveladores da metabolización. En canto ao xogo, é a primeira forma de sabedoría que aprendemos. Lémbrome vivamente cando comezamos a abandonar a infancia para adentrarnos na adolescencia e á maioría dos meus compañeiros de grupo deixaron de interesarlle os xogos infantís que practicabamos. Pareceume algo terrible porque xa entón me parecía que os xogos non tiñan idade: simplemente aprendes xogos novos que conviven cos previos. Gustaríame que O xogo me acompañase sempre.

**10. “Entre os muros do labirinto diario”... De novo a idea de xogo e de incerteza. Chegamos a dominar, cantos aspectos? (quizás ningún?)**

A idea de dominación é turbadora. En parte, sabemos que non dominamos absolutamente nada. Pero tamén é certo que é posible aprender que nada, en realidade, nos domína, agás as deidades biolóxica, claro. Pero incluso a esas é posible adestralas. A adición, o vicio, a luxuria, poden converterse nun medio de coñecemento. O asasinato e o espolio son, en por si, un fracaso. Cando falo de coñecemento, non me refiro á intelixencia, a asimilación de datos ou a estratexia social. Dáse nunha especie de liberdade biunívoca.

**11. “E en chegando a noite, é territorio de nómadas”. A festa, lugar do inesperado, do movemento, que relación ten cunha performance?**

O rito é a primeira representación que existe. Pero na performance non hai, desde o meu punto de vista (existen moitas teses) representación. E tampouco é biografía, como unha festa, ánda que calquera performance teña incidencias biográficas.

**12. “Ter alma non significa nada”. Esa idea dunha alma cristiana á que pensó te refires, deixou de ter sentido. Entón no seu lugar que hai agora?**

Paréceme un verso que non nega a existencia da alma, senón que denuncia a hipocrisia e cruidade dos que defenden a existencia da alma e dedican toda a súa vida a destruír o goce dos seus semellantes, con inquina e espoliación. Son xente despreciable. Administradores da mentira, malabaristas da capacidade de emoción allea: sinvergüenzas.

**13. “Abrázame ata que nos estalen os dedos/ e as bestias nos teman”. Cal é o poder dun abrazo?**

Sen dúbida, a unión.

**14. “como un día se crean as estrañas relación/que o cofre do destino non traiciona”. Ese tipode relación... Poden con todo?**

Creo que ese verso fai referencia á unión que xurde entre as persoas e que as fai manter o resto da vida lazos da fidelidade. A fidelidade non ten que ver co feito de verse todos os días, nin co matrimonio, nin co sexo, nin coa mestura de sangues. A fidelidade é un tesouro comunal.

**15. Acabas o poemario falando do riso. A fin de contas: É preciso deixar a tristura?**

O riso é o que pon en contacto as nosas vísceras co exterior: é o que nos abre ao cosmos. Poucas cousas hai tan revolucionarias como o riso. É rebelde e provocador, profundo e sabio.

## **Cabalos salvaxes transparentes na noite**

Os animais salvaxes (coma nós) cabalgan entre a néboa unha noite transparente e reifican a existencia galopando. Nós tamén galopamos e facémolo coas palabras que nos alcanzan e ás que alcanzamos, é dicir, que chegan tal vento para deixarnos o frío dentro. Con ese frío demostramos a calor dos 36 graos que emanen dos nosos corpos e desmitificamos os pasos nunha inmaculadqa travesía( de letras e arte) porque no estado de consciencia albergamos o dito e o non –dito como se dunha grande aporía se tratase. E así desfacemos vínculos e creamos outros novos para adaptarnos(como os cabalos) ao entorno que unas veces é hostil outras acolledor. Como eles avanzamos cara a noite, cara a fin pero querendo ve-lo todo, experimenta-lo todo, sen concesións e vixiamos os pasos para levar a experiencia dentro.

Animais salvaxes que buscan unha montaña onde reposar a carón dos osos da súa manada, porque os que están preto tamén se van, tamén morren, tamén nós morremos. Mientras tanto vivimos, vivimos salvaxemente coa dozura do inesperado e achamos un punto de equilibrio nas palabras que non pesan, que se moven co vento. Así recordamos e amamos todo aquilo que se foi e todo aquilo que ainda está. E soñamos con ríos que nos transportan cara ese lugar descoñecido deixándonos levar pola auga. Nós tamén somos auga(tamén somos calor) e ansiamos recorrer paisaxes que son noite transparente.

Nós (animais salvaxes) facemos dos osos aposentos e dámoslle sentido á existencia con berros e mordeduras. Achámonos sós dentro da manada e emprendemos a viaxe cara outras latitudes como se dunha osadía se tratase. Porque a valentía danos o impulso para avanzar cara adiante e non ver cara atrás( o que o vento leva).

Significamos o percorrido con propostas vitais que teñen que ver co ruido que facemos ao cabalgar, como se ese ruido fose a propia biografía.

Formámola co sentido do oído, tamén cando trotamos. Esa comunicación transmite e forma.

Entramos na dimensión do son que se erixe como banda sonora: as pezuñas dos cabalos, os seus berros, mesmo o vento.

Repousamos a carón da fonte e bebemos a auga que nos coida, que nos mantén vivos nunha noite de choiva. E emitimos un mantra para que non deixe de chover por uns días, por unas noites (Para recuperar alento). O mesmo sono fainos respousar en herba con flores e optamos por durmir uns intres. Nese estado de inconsciencia soñamos: soñamos con berros que se desfán na noite e iniciamos unha festa que non remata nunca. Vivir nunha eterna festa.

## Notas sobre a construcción do destino colectivo

*Ai amor! Quen poidera conspirar co Destino e apreixar este triste Sistema, tan mesquiño, i esnaquizalo todo para logo refacelo más semellante ao Mundo que arela o noso Espírito!*  
(Rubáiyát)

**As primaveras árabes: movementos sociais da mocidade? (ou democracia e anarquismo)**  
Foi impactante no seu momento como, partindo dun foco primixenio, estas loitas foron expandíndose en todo o norte de África e en Oriente Medio. Un fenómeno de masas que principalmente ten como suxeito transformador a mocidade.

Vivimos nunha época conectada globalmente, e os medios de comunicación como internet non poden en ningún caso ser alleos aos movementos sociais (sobre todo) da mocidade.

Dende sempre os novos foron os que máis decididamente actúan no eido socio-político para pedir mudanzas. Mudanzas que atinxen as formas democráticas solicitando máis transparencia, máis liberdades, máis xustiza- e levaban consigo, nalgúns países, a reclamación da fin das ditaduras (forma política para nós arcaica, pero que neses territorios ainda se mantén vixente).

Democracia e anarquismo (utopía política que apertan moitos mozxs) non teñen por que ser antagonistas, senón que a última responde a un estado avanzado da mesma onde a cidadanía tería voz -e voto- para todas e cada unha das decisións da súa comunidade, baseando as súas relacións na solidariedade internacional. Desde perto ata o mundo.

### Procesos revolucionarios e primitivismo

Un proceso revolucionario é aquel levado a cabo por un suxeito que se converte en elemento transformador, o que supón que as estruturas do sistema (o vello) son substituídas por outras (o novo). A revolución ten como escenario a rúa mais tamén a propia interioridade. Podemos así sofrer un proceso revolucionario interno como consecuencia da mudanza de hábitos, ideas, actitudes etc. Pero este non é o obxecto aquí, senón as revolucións sociais.

Xa falamos do EZLN, das primaveras árabes e de democracia e anarquismo e a pregunta que nos facemos agora é: que virá despois destas democracias representativas? A resposta pode vislumbrarse se atendemos as novas propostas de ámbito local -e nacional, no seu caso- que pretende achegarse á poboación a través, por exemplo, de assembleas de barrio. Con todo, a permanencia dos partidos políticos como forma de goberno aínda vai durar por un tempo.

Os partidos políticos chegarán a ser modalidades demodé nun contexto futuríbel, xa que están baseadas en presupostos xerárquicos. Isto é, desaparecerá a xerarquía e todxs teremos a mesma categoría socio- política. Polo tanto, visto así o futuro podemos sinalar que as divisións do traballo -desde un punto de vista económico- tamén serán abolidas. O ser humano será así dono do seu traballo e controlará todas as partes do proceso (como un artista), nun sistema onde non será necesaria a especialización. Tal vez soe a primitivismo, por que non, e tal vez deberíamos mirar a sociedade preagrícola como modelo a seguir, xa que os estudos máis recentes mostran que valores como a igualdade, a solidariedade e a liberdade estaban presentes nela.

### A arte como modelo a seguir para a producción en economía

Os sistemas económicos, desde a II guerra mundial, divídense en dous tipos: a economía capitalista e a comunista. Os exemplos paradigmáticos dos dous son USA e Rusia. Con todo, cabe dicir que existe unha outra categoría: a da Terceira Vía dos países en desenvolvemento, que se moven entre as dúas anteriores. Pois ben se a economía é a infraestrutura na que se substenta a superestructura, isto é, a ideoloxía, volvemos atoparnos con esa dualidade: producción libre (véxase os tratados de libre comercio) e a nacionalización da mesma.

Que posición ten a arte en todo este entramado? Pois sendo unha tarefa humana que nas súas múltiples formas e manifestacións libera ao ser humano, pode substituir os procesos fordianos nos que o proletariado se ve involucrado e que eliminaría así mesmo a plusvalía.

Trátase aquí de novo da cuestión fundamental en teoría política: a liberdade. Pero esta ten que estar a carón do respecto e tamén da solidariedade, velaquí a ideoloxía ou construción de ideas que emanan da economía.

Industria: como se aborda desde a anarquía. O desenvolvemento capitalista ten na industria a súa arma de fogo, tanto que case podemos dicir que son un todo. Nos comezos da revolución industrial, anarcosindicalistas destruían a maquinaria como resposta á situación de explotación. Ora ben, na actualidade e referíndonos tamén á tecnoloxía, como apontabamos no artigo referido as primaveras árabes, o anaquismo ten un aliado na mesma, xa que poden espallar novas, crear grupos e concretar acción. Pero vaimos de novo ao inicio. Autores como Moro propugnaban a creación dunha sociedade utopicamente igualitaria -base do anarquismo- e opoñíanse a todo poder; isto é: non ter amo. A pregunta que nos facemos é: é o anaquismo contemporáneo un movemento que destruiría a industria para trasladarnos a un mundo preindustrial, preagrario mesmo, ou dito de outro xeito, primitivo? Débese recalcar que, existindo diferentes vertentes, non obstante, a idea central é que non deberían haber condicións ou requerimentos que estexan por riba desa propia liberdade individual. Co cal, podemos deducir que poderían existir cooperativas industriais nas que todos sexan donos de todo.

### **O individuo e o colectivo.**

Mencionabamos que o que importa é a liberdade, poder escoller e realizarse. A colectividade así estaría composta por persoas que fan o que libremente queren. Aquí o colectivo explicase pola posta en común dos bens e a xestión colectiva, enténdase de individuos que teñen unha dirección, unha ansia semellante.

### **Lao Tsé: o tao.**

Afirma Lao Tsé que para alcanzar o tao e necesaria a liberdade (propia, é dicir individual), no século VI a.c. Para isto aboga pola destrucción de calquera amo ou autoridade. Debido a estas ideas achamos entre o taoísmo e o anaquismo elementos análogos.

### **A propiedade: individual e colectiva.**

Se dende os comezos da revolución industrial a propiedade dos medios de traballo estivo nas mans dos donos, o marxismo propugnaba a posesión dos mesmos nas mans, esta vez, dos traballadores. Volvendo á anarquía, este movemento insta a abolición da propiedade privada entendendo, ao noso parecer, que a propiedade común é a mellor forma de desenvolver un proxecto económico.

### **A economía anterior á economía.**

A aparición do diñeiro supuxo a desaparación progresiva do troco, feito este que respondía a necesidade doutros productos que non fosen os que un mesmo fabricaba. Así, en pé de igualdade, as persoas adquirían o que precisaban e satisfacían coas súas correspondentes mercadorías os desexos do outro.

### **Desexos e capitalismo.**

Nomeamos na anterior referencia os desexos como necesidades mais existe na actualidade e desde hai décadas unha necesidade creada por e para o capitalismo. A sociedade de consumo reifica os desexos psíquicos en obxectos mesmamente de consumo no mercado e cada vez con maior variedade de oferta. O superfluo deixa de serlo e vírase necesario. Éo? Remítindonos ao anterior: os taoístas reclamaban a sinxeleza e a restrición.

## A morte de Marguerite Duras

Barthes afirmaba a morte do autor a mediados do século pasado, época na que M. Duras realizaba os seus filmes, que se extendería aos 60, 70, 80. Época de rebelión no mundo occidental que tivera influido na súa escrita filmica. Con todo, a súa biografía incidiu nos seus relatos. Unha morte así que se plasma nos filmes, que non deixan de mostrar aspectos que ela viviu e que se recompoñen en cada filme. Morte e vida como caras da mesma moeda.

O discurso amoroso está disposto a exercer unha certa rutina, que se volve sobre si mesma e da que é dificultoso saír. Nembargantes achamos singularidades que demostran que cada amor é único e que ten unha vida aínda e per se. Se M. Duras ama, se a súa voz off ama, esto é tamén a través das imaxes que coidadosamente se aparecen en planos secuencia.

Unha visión feminista que se instala no baleiro do son, sempre coa súa voz e que pasea polos xéneros que podemos constatar como articulados. Articulados na dor da morte e do amor, na presenza e na ausencia. Case tódalas súas personaxes son mulleres que se manteñen vivas grazas á loita pola propia vida, nunha especie de perseverancia humanista.

O corpo como materia que pode ser explicado por non as función biolóxicas senón a través dos espazos que ocupa remitindo a un significado a posteriori que o leva da man do imprevisible. Achamos corpos que son despois de ser nun proceso de habitabilidade que trasmuta a posición social para abolir calquera rastro de permanencia.

Mutacións que zona chave da identidade en procesos de cambio que nos fan ser nómadas na sociedade líquida e que demostran que a adaptación ao entorno pasa pola viaxe interior e exterior nun momento cara adiante como unha especie de danza. Danza opaca que xoga coa luz. Para emprender un camino, outro, ainda non transitado.

A linguaxe é o elemento máis importante na comunicación. Son moitas as linguaxes e estas definenos. Aquí é preseverante porque leva ao límite a súa función sendo un factor que nos autonomea e que ao mesmo tempo nos fai nomear os outros é dicir, ao mundo. Estos límites que se rompen e desdebuxan como forma de transformación e definición en curso.

Imposibilidade desde M. Duras de achegarse ao drama. Este é considerado un feito domesticado e ela apostou polo indomábel. Poder de resilencia e o seu contrapunto e así chega a un lugar onde o non –dito se instala como nunha especie de epifanía que desborda as canles do río. Falar desde a palabra certeira, desde a celebración, a festa.

Así a muller faise libre de imperativos que so a reducen a unha categoría. A muller elixe o seu destino e asimismo o lugar que quere ocupar. Ese espazo por ela habitada demostra a liberdade que quere adquirir para ser dono do seu propio destino, sen marxes, sen clausuras, sen donos.

Desexos que non son revelados senón que conforman un misterio, así se atan ao baleiro e desposúen transcendencias que ocultan os beixos que elas non dan. Nun pretérito que volve ao presente e que se fai verbo e carne.

As palabras parecen ser o magma dos filmes de Duras. Palabras sen fin e sen límite que acadan en cada composición o terreo do resort libre. Estas funden coas imaxes e transforman sinestesias. Palabras que enchen o mundo de verdade e transcendencia.

Transformación da vida, existencia transformada, que nos leva polos roteiros do desconocido, do incalculábel, tamén da perda. Esta que sinala a individualidade como materia primeira sen olvidar os trazos comúns que unen as existencias. O común e o propio iluminando os versos

que nunca foron pronunciados.

O realismo quedou atrás despois da era da postverdade. Nada é o que parece. Na arte a vida é imitada de maneira contundente e mesmo tráxica. Pónnos diante do vivido e procura responder á cuestión chave da humanidade. Ver e verse.

A verdade deixá de ser evidente e o falso parece instalarse en cada retallo. Os filmes son a verdade 25 veces por segundo pero tamén son constructo, materia. Os filmes de duras danlle a palabra á paisaxe que se xunta coa voz nunha composición que podemos denominar arte.

## Filmografia de Marguerite Duras: un crit en la nit

En la nit, els amants trencats que desitgen posar els seus llavis en els llavis de l'altre i es configuren en una epifania que els descompon, es troben sols. És per això que aquí no hi haurà petons. Ja no són ells, elles, sinó un nosaltres que mai arriba a pronunciar-se. Perquè la mort dels amants és aquella del saló buit sense dansa, sense abraçades, sense mirades que travessin l'espai. No existeix temps per a ells, abocats a la mort, a la nit. En aquesta atmosfera de pèrdua els cossos existeixen per i per a ells mateixos i deixen de ser elements que proclamen l'antimatèria. Així el pensament els aboca al discurs amorós inexistent, aquest que es manifesta en les paraules que fiquen en una descomposició total i absoluta perquè mai van ser pronunciades.

La veu, la veu off de M. Duras es converteix en la figura narrativa que està a l'altre costat de la imatge. Aquesta, la imatge, pertany al domini de l'instant decisiu i adquireix la rellevància del nomenat a través d'una cartografia de l'amor, que sempre està absent. La nit deia, territori dels amants que juguen amb les absències i les presències per a cosificar l'experiència i per a contrastar-la amb el moment en el qual es nomenen en una alteritat constant. Perquè l'ésser mitjançant l'acció que se superposa, es veu embolicat en un mantra que actua com a experiment per a decidir la direcció encara no instaurada. En un hotel colonial, en un jardí, en un veïnat de França, en un camió... tots aquests escenaris porten el poder dels quals es busquen en l'altre, fent d'ells una estació de estucatge en la qual instal·lar-se.

Els espais i els temps dels seus films acullen als personatges per a desembocar al costat de l'oblit, on tot comença i al mateix temps acaba: absències i presències. Els personatges d'aquests films estan ancorats en l'esperança però plens de pèrdues, fins i tot la del propi ser que es fa i refà amb l'anar i venir de l'accio: Ells volen comprendre, estimar, estimar fins a comprendre. La trama es presenta com una figura retòrica, que circumda el subjecte i el modela com si fos producte de l'existència d'un déu que mai es va arribar a conèixer. Una força exterior la de déu o la de l'amor els converteix en éssers que només poden i volen acostar-se a la idea de bellesa i de veritat.

En aquesta cerca el temps condensat es torna silenciós i deixa buit per a la veu de M. Duras que es torna orgànica i intranarrativa. Així mateix es declara de la part del silenci a través de la paraula no dita que amb la mirada, el territori dels amants, declina la imatge cap al punt de la interferència, on s'ajunten els intercanvis i la imatge es fa carn. Somiem amb espais que ens remetin als passos de l'amant. A miralls que reflecteixin el rostre estimat. A veus que descodifiquen la paraula per a cridar el nom de l'amant fins que s'acosti als nostres llavis.

Sense cap signe de sofriment. Sense batalla...Pau... Harmònicament exposats a la mateixa performance. Aquella dels films de M. Duras.

Perquè l'amor en M. Duras és així mateix indefinible, incomptable, i per això transcendent. Però així mateix que desapareix, que va ser acte als carrers de París, en el desert, a la platja, al Ganges, en S. Thala, en sumària... però que ja no és res, néant. Només la bellesa de la destrucció. Com la destrucció del temple dels amants que s'estimen i no coneixen l'idioma de l'altre. Estimar sense concessions i oblidar-ho tot. Recomençar a mirar amb la promesa d'un amor com a mans obertes. Viure per a recordar a través de la boira. I marxar per a oblidar. I no voler morir sense abans trobar l'amor. L'amor bell, veritable. Aquí decidim emprendre el viatge, amb un bagul vell -com la imatge de Carol White- i oferir les flors en l'altar major d'una deïtat ja morta.

Descompondre's i oblidar el jo per a, amb música d'un violí i un piano, fer reviure l'essència d'un viatge sense fi amb l'esperança de ser lliures de si mateixos.

Una llibertat que els torna bojos durant aquest període de convivència i que els fa prendre un foc amb què exorcitzar els auguris que pronostiquen la pròpia mort. Un final que no és més que un començament en un temps en espiral que els embolica. Si, aquests personatges de M. Duras estimen perquè no saben fer una altra cosa i al mateix temps moren, perquè la mort constant és inevitable.

Ella, M. Duras, només pot escriure, com si parléssim d'un deliri, d'una patologia i porta la marca punxant d'ella mateixa en els seus films. En un acte metafilmic afirma que el que estem veient és precisament un film, és a dir, un dispositiu que també és necessàriament constructio artístic, la seva mirada. I la intervenció, la fissura que s'obre en la pantalla crea una espècie de buit que haurà inevitablement de ser cobert. Aquesta trajectòria que s'exerceix amb visionat remet a la ja nomenada retòrica de la imatge encara despullada, nua i ens mostra delicadament l'ocupació de l'espai i l'expansió del temps suspès.

Perquè la fi del món pot ser un incentiu perquè aquests personatges i la pròpia M. Duras visquin tan immensament que només resulti possible l'essencial: ESTIMAR. Però som aquí davant un amor que sobrepassa els límits de l'acceptat. Ningú pot ser tan feliç, però ho són. I continuen cobrint l'aire amb una pregària que els embolica amb el misticisme del reconeixement. Però no parlem, no parlem perquè tot es torna antic, passat, història. El present més immediat és el temps d'ells, junts. Partícips d'una experiència comuna. Però no s'abandonen l'un a l'altre. Mai. Només estimen.

És el temps de l'incendi, de la ruïna, de la destrucció. Per això resulta inevitable escriure: amb i contra la pròpia vida. Ells, elles, s'estimen. Perquè el seu desig d'estimar està al costat del seu desig de posar-li fi a tot. I així es diria que les pulsions de vida i mort estan sempre presents. Però no sofreixen excepte per elles mateixes. No, aquests personatges són amos del seu propi cos, dels seus propis sentiments. I encara així estimen.

No queda res, només aquest amor indefinit que els sustenta i que succeeix en pla seqüència. El cinema, la càmera; i oblidar-se d'ella. En plans seqüència però no sols, també el pensament s'expandeix en panoràmiques i els rostres també es perfilen en primers plans. Actuen com si de l'amor real es tractés en una conjunció que els embolica i que els fa recrear un altre temps on l'amor servia per a oblidar la pròpia vida. Però mai serà possible. Ells, elles, no poden escapar de si mateixos i configuren unes coordenades vitals que els tanquen luctuosament en cercles concèntrics dels quals és impossible sortir.

La fragmentació dels personatges infereixen en la posada en escena: pensament, cruetat, moviment. I reitera la mirada que els permet veure, de nou. En el caos de la naturalesa, M. Duras escriu. En el caos de l'amor, M. Duras recita. En el caos de la mirada, M. Duras filma. I obliga i dorm. I realitza films que són films dels abandonats, que també dansen. I també canten. I viuen, i moren, i estimen.

Na noite, os amantes rotos que desexan pousar os seus beizos nos beizos do outro e se configuran nunha epifanía que os descompon, achánse sós. É por iso que aquí non haberá beixos. Xa non son eles, elas, senón un nós que nunca chega a pronunciarse. Porque a morte dos amantes e aquela do salón baleiro sen danza, sen abrazos, sen miradas que atravesen o espazo. Non existe tempo para eles, abocados á morte, á noite. Nesta atmósfera de perda os corpos existen por e para eles mesmos e deixan de ser elementos que proclaiman a antimateria. Así o pensamento abócaos ao discurso amoroso inexistente, ese que se manifesta nas palabras que firen nunha descomposición total e absoluta porque nunca foron pronunciadas.

A voz, a voz off de m.duras convértese na figura narrativa que está do outro lado da imaxe. Esta, a imaxe, pertence ao dominio do instante decisivo e adquire a relevancia do nomeado a través dunha cartografía do amor, que sempre està ausente. A noite dicía, territorio dos

amantes que xogan coas ausencias e a presenzas para reificar a experiencia e para contrasta-la co momento no que se nomean nunha alteridade constante. Porque o ser mediante a acción que se superpon , vese envolto nun mantra que actúa como experimento para decidir a dirección ainda non instaurada. Nun hotel colonial, nun xardín, nun vecindario de franza, nun camión

□

todos estes escenarios levan o poder dos que se buscan no outro, facendo deles unha estación de stocaxe na que instalarse.

Os espazos e os tempos dos seus filmes acubillan ás personaxes para desembocar a carón do olvido, onde todo comeza e ao mesmo tempo remata: ausencias e presenzas. As personaxes destes filmes están ancoradas na esperanza pero cheos de perdidas, mesmo a do propio ser que se fai e refai co ir e vir da acción: Eles queren comprender, amar, amar ata comprender. A trama preséntase como unha figura retórica, que circunda o suxeito e o modela como se fora produto mesmo da existencia dun deus que nunca se chegou a coñecer. Unha forza exterior a de deus ou a do amor convírteas en seres que so poden e queren achegarse a idea de beleza e de verdade.

Nesta búsquedas o tempo condensado vólvese silencioso e deixa oco para a voz a de m.duras que se volve orgánica e intranscendente. Asimesmo declárarse da parte do silenzio a través da palabra non dita que coa mirada, o territorio dos amantes, declina a imaxe cara o punto da interferencia, onde se xuntan os intercambios e a imaxe faise carne. Soñamos con espazos que nos remitan aos pasos do amante. A espellos que reflectan o rostro amado. A voces que descodifican a palabra para berrar o nome do amante ata que se achegue aos nosos beizos. Sen ningún signo de sufrimento. Sen batalla... Paz... Harmonicamente expostos á mesma performance. Aquela dos filmes de m. duras.

Porque o amor en m.duras é asimesmo indefiníbel, incontábel, e por iso transcendente. Pero asimismo que desaparece, que foi acto nas rúas de parís, no deserto, na praia, no Ganges, en S.Thala ,en sumaria... pero que xa non é nada, néant. Só a beleza da destrucción. Como a destrucción do templo dos amantes que se aman e non coñecen o idioma do outro. Amar sen concesións e esquece-lo todo. Recomezar a mirar coa promesa dun amor como mans abertas. Vivir para recordar a través da néboa. E marchar para olvidar. E non querer morrer sen antes encontrar o amor. O amor belo, verdadeiro. Así decidimos emprender a viaxe, cun arcón vello- como o da imaxe de carol White- e ofrecer as flores no altar maior dunha deidade xa morta.

Descompoñerse e olvidar o eu para, coa música dun violín ou un piano, facer revivir a esencia dunha viaxe sen fin coa esperanza de ser libres de si mesmos. Unha liberdade que os volve tolos durante ese periodo de convivencia e que os fai prender un lume co que exhortizar os augurios que pronostican a mesma morte. Un final que non é máis que un comezo nun tempo en espiral que os envolve. Si, estas persoanxes de m.duras aman porque non saben facer outra cousa e ao mesmo tempo morren, porque a morte constante é inevitábel.

Ela, m.duras só pode escribir, como se falaramos dun delirio, dunha patoloxía e leva a marca punzante dela mesma non seus filmes. En un acto metafilmico afirma que o que estamos a ver e precisamente un filme, é dicir, un dispositivo que tamén é necesariamente constructivo artístico,a súa mirada. E a intervención, a fisura que se abre na pantalla crea unha especie de oco que terá inevitabelmente que ser coberto. Esta traxectoria que se exerce co visionado remite á xa nomeada retórica da imaxe ainda espida, núa e móstranos delicadamente a ocupación do espazo e a expansión do tempo suspendido.

Porque a fin do mundo pode ser un incentivo para que estas personaxes e a propia m.duras viven tan intensamente que só resulte posibel o esencial: AMAR. Pero estamos aquí diante dun amor que sobrepasa os límites do aceptado. Ningún pode ser tan feliz, pero son-no. E

seguen a cobrer o ar cunha plegaria que os envolve coa misticidade do recoñecemento. Pero non falamos, non falamos porque todo se volve antigo, pasado, historia. O presente máis inmediato é o tempo deles, xuntos. Partícipes dunha experiencia común. Pero non se aboandoan ao outro. Xamais. Só aman.

É o tempo do incendio, da ruina, da destrucción. Por iso resulta inevitábel escribir: con e contra a propia vida. Eles, elas amánse. Porque o seu desexo de amar está a carón do seu desexo de porlle fin a todo. E así diríase que as pulsións de vida e morte están sempre presentes. Pero non sofren agás por elas mesmas. Non, estas personaxes son donas do seu propio corpo, dos seus propios sentimientos. E ainda así aman.

Non queda nada, só ese amor indefinido que os sustenta e que sucede en plano secuencia. O cinema, a cámara; e esquecerse dela. En planos secuencia pero non só tamén o pensamento se expande en panorámicas e os rostros tamén se perfilan en primeiros planos. Actúan como se do amor real se tratase nunha conxunción que os envolve e que os fai recrear un tempo outro onde o amor servía para esquecer a propia vida. Pero xamais será posíbel. Eles, elas, non pode escapar de si mesmas e configuran unhas coordenadas vitais que os encerran luctuosamente en círculos concéntricos dos que é imposíbel saír..

A fragmentación das personaxes infiren na posta en escena: pensamento, crudeza, movemento. E reitera a mirada que lles permite ver, de novo. No caos da naureza, m.duras escribe. No caos do amor, m.duras recita. No caos da mirada, m.duras filma. E esquece e dorme. E realiza filmes que son filmes dos abandoados, quenes tamén danzan. E tamén cantan. E viven, e morren, e aman.

## *A tarde. O desacougo, Amauta Castro*

### **1. “Pronunciaba o inusual coa língua das descobertas” o que está por descobrir é o que nos leva a seguir o fío da existencia?**

O amor presinte esa incerteza dos días. Este verso que expós na pregunta, aparece nun dos poemas introdutorios do primeiro dos catro bloques que componen “A Tarde. O Desacougo.” Ten un punto de iniciación e de protección ao mesmo tempo, e conduce cara o que é o corpo temático deste primeiro bloque: un amor que entra no comezo da madurez sentimental. Un amor que albisca unha etapa de necesario coidado mutuo ante a intemperie moral do tempo que se aveciña, que percibe tamén a presenza das perdidas, dos longos silencios, da erosión das relacións de parella e do cotián que se fai rotina.

Alertado disto, quizabes opta, por esa “quedanza acesa” da cita de Ungaretti que abre o poemario. Por esa serenidade que impide que o paso do tempo se convierta nunha repetición idéntica que envelena e enfriá a vida.

Existimos e non podemos saír indemnes.

### **2. “Nesta nosa cautividade nunca fun triste” a ledicia é atoparse co corpo do outro?**

Tes razón en que neste primeiro conxunto de poemas hai tamén un momento para o Eros. A nudez, a éxtase, o descanso pero tamén a idade e a aprendizaxe coma factores que determinan ese momento do Eros na parella.

Prolongarse no outro/na outra, avanzar coa man sostida, comunicarse sen idioma.

### **3. “Envellecer debe se achegarse” o encontro fainos sabios?**

Velaí unha das claves d'A Tarde. O Desacougo. Envellecer/achegarnos. Pode ser encontro pero tamén a ruína.

Achegarnos á fin do traxecto vital. Acolle porén un sentido duplo. Por unha banda solidario, fraterno, empático, etc. Por outra banda, a consciencia absoluta e terrible do efémero do días.

### **4. “Sen perder a nudez que me separa de nada” a virxinidade do poema é ese espazo/tempo que habitar?**

Desde logo hai un impulso previo á plasmación escrita do poema que soe ir sucedido dun momento (mínimo) de exaltación, e que acaba nunha sensación que eu definiría coma frustrante ou incompleta pero que conduce irremisiblemente a tentar millorar o poema (o que se está a escribir, outros, ou os que inda están por facer).

Dese proceso bebemos moitas de nós. E dese proceso collemos forza para seguir mellorando a nosa escrita.

### **5. “Ou de tregua que envelena con silencios” de que maneira se expresa o non-dito?**

Expresáse moitas veces no deterioro ou no envenenamento da atmósfera que envolve as nosas relación persoais. No temor, na covardia, nas imposicións, nas negativas. Pero “A Tarde. O desacougo” sinala e alerta diso.

### **6. “Porque chego e ti estás/ e me dis esa palabra” son redentoras certas palabras?**

Aquí hai unha dúbida razonada e razonable. Expoño dúas posibilidades sobre as que reflexionei e a modesta conclusión á que cheguei, que é a que se mostra no poema que citas.

Nun primeiro intre a palabra que non acada achegarse á cousa dita. Eu sempre exemplifico isto cuns versos de Alejandra Pizarnik:

*“no las palabras no  
hacen el amor hacen la ausencia si digo agua  
¿beberé? si digo pan  
¿comeré?”*

Pero en troques penso e reflexiono tamén sobre a posibilidade contraria, que en certo grao vence nestes versos meus que citas. No Xapón, cultura que me atrae desde hai anos, as palabras marcan os momentos do día e son mesmo ceremoniais, diría eu, e esixen resposta do interlocutor. Non é redentor acaso sentirse respondido no día a día?

O poema, coma sempre, tenta ensaiar a resposta e queda nunha modesta e redentora (reitero) aproximación.

#### **7. “só o instante coñece a força do pensamento” o pensamento que ten de improvisación?**

Desde logo hai unha parte de intuición poética (non sei se de improvisación) que é necesaria para desenvolver o oficio da poesía. Einstein consideraba que nunca chegara a ningún dos seus logros científicos por vías convectionais, e que en boa medida precisou dese punto de intuición que adianta o pensamento máis definido e razonado.

É no instante, na tentativa de captura do instante, que aparece esa forza. Durante anos me sentín obsesionado pola obra do artista plástico italilano Alberto Burri. Burri tentou captar o punto de combustión dos materiais principalmente sobre elementos plásticos.

Sempre pensei que era necesaria a mesma tentativa a través do texto poético. E entendo que non son o único que pretendeu isto. Os místicos (musulmáns e cristiáns, que son os que coñezo e puiden ler), os grandes mestres do haiku, e mesmo poetas da nosa propia tradición galego-portuguesa, tentaron achegarse ao instante desde a intuición poética.

Creo que non é preciso estenderse muito máis, pero hai exemplos moi evidentes no eido da fotografía e do cinema que tentan achegarse a esa forza.

#### **8. “O verso admite todo o que nos devasta” constrúese desde as ruinas do ser?**

A poesía pode construirse desde diversas posicións. Parece que a felicidade non adoita ser a maioritaria e que somos movidos por sentimentos que producen unha convulsión en nós mesmos. Desde a indignación política ao intimismo máis severo, pasando pola desespranza ou pola inminencia da morte, etc.

Non existen unha pauta, nin se pode ser categórico e afirmar que efectivamente construimos o poema desde a ruína. Pero cito a Alfonso Pexegueiro para dicir que “só a poesía pode sacarnos dos infernos que a intelixencia crea”.

#### **9. “Será sinxelo o poema/ que agarde ser danza/por riba da morte” en verdade hai algo más real que a morte?**

A morte é a derradeira peza do crebacabezas. Pero estes versos refirense á perdurabilidade da obra. Unha perdurabilidade irrealizable pola condición finita do noso propio planeta pero que semella formar parte inda das tentativas continuas de boa parte dos e das poetas.

Máis alá da arrogancia inherente á idea (erronia) de perdurabilidade da autoría, o poema vese algo máis capacitado para ser transferido a outras xeracións. O poema que deseñe formar parte do tempo futuro debe ser por forza sinxelo: “Adiós ríos, adiós fontes...”, “nel mezzo del cammin di nostra vita”, “la mer, la mer, toujours recommencée!”, “I find no peace, and all my wari s done”, “no ser res si no s’és poble”...

#### **10. “No salto somos só paxaros a voar” a liberdade alcánzase lanzándose ao baleiro?**

*“No salto somos só paxaros a voar.*

*A reflexión prodúcese antes,*

*na vertixe, no estranxo itinerario dos pés que avanzan*

*até o límite,*

*na consciencia do paso ante o baleiro.”*

Engado un cantos versos más á pregunta para, se cadra, facer entender ao lector/a o que hai detrás deste poema que case finaliza a segunda parte do libro e que se refiere tamén ao punto de ebullición creativa.

Chego até esta imaxe tras a observación da fazaña do funambulista (e artista) francés Philippe Petit cando percorreu na corda frouxa a distancia entre as dúas Torres Xemelgas do antigo World Trade Center de Nova Iorque.

Que foi o que pensou Petit no instante anterior a poner o pé sobre a corda a 400 metros de altura? O pé avanza até o límite movido polo que?

Que foi o que pensou Ícaro mentres seguía avanzando até a súa propia destrución?  
Pero avanzamos, quizabes cunha plena consciencia de que o impulso creador do poema queima nas nosas mans, escapa, e mesmo sangra nos nosos ollos.

## **Irão: revolução islâmica e armas nucleares**

Posicionados da parte de Palestina no conflito israelo-palestiniano, Irão é um dos focos de atenção na visita à Casa Branca do mês de fevereiro de 2017 de Netanyahu. Este sustém que é necessário que se crie uma coalção de estados contra Irão e o seu programa nuclear.

Irão é um dos 5 “estados islâmicos” do mundo, o que supõe que tem a lei islâmica ou sharia como fundamento de considerações de orde legal e isto desde 1979 (os outros quatro são Paquistão (1956), Mauritânia (1958), Afeganistão (2001) e Líbia (2011)).

O programa nuclear de Irão começa na época prérevolucionária em tempos do último Sah e contava com o apoio não só de Grã-Bretanha mas também dos EUA.

As manifestações populares foram quem de derrocá-lo e em 1978 Jomeini volta do exílio para fazer-se com a direcção do estado, convertendo-o em república islâmica um ano mais tarde (1979).

Na actualidade o presidente de Irão é Hasán Rouhani, desde 2013 e já nos começos do seu mandato, Ocidente leva a cabo reuniões em Teerão - Declaração de Teerão - em termos de acatar o protocolo TNP (Tratado de não proliferação nuclear).

No entanto criou-se o JCPOA (Joint Comprehensible Plan of Action), o projecto nuclear iraniano que põe Irão na mesma posição que o P5+1 (Os membros do Conselho de Segurança da ONU mais ) no que diz a possíveis carreiras nucleares.

O 19 de maio de 2017 Rouhani volve ganhar as eleições com 14.5 milhões de votos dos 56 recontados (Raisi o seu principal opositor 10 milhões). Pretende nesta nova etapa sacar do isolacionismo, abrir Irão cara Ocidente e aliviar as sanções do seu programa nuclear. Em geral afirma que foi uma vitória face os extremismos.

## **Relato**

### **Bershka, praza de Lugo.**

Comezo a dilucidar o que pasa cando a canción de Svreca remata. Despois seguirá habendo techno durante a media hora que estiven no berska da praza de lugo. Dilucidei porque ela colleu a mesma camiseta, a de nirvana e foi aí cando todo apareceu claro na miña mente. O bus parara na praza Pontevedra. Só a 100 metros estaba a tenda. 100 metros. E apareciu el. Estaba de reenganche, un luns, despois do 24 á noite non pisara ainda a casa. Levaba un litro de calimocho que deixou nunha papeleira. Entramos os dous. Non estaba moi abarrotado. Era cedo pola mañá. Vou ir á Praia. Pasar a resaca ao sol. Non quero aparecer así na casa do meu pai. El que non estaba preocupado porque eso era o normal. Sair de festa case unha semana. En datas sinaladas. Collera o comboio para compos. Fixera a rúada independentista e os días seguintes por coruña, polo orzán e na Oh. Quero esa camiseta. Si que mola, si. Olá. E ti por aquí? Veño con ela.

Encantada. Igualmente. A ésta gústalle. Estou segura mira como fala con el. Como se fose a única persoa na tenda. Como se fose o único rapaz na cidade. Non sei porque estaba ciumosa, porque nunca quixen con el. Só nos levabamos ben. Eu tamén estiven o 24. Que raro non vérmonos. Esta quere con el. Si. Diante da policía todos somos iguais... Onde atopaches esa camisola. Pois nese estante. A tía copioume. Alguén que non sabe ter estilo propio. Copiando camisetas. O independentismo seguro que era tamén unha moda para ela. Non sabería dicir se era skineta con certeza. Pero iso seguro que tamén era unha moda. Comprendín ese día no berska que a xente non ten ideas propias, gustos propios, miradas propias. Saín do berska co meu colega. E non comprei a camiseta.

## **EZLN**

Os povos indígenas lutam pelos seus direitos para se manterem como colectivo num contexto mundial que tende ao imperialismo, reivindicando que o seu património material e imaterial seja garantido, conservado e transmitido.

Em México existem centos de comunidades autóctones, no entanto é em Chiapas onde a luta acovilha mais poder. Lá foi onde se formou o EZLN (Ejército Zapatista de Liberación Nacional) que tem no subcomandante Marcos o seu máximo exponente.

Em Chiapas existem territórios autónomos que propõem modelos de convivência alternativos nos que outros valores são a base para as suas relações interpessoais , intracomunitárias e extracomunitárias.

Muito mediatizado nos seus começos (anos 90) esta causa deixou de ser visível na actualidade nos médios de comunicação internacionais, que elegem e criam a informação sem haver um seguimento no tempo. Assim esta marcha zapatista que chegou das montanhas à capital não foi captada pelo microfone de nenhum conglomerado mediático (a continuação poderedes escoitá-lo).

Concretamente um 1º de Maio de 2006, o Subcomandante realiza uma primeira intervenção perante a embaixada de EUA em México para proseguir, com um cordão de homens com fouces, até o Zócalo – centro neurálgico da cidade.

As reivindicações perante a embaixada, não se esgotam nos seus direitos como povos senão que vão além e chocam com mais uma derivada da sociedade líquida: a migração, e concretamente aos EUA, pondo no foco a necessidade de legalização dos migrantes.

Na actualidade, esta intervenção é o contraponto a discursos surgidos desde a direita nos EUA, vejase Trump, que pretendem impedir a imigração desde México impossibilitando a procura de melhores condições socioeconómicas.

## **Sei moi ben o que fixen onte**

“**Sei moi ben o que fixen onte**”, así comeza un concerto que se converteu nun mantra. Se o budismo entra e xa non sae agás cando se fai referencia a estilos occidentais como a psicodelia (pero por outra parte tamén se pode aplicar ás músicas tradicionais hindús nun acto de diacronismo). Sei o que fixen onte e por iso me coloco deste xeito no presente. Un presente oblicuo e diagonal que cobra formas de mandala se o observamos desde o visual. As cores que non existen fan presenza e todo se inunda de esoterismo... as cores dos chakras. Unha viaxe interior e exterior a través dos catro instrumentos: guitarra eléctrica, guitarra electroacústica, batería e baixo. Unha formación clásica para un grupo moi contemporáneo que xera pildorazos rock-noise-indie. Colocados da parte independente levan a cabo concertos que se achegan a aqueles que no seu día, ainda xoven, deu Bob Dylan. Pero aquí as letras ainda son más lisérxicas; podemos pasear por elas como se nos tomaramos un ácido. Así mesmo podemos bailar (el faino moi ben no escenario) e chegar coa danza e a música a un estado catártico.

Co hit Galicia Calidade o público veuse arriba; sempre está ben que desde fóra no-lo recorden para que non o esquezamos (desde logo a el non o esqueceremos). Porque todo foi epopea, como se presenciaríamos un ensaio dunha batalla, aquela que se forxa sen máis armas que os instrumentos e a voz. Porque semella que estás envolta por un cometa que vai a tanta velocidade que non podes máis que seguiilo e atravesar o baleiro ata un punto próximo que aquí era a beira do mar. Sentir coa música de Ángel Stanich Band a conxunción co universo, ser un, ser un todo como nun estado de comuñón interestelar... Chegando a un planeta afastado que esconde un deserto por habitar e que remove e anula a conciencia do eu individual. Todo parece ser inquietante pero no fondo estase en calma. Unha calma que non precede á tormenta senón que se prolonga máis alá do concerto como se o inundara todo para sempre.

## O canto da sibila, rebeca baceiredo

### 1. O comezo do poemario ten unha certa aproximación ao medievo con algúns símbolos do mesmo. De que maneira te achegas a este período?

Dende as últimas revisións históricas que o mostran como un período non tan escuro coma se nos contou, dende a perspectiva da Modernidade triunfante. Recollo, entón, ese espazo que non recae inexorablemente dentro da lóxica racional, ese espazo de multiplicidade e ‘desorde’ que igual non era tal, senón simplemente a vida.

### 2. Aparece nomeada tamén a India. Que ten de determinante?

A India realmente funciona como un clixé cultural dende hai décadas ou séculos. Pero eu fun un par de veces hai anos e, fóra do preconcepto, a experiencia é moi estimulante para os sentidos, e non sempre idílica: os olores, as cores, os silencios nos rostros e os ruídos nas rúas, a beleza e a pobreza extremas, talvez activando ese odioso exotismo da pobreza, porque esa outra realidade e racha a dicotomía da nosa lóxica e mesturamos entón as dúas nocións como fantasmagorías,... Esa indeterminación que se pode manter na experiencia estética e que é imposible –e probablemente pouco aceptable etica ou politicamente- na lóxica, é a que está trazada no poemario. Non porque nada signifique nada, senón pola pluralidade de sentidos non sempre excluíntes.

### 3. O real entra no desexábel/non desexábel



#### Como transforma a realidade plural nunha experiencia palpábel?)

O real ou é o desexo inmanente ou non forma parte do desexable, en tanto que non é transcendente áinda con respecto a un suxeito: o real non é espazo de representación. A selección que fai, por necesidade da especie, por obriga existencial ou vontade persoal un suxeito a partir dese real é a realidade. A realidade é esa experiencia palpable. Atopar o real na realidade quizais é o que a pode devir más plural.

### 4. O cristianismo tamén está presente... Como é o teu achegamento á relixión?

O xogo que realizo co cristianismo é un xeito de subverter esa tradición ou a maneira de atopar o inmanente nela, as raíces gnósticas. Non me interesa a transcendencia nin as relixións reveladas, ben empapadas de poder, nun sentido ortodoxo. Trátase, precisamente, de desfacer conceptualmente esos dispositivos envenenados. O que penso do cristianismo é que é un sincretismo que simplifica as tradicións anteriores, pero paréceme un risco grande confundir, a base de simplificar, os símbolos con referentes. A ignorancia, as lecturas únivas, son inxustas e perigosas.

### 5. Morrer e nacer/nacer e morrer... cando é por que morres, cando e por que resucitas?

Baixar e subir potencias (que non poder). Realmente os mitos falaban dos procesos da vida externa, da natureza, e das vidas internas, psíquicas, que pasan, parece que necesariamente, por tales procesos. Penso que as investigacións biolóxicas tamén están nese terreo.

### 6. Que tanto de ruralidade hai no poemario?

Moita, grande parte foi escrito na aldea. E en determinadas accións ou estados físicos claramente aparecían os estados metafísicos. Penso que tamén diso van os haikus...

### 7. O deserto por onde transitar... onde o sitúas?

Os desertos poden ser as potencias baixas, baleiras. Pero tamén poden ser un nivel mínimo de subxectivación que precisamente che permite conectarte con acontecementos, aumentar a conectividade: esas son as potencias altas. Os desertos, nese sentido, serven para baleirarse, pode haber un certo horror vacui, pero ao aprehender ese estado revértense na riqueza do múltiple.

**8.**

**Referencias ao mundo árabe**

□

**é un poema de mestizaxe?**

Interésanme as metafísicas e atráeme a mística sufí. Pero lembro chamadas do muecín de madrugada estando eu en distintos países musulmáns. Ese son, ese ton, é unha vibración moi interesante.

**9. A**

**hipotética**

**salvación**

□

**por que vén dada?**

Por unha mesma, que non é o ego.

**10. A doença.. como atravesa-la?**

Facendo lecturas apropiadas do acontecemento.

**11. O paso do tempo, como vivi-lo?**

Non creo moito no tempo. Penso na enerxía, na vitalidade, en facer cousas, o que non quita ter experiencia do baleiro, tamén. Penso que é necesaria para manter os niveis de enerxía. Deste xeito tense dabondo para ser agradable cos demais, etc.

**12. O corpo, como se fai a si mesmo?**

Creo moito no poder da mente...

## **Conversas ficticias con Walter Benjamin (“Sobre a fotografía”). Parte I**

### **O xornal Berliner Illustrate Zeitung que ten de transcendente?**

A súa condición de documento na que estriba a súa forza e lexitimación, fai ver as cousas rodeadas da aura de actualidade

### **Que supón no campo literario/artístico a crítica?**

Criticar é unha arte social. O lector disfruta coa fermosa mala costume de unirse a outro sen ser invitado

### **O pioneiro en fotografía Moholy-Nagy ten falado deste ámbito artístico. Que destacas das súas reflexións?**

Moholy-Nagy tiña razón cando dicía o seguinte:

“Os límites da fotografía non se poden predecir. Neste campo todo é tan novo que ata a búsqueda xa conduce a resultados creativos

### **O libro de Karl Blossfeldt “Unformender Kunst. Photographische Pflanzenbilder”, con fotos de plantas... Que lle suxire?**

As formas primordiais da arte son as formas primordiais da natureza.

### **Adirenn Monnier rexentaba a libraría Aux amis des libres no 7 da rúa Odeón. Ela falouche de Rilke, que resaltarías?**

Ela díxome que el “parece ter deixado en todos os que o coñeceron o sentimento de estar intimamente unidos a todo o que fan”

### **Tamén che falou de Breton, como o describiu?**

Definiouno como “quelqu'un d'inivable” pero considera extraordinario o 1º Manifesto surrealista e incluso o 2º polo xiro ocultista e lembrouse da súa aparición na libraría con Apollinaire.

### **Ti coméntaslle a Monnier que pensas que as esculturas e/ou as obras arquitectónicas desfrútanse más nunha fotografía. Ela está de acordo?**

Ela consideraba que os métodos de reproducciónmecánica constitúen unha técnica reductora pero que con todo axudan ao desfrute.

### **Que supón a aparición da revista Le surréalisme au service de la révolution?**

Unha liña d efuga que se corta no comunismo, co que incrementa o talante polémico do grupo que a sustenta. Polo contrario a revista Bifur representa para o público novas tendencias de natureza menos agresiva. Ésta grazas aos colaboradores extranjeiros ten un toque cosmopolita e urbano oposto ao parisino e moscovita dos surrealistas ortodoxos.

### **Nos comezos da arte fotográfica a revista Der Leipziger Anzeiger sostén que o home foi creado a imaxe e semellanza de deus e que ninguna máquina humana pode fixar a imaxe divina. Que concepto de arte emana disto?**

Unha arte ao que toda consideración técnica lle é allea e que se sinte ameazada de morte pola aparición provocadora da nova técnica.

## Cat power da luz á escuridade absoluta e de volta á luz

Cando se pasa por tempos escuros é difícil voltar a ser unha mesma. A fama de cat power puido nun determinado momento con ela pero tamén o paso dos anos... quizáis este foi o factor principal do seu desconsolo: non volver ser xoven nunca máis (cando tiña que proclamar a consigna punk be youth) nunca xamais ter a frescura do comezo porque como ela mesma di nunha entrevista "non quero repetir o mesmo". E ser música supón facer xiras e xiras, por EEUU e o resto do mundo, e si, repetir nos concertos o mesmo disco de promoción e/ou as mesmas cancións más míticas. A fama dicía e o paso dos anos. Ela estaba irrecoñecíbel, decrépita, asustada, mesmo tola. Pero con todo saiu desa situación de deterioro e continuou a cantar como se fora a primeira vez. Ese entusiasmo perdido fixoa caer, caer e caer ata o mesmo inferno vital. Ningún podía axudarlle, ela sairía soa. Podemos ve-la de novo en acción en NPR music Tiny Desk Concert. Ela que confiou en si mesma, no seu estilo, está de novo a carón dela propia. Cando todo parecía perdido, volve a escoitar aplasusos que esta vez si a reconfortan. Lembro con especial ilusión *Speak for threes*, unha grabación caseira na que certamente fala coas árbores, interactúa con elas e os pequenos paxaros que os habitan e todo semella ir ben, sen pensar no futuro, só na música e nas cancións é dicir no que para ela é importante. Pero a luz deixa paso as tebras, e saír supón un esforzo, grande, enorme pero necesario para escapar de tanta escuridade.

Cito tamén un dos meus discos favoritos de Chan Marshall, o *Myra Lee* que rezuma experimentación e vanguarda do '96. Máis de 20 anos na escena acredita a idea de que a fama pesa, e mesmo pode facer enfermar. Saír da espiral, implica trazar unha liña recta que nos leve de novo á luz. A ese lugar no que nos sentíamos ben; e ese lugar para ela é a voz, a música, a composición, para poder seguir cantando as cancións antigas sen odio e cantar as novas con motivación e sen rencor cara si.

## Sobre *Letras vencidas* de Manuel Outeiriño

Traspasar os límites semella unha encrucillada cando se fala do corpo. Outeiriño é conciso cando responde que os límites do ser están no corpo: “**Non**”. Con todo pregúntome como estudiante de Medicina que pode haber máis alá del, se cadra a nada, o baleiro o néant pero ata o día da morte física do meu corpo non o saberei. O que vén despois é un misterio quizás o más ben gardado polos que nos precederon. “**Non**” sen ninguna outra explicación fai da pregunta unha especie de desexo que se acha pechado cando se ve a saída. Esa saída á vida eterna, á inmortalidade das almas e que seguindo a Deleuze só pode comezar pola propia morte, a de todos, a de cadaún. Non obstante existen preguntas más terranais como é a infatigábel loita de clases da que desde Marx continuamos a falar sen saber exactamente quen é o inimigo. Esta idea ponmos na existencia confrontados a algo que poida nin tan sequeira existir... con todo pode entreverse a desigualdade que fai que esa loita se manteña ainda en pé “superar a sociedade de clases”... “Oxalá que tornemos/onde collamos todos” Ou doutro xeito, o oprimido e o opresor... “Onde falaches do amo e do escravo”... Nunha sociedade utópica “A utopía, si, dunha sociedade inclusiva: unha sociedade libre de individuos libres, ainda que isto implique tensións coma as indicadas por Jon Elster no libro *Ulises e as sereas*”. Falo da sociedade e a natureza do ser humano tendente a dominar e exposto a pequenas cadeas cotidianas que o encerran sen razón. Só os seus anceios de liberdade fan xurdir unha sociedade de iguais. “O diálogo implica alteridade” e é o que nos fai unirnos aos outros é dicir, ter un común, un proxecto común. “A ausencia que completa a representación” Con todo sostén Outeiriño que en determinadas situacóns o calado, o que non se di, pode ter más força que o que se di (volvemos a Derrida e o non-dito). Pero as palabras son poderosas e fan trasnformar o cotiá en algo máxico como a descuberta dun pétalo de catro follas. Abgrund é citado pro Outeriño para falar do absurdo “Quén saberá da xorda fala do absurdo”, porque sen acción a comunicación pode perder o seu carácter efectivo e de transformación porque ansiamos que o estado das cousas cambie, e evolucionar como humanidade. E para isto a arte ten un poder extraordinario... “A arte que non renuncia selo, que non se supedita a finalidades exteriores, é unha forma de facer política. A política da arte non é das bombas. Por outra banda, a política non é só polícia, coma diría Jacques Rancière. A respecto da relación entre política e estética, interésanme unhas cantas consideración de Jacques Rancière, poño por caso as do libro *Et tant pis pour les gens fatigués* (2009), que ten versión castelá (*El tiempo de la igualdad*) ou as do libro *Le partage du sensible*”.

Letras vencidas aseméllase a un tema de jazz “**Quería frases longas, líricas, como as de John Coltrane**” como di o autor polo fraseo libre do jazz “variábel” e tamén porque o jazz supuxo liberdade dentro e fóra da música peroollo esta palabra é moitas veces empregada para fins do neoliberalismo capitalista que lle quita toda virtude. Aquela que si ten o mar... “**Transportas con fatiga/auga rara e palabras cruzadas e “Celebrámo-lo mar”** “**O mar aparece porque é símbolo da inmensidade e do movemento continuo**”. E ademáis “**A vida non é sempre unha festa. Os tres estalos están no remate do libro para que remate coma moitas festas galegas, sen más pretensión cá de ofrecer un intre de diversión**”. O que a lectura nos proporciona. O que o amor nos proporciona... “**Penso que non hai amor sen promesas**”. “**Coma o perdón e o amor que prometiches**”...No amor... unha cuestión de personaxes... “**Sérmo-los personaxes sinistramente cómicos/ dunha obra inacabada**”. Pero “**Hai obras acabadas e perfectas, véxase Sófocles**”. Volvemos sempre aos mitos.

## Baldo Ramos

**1. “Cos ollos de quen procura o que nin sequera sabe que existe”. O descoñecido é o que nos move a comprender?**

O descoñecido é o que nos move a crear.

**2. “A beleza é un estado de comuñón coas cousas / a boca pola que respira o mundo no poema”. Onde ves a beleza, é ela a que che fai escribir?**

Beleza aquí non significa fermosura. É o vínculo que temos coas cousas que nos fan escribir.

**3. “Atoparás a luz nas palabras que te devolven ao silencio”. Falar e calar, o que nos remite a Deleuze. Como conxugar estes dous verbos?**

Interésanme os espazos nos que as palabras xa non poden significar. O silencio non é aquí ausencia de palabras, senón o espazo habitado pola palabra que non pretende proclamar, impoñer, ser comprendida.

**4. “O vértice da vontade de ver coa imposibilidade de posuír”. Que posuímos e que non para facérmonos coa palabra?**

Non saber obríganos a andar ás apalpadas. A experiencia da escrita para mim é a necesidade de buscar ás escuras unha luz que nos acolla, e non dar con ela.

**5. “Escribimos para evitar saber” Achámonos nunha espiral de inconsciencia?**

Nunha espiral de contradicións. A poesía como coñecemento irrealizable.

**6. “Que é verdade polo que ten de incompresible” A postmodernidade deixaatrás todo intento de comprensión?**

O que non sabemos explicar con palabras convencionais, trilladas, con palabras que cotizan no mercado literario afástanos da verdade admitida, da posverdade, da compracencia. Fainos felices porque nos permite ser nós. E iso sempre é difícil de explicar e de entender.

**7. “Pero negouse a ser o que os augures lle ditaron”. O oráculo, como se pode escapar del?**

Pois sendo nós mesmos, sen influencias interesadas.

**8. “Estamos envoltos nunha ficción”. A sociedade do espectáculo como nos forma e conforma?**

Non lembro ter escrito ese verso, pero igual ás veces escribimos desde a ficción de ser outros.

**9. “Cada verso evoca un baleiro que as palabras non poden encher”. Os corpos si enchen ese baleiro?**

Se lemos co corpo si.

**10. “A poesía é a aprendizaxe do final”. Estamos preparados para a fin irreversible que é a morte?**

Os que viven ao límite imaxino que si. Os que tememos a morte non temos máis remedio que consolarnos pensando que a escrita pode axudarnos a acatar esa sentenza que está escrita moito antes de empezar o xuízo e alegar nada ao noso favor.

**11. “E que ser non sexa un falso xogo de palabras”. De que estamos feitos na nosa autenticidade?**

De respuestas innecesarias.

**12. “Escribo para ter a sensación de que desando o tempo”. A escrita, mesmo a pintura, fainos xogar co tempo?**

Fainos recuperalo. A memoria e a escrita son os zapatos que calzo cando desando a súa pegada.

**13. “A memoria é a perspectiva coa que fala no poema a palabra que afondamos na linguaxe”. A memoria propia é unha creación que ten más de real que de irreal?**

A memoria é a nosa casa, o único lugar que sempre espera por nós. Ata que a perdemos, claro.

**14. “A ausencia era a evocación do que tan só terá sentido nas palabras”. Cheos de ausencias é o tempo do amor a única salvación?**

O tempo da palabra compartida. Amamos para deixar de ser nós.

**15. “Concibe o baleiro como un diálogo co azar”. O inesperado como inflúe nas nosas vidas?**

Escribín ese verso pensando na miña experiencia como calígrafo. Azar, baleiro, poesía.

**16. “Alí a cidade cobra sentido lonxe da escrita”. Está separado ate que ponto o feito de vivir e o de escribir?**

Para min noutro tempo estaban moi unidos. Agora a cidade, por veces, faise máis habitable lonxe da escrita.

**17. “A poesía dialoga coa pintura sen emplegar palabras”. A pintura presente no libro en forma de composición vermella e negra, que quere aportar de plus?**

A caligrafía neste libro é unha invitación a deixarse levar pola súa lectura. Coido que este libro está cheo de voces, de todas as voces coas que me identifico.

**18. “Renunciarás á sintaxe artificiosa do discurso para evitar a ficción en canto escribes”. Ese outro poeta ao que te dirixes pretende crear unha linguaxe pura?**

Pretende escribir sen ánimo de facer literatura, sen ánimo de crear espazos de ficción.

**19. “A ferida é un lugar de paso”. Estamos en constante tránsito?**

Ir indo é o noso destino.

**20. “Escribo para evitar que a morte me comprenda”. Canto hai de pulsión de morte no poemario?**

A morte está sempre presente no que escribo e, posiblemente, unha das razóns disto sexa que a escrita permítanos dialogar, dun xeito íntimo e sereno, con aquelas persoas que quixemos e agora xa non están.

**21. “A patria que só existiu nas barricadas do poema”. A poesía é o lugar onde moras?**

A poesía é o lugar onde agocho.

**22. “Só pedía evitar o encontro, eludir a obriga de comprender”. Debemos comprendernos para avanzar como sociedade?**

Debemos aprender a escoitar. Hoxe moita xente chámalle dialogar a falar cun mesmo.

**23. “Escribes para non ter que actuar”. Palabras e actos como conviven?**

O compromiso cívico cada vez dáme máis preguiza. E a poesía unha pouca menos.

**24. “Che devolva nestes versos a confianza na linguaxe”. A linguaxe: é a súa función sandar as feridas da comprensión?**

A linguaxe é un refuxio, un lugar de acollida.

**25. “Escoitei voces e só recoñecín ausencias”. Estamos feitos do que perdemos?**

E do que nunca chegaremos a posuír.

**26. “Entro na fertilidade cun único desexo: comprender a vertixe que nos impide avanzar”. Cara onde nos diriximos como ente común?**

Cara o lugar de partida.

**27. “O poema é un camiño sen retorno”. Estás dalgún xeito atrapado na escrita?**

Que non haxa retorno non significa que esteas atrapado. Escribo para non ter que volver.

**28. “Escribo para non ser eu”. Que hai de real no poemario?**

Se algo destaca na actualidade é a incerteza do futuro. Se as predicións son sempre exercicios arriscados de adiviñación, agora mesmo a tensión na sociedade internacional non permite unha prospectiva que vaia máis alá dos distintos escenarios posíbeis. Alén do obvio, Cuba ten-se caracterizado por unha forte resistencia a cambios estruturais desde o 1991 e a posición da clase política dirixente continúa a ser a mesma, posibilitando evolución e cambios do propio modelo, no mercado interno ou na apertura externa, inspirados en boa medida pola China mais tamén pola experiencia doutros países como Vietnam ou da propia América bolivariana. No curto prazo un colapso do sistema e cambio de institucionalidade non se albisca no horizonte. No medio e longo prazo os acertos nas reformas necesarias serán fundamentais. Aínda habendo un forte desencanto en parte da sociedade cubana segue a existir unha ampla base popular que dá apoio diario e lexitimidade ao Goberno, así como unha estrutura estatal sólida, aínda que ineficaz e ineficiente nas súas propias palabras.

### **As dúas Coreas... algún día voltarán a unir- se?**

Existen diversos escenarios para o futuro da Península de Corea, que van da reunificación á guerra total. De feito, pode que os dous procesos estean agora mesmo abertos ao mesmo tempo. Hai burócratas e políticos traballando nas dúas posibilidades. Outra vez como no caso cubano e os escenarios fillos da Vella Guerra Fría, os contextos internos, así como a confrontación global entre os USA e a China, contornarán os acontecementos do futuro. No curto prazo semella inviábel unha Corea unida, mais case sempre a realidade vai máis rápido que os analistas.

### **A guerra do Vietnam supuxo un fito para o inicio da loita postmaterialista, pacifista?**

O pacifismo como corrente de pensamento e acción acumula séculos de reflexións e experiencias prácticas. O pacifismo é un movemento universal que permeabiliza moitas variantes de acción colectiva o que fai imposíbel a súa patrimonialización e a súa calendarización unívoca. No contexto dos USA dos anos 60 a Guerra de Vietnam é un fito particular dos límites da política belicista e da militarización global que implicou a Guerra Fría e ao mesmo tempo unha derivada máis dos cambios sociolóxicos profundos a nivel mundial, conectando co postmaterialismo e a defensa de novas identidades. No mundo occidental sen dúbida un fito, nos USA un trauma sen resolver e na actualidade un movemento global necesario agora mesmo desaparecido.

### **A política exterior de China, en que está baseada e cal é a súa finalidade?**

China e a súa política exterior entenden-se desde a lectura histórica e cultural do seu pobo e das súas elites, e especificamente desde a perspectiva da construcción da Nova China, coa chegada ao poder do PCCh. Nese marco, Xi Jinping e o xiismo, están a desenvolver con vehemencia un perfil máis activo no papel global da China, definitivamente desacomplexado e autoconsciente do seu poder na sociedade internacional. A apostila pola coexistencia pacífica, a non inxerencia en asuntos internos ou primar as interdependencias económicas para a prosperidade compartida son elementos estruturais do discurso internacional chinés. Isto identifica-se desde múltiples iniciativas e dimensóns, como a participación cada vez máis activa en Nacións Unidas ou a chamada diplomacia das vacinas, a nova Ruta da Seda (One Belt One Road, 2013) coma un grande proxecto de infraestruturas para conectar a China con Europa e África por medio de corredores continentais, rutas marítimas e outras infraestruturas, ou o acento permanente na idea da Comunidade de destino común... Así as

cousas, a traxectoria das últimas décadas foi a de animar un novo multilateralismo baseado nas interdependencias económicas e o volume do seu mercado, xa sexa cos BRICS ou a Organización de Cooperación de Shangai, na idea de transformar o sistema de normas internacional nun máis apegado aos seus intereses, no que acaban por converxer co mundo non occidental. Mais alá desta traxectoria e perfil construtivo, China tamén sabe falar a peor linguaxe dos Estados e está a preparar-se para escenarios de guerra total aumentando as súas capacidades militares a todos os niveis. Taiwán e as fronteiras actuais da China son sagradas. Recomendo dous libros do Xulio Ríos (fundador e Presidente de Honra do IGADI) “*La China de Xi Jinping*” (Editorial Popular 2018) e “*A Globalización china: La Franja y la Ruta*” (Editorial Popular 2019).

### **As intervencións dos USA... sobre que teorías políticas se apoian?**

O intervencionismo dos USA ten un continuum infinito de variedades, mecanismos, instrumentos, cos que hexemonizou o liderado do planeta desde a Segunda Guerra Mundial. Xa antes, a Doutrina Monroe definira unha visión continental para América que exportou ao mundo enteiro coas teorías sobre o Novo Século Americano a finais dos anos 90 coa caída da URSS. O intervencionismo vai da cooperación ao desenvolvemento tradicional, aos acordos militares e de seguridade con terceiros estados ás intervencións militares directas ou secretas... Sendo tan amplio e variado, as teorías que o sustentan van da defensa da democracia e as lecturas de parte dos Dereitos Humanos, máis acentuadas polo Partido Demócrata, á defensa aberta do libre mercado e os intereses americanos, máis acentuado polo Partido Republicano. En función dos liderados priman-se unhas aproximacións sobre outras, uns instrumentos ou outros.

### **A UE ten que retos en política interior?**

A UE leva desde o fracaso da Constitución Europea tentando atopar o seu lugar no mundo. En política interior todo pasa por atopar os mecanismos para unha maior axilidade, coordinación e identificación coa UE entre os Estados membros e as súas sociedades, moitas veces con demasiados intereses en competición e naturezas sociolóxicas e culturais confrontadas.

### **Evo Morales, Chaves e líderes populistas, como definen as súas políticas, ese populismo?**

O populismo é unha categoría pouco explicativa, xa que na actualidade os populistas sempre son outros, connotados negativamente. Así, se vamos a análise concreta, a chegada ao poder do Hugo Chávez no 1998 abriu na América unha vía electoral á construcción do socialismo democrático. Aquel proceso en Venezuela, primeiramente renovador das institucións e de carácter nacionalista, inspirou desde a idea de democracia protagónica (Constitución de 1999), as vitorias electorais de Evo en Bolivia ou de Correa no Ecuador entre outros. Toda aquela corrente de pensamento e acción acabou por cristalizar na construcción do Socialismo do S.XXI, que a día de hoxe, e xa na segunda década dos XXI segue a amosar unha grande capacidade de resistencia así como de apoio popular, mais tamén unha grande capacidade de xerar decepcións en termos de socialismo democrático.

### **A loita pola igualdade, a liberdade, a felicidade mesmo é a causa de accións políticas?**

Desde as teorías da democracia, conseguir a máxima felicidade posible para o máximo número de cidadáns sería a máxima aspiración da mesma. Na base e fundamento deste proceso desde as miñas lentes europeas estarían as consignas da Ilustración e da Revolución francesa, liberdade, igualdade e fraternidade... Mais alá do idealismo que tamén move o mundo, o materialismo, os intereses nacionais e de clases, acaban por acoutar e limitar esa visión idealista da democracia como forma de goberno. Os Estados xogan a linguaxe dos Estados, nuclearmente, como ben se ve, desde os seus aparatos militares e de defensa e seguridade, sempre conectados ás élites económicas.






### **O humanismo é o punto débil do goberno ruso?**






A Rusia de Putin caracterizou-se nas últimas década por un militarismo ascendente, que tivo na invasión da Ucraína o seu último e dramático episodio por agora. Canto de responsabilidade existe na apostila interna nacionalista rusa, ou canto de reacción hai na invasión ás inxerencias estranxeiras para erosionar o seu poder na súa zona de influencia saberemos-lo mellor no futuro. Mais se o obxectivo da “operación militar especial” era erosionar a OTAN e desgastar ao poder occidental, o seu grande erro foi dar a razón aos servizos de intelixencia dos Estado Unidos e o Reino Unido arredor da potencial invasión da Ucraína. En semanas as élites e a opinión pública europea, desencantada da OTAN e desexosa da autonomía estratéxica na última década, volveu á defensa do atlantismo militar de maneira praticamente homoxénea. O humanismo é defender os valores fundacionais das Nacións Unidas e a resolución pacífica de conflitos.


### **A solidariedade internacional a quen e que implica?**



A solidariedade internacional, entendida coma o mellor humanismo posíbel deberá implicar a todas as sociedades e a todas as persoas, en relacións de igualdade, inclusivas e mutuamente enriquecedoras, de recoñecemento do outro. Lamentabelmente a fragmentación do planeta que edificaron o colonialismo e o imperialismo hai xa séculos, así como as novas formas de inxerencia polas antigas e novas potencias, fai desa solidariedade un proceso imposíbel se non se realizan esforzos conscientes e sostidos no tempo de empatía e coñecemento mutuo en todas direccións.



**Nº 12. Árbores, ceos e estacións (vixaxes en tren en Franza)**


































































## Nº 13

Allegro molto vivace

Mais nenhuma vez pergun  
Je te fizes, vai aí  
não disse  
o instalar não mude a figura  
você, posição de vida que  
se desfigura é舞  
ou se vê-te pede-lhe amor  
então, agora, os figurinos desfazem  
se e substituem-se no Zélos hi  
jazia  
a paixão donde banca  
ou bairrada.  
que fizes lá, sólido, não de  
força

A bimba da praça em rito a  
já leu o seu  
Mal é um rito mais bonito  
e estal agora.  
é reproduzir o seu Eu esse  
Mal torna é um Deus  
os capitães seguram-nos os  
párvulos é um rito  
in rito não é a história  
tanto mas os que ignoram e  
preferem  
les fizer, matam-nos em faldas  
..., para amar!

miragem, mirage... em mirage  
e conjugal mirage tem regras,  
água com a excepção  
e por isso expõe-se bato  
exceções e outras, desligadas  
e viver como exige  
na cura do casamento  
dicas dadas os meios de estatuto  
em mal - causa que serve  
fui criado  
falsa elata se vira e tradições  
o velho que levará de  
saudade

mais paixão.  
Ai, estás nisto, por que  
forçados a manter?   
os rios de certas intercessões  
e paixão  
raçam os rios do amor que  
querem fazer.  
não?  
Re... só?  
e continuamente de adorar  
intercessões  
Nós adoramos cada dia  
Ai por que se queria

a importância da cultura  
do Brasil.

$$\frac{3x}{5} = y + 6x$$

number of fatalities  
resulting

JIM  
A. Kino Ovi, inmate

A simegoa guatice  
Me te apitas no me e  
vodes abai ...

Se pides permiso . . .

2 o Bruxer false:  
"non non bruxer, nō natare."

and express your views also a  
little.

a sollte 60 minuten lang an - passen  
durch abgängte nachgebauten  
+ mittlerer an - passungen  
wegen lokaler + regional - ansetzungen  
von seite der witterung

a chance now to grow...  
respirate.

NÃO  
nunca, embora ele disse que  
não era verdade  
negar ou mentir o resto do resto  
se no meu caso posso fumar  
ou se não tem mais caso  
ainda temos que fumar  
exemplo: o paciente 3 vai dizer  
que é fumante.

### Anatana pitagórica

ce jeu ne fait pas  
qui attire toutes les bêtes  
Sous insiste en vigueur des  
troupeaux  
de moutons, de vaches, de brebis et  
à un  
vaste ouvrage est bâti  
dans  
en si ample et au-delà  
terminal abîmant, couvert  
moins des turbines un tiers  
représentant avec un péril  
de colosse

Megállhat-e az út a művészeti  
fesztivál  
és a görög szabadtéri színpadon?  
Éppen oda megnéztem.  
Sokszínű volt a hely!-  
Van gyereki: Ilyen a hős  
O tiszta, boldog. A felhő  
nem szüntetné meg az életet,  
nem szüntetné meg a gyereket. A felhő  
nem szüntetné meg a művészeti  
konzervatóriumot, nem miniszteri  
Címzetes államtitkárát.

L'esquilibrio no pot parar fa-  
miliar

Ja + ticle de "notable"  
forenem? i el vint?

Ento n'areu scrivut,  
incloent a una epifòbia  
apenaçó prop de xifres no  
tinc més sentit ja?

Les epifòbias n'hi ha diverses  
que la matemàtica, per exemple,  
o algunes

Avui en dia estic des morat  
cada nit.

Algumas raras fases num  
seu uso atípico devem  
anotar.

Também se notam germinis  
que em seu uso deve de fizer-se de  
necessidade haver uma antecedência de  
tempo

se ne caem outras bactérias de  
mato, como o curvo e fino  
ou agachada, etc que nascem  
e ad. de novo

uma entedragis é uma entedragis  
que com mais ou menos entedragis a  
crescerem nessas plantas

estudante me pede de  
nunca - eu queria que nunca  
me deixasse a +  
gostar de si e de ser demonstrado  
+.  
o sonho daquele  
que lheve, apagado  
a noite ou o dia que apagaria  
lhe deixa-te!  
o que apaga-me se não tiver  
o cérebro da memória e aquela  
criança e apagada, apagando  
apagando, apagando, apagando  
remontar. Quer fazer-lhe?

# Illa Bucle Groenlandia

Se nos achegamos á forma de mirar, de ver, de ollar... de margarita ledo, acharemos un mundo permeabilizado por unha identidade, outra, a das alteridades, que pon no foco tanto á neve, como ao equilibrio, como á loita. Neve, loita, equilibrio... trata- sede procesos de construcción doutras vidas, a das personaxes, nos que o real está sempre presente.

A realidade que nos, lle fai, gardar osurrealismo no corazón, nun corazón frío... así o de breton vendo os debuxos de nadja, para el horríbeis. Así o seu corazón conxelado. Así o amor tamén.

Estamos perante 3 curtas inéditas quedesignifican a perda, e atopamos o encontro, nunha corda frouxa; e nosilencio dos berros que non emitimos. Nafraldade do xeo que desaparece coa calor. Emanado dos corpos destas mulleres, encalidecemos nós mesmas; até a extenuación. Porque aceptamos o reto.

E proclamamos a consigna de termos todas, todo o tempo. Unidas nun bucle temporal que nunca nos fai estar soas. As mulleres republicanas e a súa resistencia apostulados fascistas e patriarcais.

Vén sendo a loita por excelencia do séculopasado. E mentres, maría casares escolleun vestido de cor branca; e casa con albert camus. E o amor permanecerá para sempre. Ese vestido é a expresión visualen m. ledo dun fragmento amoroso que noinocuo ficará como imaxe transcendente.

Non hai apenas voz nestas 3 curtas pero siescoitamos as reivindicacións no espazo desan simón, na illa destas mulleres. A súavoz remite ao seu corpo, ausente, e po-nofóra de campo. Unha aparición, unha alma, un espírito. Colectivo.

Gravar- en *mise-en-abime*, un recurso quenos ofrece o corpo, e o espíritu, demargarita ledo. Ela tamén unha personaxedas súas obras. E vemo-la coa cámara, facendo o que a ela más lle gusta. Facercinema. O cinema, un lugar onde pousar acabeza. Ela que ten os seus espazospredilectos: París, Galiza, Cuba....

E está atravesada por eles, tamén Portugal, pero podemos dicir que m. ledo eunha "afrancesada", porque a guerra daindependencia non nos obsequiou co estado francés, e ficamos á marxe de europa.

A pureza, a cor branca, nun mundo cheo de escuridade e incertezas. A verdade comomaterial fundamental do cinema. E si, oreal, a política, en tódalas súas manifestacións. As mulleres que loitan porunha realidade más pura, más certa. Unha realidade que nos permitiría a todas sermáis felices.

Porque m. ledo é feliz. E esa felicidadetamén lla trae o cinema. E nós somos felices ollando. Ollando-a. Ollando- nos. Mulleres que berran, que se queren, que transitan os mesmos espazos, os mesmostempos, xuntas.

A soildade queda á marxe e mantemo-nos nas mesmas coordenadas: "eu só quero ser o teu amigo". A amizade, motor *sine qua non* dunha batalla na que permaneceremos unidas. E penduramo-nos no ar, sen medo, unha coa outra, porque aquí non é posibela caída.

Só os voos. Só voar. Paxaros que cantan porque son libres. Sen medo a caer, adeixar o ceo. Un ceo xélico que arrefriá todo o territorio. Unha praza chea de xeo. Unhas esculturas naturais, modeladas pola fuerza dos ventos e rexistra-o. Rexistramos que queremos "pour toujours". Tal calesa escultura de pedra; o corpo dunha muller núa. O cinema.

## **Entrar e saír do capitalismo. Conversa con Borxa Colmenero**

**Borxa Colmenero Ferreiro** é doutor en dereito pola Universidade da Coruña e doutor en Teoría Política pola Universidade de Santiago de Compostela, fai parte do grupo de investigación ECRIM (Criminología, Psicoloxía xurídica e Xustiza penal no século XXI) da Universidade da Coruña, do grupo (Des)Leitura: Filosofía, Ciéncia e Arte da Universidade Estadual de Londrina (Brasil), ben como do grupo de producción e teoría crítica galega Clara Corbelhe.

Exerce como avogado desde 2009, actualmente no escritorio de Xoán Antón Pérez Lema sito na cidade da Coruña, e é profesor- colaborador da Universitat Oberta de Catalunya, ademais de ter sido docente nas áreas de derecho crítico e pensamento político no 17 Instituto de Estudos Críticos e no Colegio de Michoacán de México.

Os seus campos de traballo esténdense desde os estudos do governo neoliberal, ás novas subxectividades e ás formas de control social-penal contemporáneo. É autor, entre outras publicacións, de *Vidas culpáveis. Ou controlo neoliberal do crime* (Santiago de Compostela, Laioveneto, 2017).

## 1.

### Lei do talión



#### un pre-dereito?

A “lei do talión” hoxe podemos repensala como a máxima expresión do poder de soberanía dun estado, exercida na represión contra as ameazas á orde social e aos consensos que sobre ela se articulan. Desta perspectiva, non estamos ante un derecho anacrónico mais diante dun fenómeno plenamente vivo. Que na miña opinión, tería sobrevivido nos confins do estado de derecho como condición de posibilidade do propio estado liberal, como apuntaba Carl Schmitt. A norma xurídica, mesmo que ela for garantista, encerra a súa excepción; isto é, a suspensión da normalidade para actuar por fóra das garantías democráticas constituídas contra os seus *inimigos*. Entender esta lóxica xurídica é fundamental para explicar a regresión en materia de dereitos e liberdades que vivimos na actualidade en estados formalmente democráticos. A ferocidade represiva contra os migrantes, contra os sectores máis empobrecidos da sociedade, contra os movementos políticos críticos, etc. só pode explicarse nesta dupla forma de xestión do social que teñen retratado autores como Agamben. Por iso eu non lle chamaría de pre-dereito, mais de pre- requisito do derecho nacido da revolución burguesa e do capitalismo, comezando pola “Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán de 1789” en Francia.

## 2. Os GAL, exemplo de exepcionalidade?

Con certeza, os GAL constitúen un exemplo ben próximo da expresión do poder soberano do estado español. Xurdido do chamado “estado profundo” para traballar na ilegalidade co obxectivo de restaurar a legalidade ameazada pola independentismo vasco. Nesta aproximación do principio soberano schmittiano a lei é sempre sinónimo da orde instituída polo poder, e nela o antagonismo, en tanto cerne do principio democrático, é expulsado da acción política.

## 3. ONU 1960, proclama o dereito á independencia dos países colonizados... que ten de actualidade?

Existe un amplio recoñecemento do dereito de libre determinación dos pobos no derecho internacional. O artigo 1º do Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos de 1976 asinado por praticamente todos os estados occidentais reza: “*Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación. Na virtude deste dereito establecen libremente a súa condición política e proveen así mesmo o seu desenvolvemento económico, social e cultural*”, porén, a súa aplicación na realidade ten resultado más complexa. A principal doutrina ten entendido que este dereito se expressa de dous modos diferentes. Por un lado, cando un estado que é plurinacional permite formas de autogoberno ás minorías internas, respectando, así, a súa lingua, cultura e idiosincrasia. Por outro, este dereito de autodeterminación, entendido como dereito de secesión, é exercíbel cando non concorre a situación anterior. Este último suposto

está, polo seu contexto histórico-político, limitado ao que se ten denominado como “colonias” do terceiro mundo, ocupadas, mesmo militarmente, polas potenciais europeas, sobre todo, en África e Asia. O debate xurde, entón, con aqueles outros territorios que, non sendo “colonias” no sentido clásico e formando parte do países do primeiro mundo (Francia, Reino Unido, Canadá ou España), manifestan unha vontade nacional e unha aspiración a se constituíren en estados independentes. Pois ben, do punto de vista do dereito internacional actual podemos afirmar, simplificando, que non existe amparo xurídico. Ora ben, isto non significa que estes territorios carezan do dereito a súa libre determinación, mais este debe ser resolto, fundamentalmente, a través da batalla política interna no estado ao que pertenza. Na miña opinión o dereito de autodeterminación é, antes de máis, un meta-dereito sen o cal non é posibel o posterior desenvolvemento dos dereitos e liberdades democráticos individuais e colectivos. Noutras palabras, sen autodeterminación non hai verdadeira democracia. E esta é unha disputa política.

#### **4. A Constitución de USA “*we the people...*” unha das primeiras fitas onde se lexitima ao povo?**

Nos últimos anos teñen tido, más no pensamento político que no xurídico, unha notable recepción os traballos de Bruce Ackerman, un dos grandes referentes do constitucionalismo estadounidense da radicalización democrática. Para este autor, en síntese, existen momentos de ampliación de dereitos, fronte a outros momentos de contracción, dentro do mesmo cadre constitucional en que o pobo se pode afirmar como o auténtico portador da lexitimidade do estado. Sen dúbida a tese de Ackerman é moi interesante. Mais para mim ofrece dúbidas na súa aplicación nun contexto como é o europeo e, especificamente, o español. O proceso de construcción dos Estados Unidos e os dos estados europeos é radicalmente distinto. Se os estados europeos encontran a lexitimación na noción de soberanía nacional - diferente da soberanía popular-, que seguindo a visión *hobbesiona* cede nel a súa capacidade de decisión a cambio de protección. Esta cesión é, por encima de todo, a cesión do monopolio da violencia, na medida en que a violencia é o poder, como diría Walter Benjamin. Isto fai que os estados e a súa arquitectura xurídica sexa piramidal, situando na cuspide unha ríxida norma suprema (*a grundnorm*). Pola contra, nos Estados Unidos o proceso foi ao invés. O pobo é o único depositario do exercicio da violencia e, por tanto, do poder, e o estado constrúese en tensión co pobo que é o único soberano. De modo que nos Estados Unidos se estableceu un tipo de relación entre o estado e o pobo moi específica que permite os avances (ou retrocesos) en dereitos e liberdades a partir dun constitucionalismo flexible, fronte a un constitucionalismo ríxido como é o europeo.

#### **5. A vontade e as esencias no concepto nación? Nación e pobo, que especificidades teóricas e prácticas?**

Seguramente as lecturas más interesantes do concepto de nación teñen sido as desenvolvidas por Anderson, Hobsbawm ou Ranger, como constructo social do estado moderno impulsado polo nacente capitalismo. Pois ben, eu penso que é que nesta tríada nación-estado-capitalismo onde deben centrarse as análises para entender a natureza, as posibilidade e os límites no presente desta noción. Ao meu xuízo, sintetizando, a nación é un conxunto de relacóns de poder que se manifesta na estrutura social, cultural, económica e política de un determinado territorio. Desta perspectiva, as nacións son dispositivo de goberno vivos, móbiles e transformables, que, tanto poden servir para conservar o “status quo” como para mudalo.

#### **6. Democracia participativa... que desafíos xurídicos?**

Para abordarmos as posibilidades e límites do que se ten denominado por “democracia participativa” debemos ver antes porque xorde esta proposta. Esta xorde como unha resposta á crise democrático-liberal que vivimos nas últimas décadas, ou sexa, o esgotamento da confianza nas institucións, nos partidos políticos, nas formas de gobernanza, mais tamén

produto da crise económica, da desigualdade e da incerteza social. Diante desta crise, que é fundamentalmente de lexitimidade, o que se propón é recuperar a participación da ciudadanía nas decisións do estado como forma de a restaurar. Ora ben, as propostas de democracia participativa non afrontan os grandes problemas democráticos, senón que limita a participación cidadá á mecanismos puramente formais, baleirados de contido político, que se asemella máis unha sorte *feedback* comercial que a unha intervención directa do pobo na xestión pública. Así sendo, do punto de vista xurídico non supón unha innovación significativa, pois a constitución española do 1978 xa prevé formas de participación a través das iniciativas lexislativas populares, referendos, dereito de petición, etc. O verdadeiro repto, neste sentido, sería pasar da “democracia participativa” para unha “democracia directa”, que si supón a recuperación da soberanía por parte do pobo, tomando partido, sen intermediacións, na xestión social, económica e política da vida pública. Mais isto implicaría unha transformación radical do réxime constitucional.

## **7. Descrédito en política democrática?**

Ligando esta pregunta coa anterior, diría que o grande problema da democracia é, precisamente, o “*demos*”, ou sexa, o pobo como suxeito político, e as dificultades para a súa ampliación nun contexto de escaseza como o que vivimos. Se ao longo da historia a ampliación do “*demos*” foi o principal motor do proceso de democratización, esta ampliación entrou en crise. Así, se o recoñecemento dos dereitos civís e políticos, primeiro a todos os homes, e non só aos notábeis, a seguir ás mulleres, despois os dereitos das minorías sociais e, eventualmente, aos migrantes; esta ampliación, entendida como inclusión na nación política de todos os integrantes do “*demos*”, do pobo, só foi posíbel dentro dun contexto de desenvolvemento capitalista e progreso económico que hoxe, podería, chegar ao seu fin, tal e como o entendemos até o momento. O descrédito da política democrática é, antes, un descrédito teleolóxico.

## **8. As Pussy Riot e o seu encarceramento e posterior excarceramento... que posicións perante a lei?**

O que máis me interesa do caso das Pussy Riot é o que significa en termos de aplicación do excepcionalismo. Como sinalaba anteriormente, a normalidade política e xurídica dun estado, contén no seu adentro a excepción. E a excepción non é tanto unha resposta da brutalidade do poder contra os seus *inimigos*, mais, pola contra, é unha técnica de goberno. Segundo coa perspectiva agambeniana, consiste en desposuir da condición de cidadáns de dereitos e liberdades, na deshumanización, daqueles que atacan os consensos da normalidade e que non poden ser combatidos a través desa mesma normalidade. Este é, acho, o caso das Pussy Riot. O importante non é se eran culpábeis dalgún delito, ou se o seu encarceramento era conforme a derecho, o relevante é que eran unha ameaza para a “normalidade”, é dicir, contra a orde social constituída na Rusia. Ao meu xuízo é aquí onde temos que pór o foco da crítica: entender que o derecho é, en última instancia, un medio para o poder, non un fin en si mesmo para restaurar a paz social.

## **9. Por que factores un estado se sinte ameazado?**

Fundamentalmente, un estado síntese ameazado cando é incapaz de garantir a orde social e económica nel instituída, unha orde que é naturalizada política e xuridicamente a través de consensos e lexitimidades. O estado entra en crise cando estes consensos e lexitimidades deixan de ser funcionais.

## **10. Para que serve un estado?**

Continuando co razonamento anterior, o estado serve, antes de mais, para garantir unha orde social determinada, transformándose ao tempo que esta orde social se vai reestruturando na súa relación dialéctica coa sociedade. Unha lectura que, acho, encaixa coa natureza violenta

do estado descrita por Benjamin, como entidade que tanto é conservadora de dereito (poder) canto creadora dun novo dereito (poder).

### **11. O estatuto xurídico das mulleres... que evolucións?**

Do punto de vista xurídico, a igualdade e, en concreto, a igualdade de homes e mulleres é un principio ordenador do cadro normativo. Formalmente isto é incuestionable. Mais o reto da igualdade, e por extensión do conxunto de dereitos e liberdades para unha sociedade plenamente democrática, é o contido político destes dereitos. Noutras palabras, a democracia non é un procedemento ou só un marco normativo, senón unha batalla política interna que dota de significado material os dereitos. E isto, penso, é o que está facendo o feminismo nos últimos tempos, ir alén das políticas de igualdade para pasar a ser recoñecidas como suxeitos políticos propios. E iso ten provocado unha contra-reacción nos sectores máis conservadores da sociedade e da xustiza, moito más cómodos na igualdade formal.

### **12. A “happycratie”, o desafío da felicidade cidadá as leis deben servir para consegui-la?**

A “happycratie” é, para mim, un produto máis do avanco da lóxica neoliberal. A aspiración á felicidade como motor do individuo que debe tentar cumplir os seus soños, desenvolverse e converterse nun *empresario de si*. Esta ligazón xa foi advertida hai máis de 20 anos polo sociólogo Ulrich Beck no libro “*Un novo mundo feliz*”, en que expón como a prometida felicidade veu acompañada do desmonte das políticas de benestar, da flexibilización do mercado laboral que se ten traducido en alta precarización e da fragmentación social e o individualismo. O problema de aspirar, sen termo medio, a ser un *winner* e que, se callar, acabas antes sendo antes un *loser*. Coido que a función da lei non é garantir a felicidade. A función da lei debe limitarse a balizar o marco do desenvolvemento persoal baixo condicións materiais obxectivas para unha vida digna e en igualdade. A felicidade non debe ser un obxectivo político, nen sequera. Penso que aquí sempre incorporar as teses da psicoloxía crítica para confrontar o mito da felicidade como aspiración vital.

### **13. O multiculturalismo... necesidade de leis que promovan a integración?**

O problema é o propio concepto de integración. Sobre isto ten polemizado o filósofo Slavoj Zizek, opónendose ás políticas multiculturais por canto son forma de integración nas relacións capitalistas da suposta diversidade cultural. Neste sentido, o concepto integración significa inclusión no capitalismo, e a diversidade queda restrinxida a unha cuestión “estética”, a modos de vida, pero nunca a un pleno recoñecemento dos suxeitos. Aliás, a integración da diversidade é sempre o paso previo para a súa posterior disolución. Isto vese perfectamente nas segundas e terceiras xeracións de migrantes, por exemplo. Desde logo eu non teño unha resposta, pero coido que hai que estar moi vixilantes con este tipo de políticas para vermos a que función obedecen.

### **14. Entón o multiculturalismo, desde o teu punto de vista, non responde á integración?**

Apropiándonos libremente da tese do filósofo esloveno Zizek, o actual multiculturalismo do estados sería, antes, unha ficción de diversidade que tería por obxecto ocultar os procesos reais de subalternización das minorías e migrantes.

### **15. Unha cultura hexemónica exerce de xa dominación?**

Para falar de cultura e hexemonía resulta ineludíbel recorrer a Gramsci. Segundo o sardo, a dominación só é posible a través da coerción, e esta forma de governo é sempre inestável. Por tanto, para o poder ser mantido sen recorrer á dominación sobre a poboación o mecanismo desenvolvido nas sociedades do capitalismo contemporáneo é a hexemonía cultural. Esta hexemonía, que eu chamaría “racionalidade”, ordena as condutas, as prácticas e as subxectividades que permite circular polo corpo social con “normalidade” unhas concretas relacións de poder. Por tanto, o grupo social que é capaz de exercer esa hexemonía dentro do

conxunto da sociedade -que é capaz de marcar o “normal”- é quen controla o rumbo da sociedade mesma, sen necesidade de coerción directa.

## 16.

### A comuna de París



#### que leis sostentan a abolición da propiedade privada?

Dentro do cadre xurídico liberal e, especificamente, o ordenamento xurídico español, ningunha. Os límites á propiedade privada constitucionalmente son dous: a expropiación por interese xeral circunscrita a bens para infraestruturas do estado e un límite sen un desenvolvemento normativo que é “uso social da propiedade”. Creo que hoxe resulta absolutamente fora do “sentido común”, no sentido *gramsciano*, colocar no debate público a abolición da propiedade privada. Pois esta constitúe un dos piñares básicos das sociedades contemporáneas xunto á liberdade individual, garantidos pola constitución e polo dereito comunitario. Esta foi, sen dúbida, unha das grandes derrotas no terreo ideolóxico apóis a queda da URSS. A imposibilidade de discutirmos socialmente sobre formas de reparto da riqueza, mais áinda agora, nun momento de escaseza e contracción como o que vivimos. Deste xeito, recuperar imaxinarios como o que representou a Comuna de París en termos emancipatorios pode ser interesante para pensarmos nun outro mundo e reabrir debates fechados. É por iso que a memoria histórica é fundamental, pois permite incorporar no presente as experiencias do pasado.

## 17. Leis que protexen aos animais... cara un veganismo universal?

As leis de protección animal acho que son unha das materias pendentes, mesmo para aqueles que temos unha visión crítica da sociedade e do dereito. É un debate complexo, mais que nalgún momento debemos dar como sociedade, alén da punición do maltrato e tortura animal.

## 18. Capitalismo e anarquismo. Que lugar para o anarco-capitalismo?

O denominado “anarquismo de libre mercado”, nacido da Escola Austríaca de Economía, é, antes de máis, unha corrente constitutiva do neoliberalismo actual, que áinda non sendo hexemónica ten marcado fortemente o devir deste. E autores como Mises, Böhm-Bawerk, Rothbard e, nomeadamente, Hayek, son imprescindíbeis para entender o que podemos chamar “suxeito neoliberal”. Isto é, un suxeito-empresarializado que adopta unha posición vital onde a economía penetra a súa vida e conxunto das súas interaccións sociais. Deste perspectiva, non vexo esta corrente como un fenómeno marxinal ou radical, independentemente do suceso das súas expresións políticas; senón que é un pólo construtor da racionalidade neoliberal que xa hoxe nos goberna.

## 19. A acumulación e a escaseza. Cal ten más forza?

A acumulación e a escaseza no capitalismo, tal como recolle a tradición marxista, non son antagónicas. Mais ao contrario, a acumulación dáse, fundamentalmente, en contextos de escaseza e este é un fenómeno plenamente vivo, como nos explicara Harvey coa súa noción de “acumulación por desposuimento”. Para este autor en lugar de producir riqueza, hoxe a acumulación de capital no marco dun capitalismo en crise, o que estaría provocando é, principalmente, unha apropiación do capital preexistente, sen que este produza xa máis riqueza. Entender esta relación, na miña opinión, é fulcral para o desenvolvemento de políticas económicas verdadeiramente transformadoras. Pois do contrario o que se estaría a dar é un proceso de agravamento da crise, como podemos observar coas medidas contra a suba dos prezos das enerxías, por pormos un exemplo cotiá.

## 20. A revolución, que e para que?

Eu diría que a revolución é a capacidade de imaxinar outros mundos alternativos ao actual, mundos en que a igualdade, a liberdade e a xustiza social sexan os eixos vertebradores. Como sinalou o filósofo Fredric Jameson, a grande vitoria do capitalismo ten sido, precisamente, a anulación da nosa capacidade como sociedade para pensarmos nun mundo diferente. Deste

xeito, asumimos como sendo naturais e inmutábeis as formas sociais, económicas e políticas de hoxe. E, respondendo a segunda parte da pregunta, a revolución serve, pois, para activarmos a imaxinación colectiva, é a ferramenta para enfrentar o escuro presente.

## **21. Como entedes o concepto liberdade?**

A liberdade é a capacidade que ten o individuo para se autodeterminar. Porén, a liberdade só é posíbel nun contexto de igualdade material, substantiva, e non só xurídica, formal, como a entende o liberalismo. Por tanto, para mim, a liberdade e a igualdade son parte indisolúbel do mesmo concepto, e, á vez, a condición de posibilidade para a xustiza social.

## **22. A acción colectiva, que poder ten?**

Ten todo o poder. Dito de outro xeito, non existe posibilidade transformadora sen acción colectiva, sen suxeito colectivo, na medida en que o poder non é unha “cousa”, nin se encontra nun “lugar”. O poder, seguindo a Foucault, é unha relación social que atravesa o corpo social, e, por tanto, o seu exercicio é sempre colectivo. Aliás, o poder non é esencialmente represivo, senón constitutivo. Deste modo, só colectivamente se pode exercer.

## **23. Idealismo e materialismo. Como se imbrican?**

Fuxindo dos grandes debates que a filosofía ten dado ao redor destes conceptos, diría que na lóxica neoliberal coexisten un sorte de idealismo e materialismo como elementos co-constitutivos do suxeito. Un suxeito, como xa dixemos, que toma consciencia do seu “eu” autoxerido, como “suxeito de si”, e que se expresa materialmente a través de conductas, prácticas e subxectividades que se resolven na sociedade- empresa.

## **24. Onde queda o ser consciente?**

Con certeza, esta visión podería levarnos a un punto crítico en que desaparece o suxeito, que fica reducido a unha construcción social. Eu non concordo con esta tese, o que afirmo é que o neoliberalismo antes que un modelo económico ou unha ideoloxía, como din Dardot e Laval, é unha forma-de- vida que penetra as subxectividades. Ora, este é un proceso imperfecto, en que o que podemos chamar suxeito consciente se resiste, e nestas resistencias estarían, se callar, as hipóteses de transformación.

## **25. Que factores atravesan o suxeito colectivo galego? Que lugar para o galeguismo?**

O suxeito galego non é mais do que a comunidade humana que historicamente ten habitado este territorio, que se foi forzando na súa relación entre si e co seu medio, dando lugar a unha formación social, económica e cultural propia. Mais que hoxe se atopa nun proceso de mutación nos seus elementos constitutivos, xa ao borde da irreversibilidade, como resultado das fondas transformacións provocadas polo capitalismo contemporáneo e a subalternización española. O galeguismo, como movimiento de emancipación nacional e social, é, antes de máis, a tentativa reverter este proceso de mutación. Noutras palabras, o galeguismo é a resposta, propia e xenuína, do pobo galego, para afrontar os retos do futuro por si mesmo. Polo que entendo o galeguismo, o soberanismo galego, non como a Galiza do pasado, mais a única posibilidade de unha Galiza para o futuro.

## **26. A xustiza social, como se acada?**

Esta é, indubidabelmente, unha pregunta moi complexa, mais diría, como non se acada. Non se acada se non hai liberdade e se non hai igualdade. A xustiza social debe ser, pois, o resultado dun proceso dialéctico de transformación da sociedade que debe darse a nivel político, cultural e económico nun horizonte de emancipación.

## **27. A autodeterminación (persoal), en que medida está limitada?**

Vou ser moi marxista nunha primeira resposta rápida, a principal limitación á autodeterminación persoal son as condicións materiais de vida da persoa. Ora, con isto non

pretender negar a complexidade de factores que operan na construcción dos suxeitos (xénero, etnia, cultura, etc.) como elementos constitutivos da subalternización e, por consecuencia, operadores de limitacións internas á libre determinación; ao contrario, na miña opinión, todos estes factores forman parte da estrutura material da sociedade.

## 28. Exemplos de resistencia

Dímos Foucault que “*onde hai poder, hai resistencia*”. Por tanto, en todo lugar temos mostras de resistencia, sexa individual ou sexa colectiva, cando asistimos a situacions de dominación, de disciplinamento e de control social. A resistencia é consubstancial a todos os procesos sociais, e non existe proceso social sen ela. O grande reto, neste sentido, é que esta resistencia se poida (re)articular para mudar a situación. E aquí é onde os exemplos escasean, pois os mecanismos de integración do antagonismo nas sociedades contemporáneas son moi eficaces para alén de seren funcionais.

## 29. Que pensas do concepto identidade “nómade”?

A identidade nómade, ao meu xuízo, é unha tentativa de desterritorializar o suxeito asociada ao capitalismo global. Un suxeito transfronteirizo, que adopta unha posición vital como sendo máis un fluxo máis do capital, e que coloca os estados-nación como un obstáculo para a súa circulación. Esta tentativa de identidade tivo as súas posibilidades de éxito no momento expansivo do capitalismo, especialmente, na década de 2000, chocando contra os seus propios límites en 2008 coa grande recesión. De facto, despois do crack de 2008 o que vivimos é mais ben un repregue identitario dos capitalismos nacionais en todos os estados occidentais que daría, acho, que por apagado este nomadismo neoliberal.

## 30. A sociedade global, realmente existe?

En absoluto. A ficción da sociedade global opera sobre dúas negacións. A primeira, a exclusión da condición de “globalidade” dos migrantes do Sur. Isto é, nun mundo cada vez mais interligado, máis número de persoas son excluídas desta conectividade. A “globalidade” circunscribese, entón, aos estados dos capitalismo occidental e, nomeadamente, á chamada “Europa fortaleza” cuxas muros son infranqueábeis. A segunda negación son os límites do proceso expansivo do capitalismo que sustenta esta sociedade, cada vez más evidentes, nunha situación de escaseza de recursos como a que vivimos.

## 31. A subalternidade e a alteridade, poden converxer?

En realidade non pode haber subalternidade sen alteridade. En toda sociedade o proceso de subordinación social pasa previamente polo proceso de construcción do “outro”, que é o suxeito que recolle toda a negatividade. O que se produce, na miña opinión, é un proceso de baleirado da condición de cidadanía, para que logo poder operar a subalternación. Isto vese claramente nos migrantes, os disidentes políticos ou minorías sociais, que son identificados como seres non- cidadáns, un “outro”, que pode ser sometido social e mesmo xuridicamente a normas de excepcións sen que a normalidade se vexa afectada, por non se sentir interpelada. Aliás, a alteridade é o mecanismo de xustificación, e até da propia existencia do status quo, de modo que o “nós”, os cidadáns integrados na normalidade, existimos porque existen un “outro”, que non só ameaza a nos existencia senón que nos constrúe polo seu natureza performativa. Esta lóxica funcionada para a clasificación social de linguas, culturas, minorías nacionais, migrantes, etc.

## BIBLIOGRAFÍA DE BORXA COLMENERO

- AGAMBEN, G. (2004), Estado de Excepción (homo sacer II, 1), Pre-textos, Valencia.  
AGAMBEN, G. (2006), Homo sacer, el Poder Soberano y la nuda vida I, Pre-textos, Valencia.  
ARRIGHI, G. (2007), Adam Smith en Pekín, Akal, Madrid.

- ANDERSON, P. (1998), ¿Qué es el neoliberalismo?, Tiempo Presente, Bogotá.
- BADIOU, A. (2010), Filosofía del presente, Capital Intelectual, Buenos Aires.
- BAUMAN, Z. (2005), Trabajo, consumismo y nuevos pobres, Gedisa, Barcelona.
- BAUMAN, Z. (2007), Vidas de Consumo, Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires.
- BECK, U. (2007), Un nuevo mundo feliz. La precariedad del trabajo en la era de la globalización, Paidós, Barcelona.
- BECKER, G. (1993), Human Capital, University of Chicago Press, Chicago.
- BELL, D. (1991), El advenimiento de la sociedad postindustrial, Alianza Universidad, Madrid.
- BENJAMÍN, W. (2010), Crítica de la violencia, Editorial Biblioteca Nueva, Madrid.
- BENJAMÍN, W. (2012), Escritos Políticos, Abada Editores, Madrid.
- CHIAPELLO, E. (2002), El nuevo espíritu del capitalismo, Akal, Madrid.
- BOUTANG, Y.M. (2007), Le capitalisme cognitif. La nouvelle grande transformation, Éditions Amsterdam, París.
- CASTELLS, M. (2000), La era de la información. Economía, sociedad y cultura, Alianza Editorial, Madrid.
- DEBORD, G. (2010), La sociedad del espectáculo, Pre-Textos, Valencia.
- DE GIORGI, A. (2006), El gobierno de la excedencia. Postfordismo y control de la multitud, Traficantes de Sueños, Madrid.
- DELEUZE, G. (2008), Conversações, Editora 34, São Paulo.
- FEHER, M. (2017), Le temps des investis. Essai sur la nouvelle question sociale, La Découverte, Paris.
- FOUCAULT, M. (1979), Microfísica del poder, La Piqueta, Madrid.
- FOUCAULT, M. (1990), Vigilar y castigar, Siglo XXI, Madrid.
- FOUCAULT, M. (1991), La verdad y las formas jurídicas, Gedisa, Barcelona.
- FOUCAULT, M. (2000), Defender la sociedad, Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires.
- FOUCAULT, M. (2006), Seguridad, Territorio, Población. Curso en el Colegio de Francia (1977-1978), Fondo de Cultura Económica, Buenos Aires.
- HABERMAS, J. (1989), El discurso Filosófico de la Modernidad, Taurus, Madrid.
- HARVEY, D. (2012), El enigma del capital y las crisis del capitalismo, Akal, Madrid.
- HAYEK, F. (2007), Camino de servidumbre, Alianza Editorial, Madrid.
- HOBSBAWM, E. (1999), Historia del siglo XX, Editorial Crítica, Buenos Aires.
- JAMESON, F. (1991), El postmodernismo o la lógica cultural del capitalismo avanzado, Paidós, Barcelona.
- JAPPE, A. (2011), Crédito a muerte. La descomposición del capitalismo y sus críticos, Pepitas de Calabaza, Logroño.
- LAVAL, C. e DARDOT, P. (2013), La nueva razón del mundo, Gedisa, Barcelona.
- LIPOVETSKY, G. (2006), Los tiempos hipermodernos, Anagrama, Barcelona.
- PAYE, J.C. (2008), El Final de Estado de Derecho, Hiru, Hondarribia.
- PECK, J. (2010), Construction of neoliberal reason, Oxford University Press, Oxford.
- POULANTZAS, N. (1979), Estado, poder y socialismo, Siglo XXI, México.
- RANCIÈRE, J. (1996), El desacuerdo: política y filosofía, Nueva Visión, Buenos Aires.
- RIFKIN, J. (1996), El Fin del Trabajo, Paidós, Barcelona.
- ROSE, N. (1999), Powers of Freedom, Cambridge University Press, Cambridge.
- SCHMITT, C. (1999), El concepto de lo político, Alianza Editorial, Madrid.
- SENNETT, R. (2006), La cultura del nuevo capitalismo, Anagrama, Barcelona.

- SMITH, A., (2018), La riqueza de las naciones, Alianza Editorial, Madrid.
- VON MISES, L. (1998), Human Action. A Treatise on Economics, Ludwig von Mises Institute, Alabama.
- WACQUANT, L. (2010), Castigar a los pobres: el gobierno neoliberal de la inseguridad ciudadana, Gedisa, Barcelona.
- ZIZEK, S. (2008), En defensa de la intolerancia, Sequitur, Madrid.

## **Conversa con Amauta Castro**

### **Barthes vaticina a morte do autor. Estamo na época do anonimato?**

Non farei cátedra sobre este tema, principalmente porque non me vexo capacitado. Así que respondarei desde os meus poemas, onde adoito falo de non ser ninguén (“how dreary to be someone”, E. Dickinson) e de non procurar o extraordinario (“para ser extraordinario non debes fazer nada”, B.M. Koltès). E onde a miña referencia inmediata é a carta de Keats a Woodhouse, 1818, onde nega o ego do poeta. “Se decidir é cortar / eu decido a contorna do meu verso / co pulso de quen contempla” (poema meu recollido en “A tarde. O desacougo.”) “Son só un deses epígonos / que viven na vella casa da linguaxe” Walter Muschg. Estaremos diante do poema que xa non inventa? Comecemos pois, desde a escasez.

### **Cambiar de nome, Amauta, é un acto de resistencia?**

“Nieva / y en la ciudad todos quieren cambiar de nombre” iso dixo o poeta chileno Jorge Teillier. Eu precisaba un cambio de nome para, en certo grao, liberarme de todo o anterior (familia, ex amigos, ex compañeiros de militancia). Non tería crédito crear unha personaxe excesivamente estraña, así que pensei na mestura dun apelido galego común máis un nome que, diferenciativo, que albergara algo de misterio. Finalmente o nome apareceu en 2005, no cemiterio de Montparnasse en París. Nese cemiterio, entre outros, atópanse os restos de César Vallejo. O fermoso do camposanto é que no medio de destacados personaxes das artes (Cortázar, Baudelaire, De Beauvoir-Sartre, Tzara □ ) tamén hai veciños dos distritos conlinquentes que visitan as lápidas dos seus seres queridos. Unha señora que estaba a cambiar as flores da lápida dun familiar, chamou por nós e moi amablemente nos conduciu até a tumba de Vallejo, sen nós dicirlle nada. De volta daquel cemiterio foi cando pensei que “Amauta”, o nome daquela revista vanguardista e indixenista peruana, podería ser un bo alcume para o que daquela semellaba querer ser un heterónimo, e que non deixaba clara unha identidade de xénero concreta. Finalmente o nome tomou corpo, e quedou un pseudónimo que apareceu por vez primeira nunha bitácora persoal na rede e no número 35 da revista Dorna (2007).

### **Unha sociedade sá e unha sociedade crítica. Que cambiariás desta?**

Entreguei moitos esforzos a ese cambio. Creo que sería unha mestura entre transformar a sociedade para crear un contrapoder efectivo, e crear un contrapoder efectivo para transformar a sociedade. Calquera amigo marxista pensaría que son un libertario. E calquera amigo libertario pensaría que son un marxista. Creo tamén que o desenvolvemento económico non acadou melloras sociais, e que un suposto aumento de ingresos por parte das arcas públicas non conlevou un aumento nas políticas sociais. E creo feroz e firmemente nas sociedades fortes, e non tanto nos Estados. Por que non unha Galiza ou unha Catalunya (por citar os países nos que vivín) democrática e independente cunha sociedade civil forte e crítica, cun Estado propio e soberano que dote do necesario ás persoas, actuando como un axente da xustiza social impulsada pola propia sociedade? Eu vivín unha das piores e más aburridas décadas do século XX, os anos 90. “Vivimos no mellor dos mundos possibles” dixo un tal Felipe González. Logo veu o aznarismo, a burbuilla inmobiliaria, e o “todo es ETA”. No global a queda do bloque socialista e a chamada “Fin da historia”, as guerras en Iraq e logo a guinda, que foi o 11-S e a guerra de Afganistán (xa no século XXI). É por iso que despois desta depredación absoluta dos recursos e das persoas, toca decrecer, ir más devagar, e revisar o impacto das nosas vidas no planeta.

### **Facémonos no encontro co outro. Que alter ego poderías ter?**

Se tivera que elixir outro alter ego, se non é dabondo xa con este que levo posto, supoño que sería unha mestura entre Oblomov e calquera outro artista cunha obra escasa pero sorprendente. Así que á preguiza do Oblomov inicial lle engadiría a capacidade puxilística de Arthur Cravan, o verso libre de Oroza, e a xenialidade atroz dun Gothfried Benn, por exemplo; sen esquecer a pulsión da fuxida, do abandono, e da autoexclusión dun Salinger ou

dunha María Mariño.

**Na túa viaxe a México, onde eu tamén estiven, que foi o que más che sorprendeu?**

A mestura dos elementos prehispánicos, hispánicos e do elemento afromexicano (negado pola oficialidade). Eu visitei o centro e sul de México en 2014, nunha viaxe en transporte público desde DF a Oaxaca. Evidentemente tiña unha imaxe mental aproximada do sitio que visitaba, pero México supera con creces a previsión do viaxeiro. Desde a magnitude da megalópole, a explosión de cor das rúas, o sabor da gastronomía, a potencia dos seus movementos sociais, o dinamismo das súas artes e letras; México foi sen dúbida unha das viaxes que más recorrentemente lembro e na que o “gap cultural” é más forte do que nos pensamos. Eu fun a México na procura dos seus poetas e tamén na procura do muralismo, principalmente. As pinturas murais de Diego Rivera, José Clemente Orozco, Álvaro Siqueiros, Rafael Cauduro. Lembro vivamente a chegada a DF porque nos días previos houbera unha dura folga de mestres “normalistas”. Nesa folga uns 30.000 mestres de todo o país acamparan no Zócalo e tentaron chegar até o aeroporto Juárez de Cidade de México. O grupo policial de “granaderos” (equivalente aos antidisturbios) reprimiu a protesta antes da entrada no aeroporto, así que non tiñamos moi claro se teríamos ou non problemas para chegar até o centro de DF. Dito e feito, ao chegarmos a taxista alertounos de que non podía entrar no centro histórico por motivo da folga, cousa que comprendimos e camiñamos un bo rato baixo a chuvia de setembro, coas mochilas e de madrugada (pois de madrugada chegaba o noso voo procedente de París) por algunas das rúas do centro histórico, que todos sabemos que non son de todo seguras na noite. En Oaxaca pasounos algo semellante, ao chegarmos sabíamos da existencia dunha folga do sector do transporte, motivo polo que tivemos que baixar camiñando desde a parte alta de Oaxaca até o hostal onde pernoctabamos. A cidade estaba parada e tiñamos coñecemento de que anos antes (co gallo dunhas protesta en Oaxaca) varios solidarios cataláns foran detidos polos federais. Así que entramos solidariamente a pé, e conscientes de non chamar a atención. Pero a cabra tira ao monte, que se soe decir, e acabamos na praza do Zócalo na masiva manifestación que se convocara ao final do día. O ambiente era magnífico, columnas de xente traballadora agrupada por oficios, estudantes, e varios grupos de indíxenas ían chegando ao Zócalo, e finalmente os aplausos para a columna de familiares de presos do ERP. A miña compañeira alertoume de non chamar a atención na protesta pero de súpeto comezou a sonar o himno da unidade popular chilena, o “Venceremos”. Non puidemos reprimirnos, así que cantamos puño en alto e quedamos coa marcha das folguistas. Chegada a noite achegámonos aos familiares de presos do ERP e estivemos un bo rato a conversar, cousa que nos foi moi grata. No plano artístico lembro moi ben os murais do Hospicio Cabañas (Guadalajara), os da Secretaría de Educación e os do Palacio de Xustiza, onde para entrar tivemos que sortear varias liñas de “granaderos”, xa que había un frote control policial do centro do DF debido aos disturbios da folga de “normalistas”. No plano literario, as librarias. Pasear polas librarias de vello en Donceles, visitar a libraria Péndulo do bairro de Roma. Lembro que en cada cidade mercabamos libros que líamos nos longos traxectos de bus. Así que nas esperas fomos lendo a Montemayor, a Monsiváis, a Maples Arce, a Rosario Castellanos, a Elena Garro, etc. E lembro que tamén lera previamente aos infrarealistas Bolaño, Mario Santiago, Bruno Montañé, Orlando Guillén, etc. Porén pasear polo DF era unha cousa case coñecida para nós. Vimos o “Grito” (a festividáde patria de México que conmemora a independencia) en Guadalajara, no medio de fortes chuvias. Estivemos na Casa Azul de Frida, paseamos por Coyoacán, visitamos o centro fotográfico de Puebla, vimos ao pai Popocatepetl, escoitamos paxaros ao raso en Monte Albán, e merquei -ou mercamos- todos os libros que puidemos até encher unha mochila que previamente baleiráramos de roupa.

**Castelao fala da convivencia entre celtismo e hispanidade. Cres que gz é parte dos dous?**

Non creo na idea identitaria de nación. Para mim Galiza é porque unha parte maioritaria da súa poboación así o quere. Non creo nunha Galiza céltica, e moito menos nunha Galiza hispánica (se entendemos o hispánico como español). Galiza non é España. Pero se entendemos o hispano como ibérico (así o entendeu tamén Castelao), daquela si. Sen dúbida somos ibéricos. Pero tamén engadiría a idea de fisterra atlántica que non somentes é unha ubicación xeográfica senón unha posición no sistema-mundo capitalista. Un lugar de menor desenvolvemento económico que outras nacionalidades de Europa pero tamén un espazo onde os cambios chegan devagar, quizabes con máis tempo para cavilar sobre eles. Nin sequer somos galegos por obra do idioma, nin por dispor dunha base histórica que nos é común como galegos. Somos galegos porque desde o século XIX até agora, houbo unha vontade popular máis ou menos forte de autoxestión, autogoberno ou soberanía. Mais nada. E Galiza será na medida en que haxa unha vontade de pervivir coma tal.

#### **Falo da fragmentación en tina modotti. Os dualismos han de ser superados?**

Tiven a sorte de poder ver boa parte da obra de Tina Modotti e de Edward Weston no MAM (Museo de Arte Moderno) no DF. Tina Modotti foi unha das miñas persecucións durante a época na que me submerxín en México e nas autoras e autores expatriados en México (Tina é unha, pero tamén Remedios Varo, Leonora Carrington, Tomás Segovia, ou Buñuel). Non son quen de determinar o que debe ser superado ou non. Non gosto da tarefa de taxónomo no eido das artes, en xeral. Creo nos elementos únicos que hai en moita da xente que explotou a fragmentación como recurso, entre elas Tina Modotti, o propio Godard ou outros moitos, noutras disciplinas.

#### **Unha foto que me gusta é a do neno en primeiro plano de rodchenko. Que foto elixirías?**

Podería dicir moitas, as fotos de Istanbul de Ara Güler, en concreto as de Sirkeci nevado. Tamén a obra fotográfica do mexicano Manuel Álvarez Bravo e a de Robert Mapplethorpe. E Venezia vista por Gianni Berengo Gardin. Tantísimas fotos.

#### **O mundo do cinema, no que ando agora... esas influencias existen, as do cinema, na túa escrita?**

Moítísimas, probablemente porque o cinema cambiou as vidas das persoas que viviron/vivimos no século XX. Eu fun cinéfilo desde unha idade temperá. Na idade do coñecemento, nos primeiros anos da adolescencia comecei a ver (na compaña dalgúns amigos da escola) filmes de moitos dos cineastas europeos clásicos: Eisenstein, Buñuel, Fellini, Pasolini, Wenders, Fassbinder, Zulueta □

E tamén dos que daquela (anos 90) estaban a a marcar o momento: Kusturica, o #Dogma95, Angelopoulos, Cronenberg, ... Digo que tiven esa sorte, a de atopar xente con intereses nas artes. Na escola iso non se promociona, salvo honrosas excepcións. Á hora de escribir creo que tendo a percurar imaxes que moitas veces proveñen do cinema ou que dun xeito reminiscente voltan a min desde os filmes. Tendo a procurar imaxes moi poéticas que poderían estar por exemplo nas obras más estéticas de Kieslowski ou Peter Greenaway, pero tamén no cinema más prosaico estilo Éric Rohmer ou Naomi Kawase, coas súas diferenzas, claro. Tamén coas películas que teñen un diálogo marcadamente poético. "O ceo sobre Berlín" dirixida por Wenders pero escrita por Peter Handke, e tamén por exemplo "O ceo protector" de Bertolucci pero baseada na novela de Paul Bowles. Pero tamén a paixón que desprenden as personaxes de Fatih Akin ou de R.W. Fassbinder. O cinema aproxímanos ao mundo dos sentimentos, das emocións, e ten ese input equiparable ao do poema en boa parte da súa expresión. É inevitable, non achegarse a el con ollos de poeta, como tamén é inevitable achegarse a poesía con ollos de cineasta. Na miña cidade hai unha pequena perla que é o Cinema Truffaut (Girona), do que son abonado case permanente. Ten unha programación moi ben seleccionada e unha xestión impecable.

#### **Falabamos da carga xudeo-cristiana. Tés na túa identidade aspectos dela?**

Ben, diferenciamos aquí dúas cuestión: A miña relación cos relixíos (con todas) e a miña relación co pouso que quedou de nacional-catolicismo. Para comezar debo dicir que eu non teño fe. Non é algo do que estea especialmente orgulloso. Ter fe, como comunmente se di, move montañas. Así que teño certa envexa desa forza extra que teñen os crentes. Pero non teño fe, simplemente observo o fenómeno relixioso como un fenómeno social, antropolóxico, persoal, etc. Con simpatía crítica que dicía Juan Goytisolo. A miña familia, o meu núcleo familiar, meu pai e miña nai, eran cristiáns de esquerdas, ou cristiáns de base. Na miña casa escoitei falar de Ernesto Cardenal e da Teoloxía da Liberación dun xeito habitual. Dun cristianismo indisociable da idea de pobreza evanxélica e dun cristianismo en relación fraterna con outros credos, en concreto cos credos cos que estivo en contacto na península ibérica: islam e xudaísmo. Non e van o 50% da miña familia provén de Córdoba, unha das cidades onde con máis claridade se deu ese encontro relixioso (até a imposición do cristianismo). En relación co Islam e co xudaísmo non sionista (que existe, dou fe). Debo dicir que sempre sentín unha especial comodidade nos países ou zonas de maioría musulmana que visitei: Túnez, Marrocos, Turquía, Indonesia, Malasia, □ Non sei ben o motivo pero atopei a miña casa na mesquita de Kairouán, na chamada á oración escoitada desde Sultanahmet, ou na Jama'a Masjid de Fatehpur. Mesmo durante un tempo achegueime como mero observador ao sufismo mevleví, tan impregnado de poesía e corporalidade. A experiencia co xudaísmo foi parecida. Vivio nunha cidade cun "Call" (bairro xudeu), o famoso "Call jueu" de Girona, cun centro xudeu onde se pode desfrutar do pouso desa cultura nesta zona de Catalunya. E co engádego de Girona ter sido un dos puntos do xudaísmo que más eruditos concentraron durante a idade media, sendo nomeadamente a cidade do pensador xudeu Bonastruch de Porta. No literario, debo dicir que no Estado Español existe unha negación evidente das realidades lingüísticas e literarias que coexistiron co castelán. Todos sabemos do caso do catalán, galego, ou vasco (e tamén doutras linguas como o occitano, ou o aragonés). Pero tamén houbo unha negación por parte da oficialidade de dúas expresións lingüísticas de grande nivel literario que se desenvolveron na península durante bastantes séculos. É dicir, un escolar do Estado Español descoñece os autores en lingua hebrea e árabe ibéricos. Un caso más de supremacismo castelán, e de odio á diferencia. No tocante á herdanza sociolóxica do nacional-catolicismo, creo que é unha pátina que impregna todo nas nosas sociedades. Eu tiven unha experiencia nefasta nunha escola privada e católica na que malgastei 5 dos anos más relevantes da miña vida. A boa nova foi que reconducín ese rexeitamento doutrinario inicial nun laicismo radical, e nunha posterior liberación de moitos dos comportamentos impostos tanto pola escola en cuestión como pola familia. Hoxe quedan inda espazos nos que o Opus Dei, as congregacións católicas, os grupos de elites que se apoian no fanatismo católico toman postura e alienan xeracións enteiras de escolares que nun futuro son incorporados a postos relevantes do mercado laboral, do mundo político ou das elites económicas. Iso é así. Cómprase sinalar o mundo do ensino privado e concertado relixioso, e romper a cadea de transmisión do modelo nacional-católico. Obviamente iso debe ir unido a un marco legal laico e un ensino público dotado dos mellores medios.

### A túa viaxe a xapón, foi un punto de inflexión?

A viaxe a Xapón (2009) foi simplemente o colofón a toda unha etapa de inmersión no mundo nippón na que aprendín os fundamentos do idioma xaponés e onde tentei achegarme ao feito cultural desas illas. De Xapón xa coñecía o cinema. Desde o cinema de Ozu e Mizoguchi, ao da "nuberu bagu" xaponesa e tamén algúns das perlas do actual cinema do Xapón como Naomi Kawase ou Kore-Edda. Non entrara, iso si debo recoñecelo, na literatura xaponesa máis aló de Mishima e Kawabata, así que decididamente fun revisando a obra doutros. Shikibu Murasaki, Matsuo Basho, Sei Shonagon, Issa, ... Do idioma chegou a coñecelo dun xeito elemental. Hiragana, Katakana, e despois cheguei a coñecer uns 200 kanji (sobre un total de 5000, son poucos kanji). E podía manter unha conversa básica sobre unha situación cotiá, pouco máis. Pero saber algo de xaponés facilitou a viaxe e me achegou aos nippons,

que como todo o mundo sabe levan no adn o concepto “shinsetsu” ou bondade. É unha bondade que impregna a todo o mundo. Axudar a un descoñecido é habitual, sobre todo se o descoñecido coñece un chisco o código de comportamentos sociais que se consideran aceptables (non tocar, non expresar grandes afirmacións ou negacións, ser educado). Visitamos o espazo que abrangue o centro de Xapón desde Nikko (polo norte de Tokyo) até Osaka (polo centro-sul). Iso inclúe Kamakura, Kyoto, Himeji, Nara, Koya-San, □ Foi sobre todo unha visita centrada en coñecer o Xapón tradicional. Shintoísmo, budismo tendai e budismo shingon, caligrafía, vestimenta tradicional, templos, ... Mesmo estiven varios días nun súculo do monte Koya onde convivín no día a día cos monxes, a oración, a queima de tablillas para os mortos, o canto do Sutra do loto polas mañás. A conclusión, unha das moitas, foi que en Xapón se dá esa beleza sinxela e efémera. O ikebana, a caligrafía, o cultivo de crisantemos, o son da auga das fontes de Kiyomizu Dera, □ Nós visitamos Xapón en “momiji” (caída da folla) e os arces e os gingkos amosaban a súa más intensa beleza.

**Impose ta chance, serve ton bonheur, va vers ton risque, etc. Que che evoca esta frase de rené char?**

De Char conservo versos memorables. “J'écris brièvement. Je en puis guère m'absenter longtemps. S'étaler conduirait à l'obsession. L'adoration des bergers n'est plus utile à la planète”. O confort era un crime para Char. Debemos manter viva a impaciencia, cando menos a impaciencia precisa para abrir camiños. Eu adiqueille un poema a Char: “Como unha claridade onde o poema é a sinistra / man que queima e decapita / os prexuízos”.

**A felicidade, estamos preparados para ela? En que consistiría?**

Disque a felicidade consiste en desenvolver as nosas potencialidades na súa máxima expresión. Tamén seica é un estado de desposesión ou de carencia. É probable que así sexa pero cástame escribir desde a felicidade. Non son o único ao que lle acontece tal cousa. Seica a felicidade non ten prestixio intelectual. No mundo actual, este que nos tocou vivir, é moi complexo atopala. Pasa dun xeito efémero, son somentes destellos.

**Canto hai de improvisación nos teus poemas?**

Pode que a improvisación aparezca no impulslo inicial pero o resultado final sempre é froito do traballo e da revisión do verso. Niso cheguei a ser moi obsesivo e creo que foi un erro. Un exceso de rectificación sobre o impulslo inicial pode amosar as suturas. O meu traballo debe ser eliminar os elementos sobrantes do poema. Manter o bloque incial sobre o que se esculpe, e retirar material, máis que engadir. Ogallá acadara achegarme a iso.

**Esta, está sendo unha conversa con moita improvisación. A escritura automática, é un modus operandi?**

Foino durante un tempo. Comecei a practicala dun xeito continuado por recomendación do que daquela era o meu psiquiatra, o vigués de adopción Uxío Castro. Estiven a tratamento psiquiátrico durante un ano escaso, debido ao meu trastorno de pánico. Foi un proceso do que non me importa falar porque malia a enfermidade, lembro que foi unha época de fondo desenvolvimeto persoal, chea de novas aprendizaxes e de fermosas anécdotas. Tras varios ataques de pánico acabei derivado ao sistema público de saúde mental, en Lavadores (Vigo). Alí dei por casualidade con Uxío Castro, un coñecido psiquiatra afincado en Vigo. A entrada na consulta resultou curiosa, cheguei moi desanimado pero ao abrir a porta, vexo unha lámina de Magritte, as obras completas de Marx, de Lenin, e do Che Guevara. A primeira pregunta que me fixo foi o motivo polo que falaba galego, “é vostede nacionalista do BNG ou do meu amigo Antón Árias Curto?”. A pregunta foi sorprendente, desde logo, inda que eu non falaba galego por ningún deses dous motivos. O psiquiatra en cuestión resultara ser un lacaniano, bo coñecedor da obra de Marx, algo ou bastante afrancesado, rusófilo no literario, e moi

desencantado da súa militancia na LCR. Tiñamos longas conversas que entendo excedían a relación terapeuta-paciente convencional. Lembro de estar conversando más de 2 horas, e ao sair da consulta as miradas de desaprobación do resto de pacientes. Non me medicou, en troques, convidoume a lecturas, principalmente Chejov e Lacan, e tamén á súa biblioteca persoal (case monográfica) centrada no mundo da psicanálise. Así que foi por el que comecei durante un tempo a practicar escritura automática. Debo dicir que na actualidade uso este recurso pero combinado con outras fórmulas (que non rituais) habituais no meu proceso creativo.

**A influencia decía doutras disciplinas. A música, algo moi importante para min, que 3 grupos escollerías?**

De case todas as disciplinas artísticas. Moitas veces cando algúen pregunta por referencias case sempre falo de obras que non teñen que ver co poema. Antes falabamos de cinema, tamén o mundo das artes plásticas, o teatro tamén. No eido musical dubido. A pregunta fai referencia a grupos pero case diría que estou nun plano moi clasicómano. No mundo da música clásica tiro cara opcións máis contemporáneas, por exemplo a compositora grega Eleni Karaindrou. Supoño que moita xente, ti mesma, lembrarás as melodías de moitos dos filmes de Theo Angelopoulos. Pois ben, todas estas pezas musicais foron compostas por Eleni Karandrou, que mantivo unha diálogo musical cos filmes de Angelopoulos. Engadiría que sinto paixón pola obra do violonchelista catalán Pau Casals, e pola súa vinculación coa paz, os valores do republicanismo e con Catalunya. Creo que foi un innovador na interpretación como solista de violonchelo, dando liberdade plena ao movimiento dos brazos e do arco. Alén diso foi un solidario e benefactor do Goberno da Generalitat no exilio, e reivindicou o dereito á libre autodeterminación dos pobos na sede da ONU. En terceiro lugar, e depois dun bo rato de reflexión, diría que Johan Sebastian Bach. As variacións Goldberg na obsesiva versión de Glenn Gould, ou a suite nº1 interpretada por Jacqueline du Pré.

**En a plus tard mesmo os poemas se poderían convertir en canción. Estamos tamén na época da permeabilización?**

Si e non. Hai unha loita entre un mundo onde cada vez os límites dos modelos de creación son cada vez más abertos e menos puros. Pero por outra banda inda hai muros. Muros reais e impostos, pero tamén muros autoinfundados. Habería, sen dúbida, que abrir esa percepción pechada e deixar que o poema aconteza en simple contacto coa vida. Non é menos certo que eu creo nunha escrita do poema heterodoxa pero do poema. Do poema e sen malgastar o tempo en pentagramas, nin en interpretacións escénicas, nin en malabarismos. “El poema no se prueba en los oídos sino en los ojos y sobre la letra o su visión interior. Es necesario ver el poema, no al poeta. Sí, desconfiemos todos de la voz alta del poeta (□). El poeta, a lo supremo, lo sencillo y lo callado, siempre”. Iso dixo Juan Ramón Jiménez. Eu simplemente concordo.

**Na época dos nazis, artistas alemán creaban o colectivo FREIER KÜNSTLERBUND parís. Se tiveras vivido esa época, farías un grupo clandestino?**

Non penso en se tería creado ou non un grupo clandestino. Sinceramente creo que agora mesmo se podería crear un, como maiores dificultades iso si. Os medios de control, vixiancia e castigo do inimigo son moito más sofisticados. Pero o feito foi que non creei ningún grupo clandestino. Nota: se tivera creado un grupo clandestino tampouco o afirmaría ante unha xornalista, agás se xa tivera prescrito.

**A nicaragua sandinista nos 80. Loitarías se foras nicaraguense na revolución?**

Trátase dun exercicio un tanto ucrónico. Pertenzo a unha xeración que non viviu exactamente unha loita semellante á da Revolución Sandinista, e que nin sequer tivo unha oportunidade de mudar radicalmente as cousas. O meu/noso tempo foi o dunha resistencia case ímprova, como

a da tarefa de Sísifo coa pedra. Pero alomenos serviu para poder dar un relevo entre a xeración que viviu o socialismo real e as revolucións do Terceiro Mundo, e a que logo tirou adiante movementos populares e democráticos como o 15-M ou o chamado “procés” catalán. Tocounos servir de enlace entre os que desertaran do cambio político por decepción, por crise de valores ou por simple medo; e os que decidiron non agardar por un colapso sistémico e optaron por dar o paso adiante e ensaiar o cambio (cooperativismo, defensa do territorio, municipalismo, loita sindical, dereitos civís, loita antipatriarcal, □). No tocante á Revolución Sandinista debo dicir que era un tema do que adoito se falaba na miña casa, quizabes por aquela mestura de movemento anticapitalista e cristianismo de base. Lembro tamén como se viviu o día da derrota electoral do FSLN de febreiro de 1990. É unha desas imaxes que gardo, malia eu ter daquela só 8 anos. Posteriormente, e dado que Girona é unha cidade cunha grande presenza de ex brigadistas e simpatizantes sandinistas, tiven contacto con moita desta xente que si que participou en primeira persoa da Revolución e das campañas de alfabetización. Obviamente sinto un grande aprezo por todos eles, pero tamén unha crítica ao falso sandinismo dos irmáns Ortega e á burocratización dos principios do propio sandinismo.

#### **A morte de kurt cobain é relevante para min. Que morte che afectou na literatura?**

Lembro perfectamente a morte de Kurt Cobain, eu tiña 13 anos. Supoño que como todos debín forrar a carpeta da escola con algúna foto ou frase del. De todos xeitos eu nunca fun especialmente “moderno”nin demasiado mitómano. Inda que xa que falas dun personaxe que toca os dous aspectos (o musical e o literario), eu tocarei un dos que eu máis seguín na adolescencia e a posteriori: Lou Reed. Debo dicir que fun seguidor de Lou Reed tanto da súa carreira musical como da súa escrita. Tendo xa posibilidade económica de poder ir a algún dos seus concertos, tiven a mala fortuna de non acabar de ir nunca. Nun primeiro momento porque desprogramou unha serie de concertos que incluíán algúns en Catalunya. Logo por non poder ter ido á presentación do libro de letras de cancións en Barcelona, e finalmente pola morte do propio Lou Reed. Esa debo confesar que foi unha morte que me afectou pola admiración que sempre profesei cara el.

#### **Nos 60 en california seguirías o ideario hippy?**

Outro exercicio ucrónico. Teño serias dúbdidas de se tivera seguido nalgúnha parte o ideario hippy. Definitivamente non me vexo coma tal. Si que entendo que o hippismo tivera lugar na California dos 60, ou noutros puntos do planeta, pero principalmente nos USA. Entendo que desemboca despois de toda unha serie de precedentes históricos (tamén filosóficos e literarios) como podería ser o movemento beat, a música folk, a difusión das drogas psicoactivas, a liberación sexual, ou mesmo o trascendentalismo americano (Thoreau, Ralph Waldo Emerson □) e ten toda unha lóxica de ruptura detrás.

#### **A pureza, o constructio. Cres que somos ou que nos facemos?**

Síntome na obriga de dicir que somos unha construción, para non caer en determinismos que impidan a liberdade ou o progreso. Unha construcción impura como a da Torre de Babel, que tivemos a fortuna de “ver” cair. Un lugar onde os idiomas se disgregan e se rompe a falsa harmonia. Procurar a pureza pode ser letal, por incesario.

#### **A noite... é o tempo onde todo sucede, ou non sucede nada?**

“Nunha noite pódense percorrer os camiños da vida toda”, iso dixo D.X. Cabana. Eu sei ben que fun poeta cando menos unha noite enteira.

#### **Existen manifestos de literatos galegos ( nós os inadaptados, máis alá). Se tiveras que facer un que aspectos incluirías?**

Síntome reflectido no texto de Manoel Anotnio “Fatiguémonos”. De todos xeitos non son unha persoa cun grande sentido de pertenza senón de afastamento. Porén non sei se asinaría manifestos. Nalgún intre tentei facer un automanifesto que tivo algo de repercusión nas redes daquela. O automanifesto en cuestión chamouse “Fundar un vran”. Neste caso é un manifesto sobre a escrita, e coma tal cheo de contradicións e de inconcrecións. Do mesmo xeito que un outro texto meu, “Poesía (modelo para romper)”. Neste caso hai un xogo cunha serie de instrucións sobre algo que carece de receitas e que rexeita por principio calquera idea de definición.

**O amor é un tema que me interesa especialmente, tratado como unha salvación. Como o incorporas ós teus poemas?**

Ben, eu comezo a primeira parte de “A tarde. O desacougo.” cunha cita textual de Ungaretti: “o verdadeiro amor é unha quedanza acesa”. E estou dacordo en que o amor pode salvar, pero tamén creo que pode condear e ser amor igualmente. Desde logo o amor é tamén un motor das nosas vidas, quen sabe se o primeiro e fundamental. E se é o motor das nosas vidas, éo tamén do poema. Os amores e os afectos poden ser moi múltiples e diversos, pero o certo é que mobilizan vidas enteiras.

**Gústame especialmente o mito de eros e psique. Escollerías algún mesmo non sendo grego que se achegue a túa condición existencial?**

Como anécdota direi que sempre lebrarei “Eros e Psique” pola escultura de Michelangelo Buonarroti que hai no Louvre. Lembro que na miña primeira visita ao Louvre acabei na sala desta escultura e unha turista ianqui abrazou literalmente a escultura mentres unha amiga lle facía fotos co móvil. Unha das bedeis que ali había comezou a berrarlle para que non tocara a escultura, cousa que a turista non fixo ata que acabou a sesión fotográfica. Hai moitos mitos que me interesan no mundo grecorromano pero tamén no mundo hebreico, no islam, en oriente, etc. Xa mencionei o mito bíblico da torre de Babel, podería dicir tamén Edipo, o nacemento de Venus (visto por Homero), o Golem, o personaxe de Aryuna do Bhgavad Ghita, ....moitos.

**Estou vendo cadros de remedios varo e leonora Carrington. O surrealismo está presente nos teus poemas. Surrealismo pop?**

Non me miro nada pop, de feito eliminei moitas das referencias explícitas que fixen nos meus primeiros poemas. Primeiro de todo por consideralas excesivamente elitistas, mesmo snobs (desde o punto de vista etimolóxico da palabra snob). E unha vez eliminadas penso que o surrealismo estivo prensente desde que comecei a tomar consciencia dos meus intereses literarios, artísticos ou filosóficos. Supoño que comecei con Buñuel pero podería engadir o surrealismo mexicano na pintura (que ti ben citas), ou na miña predilección por Raymond Roussel. Engado que vivo en Girona, lugar de nacemento e residencia de Dalí (Figueres, Port Lligat, Públol) e onde o uso do absurdo forma case parte da forma de pensamento de moita xente. Seica a tramuntana ten estas cousas.

**Creei o que eu chamo anarco-galeguismo. Cres que é un ideario actual e actualizante?**

Estou algo lonxe xa do devalar ideolóxico do espazo soberanista galego. Sinceramente creo que o contrapunto libertario é algo a incorporar, como unha especie de pátina ética que envolvera os enfoques e as accións do soberanismo galego. Neste caso quizabes estea moi influenciado polos anos de observación e militancia no soberanismo catalán, e pola pegada do anarcosindicalismo e do mundo libertario no catalanismo. Pero entendo tamén que seria un espazo a explorar por parte do soberanismo galego e que tamén poría en contradición (do mesmo xeito que acontece en Catalunya) ao mundo do anarquismo en Galiza, introducindo debates como o do idioma ou o da libre autodeterminación dos pobos.

**Encanteríame coñecer marrocos. Que lugar che gustaría coñecer a ti?**

Todos, sen excepción.

### **Que prefires a Rosalía de castro ou á Rosalía do trap?**

A quen prefires a Camille Claudel ou a Henry D. Thoreau? Son persoas, disciplinas e épocas non comparables.

### **Uxío novoneyra di “bailas e fasme libre”, que é o que che fai libre a ti?**

O exercicio da liberdade en si propia. Eu experimentei esa liberdade o día no que o President Carles Puigdemont declarou a independencia de Catalunya en sede parlamentaria, e despois de gañar lexítimamente un referéndum de autodeterminación.

### **O postmodernismo afirma que non existen verdadeiramente posibilidades de emancipación. Estamos constantemente atrapadxs en nós mesmos?**

Debería decir que non. Eu son un pesimista esperanzado. Alguén que ás veces cre e deposita espranzas en movimentos sociais e políticos que logo non acadaron os obxectivos iniciais, que fracasaron parcialmente ou por completo, e que logo deixan un pouso de certa nostalgia en min. Recoñezo non ser o único así. Ilusioneime co movimiento 15-M, coa PAH, co movimiento independentista catalán, ...Pero asumo o risco e o resultado destes ensaios como algo necesario para avanzarmos como sociedade e como un reflexo real das aspiracións da xente.

### **As mil e unha noites. Sherezade. Volvendo á noite. A túa noite más reveladora?**

Pois todas as que pasei na compañía dos meus dous mellores amigos. Foi xente que coñecín cando ninguén daba un pataco por min, que é xusto cando os falsos amigos desaparecen. Foron escasamente 3 anos pero valeron a amizade dunha vida.

### **As revolucións, de que forma?**

Dunha forma verdadeira e que non deixe paso a un modelo burocratizado ou autoritario. Sei que é pedir demasiado, válenme tamén imperfectas pero defendibles e que non teñan vontade de imperturbabilidade.

### **Avanzando coa conversa. Se falamos de moda □ implicacións de vestir dun determinado xeito?**

É curioso pero non tiven adolescencia ou cando menos tiven unha adolescencia fondamente reprimida tanto polos pais como pola escola privada á que fun forzado a asistir. Daquela non tiven unha decisión real sobre cal debía ser a miña apariencia. A escola impedía determinadas formas de vestir con castigos e diversas trabas de tipo académico (todas elas inxustas). Nun primeiro momento chegaron as camisolas reivindicativas e o pano palestino, supón que por admiración filo-abertzale. E logo, moito máis tarde foi cando apareceu a barba, o aro na orella e unha estética moi máis alternativa. Lembro que cortaba o pelo ao cero ciclicamente simplemente por non ir á perruquería. E que logo dei o paso a ter pelo longo polo mesmo motivo, non ir á perruquería. Durante unha época aproveitaba ás viaxes a Reino Unido e Alemaña para mercar algo de roupa en mercadillos de Londres, Birmingham, Berlín, Düsseldorf,...Sitios que visitaba e que dalgún xeito representaban o tipo de música que seguía nese momento ou un tipo de estética que non se podía acadar en Barcelona ou Girona.

### **Atráenme as culturas orientais. A túa viaxe a xapón □ Tés persoalmente influencias do budismo?**

Si, en Xapón dise que se nace shintoísta (polo vitalismo dessa relixión) e se morre budista (pola introspección, a reflexión, o recollemento). Reitero que teño un interese fondo por todas as relixións como fenómeno. Eu non practico nada, nin teño fe. Pero recoñecezo que aprendín dalgunha doutrina como o Islam, o budismo , o sikhismo, etc.

**No encontro para min está a verdade. O azar, cres nel?**

Non e que crea, é que existe e está presente nas nosas vidas.

**Sabes que o imaxinario colectivo É unha responsabilidade socio-artística?**

Responsabilidade, si, compromiso, non. Non creo no compromiso pola esquerda. De feito eu creo que os que nos situamos na esquerda (nunha esquerda non acomplexada e cos pés na rúa) somos absolutamente libres no que pensamos, facemos ou difundimos. Pero hai quen ten compromisos co poder,eses serían os únicos irresponsables. Dentro desa responsabilidade da que ti falas, por suposto axudamos (como calquera persoa minimamente consciente) a crear un imaxinario colectivo que sirva para avanzar e que marque puntos de referencia para o presente e o futuro.

**Se puideras gravar un video en mtv. Como sería?**

Non sería.

**O mar está presente de maneira relevante na miña obra. Que che evoca o mar?**

Crieime en Vigo e nun primeiro momento sempre pensara que me sería imposible vivir sen mar. Unha vez en Catalunya, xa na comarca na que vivo, que está regada por varios ríos (entre eles o Ter) recoñeo non ter sentido esa ausencia. Descoñeo o motivo, quizabes pura adaptación.

**Se che regalaran un cadre de algúm museo famoso, cal escollerías? Eu a Gioconda.**

Sería complexo elexir un en concreto pero lembro uns tristísimos xirasois que hai no Leopold Museum de Viena e que foron pintados por un tal Egon Schiele. Esa podería ser unha pintura coa que eu me identifico. Tamén sentín un grande impacto pola obra de Anselm Kiefer, Franz Kline, Miquel Barceló, Remedios Varo, Masaccio, Gustav Klimt, □

**A música industrial sedúceme. O ruido é máis valioso que a comunicación efectiva?**

Convencime de que a comunicación é fundamental no que se refire á escrita. Daí provén o meu proceso de simplificación e reducción. Pero o ruído forma parte tamén desa comunicación porque dalgún xeito tamén emite unha mensaxe. Hai xente que practicou o chamado “ruidismo” como unha especie de fórmula non semiótica, se se me permite a expresión, e que creo que fixo un aporte ao mundo das artes.

**A linguaxe é limitada polas palabras finitas. A música é ilimitada? Ata que punto?**

A linguaxe ten unas posibilidades ilimitadas, o limitado é o idioma (ou os idiomas), é dicir o código. Pero a linguaxe é unha capacidade e non un código, porén a tarefa é facer que esa capacidade supere ao código. A música, os idiomas, o xadrez teñen unha serie de posibilidades limitadas que proveñen da mera combianación dos seus elementos. Como é lóxico son limitadas, pero non se deben subestimar as súas posibilidades xa que hai billóns de posibilidades que fan case imposible que esteamos diante de obras exactamente iguais ou que se dea un acabamento das posibilidades das mesmas. As palabras poden achegarse ás cousas pero nunca acadan tocar exactamente o que queremos dicir. A tarefa de quen escribe poesía é liberar a linguaxe e non tanto exprimir o idioma.

**Derrida fala de falogocentrismo. Cres que existe unha carga patriarcal?**

Por descontado, é máis, creo que o sistema literario galego adoeceu desa cáregaa e que mesmo as persoas de xénero masculino sufrimos esa marcada presenza dos “patriarcas”. Sinceramente, atopo moi desmotivador que un sistema literario que desexe ser minimamente sólido inda recurra a ese tipo de totems masculinos.

**Cal foi a túa más grande desfeita? A túa derrota?**

Tiven varios procesos que considero de dor e dos que nunca falei dun xeito explícito. Nun primeiro momento quisen vivir en Galiza e non acadei tal, tentei resistirme a deixar o país pero non foi posible. Outro fracaso persoal foi a militancia política, sempre fallida ata chegar á conclusión de que quizabes (quizabes!) non son un militante. E digo que non son un militante básicamente porque non me sei relacionar coa xente, e desa dificultade de socialización despréndese tamén a imposibilidade de participación no colectivo. O fracaso no mundo académico, tamén. A ruptura da relación familiar, que está recollida na parte final de “A tarde. O desacougo.”. E a escrita como un imposible onde estou presente e ausente, onde me debato entre ser e desaparecer. Todo isto podería estar presente na segunda parte de “Constante hora de boca e precipicio”, nuns poemas que agrupei baixo o título de “Intraordinario”. Todos estes loitos, que a priori constitúen procesos dorosos e estigmatizantes nalgún caso, creo que contribuíron finalmente a atopar o meu lugar neste remanso á beira do Ter. Foi unha fuxida pero tamén unha liberación dunha contorna persoal que non axudaba a me desenvolver dunha forma natural e verdadeira. Ou sexa que tiven que pasar por unha ruptura moi importante que se materializou na miña saída do país no ano 2004 para me decatar de que precisaba dar este paso cara algures.

### **Segundo coa comunicación e a lingüística □ que é más importante para ti, escoitar ou falar?**

Disque o oido é o primeiro sentido do que nos dotamos. Un feto de non moi avanzada xestación pode escoitar o bategar da nai, mesmo afaise a este ritmo cardíaco e lle reporta benestar. Así que eu opto por escoitar.

### **Que quixeras esquecer, que non podes esquecer?**

Supoño que moitas ou algunas cousas, como calquera persoa. Gustaríame esquecer a malleira que lle deron uns policías nacionais a un ionqui o día que me detiveron (ano 2000 na comisaría de Compostela), pero é imposible porque repenica no pensamento moitas noites. Gustariame esquecer o día que tiven que identificar o cadáver dunha muller que se suicidara. Gustaríame esquecer erros que cometín nun periodo que abrangue entre os 18 e os 22 anos. Un periodo de tempo moi convulso onde cometín erros de fondo que inda me persiguen.

### **A diversidade, o multiculturalismo ou un humanismo radical?**

A diversidade existe, é un feito. A idea de multiculturalidade é un concepto moi anglosaxón que pretende que quedemos pechados no noso espazo cultural-identitario de orixe. Frente a iso, valores republicanos. Na república todo somos cidadáns e iguais. Ningún cuestina os elementos de orixe da cadaquén, e alén diso seremos tratados como iguais sen distincións. Asimilacionismo á francesa? Non, máis ben un duplo compromiso coa comunidade de orixe pero tamén coa de recepción. Non creo na “integración” dun individuo ou dun colectivo ou minoría nunha sociedade “x”. Creo que todos formamos parte desa sociedade na medida en que vivimos nela. Eu son catalán porque vivo, traballo e pago os meus impostos en Catalunya. No modelo multicultural eu sempre sería un “galego en Catalunya”, e no modelo francés estaría forzado a asimilarme. Frente a estes modelos estancados e non permeables de identidade, eu creo no humano como un proceso complexo onde moitas veces intervén o azar, as necesidades laborais, os vínculos familiares, o desexo de pertenza (ou non), etc. E isto só é viable nunha república, posibilidade que no noso caso foi secuestrada polo Estado Español.

### **A natureza... a maior sensación de embelesamento, onde foi?**

Unha das experiencias más impresionantes da miña vida foi visitar Sulawesi (Indonesia). No centro de Sulawesi está o pobo Toraja, coñecido polos seus famosos ritos funerarios. Pois ben, nesta zona puiden camiñar longo entre o bosco tropical, as plantacións de café e os arrozais. Coñecer as súas xentes un chisco e observar a súa natureza. Estiven tamén en Kalimantan, a zona de soberanía indonesia de Borneo. Aquí coñecín a selva máis impenetrable -unha das

últimas selvas chuviosas do planeta- e puiden observar os orangutáns. A selva sorprende pola súa escuridade, polos ruídos continuos, pola túa exposición como ser vivo ante un elemento que descoñeces e que pode máis ca ti. Nun espazo máis viciño, vivo á beira do río Ter e desfruto das devesas do Ter ao seu paso por Bescanó, Salt e Girona. Trátase dunha zona de bosco de ribeira, cunha grande diversidade de anfibios, perquenos reptis, tamén xabaríns, lontras, cigoñas e uns falcóns que se deixan ver ás veces. O fermoso deste lugar é experimentalo no día a día, camiñando e disfrutando do paso das estacións.

### **Está a Terra soa no universo?**

É un feito probado que non. Se a pregunta é “hai vida noutro planeta que non sexa a terra” a resposta é que si. Sabemos de feito que chegaron basterias en restos de meteoritos, porén a vida “alieníxena” existe, e está probado. Outra cousa é se veñen pequenos seres de cor verde a visitarnos, diso non estou tan certo. Malia todo, existen no universo decenas de planetas con condicións semellantes ás da Terra, onde se podería ter dado unha forma de vida semellante, pero iso non o podemos inda afirmar.

### **O marxismo, a súa actualidade □ vale unha dictadura do proletariado?**

Creo que é unha terminoloxía que xa non convoca nada e a ninguén. As clases sociais existentes son moito más complexas que unha simple pugna de poder entre burguesía e clase traballadora. Trátase dun entramado moi diverso de class medias-baixas, parados, asalariados, precarios, clases más ou menos propietarizadas, desposuidos varios, migrantes, traballadoras (sobre todo traballadoras) subproletarias, marxinación □ Engadiría que tampoco se pode falar dunha esquerda que estea a plantear un sistema que non sexa pluripartidista. Pertenzo a unha xeración e un núcleo de xente que tivo que contrargumentar abondo para mantenerse nas coordenadas dunha esquerda minimamente digna e non claudicante. É dicir, ser marxista cando acababa de cair o Muro e se acababa de executar ao matrimonio Ceaucescu era difícil de sostener. Pero algúns mantivemos o tipo como puidemos e abrazamos novas visións que principalmente proviñan do mundo antiglobalización e dos movementos sociais e políticos latinoamericanos (zapatismo, bolivarismo, forums sociais mundiais, municipalismo alternativo, etc.). Pero si que creo que é vixente todo un legado de consecucións derivadas das loitas sociais que parecían esquecidas pero que hoxe son absolutamente razonables dado o retroceso que vivimos no eido social.

### **A primavera de Praga, os tanques □ terías participado?**

Teño a sensación (de novo exercicio ucrónico) que tería participado pero do lado perdedor. Os poetas somos os primeiros en participar das revolucións pero tamén os primeiros en morrer nelas.

### **Cal foi o libro que máis veces liches?**

Relín moitas veces a obra poética de Valente, podería dicir o mesmo da obra de Paul Celan, da obra de Alfonso Pexegueiro. Pero quizabes a quen máis relín ao longo da miña vida foi a Alejandra Pizarnik, toda a súa obra (diarios, poesía, narracións, cartas □). Tamén relín poemarios que non acadei entender. Podería dar nomes.

### **Por que te sintes fascinado?**

Pois sentínme fascinado por xente moi anónima, pero entendo que é preciso falar de nomes que poida compartir. Na poesía por Valente e Pexegueiro, que xa citei na anterior pregunta. Tamén podería falar dalgúns poetas cunha obra peculiar como podería ser o caso de Manoel-Antonio, Arthur Cravan, Anaïs Nin, Thomas Chatterton, Emily Dickinson...

### **Enmudecer, traxicamente, cando é imposíbel falar?**

Curiosamente é algo que me acontece cíclicamente. Durante un tempo perdía a voz varias veces por ano. Mesmo chegou a pasar periodos de quince ou vinte días sen voz. A última vez que me aconteceu pescudei sobre artistas que perderan a voz nalgún momento das súas vidas. Entre os afónicos, mudos ou afásicos (dependendo do caso) apareceu xente coma Michelangelo Antonioni, Efraín Huerta ou Aldous Huxley, que perderon a voz nalgún momento das súas vidas por motivos diversos. Por outra banda, hai unha outra mudez que me interesa que é a de J.D. Salinger por exemplo. Abandonar a palabra cando non se ten nada millor que dicir, que foi o caso de Salinger que decidiu deixar de publicar. A mudez paralizante que podería ser a de Carmen Laforet, ou o abandono da poesía de Rimbaud. Todas estas posibilidades sempre estiveron abertas en min, quizabes por extensión da miña tendencia física a perder a voz.

### **Podemos coñecer a alguén cunha mirada?**

Direi que si, porque creo na existencia dun coñecemento que non é saber. Algo que acontece no poema pero que tamén acontece fora del.

### **A que persoas “célebres” invitarías a unha festa?**

Fixéronme esta mesma pregunta unha vez e dixen que a Patti Smith. Acto seguido, a persoa que me preguntou buscoulle en google e espetou: “pero se é unha vella!”. Eu respondin: “xa che gustaría ser vella como Patti Smith”.

### **Cres nos signos do destino?**

Non creo no destino, non creo nun camiño previamente marcado, nin no determinismo da predestinación. Esa idea extraída do romanticismo ten unha base fondamente relixiosa nas igrexas reformadas do centro e norte de Europa, pero tamén é consecuencia dunha forma (tremenda en moitos casos) de observar a vida. Se un ve o “Festín de Babette” ou le a Schille, entende que haxa unha especie de tendencia ao “fatum” nesas latitudes. No caso atlántico habería outras posibilidades, como por exemplo o fado na música. Pero véxome como un escéptico ante este tema. Creo la liberdade.

### **Segundo coas revistas. Nomeas Dorna. Podes comentarme o seu estilo, fins, etc?**

As viaxes en avión poden considerarse un producto singular do capitalismo pero tamén do conectado mundo global onde nos vemos inmersas. Ollo as nubes. Elas cambian e nos cambian, como a realidade. Somos o que incorporamos dela. O que asimilamos ao noso campo semántico. Vivimos neste constructio e avanzamos inexorabélmente cara adiante. Ainda que, como o mar, imos e vimos nos propios pensamentos e accións. Estas que propugnan o encontro como consecuencia do azar. O manifesto situacionista. Os taz. Todo está aí só ten que ser creado. Este zume está demasiado frío. Corta os dentes. Só me quedan catro horas de travesía aérea. Here we go Detroit!

## MP3

Por fin desperta este tipo. Durmindo tres horas. Hola! Hola! Que te leva a Detroit? Quedei cun amigo, vou escribir sobre a escena underground. O techno? Si, o techno. Xusto teño no meu mp3 temas de Carl Cox... Que guai, eu tamén o levo. Hai algo que poida atestar máis a cita de Borges que atoparse nunha rave...? Situacións onde todo pode suceder, sumexidas na música, na danza, na atracción que xorde do imprevisto. Si, estiven no Bretaña nunha festa. Eu nunca. Mágoa, tés que probar. Si, en Detroit. A clandestinidade, esquivar o institucional, o reglado. Válvulas de escape do capitalismo.

## RELATIVIDADE

O vértigo da aterrizaxe. Calo. Deixo a atención nos latexos do corazón, axitados. Desde Londres non houbera ningunha turbulencia. Seda. Hai momentos nos que todo se condensa e otros nos que todo se dilata. A concepción do tempo. Relatividade. Ocupación. Resistir ao baleiro dun espazo que non pode ser enchido. Acabar coa dúbida. En cinco

minutos estaría en USA. Levo libretas suficientes para recoller conversas e impresións. Estou segura de que será unha experiencia alucinante. Deséxoché o mellor. A ti tamén. Poida que ata nos vexamos na cidade. Eu volvo en tres semanas. Pois eu non teño billete de volta. Calei. Callamos. Démonos un bico.

## ACCIÓN

Reificar a dúbida de perderse nunha cidade non coñecida. O imprevisto como consigna. A descuberta, única forma posíbel de habitar os espazos. Inventar un tempo outro. Unhas condicións sine qua non. Porque a experiencia da viaxe debe inundar todo o noso corpo. Habitados por partículas que tamén teñen memoria; así se crean os recordos. Estou por fin en Detroit. O mecanismo que me leva a gardar emocións e imaxes non o coñezo porque hai tamén está o imprevisto. Son e non son dona do meu ser, que non é máis que un todo nesta totalidade chamada universo. Que se move, que cambia constantemente, que propugna a necesidade de acción. Tres e acción. Eu en Detroit. Personaxe dun filme áinda por gravar. A miña cámara: unha realidade sui generis.

## CÁMARA

Ordear o exterior a través dun dispositivo. Visual e auditivo, mesmo con voz off. As imaxes que se superponen como nun escenario creado ad hoc pero que leva aí moito tempo. A historia da cidade de Detroit. A historia de USA...Nesta desorde que habita aos extranxeiros. Sentirse parte, comunidade, cidadanía temporal. A onde queres ir? A onde me leves. Addison. Tomar un café americano en América. Claro, imos tomar ese café. Camiñando. Habitando. Respirando. Gravar. Materialidade líquida que se superpón. Naufraxio interior que se dissolve nese café. Rexistrar cada momento. Instantes decisivos. Cartier-Bresson.

## RESPIRACIÓN

Poder de espera. O ser e a nada. Sartre. Saber estar no lugar adecuado e no momento preciso. O baleiro está preparado para convertirse en materia fílmica. Xa que no fondo non sucede absolutamente nada. Só

somo seres que respiramos. E esa respiración tamén pode ser a protagonista dun plano. Aquel onde ti estás sentado removendo o café. Penso en Tarantino. Esto só será un documento. Da cidade, dos amigos, da súa respiración. Quero nomear as cousas con otros nomes. Babel? Si, o castigo eterno da incomprensión. Outro café? Sí, por favor. E soa Sonic Youth. Quero bailar movendo os xeonllos en fronte a ti.

## BOSSA NOVA

Amo a bossa nova. É una música tan feliz. A min tamén me gusta. Brasil como referente. Gilberto. Caetano. Betania. A ledicia de vivir. Cantar ao amor. Un amor que o inunda todo e que crea liñas de fisura por onde a luz entra. Pero tamén a beleza na tristeza. A melancolía como forma de vida. Como foi a viaxe no avión? Viñen sentada cun rapaz. Quere escribir xustamente un libro sobre techno. E tés o seu wasup? Si, a ver se quedamos con el... Vas polo terceiro café. Adoro o café, sábelo; e este está delicioso. O sabor, o paladar, recibe sensaciós novas que se instalan para sempre na epiderme. Baixo a pel agóchanse, sobreviven.

## 5

Un taxi. Percorrer a cidade e gravar desde a fiestra. A fiestra valdeira. Dieste. O movemento. A xente en movemento. Ciclos na cidade. Somos animais de costumes e as viaxes fannos atopar o descoñecido. Aquel que se presenta ante nós sen máis concesións que a de facernos ve-lo tal cal nos o percebemos coa sorpresa do non-visto. Adoro estas rúas! Quedan 5 minutos para chegar á casa. Tés tempo de seguir gravando. Vouno gravar todo. Ok. Vou ir volcando o material no ordenador. Farei un filme de 5 ou máis horas. Wow! Si, no way. Son 5 dólares. Levareite no meu coche a próxima vez. Perfecto.

## TESOURO

A túa casa mola moito. Estas escaleiras. Recórdame a esa foto cos teus amigos que vin no fb. USA-HC. Despois veñen eles a coñecerte. A amizade é un sagrado tesouro que hai que saber gardar con todo a delicadeza. Os amigos son os que nos manteñen vivos nesta realidade moitas

vezes cruel. A realidade que por momentos se volve fermosa cando estamos a carón de seres queridos e que nos queren. A reciprocidade como consigna. A alteridade como forma de entender o mundo. Tomaremos unhas cocacolas nas escaleiras. Escoitaremos música e celebraremos a túa chegada. E eu gravareino todo. Crear documentos biográficos. Documentais persoais. Crear.

## I'M SO TIRED

Despois de todo o que se aprende, os erros non cesan. I'm so tired. Fugazi. Esta canción é un hinmo. A primeira que escoitei deles. Cando todo vai ben podemos sentir envexa de nós mesmos, nunha encrucillada que transita entre o eu e o nós. Este nós que ás veces nos destrúe como se fora unha maldición. Con poucas notas de piano e voz de choro a melodía fainos mirar cara adentro. Iremos a algúns concerto? Claro. A min recórdame aos primeiros anos da postadolescencia, cando comecei na universidade. Onde? En Masachuset, Literatura. Xa falaremos de libros. Si, encantaríame. Chegar a non ter máis paciencia cun mesmo. Estar canso.

## EVENS

Nas escaleiras calquer conversación é posible, son aptas para elo. Eu vexo a vida como en Waiting room. Sentado nunha sala de espera agardando que pase algo. Porque o cotiá debe estar impregnado de pequeñas cousas que nos emocionen. Eu non son moi de agardar a que algo pase. Non tés paciencia. Vou por máis cocacola. Os Evens son o bonus track perfecto para Fugazi. Ao final acabaremos todos casados e con fillos. Esperar a que a vida siga sendo unha festa na que poder bailar. Este verán está sendo moi caluroso. Iremos aos lagos? Si! Ten paciencia. Hai tempo para todo. Cada vez estou más emocionada.

## CORPOS

Suggestion é outro tema que resume a súa ideoloxía. Porque eles son feministas e non entenden como algúns home se pode considerar mellor por ser home. O tema do corpo tamén está presente; somos donas

do noso corpo, deberíamos de selo. Aquí somos todos feministas, neste grupo. Non podía ser doutro xeito. Eu só coñeo Animal lover. Regaláremosche discos nosos, sen problema. O feminismo é unha revolución que ten que atravesar todos os estratos no noso comportamento. Unha inexorábel condición para a emancipación humana. E Fugazi sábeno. E cántano. E nós bailámolo. Esperar a alcanzar un estado superior de desenvolvemento persoal; non sen o feminismo.

## PASOS

O que máis me gusta é o Stay Alive. Estrear un disco é o mesmo que un paseo por unha rúa descoñecida. Agora camiñando soa poals rúas de Detroit lembro a primeira sensación despois de escoitar ese disco. Como se o meu gato ruso azul saltara sobre min pedindo cariño. Este vento que me corta a cara deixame o pouso do vinilo. Unha rapidez que o cobre todo, os meus pasos aceléranse e quero converter o camino nun recorde que dure para sempre. Pero eso dirao o paso do tempo. Non somos donos das lembranzas. Por iso a necesidade de gravar. Entre outras razóns. Gravo as rúas, os rostros da xente. Os pasos.

## EUROPA DO LESTE

Chantal Akerman foi a filmar os países de Europa do Leste. Occidente e oriente. Unha conxunción que só a arte pode manter. Filmaba tamén as rúas e os rostros e atopaba nas xentes aquello que vira na súa familia. Tradicións e modernidade. Outra conxunción que só a arte pode manter. Porque despois de todo estamos perante un mundo feito de contrastes. Guerra Fría. Postcapitalismo. A arte como facedora de imaxinarios nos que o híbrido está presente; na forma e no contido. Ela escoitaba frases das que só entendía unha palabra, unas palabras pero comprendía. Comprendía todo, cos xestos, coas miradas, co non-dito.

## DIY

Vou gravar o concerto hoxe á noite. Perfecto. Esta cámara ten grabación na escuridade. Seguramente haberá poucas luces. Certo, hai pouca luz. O punk como forma de vida. Admiración por un movemento que

quere romper con todo. DIY. Faino ti mesmo. Ser donos do destino. Necesidade de guiarse polos desexos, pola parte máis instintiva. Primitivismo. Anarco-primitivismo. Antano, as sociedades eran igualitarias. Futuro primitivo. Jhon Zerzan. Esta canción téñoa que bailar, trémame da cámara. E saltar. Saltar desde o escenario é o punto de adrenalina máis potente. E sempre haberá amigos que non te deixen caer ao chan. No future; outra consigna. Vive o momento.

## DECIBELIOS

Non te escoito. Demasiados decibelios. Fálame ao ouvido. Sempre soñei con ver ás Bikini Kills. Atopeinas por casualidade nunha tenda de discos. As riot girls. Mulleres transgresoras que fan o que queren cando e como queren. A ideoloxía achégase a postulados nos que a liberdade é o eixo a partir do que se sitúan as determinacións. Vivir movéndose entre os límites, aqueles do eu e do nós, nunha simbiose que fai elixir as persoas que nos rodean. As imposicións desaparecen e a única forma de vida é a elección individual. Sempre. Eu xa as vin dous veces. Pero non se desbota o colectivo, formado por conciencias que así se sitúan no común.

## B.B.V.

Cumprir os soños é a forma de encauzarse a través do optimismo. O pesimismo de non cumplir os soños. Porque nunha escalada que avanza inexoravelmente cara un destino, a mirada debe concentrarse na beleza do exterior e encher así o interior. Manterse atento ante o mundo cambiante. Sociedade líquida. Bauman. Por o foco nos aspectos vitais que nos fan ben. Ese concerto. Ese soño. O ben debe estar impregnado de posibilidades de actuación para non estancarse nunha única posibilidade e debe asimismo ser a guía. Ben e beleza. tamén verdade. B.B.V. O espiritual. A conciencia. Mesmo a felicidade.

## BEIXOS

Se son feliz agora é tamén porque te estou amando. Ámote dun amor irrecoñecíbel que me fai sentir... Ámote como se hoxe fora o derradeiro

día. Quero bicarte. Faino. Os beixos son a metonimia do amor. Eu mírote. Amar é un acto revolucionario, quizáis o máis forte. A potencia do verbo amar lévanos a un estado onde comprendemos o sentido do universo. Somos un. O eu, o nós, o todo. Bicarse é tamén un modo de achegarse á alma do outro, nunha alteridade que nos constitúe como seres que aman. Bícame outra vez. Bicaríate todo o tempo, sen saber do tempo. Salvaxe e docemente. Cabalos que trotan ata achar repouso nun leito de flores.

## SOL

Ola, durmiches ben? Mellor ca nunca. E un raio de sol invadía a habitación para ilumina-lo todo. A luz, que enche os espazos tamén enche os corazóns. Aqueles dos que a partir de agora se amarán para sempre. Para sempre? Se intentamos escoitar os latexos do ser amado acharemos un estado de trance que nos permita amar sen condicións. Achados nun estado incondicional, serán o un para o outro. Pero non se olvidarán dos demáis. Amaranos, tamén. Porque o amor é unha forma de vida. Nun percurso vital que nos devolve ao noso ser primixéneo. Para así comezar a andadura cara unha posición elevada da conciencia. O sol era liberdade. E eles non se querían atar, tan só se amaban.

## PARA SEMPRE?

A liberdade comeza por un mesmo. Se somos quen de manter a nosa integridade amando, sairemos adiante. Cando algo falla, debemos deixar atrás. Recomezar de cero. Soltar o que xa non nos fai feliz e inventar outro camino de amor e liberdade. A revolución sexual deixou claro que non nos debemos ancorar nunha relación que xa non nos satisface. Que podemos experimentar canto queiramos, que somos libres para face-lo. Pero cando se inicia unha relación pensamos que vai ser para sempre e Jodorowsky di que é unha condición de partida sine qua non. Tamén o amor está feito de promesas, que ás veces non se poden cumplir.

## HIMALAYA

Vou facer uns zumes de laranxa. Eu fago torradas. E café. Si, café. Nunca che falei de Aina. Son un grupo de Barcelona. Cunha elegancia extrema. Os seus temas móvense entre as augas dun río que percorre unha montaña, quizáis a máis alta do mundo e que fai un vieiro novo e entre a neve desa mesma montaña, inundándoo todo de cor branca. É hc melódico que invita á reflexión pero que tamén nos sitúa nun espazo onde só existe sentimento. Aquel no que se canta o poder da postadolescencia. Eu serei sempre un postadolescente. Eu tamén. O non- compromiso, a diversión, a festa contínua. O Himalaya, evócame o Himalaya.

## INSTANTES PRECISOS

Escoitamos a Lee Morgan? Estupendo. O almorzo con jazz. O jazz é a música da liberdade. Os USA veron nacer os más importantes movementos musicais. Lee Morgan é un terremoto inestábel que se expande pola Antártida. Fai que o xeo se desxee. Introduce unha certa forma de anti-inercia no tempo que se afoga. A monotonía é o que me fai ser pesimista. A min faime pesimista non verte feliz... Pero eu son feliz aquí contigo. Vas marchar... Desleixada a trama só quedan os instantes precisos. Introducing, o disco que os acompaña. Máis tarde soarán Miles Davis, Chet Baker e Thelonius Monk. É hora de saír a rúa e captar instantes precisos.

## CONDICIÓN HUMANA

Camiño coa cámara cara o descoñecido. Aquelo que se ve por primeira vez e que vai ser documento da propia vida, da obra. Porque vida e obra son o mesmo. Gústanme as rúas. Gústanme os rostros. Entretando existe pouca acción. Arendt afirmaba que a acción é pura e está separada de calquera condición material. Así a materia será o oposto do pensamento/acción.. E determinará a condición humana. Respirar como única consigna. Accións que se apartan da bioloxía. Pensar. A fala. O discurso como diferenza co resto dos seres animais. Introducirei unha voz off que sexa un contrapunto. Político e poético.

## TERRA

Somos todos seres únicos. A pluralidade. E formamos algo chamado Humanidade. Cara onde vamos como especie? A única razón é a Terra. Que nos determina, que nos acubilla e nos detrúa ao tempo que nos a destuimos a ela. Vivimos baixo unhas condicións específicas. A Terra está adaptada a nós ou nós á Terra? Formúlome estas preguntas mentras gravo a un anciano co seu bastón e chapeu que atravesa lentamente unha rúa e a un neno que se solta da súa nai e comeza a correr... Cal é o destino común? Quizáis a extinción? Quizáis un estado máis elevado de conciencia? A iluminación como condición para a supervivencia.

## SOVIDADE

Neste paseo pensaba na sovidade como espazo común. Pero os nosos corpos únironse. Epifanía cotiá que determina experiencias vitais. Como chegar ao corazón do outro sen perda? Porque se perdemos a nosa independencia perdémolo todo. A liberdade está en construir por un mesmo o noso decurso. Que sentido ten unha parella? Hai algo en realidade máis que o estritamente físico? Compartir. Nas conversas está a metonimia do amor, tamén nos beixos. A fidelidade. Nunha sociedade que admite o poliamor. Nun contexto de loita polas liberdades. Diversidade sexual. Póñame unha auga. Velaquí. E bebendo nese bar comprendín que si o amaba. Por canto tempo?

## IMPERIALISMO

O imperialismo no foco. Os USA dominando o mundo. Desde a súa constitución. Este grupo Siervos de Nadie, quero que o escoites. Gústanme pero non entendo o que din. Falan de destuir o imperialismo; de que non hai paz contruíndo sobre a base de escravos; de que despois da calma sempre chega a tormenta; etc. Doctrina Monroe. América para os americanos. Todas as bases militares espalladas polo mundo. Eu tamén estou a favor da desmilitarización. Paz e solidaridade internacional. A violencia institucional como creva. Os monopolios como consecuencia dunha política económica que se adhire exclusivamente ao beneficio. Dereitos humanos.

## **PEACE AND LOVE**

Unha consigna neohippie. Paz e amor. O último escalafón da humanidade. Seres que pensan e actúan sobre principios de non inxerencia, como na política internacional da ONU. Querer o ben común. Evolución nunha sociedade global. Postmaterialismo. Reivindicacións de valores postmodernos. A igualdade na diversidade. Actuar e pensar sendo partes dun todo. Aquel que se desvela en cada individualidade. Reificar o abstracto. Teñen sentido ideoloxías político-económicas como o marxismo na actualidade? Working class. Facundo Cabral. “O pobre non son eu”. Aprovéitate do Capitalismo.

## **BERLIOZ**

O tempo de viaxe non é o mesmo que na vida rotinaria. Créase así un tempo ad hoc que nos leva por lugares non transitados. Escoitando a Berlioz e a súa Sinfonía Fantástica pensaba na heteroxeneidade dos meus gustos musicais e en que a música nos une, á humanidade, e que é ao mesmo tempo unha forma de epifanía. Revelacións de verdades transcendentes. Cando as achamos as nosas vidas cobran outra dimensión. Vemos con ollos conscientes e os valores desde ese punto xa non son iguais aos anteriores. E unha especie de renacemento. Renacer. Pero as veces que faga falta, incluso cada día. Porque a existencia, os cambios, as novas coordenadas, implican volver a nacer.

## **MESTIZAXES**

Cal é a túa peza de música clásica favorita? O bolero de Ravel. Excepcional. Escoitámola? Seguro. Mientras a escoitaban pensaban en que farían xuntos para crear unha relación especial. Fóra da rutina a vida é mellor. Sen horarios, sen mirar as horas. Cada día un día único. A comprensión non o é todo senón a actitude cara a vida. Creo que te estou amando. Pero esto só é unha viaxe. Facer da vida unha viaxe contínua pode ser un bo método. Eu quero vivir contigo sempre. Nun mundo globalizado as distanzas non son impedimento. Hibridación. As sociedades sempre se mesturaron, as persoas sempre se mesturaron. Mestizaxes.

## TARKOVSKY

As intencións nas obras de arte. Tarkovski. A importancia do sentido que se queira transmitir. Nas obras. Na vida. Os malentendidos. A falta de comunicación efectiva. O ruído. Este tamén pode ser bo seguindo uns postulados neosurrealista pois acharémonos ante algo inusual. Algo diferente. Entender o mesmo e mirar cunha mesma perspectiva. A diferenza e a igualdade. Asómbranos o que no podemos entender pero precisamos da facilidade comunicativa. Este país, esta língua estrana e acolledora ao mesmo tempo. O exótico. O próximo. Nunha dualidade que xa nos é propia. Os contrastes, as similitudes. Ámote sen entender todo o que me dis...

## BOS AMORES

Os amores bos. Os que non doen. Se nos situamos na dor estos amores non valen. Desaparecer a dor implica face-los desaparecer. Unha doença que supón estar no non-amor, na non-felicidade. Se nos fan felices debemos mante-los. Sen ningún tipo de masoquismo podemos avanzar. Xa que esta,a felicidade, é a finalidade última do ser humano. Rosalía de Castro. Eu escribía nalgún momento que non quero a felicidade; pero aquela que se nos impón. Manterse lonxe das falacias do non-verdadeiro implica instalarse no lugar da verdade. Da beleza. Ainda que o postmodernismo faga apoloxía do feo. Ser e estar atentas ás sinais que nos permiten ver cando a materia o pensamento non foi ainda creado. Adiantarse ao que se nos vai presentar como redención do presente.

## PRESENTE

Presente. Reiterar a dúbida de verme perdida nesta viaxe. Eu tamén creo que te quero para sempre. Poñer condicións pode aclarar, pode constatar a esixencia. As promesas ainda non foron emitidas. O amor só entende promesas. Espero manter as coordenadas que me están permitindo amarte. Estructuralismo. Penso no futuro; véxoo contigo. Proxectarse. Ámote dun amor incontestábel. Saber levar a falta de drama ata o final da existencia provoca a aparición de seres que non teñen medo a amar. Porque amar é a resposta. A grande resposta. Non accedemos

senón a un presente eterno. Unha visión realista. A eternidade do presente.

## BUDISMO

Poñer o foco no pensamento e/ou na materia. No tanxíbel e/ou no intanxíbel. Un xeito de comprender as dualidades das que está feita o ser humano. As inevitábeis contradicións. Acharse no lugar da dúbida e recompoñerse do que non é auténtico, verdadeiro. Un camiño de búsqueda espiritual que impide involucrarse nunha relación romántica. Os monxes budistas. O budismo. O amor como guía; o amor universal. Saír da dor e comezar a vivir co que nos fai ben. Saír das reencarnacións e atopar o descanso no nirvana. O despertar espiritual. Se te estou querendo é porque me fas feliz. Fasme feliz porque atopo o meu eu no teu eu, sen necesidade dun nós.

## JEAN PAUL

Accedo a ti desde a miña totalidade. Sen fisuras que non deixen entrar a luz. Explícome e avanzo cara o teu ser. S. de B. O matrimonio é o comezo da prostitución. Ela nunca casou. Pensou deixar a Jean Paul por un escritor americano que acababa de comezar pero non o fixo. Seguiu co seu compañeiro porque se retroalimentaban. Crear en común é un vínculo o bastante forte; causa de seguir estando xuntos. Algunxs amigos recomendábanlle que non o deixara xa que a súa fama podería virse abaixo, sen el. Que nos une en realidade como a eles? Eles estaban unidos pola escritura. Queremos vivir a vida xuntos e iso a é suficiente. Dime algo máis... Quérote ata o infinito e máis alá.

## ILLAS

Facer un selo de música. Moi boa idea. Traballando sobre todo en dixital. Unir músicos. Unha comunidade. Non me gustaría estar aillada. Ás veces quixera estar nunha illa para desconectar pero quero pertencer a algo. O sentido de pertenza é o que nos une ao mundo; incluso desde as propias atalaias, as nosas illas. Conectar cos que nos rodean é unha forma de estar no mundo. Por iso cando amamos non debemos crear

illas nas que habitar todo o tempo, só por momentos. Tamén estaría ben tocar xuntos. Si! Un selo e un grupo, estupendo. Pásame a berenxena. Este xantar vai quedar máis que ben.

## VEGAN

Comer vegano, non comer animais, peixe nin productos derivados dos mesmos é case unha relixión. Xa desde o s.xvi o dicía Da Vinci, que estaría prohibido comer animais. Ese tempo ainda non chegou pero chegará. Trátase dunha alianza entre especies e de sobre todo respecto. Porque desde unha prehistoria ideal, aquela contada por determinados autores que nos explican desde otros paradigmas, a sociedade era vegana xa que só serían recolectores de froitas e froitos. Na actualidade existen moitas opción para comer san. Esta ensalada de berenxena está boísima. Tomamos un café naquela terraza que vimos pola zona oeste? Si, e saímos un pouco da casa. Non marcharás antes de ter feito un disco, xuntos. Feito!

## 10.000 km

A cidade está triste e escura. Chove. Estos parabrisas funcionan mal, non van á velocidade precisa, demasiada choiva. Xa estamos chegando. Queres vivir comigo para sempre? Pasar unha vida enteira cunha mesma persoa pode provocar un medo espeluznante pero non me coacionei pola pregunta. Si, quero. O día non era tan propicio como para facer unha confesión desa orde, non obstante todo estaba dito. Eles quérense. Cambiar de cidade por amor pode ser a solución a esa distancia que os separou. Separados polo océano atlántico. Por 10.000 km. Que pode ser mellor que atopar o amor alá onde estea... Porque sentirse en comunión con alguén é o acto más poderoso que existe. Con todas as concesións, as promesas, os proxectos.

## SPOKEN WORDS

Faremos ese disco eu co piano e ti coa voz? Spoken words. Falaremos da dificultade de atopar un espazo habitábel que nos acolla con redención e valentía. . Da soildade que desparece cando entras no meu plano

vital. Das árbores que acubillan a paxaros que voan en bandadas. Unha viaxe común. Un destino común. De verse perdido. De atopar acubillo. De verdades pequenas que se transforman en universais. De lobos que saen da súa cova para axudar a animais en perigo. Dos amigos que están sempre aí. Da necesidade do outro. Das reberberacións dun eco colectivo. Do perigo de verse só. Das asimilacións constantes do pensamento unidireccional. Da solidaridadde internacional. Da vanguarda creativa e os restos do dadaísmo...

## VANGARDA

Crear algo novo. Vangarda. Desde os 60 os cacharros produciron música electrónica. Cal é a nosa marca de identidade? Pois mesturar inglés con galego. Tocar mal o piano pero que soe ben. E facer letras sobre o noso mundo que non deixa de ser singular. Tamén incluiremos ruido electrónico con sintetizadores. Diso encárgome eu. Mesturar estilos. Produtos que son froito dunha asimilación diversa. Orixes diferentes. A unidade resultante como resposta a influencias heteroxéneas. A necesidade de crear desde os eus. Xa son unha banda. Sentimento común. Cal será o nome? Eu digo unha palabra e ti outra. Ok? Ok. The. End. Si! The end. Xuntos ata o final.

On

## BOILER ROOM INDIA

Unha sesión de techno na India.  
Apoloxía do híbrido - Hindol poeta  
bengalí -  
Outras respuestas, outras preguntas E  
non ficar no previsíbel.  
A miña sociedade abúrre-me porque  
ansío o non-homoxéneo.  
Falo de pretéritos que reeducan a  
linguaxe.  
Esta música dá-me ganas de ir a un  
club e crear o inesperado.  
Bailar fai-nos libres: comprender o corpo e intentar capturar o  
imprevisíbel.  
Algo que non queremos controlar.



## ARMAS/PEACE

Alemaña anos 70.  
Levas esa camisola da RAF para a  
hora do café  
E sei que vés falar de amor. Daquela  
rapaza do norte  
Coa que falabas en bares e  
asambleas.  
Armados con libros e cafés  
Retiñamos algunas anécdotas.  
Ese fusil e o símbolo da paz que  
vestía eu.  
Só aquel beixo Solucionou o conflito Quedaban máis mañas  
Para recalcar a militarización do mundo. No 2000 e algo  
As invasións dos USA foron sancionadas  
Fála-me do desastre de Nicaragua.




## SR. CHINARRO

Non será Que podo facer? Mellor versión que a orixinal? Porque non podo facer nada  
Xa que isto foi dado ao azar. Ao reencontro  
Como unha acción situaciónsta  
Posicionaches o destino, dicías  
“Hai que face-la vida como se fixeramos unha  
obra de arte”  
E el fíxo-me un beixo: facer e non dar desvíos.  
Ningunha deberíamos ter dono



## THE BLASTING CONCEPT

Escoita. HC  
Direito aos teus ouvidos. Raymond Pettibon.  
Esa ilustración,  
Como o día que estiven con el Non  
poder escapar, estar atado Ao  
pescozo.  
V/A e inventar o trazo do ruído.  
Sentín medo no corpo  
Quero o temor Estou agonizando.  
“Non teremos a onde ir” dis. Devastada entre amplificadores.  
Salto.  
Bailo.  
Repto o estribillo. California post punk, como se te coñecera en  
UCLA.



## ULRIKE MEINHOF


Loitar contra as armas  
atómicas. Non só.  
Xornalista.  
A RAF,  
pensando Como  
unha revolucionaria  
Vémo-lo na revista  
Konkret.



E nas conferencias en  
Berlín: oposición extra-parlamentaria.  
Non crer na democracia non ten porque ser delito.  
Existen outras formas de organizar a sociedade  
A comuna de París.  
Tan pouco dura unha revolución e tanto o amor?

## GORE

Traspasar a rede do amor  
Enredada entre convencións que supoñen a  
aceptación do dito  
Cando o non-dito se instala e converxe  
Gore  
Atrapar o sexo mediatizado é  
Achar-se entre as trampas do espectáculo.  
Facer disto un algo heroico A guerra  
Unha certa forma de guerra civil mundial  
Chamamento  
Requerindo papeis e experiencias Para facer da trama  
Unha conmemoración do encontro. Se non queda nada...  
Estarei-te agardando no resorte libre



## LES REVENANTS

Se non volves a min  
Desfarei feitizos e áncoras con  
    ferro  
Desleixarei a trama e retornarei  
    a ostracia  
Desde ese bosque podo ver os  
    teus pasos Na miña busca  
Afinarei, repetirei a metáfora e  
    consolidarei o instinto  
Aquel que me leva a ti sen máis  
    arma que a palabra.  
As neves non desfán a inercia  
Apostando polo imprevisíbel e deixar constancia  
Do medo de ter-te que deixar coa morte.



## HENRY ROTH

Albuquerque,  
    posicionados cara  
    o deslizamento de  
    fronteiras  
Nun novo mapa  
    mundial Para  
    celebrar o amor Nesa  
    montaña de México  
Millo azul e comida moi picante Reclamando a non-inercia Bailando  
    o guaxalote  
O asombro constante E facer do vivido  
Unha biografía experimental  
Sincronizar os incendios E crear a palabra xusta



## LAST DAYS

Se estes son os meus derradeiros instantes  
Farei unha festa no monte E cantarei “Hoxe é o  
día” Pero vou vivir para amarte  
O día que nacín eu Kurt morreu Úne-nos o 5 de  
abril  
Asimilar o drama Contar e recordar  
E reconñecer a pertenza a unha especie de tribu  
Repousando en sofás vellos  
E convertendo en po os fragmentos desleixados.



## BOS E XENEROSOS

Berramos acotío Con micro  
Unha epifanía violeta  
Somos bos e xenerosos  
E escalamos sentimientos de  
pertenza  
Eu que non pertenzo a  
nada Agás a ti  
Unha nación como  
un corpo Transitar,  
percorrer, habitar.  
Un fogar.



# Over the Fall

*People try to put us down (Talkin' 'bout my generation)*

*Just because we g-g-g-get around (Talkin' 'bout my generation) I  
don't need their fucking shit (Talkin' 'bout my generation)*

*I hope I die because of it (Talkin' 'bout my generation) Why don't you  
all fade away (Talkin' 'bout my generation)*

*And don't try to dig what we all s-s-say (Talkin' 'bout my generation)  
I'm not trying to cause a big sensation (Talkin' 'bout my generation)  
I'm just talkin' 'bout my generation (Talkin' 'bout my generation)*

*I'm not trying to cause a b-big s-s-sensation (Talkin' 'bout my ge-  
neration) I'm just talkin' 'bout my g-g-generation (Talkin' 'bout my  
generation)*

Patti Smith

## One Uno Un

Within my eyes  
the night  
is open  
when you sacrifice  
the floor  
like the other day  
alone.

Dentro de mis ojos  
La noche está abierta  
Cuando tú sacrificas  
El suelo  
Como el último día  
Solitario.

Dentro dos meus olhos  
a noite  
está aberta  
cando sacrificas

o chan  
como o pasado día  
solitario.

### Two Dos Dous

I trace your steps  
Sombre  
Unreal  
across the street  
in the middle of your hand.

Yo sigo tu camino  
Oscuro  
Irreal  
A través de la calle  
En el medio de la mano.

Eu sigo o teu transcurso  
escuro  
irreal  
a través da carretera  
no medio da man.

### Three Tres Tres

The lake  
water  
rain  
you and me  
in another dimension  
after all  
we are now completely  
unhappy.

El lago agua  
lluvia  
yo y tú

en otra dimensión  
después de todo  
nosotros somos completamente  
infelices.

O lago  
auga  
choiva  
eu e ti  
nunha outra dimensión  
despois de todo  
nós somos completamente  
infelices.

#### **Four Cuatro Catro**

For the first time  
I need the waves  
over my body  
slowly  
near the sky  
in a place  
reddened by the light.

Por primera vez  
necesito las olas  
en mi cuerpo  
lentamente  
cerca del cielo  
en un lugar rojo  
por la luz.

Por primeira vez  
necesito as ondas  
no meu corpo  
lentamente  
a carón do ceo  
nun lugar

lugar vermello  
pola luz.

### Five Cinco Cinco

Open the window  
my friend crossing the void  
they will stay  
in your mind  
for a fleeting moment  
like someone who lingers for a brief while.

Abrid las ventanas  
mi amigo atraviesa el vacío  
y ellos quedan  
en tu cabeza por un instante  
como alguien que pasa.

Abriude as fiestras  
o meu amigo atravesa o baleiro  
e eles quedan  
na túa cabeza por uns intres  
como alguén que pasa.

### Six Seis Seis

Black  
White  
the symphony goes  
beyond  
they are fragmented enough.

Negro  
blanco  
coloca la sinfonía  
más allá  
ellos están suficientemente fragmentados.

Negro  
branco  
coloca a simfonía  
máis alá  
eles están suficientemente fragmentados.

### **Seven Siete Sete**

In my arms  
there is a circle  
a perfect circle  
for your body stop  
stop the fire.

En mis brazos  
existe un círculo  
perfecto círculo  
para tu cuerpo corta  
corta el fuego.

Nos meus braços  
existe un círculo  
perfecto círculo  
para o teu corpo corta  
corta o lume.

### **Eight Ocho Oito**

Real nature  
wind  
it knows the reason why  
storm  
also knows the reason  
why.

La naturaleza real  
viento  
él conoce la razón

t tormenta  
ella conoce también la razón  
también.

A natureza real  
vento  
él coñece a razón  
tormenta  
ela coñece a razón  
tamén.

### **Nine Nueve Nove**

Catch the light  
no other day  
exists  
only that day  
is sacred.

Coge la luz  
otro día  
no existe  
solamente ese día  
es sagrado.

Colle a luz  
outro día  
non existe  
soamente ese día  
é sagrado .

### **Ten Diez Dez**

Like the murmuring  
of the forest  
speak to the trees  
I'm a good woman  
and you know it.

Como el rumor  
en el bosque  
habla con los árboles  
yo soy una buena mujer  
y tú lo sabes.

Como un rumor  
no bosque  
fala coas árbores  
eu son unha boa muller  
e ti sábe-lo.

### Eleven Once Once

Elastic form  
both  
in the wings  
ultimately loveless.

Forma elástica  
ambas  
entre bastidores  
está finalmente vacío de amor.

Forma elástica  
ambas  
entre bastidores  
está finalmente baleiro de amor.

### Twelve Doce Doce

The secret name  
makes sense  
when you run to the beach  
to shout out  
that secret name.

Da sentido  
al nombre secreto

cuando corres hacia la playa  
para gritar  
ese nombre secreto.

Dá sentido  
o nome secreto  
cando corres cara a praia  
para berrar  
ese nome secreto.

### Thirteen Trece Trece

Mind  
speed  
words  
sky  
the sea is real.

Mente  
velocidad  
palabras  
cielo  
el mar es irreal.

Mente  
velocidade  
palabras  
ceo  
o mar é real.

### Fourteen Catorce Catorce

The sun  
Takes up  
the space  
it swims  
to learn  
its meaning.

El sol  
ocupa  
el espacio  
nada  
para aprender  
el sentido.

O sol  
ocupa  
o espazo  
nada  
para aprender  
o sentido.

### **Fiveteen Quince Quince**

Open your eyes  
look into the darkness  
all the lights  
are coming.

Abre los ojos  
mira la oscuridad  
todas las luces  
están viniendo.

Abre os ollos  
mira a escuridade  
todas as luces están vindo.

### **Sixteen Dieciséis Dazaseis.**

After all  
your mirror  
shows  
a changed reflection  
look inside yourself.

Después de todo  
tu espejo  
muestra  
la imagen cambiada  
mira dentro de ti.

Despois de todo  
o teu espello  
mostra  
a imaxe cambiada  
mira dentro de ti.

### **Seventeen Diecisiete Dezasete**

Maybe my heart  
isn't there  
maybe the others  
aren't there either.

Quizás mi corazón  
no está aquí  
quizás los otros  
tampoco están.

Quizáis o meu corazón  
non está aquí  
quizáis os outros  
tampouco o están.

### **Eightteen Dieciocho Dezaoito**

Blood on the moon  
another person  
is near  
perhaps planets  
are in your  
drawings.

Sangre en la luna  
otra persona  
está cerca de ti  
quizás planetas  
están en tus  
dibujos.

Sangue na lúa  
outra persoa  
está preto de ti  
se cadra planetas  
están nos teus  
debuxos.

### Nineteen Diecinove Dezanove

The rock  
on a mountain  
lives for all time  
like the heart  
in my mind.

La roca  
en la montaña  
vive todo el tiempo  
como el corazón  
en mi mente.

A roca  
nunha montaña  
vive por tódolos tempos  
como o corazón  
na miña mente.

### Twenty Veinte Vinte

Snow falls  
your body

cold  
still  
unique.

La nieve cae  
Tu cuerpo  
Frío  
Tranquilo  
Único.

Neve cae  
o teu corpo  
frío  
quedo  
único.

### Twenty-one Veintiuno Vinteun

North  
observe the coordinates  
why  
don't you ask me  
about the meaning  
the ultimate meaning.

Norte  
Mira las coordenadas  
Por qué  
No me preguntas  
Por el sentido  
Por el último sentido.

Norte  
mira as coordenadas  
por que  
non me preguntas  
polo sentido  
polo derradeiro sentido.

## Twenty-two Veintidós Vintedous

Soul  
heart and soulnot I  
everyone  
always in search of  
happiness.

Alma  
alma del pueblo  
no yo  
siempre todo el mundo  
quiere la felicidad.

Alma  
alma do pobo  
non eu  
sempre todo o mundo  
quere felicidade.

## Twenty three Veintitrés Vintetres

Mass  
individuality  
you  
I  
a system  
a structure  
a destiny.

Masa  
individualidad  
tú  
yo  
un sistema  
una estructura  
un destino.

Masa  
Individualidade  
ti  
eu  
un sistema  
unha estructura  
un destino.

#### Twenty four Veinticuatro Vintecatro

The way  
to kiss  
you  
is killing me  
fast  
and you don't understand me  
now.

La manera  
de besarte  
me está matando  
rápido  
y tú no me entiendes  
ahora.

A maneira  
para beixar  
te  
ti mátasme  
rápido  
e ti non me entendes  
agora.

#### Twenty five Veinticinco Vintecinco

Our love  
can write

the future  
creating images  
that bring  
our ideas to rest.

Nuestro amor  
puede escribir  
el futuro  
crear imágenes  
para reposar  
nuestras ideas.

O noso amor  
pode escribir  
o futuro  
crear imaxes  
para repousar  
as nosas ideas.

# Poemas manuscritos

Dentro cara super  
nove banchos do  
mover pe me chega  
a ti para medir  
de dentro para  
o teu corpo

Desterro cara ningures  
Nese tránsito do solpor  
Que se achega a ti  
Por medio de alegorías Sobre o teu  
corpo

Congu -  
andar hyas  
linas. As  
cañel d  
dye opca

Comezar a andadura  
Trazando liñas  
Sabiduría ancestral  
Da alquimia opaca

Ruth - despo  
d real p m  
alga - t nem  
más ferante  
p - plos

Resistir á descomposición do real  
Que me conduce a ti  
Sen más ferramenta  
Que a palabra

*As dúbidas  
xe non non fata*

As dúbidas xa non son  
Froita pola mañá  
Senón  
Champagne á noite

*pela non non  
degape e ante*

*A certeza de  
ter dito todo  
at xe non fala.  
Recella • pata  
da dega dada*

A certeza de ter dito todo  
Cando xa non falas  
Recolles o pacto do  
Silenco absoluto

*As non abrigo  
te non non fu e  
pe le das pepiante  
por dentro*

Se non estoupo  
Na mañá fría  
E que te levo  
Pacíficamente por dentro

*Ti os píllas  
e ante píllas que  
e píllas; as veces  
deixan de galopar  
e con calma cuchas  
anchas*

*Desfixen pactos e contrapactos  
e antepostos con  
se chiscar o illa  
e despois de lles  
ti despois de ti  
regard*

Se cabalgo polo teu corpo  
Agocho proposta circunstanciais  
Que só me afastan de ti

Ti es palabra  
E cando falas  
Aparece a maxia  
Ás veces deixamos de galopar  
E con calma  
Accedemos ó cotiá

Desfixen pactos e contrapactos  
Con só chiscar os ollos  
E despois de todo  
Ti dispós do teu  
Regard

*A cably pl  
ten weyo agob  
porpotoras cuchas  
pe no va gata  
de ti*

*Supo r̄ ~  
mudas non che  
no se note  
r̄ ~ desen  
de lume*

Supoño que as dúbihdas  
Son cabalos sós na noite  
Que se afastan do lume

*Repetir antas  
como engados  
pe engados  
• dalgas xe  
coidas*

Repetir anoiteceres  
Como engados  
Que superpoñen o diálogo  
Xa caótico

Opacos os fenómenos intransitivos  
Só acaecen nas fiestras  
Que me agochan o teu rostro  
Sobre a néboa

*Opacos os fenómenos  
mudanzas ~  
cueras non juntas  
que no agachan  
o tuo rostro  
sobre a néboa*

*Rende o ferro*

Recibe o fenómeno lumínico  
Como una festa  
Nun acto pacífico  
Om

*bom com  
un fruta nun  
coto perpicio*

*om*

*Darvate de  
ben nro e faise  
exercer e routine  
pr flores vermelhas  
no piano branco  
e negr*

Desperta do teu sono  
E faime exercer a rutina  
Pór flores vermelhas  
No piano branco e negro

Agora si puiden sostener  
O fio que me leva a ti  
Fíxeno ferro  
Xa ninguén pode rompe-lo

*Agora si pode  
sostener o fio que  
me leva a ti:  
fíxeno ferro xa  
ninguíén pode  
romperlo*

Pecar ore dure  
de fin que  
clausur ore  
unha encontro  
fugaz

Pregar coa chave da fin  
Para clausurar ese único encontro  
Fugaz

Se es capaz de transferir  
O xeito tan peculiar de quererme  
Poño o altar aos teus pés  
de bicos o  
xalo tan pechar  
de pedras puras  
o aler os tes  
pés

Paris: bicos roubados  
E pontes  
Con rosas vermelhas

Paris: bicos  
pontes e  
peler un uno  
vermelhas

*Abonda o ver  
corpo se area  
de ferro e ver  
se se este  
morte*

Soterraba o meu corpo  
Na area  
Ata facerme crer  
Que xa estaba morta

*Cando te afastas  
de ti fin non  
nha nphra  
se despois  
no fondo*

Cando te afastas  
De ti  
Fas soar unha sinfonía  
Que desaparece no baleiro

Feitizos que son áncoras  
Sumerxidas  
No profundo  
Dun bico furtivo

*Festigos que  
non ancan  
profundo no  
fondo da mar  
(fondo)*

*Mais de  
nos dormiam en  
camas con flores  
que ti pos cada noite  
para eu ben me durmir*

Afastada de todo  
Descanso en camas con flores  
Que ti pós cada noite  
Para eu ben me durmir

*Reculas a dor  
da que falté en  
un mar de dor  
e perde e regre  
en samba brachita*

Recibes a dor do que falta  
De min  
Sen recoñecer a perda  
E rezas un mantra budista

Resistir coa calma  
Do mar de agosto  
para debuxar  
o teu corpo  
transformado polo lenzo

*Resistir a dor  
do mar de agosto  
per debuxar  
o teu corpo  
transformado polo  
lenzo*

A metá  
a te ollar

A metátase do teu ollar  
traduce a espera  
e lévaa ata o cumio  
da montaña sagrada

haze —  
casa e leu  
alo o aízo  
de patao ríxel

Recorrer o teu  
corp o ala viaxe  
de ala estafeta  
de finitude; cobe  
os que serve para  
navegar

Recorrer o teu corpo  
É unha viaxe  
Ata una certa forma de finitude  
Aquela que me serve para navegar

Contrapoñer solsticios de verán  
Ao clamor dun berro  
Que se reinstala no ceo

Contrapoñer os  
solsticios de verán  
ao clamor dun  
berro que se  
reinstala no ceo

*Tradus a  
un aperto en  
cales avantes  
enfres e miña  
existencia*

Traducindo as túas apertas  
En cánticos ancestrais  
Reífico  
A miña existencia

*Tal vez pens  
n'alle m' F  
tradus ao cono  
e en nos fin  
ata chegámonos  
a Compostela*

Tal vez penso no intre  
No que subiches ao coche  
E eu non falei  
Ata chegármonos a Compostela

Despois de todo O silenzio é  
Unha sagrada forma de comunicación  
No que hai espazo  
Para as apertas

*Despois de todo  
o silencio é unha  
magnifica forma de  
comunicación no que hai  
espazo para as apertas*

*Saudar —*  
Nel cando xogabas  
cos ondas fu  
ntra epifanía de  
epifanía na foz  
de apurada  
lade e para do mar

Saudar ao sol cando xogabas coas ondas  
Foi una especie de epifanía  
Na que a alquimia depositaba  
A maxia do mar

*Estou a facer*  
*apoloxía do sagrado*  
*en os teus nomes*  
*fansen terra*

Estou a facer apoloxía  
Do sagrado  
Así os teus nomes  
Fanse terra

Se acado o punto de equilibrio  
Mirándote  
Seguro que terei que dicir que  
Era a onda  
A que agochaba o porvir

*Se acado o punto*  
*de equilibrio nulle*  
*seguro que terei*  
*que dicir que era*  
*a onda — F*  
*agochaba o porvir*

*Calmar tras  
a tormenta darte  
un e abrigo en  
tus ideas e vidas:  
me das por me  
dejar a ti*

Calmarme tras a tormenta  
Adoita ser a solución  
Aos teus ires e vires:  
Esa calma que me leva a ti

*Calcino os recordos e expánndoos  
e expandir o  
vento por whereys  
o mundo*

Calcino os recordos e expánndoos  
No vento  
Para naturalizar  
O noso

*Ante a elocuencia  
dos teus adeuses  
subo a espada  
e cabalgo a otros  
territorios*

Ante a elocuencia  
Dos teus adeuses  
Subo a espada  
E cabalgo a outros territorios

Se me deacto  
da sinestesia  
que fai o teu nome en francés  
Estou contigo  
Recollendo navíos

Se me deacto  
da sinestesia  
que fai o teu nome en francés  
Estou contigo  
Recollendo navíos

Pasaba en 24f/s  
Como cando te vin  
Por primeira vez  
Actor principal dunha  
peli de Truffaut  
Só quedaba rodar

Pasaba en 24f/s  
Como cando te  
un po que  
en cada proxecto  
delle pediu de Truffaut  
(ni pellor noutro)

Superpoño imaxes  
Do teu corpo  
Para afacerme a verte  
Deconstruído  
Como o meu pensamento  
postmoderno

Superpoño imaxes  
do teu corpo para  
afacerme a verte  
deconstruído, como  
o meu pensamento  
postmoderno

Un xuramento  
re  
medida o azar.

Un xuramento que reclamaba o azar  
Il n'y a pas d'hazard  
Il y a que  
Des reencontres

Il n'y - pas d'hazard  
Il y a que  
des  
reencontres

Abr sostia  
o desterro en  
se depo del  
que desp faz  
e recompõ nme do  
non-dito

Antes sostiña o desterro  
Como una alegoría vital  
Agora desfago feitizos e  
Recompónome do non –dito

Cada síntoma de  
Decomposición  
Reflexa a perspectiva  
Cara o infinito  
Na que me envolves

Cada síntoma de  
descomposición reflexa  
e perspectiva cara  
o infinito na que  
me envolves

*A vela d  
luz non refle  
cteás no profun  
do pe ampar  
fetas anestes*

A metonimia do teu ser  
Reflicte estadías no Pacífico  
Aquelas que inauguran  
Festas ancestrais

*Recup o báls  
de antigas sororidades  
Levadas ao presente cun elemento  
transfigurador  
Erfíxeas como rocas no cumio  
da montaña  
hoxe non creces  
con ríos no cumio  
de vertores*

Recuperar o bálsamo  
De antigas sororidades  
Levadas ao presente cun elemento  
transfigurador  
Erfíxeas como rocas no cumio  
da montaña

Para saber do sentido da existencia  
Terei que recurrir  
Aos conceptos derridianos  
De finitude e silenzo

*fara vela de solto  
da existencia  
terai pe nonas  
as excepts dendas  
de fidelidade e albergue*

Vulnerábel

Vulnerábel:  
O principio de decadencia occidental  
No que nos diluimos

depois : o princípio  
de decadencia  
occidental no que  
nos diluimos

Cando repito o meu nome  
Fronte oa espello  
Penso en Antoine Dionel  
Extrañámonos tanto os dous  
non non fute ao  
espello para en  
Antoine Dionel,  
extrañámonos tanto  
os dous

Mentras me recompoño  
Das túas ausencias  
Vou nomeando as cousas  
Con outros nomes

Mentras me  
recompoño das túas  
ausencias non penso  
en ausencias con  
outros nomes

A posibilidade de atopar  
É tan remota  
Que constrúo un espazo ad hoc  
No que me busques

Ten explican  
a metáfora pe me  
fai debuxar corpos,  
terrás nos pe un  
descanso, extensoir

Intento explicar a metáfora  
Que me fai debuxar corpos,  
Terras onde descanso eu,  
Extranxeira

# Ausencias e presenzas (filmografía de M.Duras)

A noite, as mans (azuis e negras)  
Un auto que percorre as rúas de París.  
Música de violín  
A noite. As mans abertas. O negro na noite. En fronte o océano.  
Na caverna. A intimidade.  
Cuestión de identidade: “je t'aime”  
Chamar. Berrar. Eu ámote e berro. E escribo.  
Non hai significados posíbeis. Derrida. O meu amor non ten explicación. Existe.

Os autores son más relevantes que os seus propios textos. Biografías. Barthes. Atopar esencias dunha travesía ad infinitum.

Intento nomear as cousas, ao igual que Sartre, con outros nomes e lanzo a espiral da concordia.

“O matrimonio é o comezo da prostitución”. Beauvoir. Reitero a dúbida de volver a verte na cidade palpitante do DF. A máis poboada. Ti entre 30 millóns.

A túa voz levaríame por lugares non transitados, improvisación. Unha peza de Coltrane.

Pasaches xunto a min. Rendención. Eu desexaba parar a túa imaxe e habita-la para sempre.

Acharei o punto equidistante do equilibrio composto de miradas desaparecidas no baleiro dos recordos.

\*\*\*

Non hai significados que poidan definir a miña idea sobre ti. Repito. É cuestión de miradas. Inexpresábeis.

Avanzo, nesta cidade que me atravesa e eu transítoa para xustamente, recordar.

Non existe unha resposta. Marchei. Coa choiva.

Quero que me leve lonxe, onde poida respirar o vento do Pacífico. Na praia de Porto Escondido.

A denotación desta historia? Non hai amor posíbel. A tramas argumentan que nunca nos coñeceremos.

Non puiden reter o momento... non son dona do tempo. E eu avanzo inexorabelmente. Sen saber da revolución cotiá que glorificas.

\*\*\*

Alcanzarei un estado de trance no que todo se ritualice. Tamén o amor. E sosterei as flores no altar maior dunha deidade xa morta. E fareiche esta ofrenda.

Falogocentrismo. Reinventemos as palabras. Quitémoslle a súa carga patriarcal.

Se te quero é porque te comprendo. Se te quero é porque me  
comprendes. Círculos concéntricos.

Natureza.

Epifanía

O culto

Calar. O silenco era o lugar común. O non-dito recolle a resposta a  
esta proposta nómada. O meu pensamento muda.

Reifico a existencia. Compoño cancións sobre a vida cotiá. Sardega.

As palabras. Todo é metáfora. E berro no tempo das convencións.

Post-.

Non hai posibilidade de emancipación. Nen de liberdade. A  
imaxinación erra. Comeza. Outra vez.

Renazo cando comezo a miña revolución, como se estivera en maio do  
68. No corazón de París.

Nevaba, en París como cada inverno. D.F. calor e froita. Comparación.  
Opostos?

Atopei na ENAP unha moeda de 500 pesos. Devaluación. Cando  
recollía terra no xardín. Instalación. Underground. Raíces colgadas  
do teito. 3 pantallas e terra no chan.

\*\*\*

Por que recordar agora? Para deixar baleiro

Os significados imposíbeis, as confusións... ruído. Fagamos ruído.

A fortuna de poder designificar. Abocar a linguaxe á nada. Que só  
queden as miradas que poidamos recordar toujour.

Farei con esta historia unhas fotos que tamén designifiquen e nas que,  
como aquí, non pase nada e os mesmo tempo, todo suceda.

Propoño o xogo de elixir 3 palabras sen as que non poderías  
vivir... “liberté, fraternité, égalité”. Afrancesados. Guerra da  
independencia. Goya.

Eu chámolle amor pero ti dis que me equivoco... queimar o corazón?  
Deixarei as cinzas sobre o piano. Compoñerei cancións para  
honrarte

Para que calar agora?

\*\*\*

A imaxe-tempo fai da loita unha composición instantánea. Black block. Alí estarei. Berlín.

A lingua que me desterra faime preparar unha festa. Celebración.  
Ritual

Estamos na resistencia. Apoloxía do sagrado.

“I’m so tired”, Fugazi, faime volver a min cando saio de min mesma.  
Desterritorializar o corpo.

Perdo o fío. Nada máis...

Comezo a escribir de novo. Que fago co meu pensamento?  
O encontro é necesario.

O desexo do presente. A alegoría da fuxida. Partir. Para sempre.  
Ausencia. Raio verde. Sr chinarro. Unha chamada á acción.

Sofrer. Clamar ao ceo. Suxeito atravesado pola bala. Morrer. Romeo.  
Xulieta.

E Kurt Ville cantando na praia deserta. Luis. California. Noite de fin  
de ano. Billetes de dólar.

A presenza corporal inevitábel reinvéntanos no Outro, na diferenza.  
Nesta alteridade constante facémonos e refacémonos. Unha  
sinfonía. Hass

Deliro na noite polo desarraigo. Desterro. Ningún outro lugar agás a  
tensión matemática da memoria. Afogada. Ofelia.

Convóco-te cara a disidencia. Romper con todo. Todo. Todo. Todo.  
Sedúceme esta idea.

A gravidade do ton da túa voz había de levarme a un dominio onde  
comezaba a tempestade. “Trois couples en quête d’orages”.

Adorábel... “París está á miña disposición”

\*\*\*

Unha visión estética trae consigo unha visión ética, Lenine, pero que  
son eu se non te recoñezo?

Metafísica. Kant. Crítica da razón pura. Sociedades híbridas,  
identidades híbridas.

Para Lacan o patriarcado é unha lei natural. Futuro Primitivo. Zerzan.  
Os humanos, no pasado, eran seres libres e iguais.

Cans sós polas rúas

Universo. Caos. Todo. Un desexo único que me achega  
inexorabelmente a ti. Noméame. Descíframe. Ámame. Pixies.  
Os valores ancestrais na festa das montañas, bailando o guaxolote,  
animal salvaxe domesticado, picante, danza, quixera que estiveras  
alí. Lévo-te lonxe.

Saquei o pasaporte. Nada na Coruña en 1980. As miñas pegadas,  
únicas, valen para darme un permiso de estancia en calquera lugar  
do mundo. Penso quizáis en visitar a Avish en Calcuta, a Hindol  
ou estaría ben voar aos USA e ver a Addison. Hoxe levo a súa  
camisola, animal lover, o meu grupo de hc favorito. Guitarras,  
piano e moitos berros de raiba xeneracional.

\*\*\*

Indiferencia perfecta. Angustia. Horror. Os desastres do século xxi.  
“Erwartung”, eu espero-te. E ámo-te nesta espera.  
Imaxina que chorei. Imaxina as lágrimas rolando polo meu rostro ata a  
boca. Salgadas.  
Autoficción? Non importa, eu tamén estou aquí.  
Amor non-civilizado, por favor. Situacionismo. Eu ámote cunha forza  
imposíbel  
As ruinas deste amor son incontestábeis.  
Transpórto-me fóra da linguaxe, onde nada existe. Neant. “Pale blue  
eyes” Baker. “Time after time”. Alguén dixo: para sempre  
O delirio deste amor fai que escriba sobre a miña vida. “Regarde en  
arrière” Estou nun abismo que remata. Lázaro feliz. Inxenuidade.  
O corazón é o órgano do desexo.  
Comezoa travesía. Desfágome. Rómbo-me. E recompóno-me.  
Hermeneútica biográfico.  
A interpretación impõse. Falo da conciencia da non limitación.  
Ainda así, a escritura é finita. As múltiples formas pero as  
combinación esgotanse.  
Intención que desvela a contradicción do ser humano. Ethos. Aquí/  
alá. Dentro/fóra, etc  
O que está dentro e o que está fóra do texto.

A música de Ravi Shankar. Arquitectura conceptual trazando os signos dunha descomposición aleatoria. “Da Gramatoloxía”

\*\*\*

A verdade só adquire dimensión sistémica cando non é limitada. As orixes lévanme ao pasado. Burguesía rural. As terras do Porto Exterior foron compradas. Emilia, miña bisavoa. María, miña tataravoa.

Desenmascarar os motivos ocultos. As intencións. As relacións de valor nun tempo de dominación do home polo home.

Capitalismo

Anarco-capitalismo?

Se en Inmigration feminime magrebinne en France, enjeux de l'émancipation, decía que no mundo occidental as mulleres teñen máis liberdade, asimesmo argumentaba que o capitalismo tamén nos pecha, co traballo asalariado.

\*\*\*

Plusvalía. Marx.

“Le travail rende libre”

Foucault: non hai nada que interpretar

A diseminación deste texto para darlle sentido, as interpretación quedan á marxe. O motivo: amarte

A alienación do home moderno neste labirinto. Teseo.

“Gleflecht”. Desexo desafiar a esta espera. Homero.

Aporías. Autocontradicción. Retórica. Lóxica.

Unha psicoanálise do texto. Chegar ata as entrañas para desvelar o sentido primixéneo.

Museo Rodin. O pensador.

Que hai fóra do pensamento?

Instinto?

Animais que se curan as feridas. Animais feridos.

En Praga unha nena xitana pediuume un cigarro. Eu ofrecinle unha mazá e acceptouna máis contenta.

Fame

O terceiro mundo comeza nos suburbios.  
Non- extranxeira. Alá onde fun sempre comín como eles, sempre  
mirei como eles, sempre amei como eles.  
Kristeva. Etrangers à nous-mêmes  
No aeroporto de Londres. Ese avión. O filme Cuestión. Ken Loach.  
Metro do d.f....  
O discurso é o visíbel. Emile Mâle. As formas plásticas son textos.  
Les Printemps. Pièrre Auguste Cot. Museo metropolitano. N.Y.

\*\*\*

Rêve général. Un mundo de seres libres e iguais. Elixe. Enjoy!  
Heidegger. A filosofía como meditación. Levei o centro do meu  
pensamento cara o meu corpo. Sentín a respiración entrar e saír  
lentamente, podía  
mesmo ve-la. Imaxinaba o oxíxeno como un fluxo de cor, transparente  
e ao mesmo tempo recitaba un mantra. Apratishita. Liberación do  
sufriemento.  
E que facer ante a dor dos demáis? Sontag  
Drama  
A idea do bo, do belo.  
Relámpagos trazan un círculo de luz sobre o ceo. Medo e beleza.  
Contradiccóns inmanentes.

\*\*\*

Pensamento híbrido. A mezquita de Córdoba. Islam. Cristianismo.  
Buda ensinou aos seus discípulos o non-apego. Amarse a si mesmos é  
amar á humanidade.  
Formar novos conceptos. Conxuntos teóricos. Ciencias.  
Autofoudfootage. Transgresión. Non durmir nuca.  
Sheherezade.  
O principio relixioso da tradición. Desvincularse do pasado. Nunha  
contemporaneidade exhausta. Ruptura.  
Impose ta chance/serve ton bonheure/va vers ton risque/au te regarder/  
ils vont te suivre.  
É necesario liberarse do autor, da autoría?

Que é unha obra? Traumdeuntung. O meu inconsciente determiníname.

A biografía determina a escrita, o meu “super Eu” determina os argumentos.

I waited for you, que delirio me fai manterme serena nesta espera?

“Unha muller en loita conta si mesma”. Unha habitación propia.

Distinguir entre o verdadeiro e o falso.

A conexión entre seres.

Se nos amamos vemos o mundo tal cal é. A mirada común, as acción común.

África. Fela Kuti. Pobos do mundo únidevos.

Como sobrevivir?

Que desfeita xorde deste encontro?

\*\*\*

Os posíbeis como ansia. Deixamos de mitificar as experiencias e exploramos o descoñecido. Sen concesión

Salvaxes.

Derivo cara a idea de afastarme por uns intres do real e entrar na ficción. Ficcións que remiten ós mitos.

Medea.

Non me coñeces [...] agora que?. Leigh Gilmore.

Somos suxeitos singulares. Desposesión.

Se nada queda levarei a trama ata un final non sinalado.

\*\*\*

As personaxes estaban preparadas para o acto final pero fóra hai vida.

Dramaturxia do absurdo. Nada ten sentido.

Non hai posibilidade de permanencia

Imposibilidade

Morte.

Etiopía. A familia etíope amiga de Le Mans. Construíron un refuxio nos eu salón e masticaban herbas.

Intracomunidades

Multiculturalismo/Integración.

Unha idea de república “liberté, fraternité, égalité” ( repito)

\*\*\*

Un dédalo de linguas que leva a unha incomprendición xeneralizada.

Try it again!

Harmonía

Non-inxerencia

Protesta

Acharei un motivo para atoparte non-inerte.

Internacional Situacionista.

Reclamo a non-inercia.

Achar novedades, quéro-te igual

Identifico o entendemento na similitude do verso, nas rosas vermelhas,  
no cauce do río.

Aqua. Doce.

\*\*\*

Premonición. Esta imaxe durará para sempre, gravada na memoria. Si,  
a túa.

A forma en que nomeamos o mundo, determina-nos. Volver as  
divindades. Grecia clásica. Eros e Psique.

Quen elixe namorarse de quen? Aleación. Azar. Destino.

Coup de foudre

Entendemento

Campos magnéticos. Breton.

Danzar. Espidos.

Bill Evans

\*\*\*

Quito todas as máscaras . Levanto o velo. Os amantes. Magritte.

Defínome e calo. Calo de novo. E escribo. Que especie de confesión  
é esta? Retiro as flores do altar. Poño outras novas. Todo acaba. Ti,  
eterno.

Rossellini. A necesidade. Ser necesarios. A beleza.

Encadre

Ángulo

Expresión obxetivas dun acontecer interior

Cambio as coordenadas para contemplar a inmensidáde do océano. A viaxe int/ext.

As formas desta escrita remiten ao ritual. Tapiès.

\*\*\*

Wie es eigentlich gewesen

Manipulación. Fakes.

Primeira persoa.

Billie Holiday Cinema verité

Always. Forever.

Unha festa na que todos bailan: we are your Friends you never walk  
alone again

Continuar coas palabras para saír de miña mesma.

Glándula pineal

\*\*\*

Jazz

Hc

Techno. Unha sesión de Boiler room.

Comer noces Ralentizar.

Vivre sa vie

Viaxe a Nantes. 1994. Camisa branca de sisa e pantalón de tiro alto  
levi's. castelos medievais. Imaxino a vida cortesana. Ser unha raíña.  
Bíca-me, por favor. Dame algo máis. "Sempre doces"  
Blasting concept. Amarroume o pESCOZO coas mans.

\*\*\*

Portadas de discos: Joya, Knock Knock, Confusion is sex.

O gato Giuseppe. A foto con el. O cabelo curto. Borxa. Jean Seberg.

Iowa. Elle est lâche.

Namorar do home equivocado. Homes fatais. Destino fatal.

Convención dos dereitos humanos. Programa de contraintelixencia.

O ciclo de Ozu en Les Cinéastes. Os ritos. Cotiás. O matrimonio. a  
familia.

Ser feliz é un acto revolucionario? A idea de felicidade está esgotada.

Os valores occidentais, a racionalidade, están esgotados.

Inventemos novos paradigmas.

Amo a Jean Paul Belmondo. O seu rostro. René.

Alexandre, manceu, quedou co meu libro favaorito. Nunca máis  
poderei recuperar-lo? Lástima!, estaba adicado polo meu pai,  
manuel pan.

\*\*\*

Sorpréndeme que Hippie sexa un bo relato. Para min o mellor.

Abandoar o amor por unha estancia espiritual e mística.

Autobiográfico.

Estiven en Amsterdam un verán. Traballaba nun restaurante grego. O  
xefe rompía cada noite algo da vaixela. Situado na plaza Dam, para  
chegar cruzaba o río Amstel en bici.

O xardín do recoñecemento. Novaris.

Inventar o plural. Only remember. Beging.

A materia humana. Nesta batalla colocarei a espada sobre os teus  
ombreiros, raíña.

O reino de Galiza. Os señores feudais, a abolición dos foros. Non-  
asoballamento. Dignidade.

\*\*\*

Martin Luther King. Musulmán.

Atravesado por dúas secuencias identitarias.

Negritude.

O portugués nos países lusófonos. Negritude. Virtus Unita Fortior.  
Antonio Emilio Leite Couto.

Maputo

Silenzio

Violencia

You are the one.

\*\*\*

Harvard. Martin Puchner. Meu Mestre.

Salman Rushdie.

Cosmopolitismo. O local e o universal entrelazados.

Inmigrantes ilegais. Harga.

Música experimental. B.S.O de Primitivos Abstracto. Eu coa guitarra.

Son unha sin fogar. Julie Doiron. Perdino todo. Áma-me ben.

DIY faino ti!... punk

Sonic Youth

“Os que ainda me queiran, perdoádeme”

Unha revelación. Fatua.

Individuos/ Comunidades

Singular/plural

\*\*\*

Eu/Nós

A onde imos?

Siniestro Total

Un caso excepcional de memoria. Lembrar o útero materno.

Sabes que te bicarei. Non teño anda que perder.

Vou ser máis constante. O pai de miña nai, xosefa Vázquez, traballou  
toda a súa vida no Real Club Náutico de A Coruña. Un xefe.

Ser máis constante.

Ter-te para toda a vida. Eu sería a persoa máis feliz.

i need more. Je veux voir tes yeux quand ils me regardent.

Terremoto Si.

\*\*\*

Rutas metabólicas

Cambios

Escribo e sigo amándote. Pour toujours.

Na illa de Creta existía unha especie de elefantes. Ser como eles, ter  
unha soa parella.

Retrógrado?

Os valores.

Cambios.

Quenes somos?

Julián Hernandez

\*\*\*

Compasión

Palestina.

Frontes pola liberación

EZLN. Vin ao subcomendante marcos no 1º de maio, cun séquito de campesinos con fouces, rodeándoo, desde a embaixada de USA ata o Zócalo.

A espera por el na praza. V.M.M. Un puzzle sen armar. “A todas as antifascistas”

Margarita Ledo deume aulas no curso de Cine de autor. Regaloume un dvd con India song.

1975

Delphine Seyrig

Aventuras amorosas. India. Diplomacia.

A fidelidade

As promesas

\*\*\*

Reivindicación/conformismo

A oliva foi podada. Agora medrará con más forza

Amputación

Hiroshima

Resnais

As estatuas tamén morren

As fotos de Venezia con Vítor Vasques no café da praza de Lugo cando estaba inundada

Auga

Meu avó ensinoume a nadar

Fragmentación.

A plasticidade posta ao servizo da sublimación. A escrita posta ao servizo da sublimación.

Queremos comprender saltando un abismo e perdémonos en utopías que só queren facer de nós seres con ideais negados

A práctica diferenciada da acción. Fenómenos a longo prazo. Corredor de fondo.

Os sutras. Ensinanzas de Buda.

O Sutra do diamante. Unha tatuaxe dun diamante.

Unha tatuaxe dun triángulo cun círculo dentro

Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Onu. 217-A. Paris.

Café noir

Florecerá a cereixeira.

O xardín do Institut d'Études Politiques, Paris. Variacíons Goldberg.

Je t'aime d'un amour imcompréhensible

# Post-poetry

prefacio



“i'm nota poet  
i'm nota poet  
i'm nota poet”

(vítor vasques)

danzando coas mesmas  
[árbores  
outra razón  
está na túa cabeza  
so, e, inverno

ssch! para a túa  
[mirada pensa rapido  
[sobre min eu non estou  
aqui


corre a praia a area  
está quente  
ti camiñas cara  
[o mar



espazo uout" espazo  
[“in”  
que  
e  
o amor?

repite. esta canción  
**FUGAZI.**Non quedes  
[no vermello  
quedá no negro


ninguén. naide  
só eu. Neste lugar  
As miñas voces  
[o meu corpo  
a miña oportunidade



outro rapaz está aquí  
quizais as veces  
quizais nunca  
non chores  
[atravesa a porta

corazon, corazon negro  
os teus ollos azuis  
a miña mente  
fatigada

explica as túas ideas  
non para mim  
eu non  
te necesito



# Tres contos de ronsel pan

## O carballo máxico

Na fraga de Saor os animais vivían en harmonía coa natureza ata que...  
(Curuxa esperta sobresaltada).

Curuxa: Que mal presaxio, a fraga debe estar en perigo.

Comeza a voar e ve os humanos con grandes máquinas achegando-se  
a fraga.

Curuxa: Os humanos queren destroza-la fraga...

Volve á súa póla e ve unha aparición: A da avoa curuxa da fraga,  
símbolo da sabedoría.

Curuxa: O espírito da miña avoa.

Avoa Curuxa: Debes saber que o lobo branco agochado no cumio da  
montaña prohibida pode salvar a fraga, e moi ousado e a pesar de  
non vivir entre vós ama este lugar pois foi onde a súa nai lle deu  
vida.

A luz da súa avoa guiou-na ata a cova do lobo branco.

Curuxa: A fraga está ameazada tes que vir comigo pero oculta-te  
cando chegues porque os animais teñen medo de ti.

Cadanseu emprende o seu camiño, a curuxa guiada pola luz e o lobo  
entre penedos e rochas.

Curuxa avisou a paxaros, coellos, raposos e cervos.

Curuxa: A fraga está en perigo, Lobo branco pode axudar-nos...

Cervo Azul xefe dos cervos non vía ben a axuda:

Cervo Azul: De ningunha maneira, el e a súa manada atacáron-nos  
moitas veces, non queremos a súa axuda...

Lobo Branco ante o rechazo decidiu argallar un plan.

Lobo Branco: Vou argallar un plan secreto.

Esa mesma noite achegou-se ao campamento dos humanos ensinando os dentes e ouveando. Pretendía escorrenta-los pero os humanos non se asustaron. Comezaron a erguer machetes contra el e Lobo Branco marchou.

Os humanos mentres tanto, avanzaban cara o centro da fraga.

Curuxa: O carballo máxico, está en perigo se morre el toda a maxia desaparece.

Unha enorme serra estaba a piques de corta-lo se non fora porque neses momentos chegou Lobo Branco coa súa manada e outras procedentes de outras terras ás que avisara mediante ouveos.

Os humanos ante a visión recuaron.

Cervo Azul recoñece a valentía dos lobos alí no carballo máxico ao que se achegaron.

Cervo Azul: Moi valente, as paces son de verdade. Na fraga fixeron unha festa.

Lobo Branco: Son un ser solitario, volvo para a miña cova, pero estarei aí sempre que me necesedes.

## O colibrí perdido

Un colibrí está perdido no medio dun bosque galego.

Colibrí:

—Non sei onde estou! Onde están os meus compañeiros? Estou só!

Un xílgaro desde unha póla ve o colibrí no chan

Xílgaro:

—Ola! Non es de aquí?

—Non, perdin-me

—Eu son Xilgariño, isto é Galiza.

—Aah eu son de México, son un colibrí.

E comezan a revolotear xuntos.

A familia de xilgariño ve o colibrí e asústa-se.

—Quen é este paxaro? É moi raro!

—É meu amigo, está perdido.

Os xílgaros falan co colibrí; ven que é bo e xeneroso e ensínán-lle o bosque.

—Grazas pola acollida isto é moi bonito pero quero volver a México, convído-vos a coñece-lo

Os xílgaros moi contentos:

—Alá imos contigo, si!

Chegan a México despois de 3 meses de travesía

Xilgariño:

—Que fermosas pirámides, que fermosos volcáns, e os ahuehuetes,...!

Xílgaros:

—Foi todo moi emocionante e fermoso pero temos que volver...

Xilgariño:

—Eu quedo con el

—Vale, queda con el, sodes moi amigos, xa volveremos visitar-vos.

—Grazas, vémo-nos pronto!

## **Unha escaleira ata o ceo**

O neno René ollando pola fiestra.

—Vexo as estrelas ao lonxe, seguro que a miña avoa está nalgunha delas.

De súpeto unha luz inunda o cuarto.

—Unha escaleira! Parece infinita. Vou-me subir a ela.

A escaleira agránda-se ata o ceo e póusa-se nunha estrela.

—Meu neto! Estou aquí.

—Avoa quería falar contigo... bóto-te de menos.

—Vai-me todo ben, aquí miro por vós.

—Sempre te quererei avoa

—Eu a ti tamén.

—Agora baixa pola escaleira, sempre que o desexes aparacerá e traerá te xunto miña.

—Hei voltar avoíña.

—Eu coído-te desde esta estrela.

O René baixa a escaleira. A nai abre a porta.

—Que fas fillo que aínda non estás deitado?

—Nada mamá, estaba mirando pola fiestra a noite tan estrelada.

—Pois durme que xa son horas. Boa noite!

—Boa noite mamá!



**Eu odetta/ Eu anne**

(odetta)  
Facer esas fotos  
Capturar  
A súa imaxe

A súa beleza, a súa beleza  
[ radical

El posa para min  
Móvese  
Na súa cadeira  
O xardín

Ninguén sabe o que dentro ten....

Bondadoso?  
Cruel?

Quen é en realidade?

(Anne)  
Eu seino  
Coñezo a ese home

Recoñecemento

Viaxe interior

A súa persoa. A súa personaxe

TERENCE STAMP  
(odetta)

Só o seu corpo  
[realidade

Un corpo perfecto  
[disposto a  
Amar

A amarnos

(anne)

Unha preparación

Para o baleiro

Da ausencia

Ser odetta, sentir a odetta. Comprende-la.

Preparada para saír ao set

Eu, un dos primeiros filmes. 1968

TEOREMA

(odetta)

Lévoo a ver as imaxes

[ da miña infancia

El asume a situación Unha

invitación

a amar

Amámonos

A carne

A pel

O sexo

(anne)

Inaugurei a

Experiencia

De facer o amor

No cinema

Deixarse ir, abandonarse, disfrutar  
Passolini dame indicáons

“vive e actúa ao tempo”  
(odetta)

Son unha pobre nena rica

A familia  
O máis importante

Chega el, ...

[ revolución emocional

Tan belo!

Asústome e gozo.  
Penso en que sexa para sempre

(anne)

O guión estaba escrito  
Fechado

Eu sei que vai desaparecer

[fugaz

(odetta)

Un amor inusual  
Desbordante. Inundante

Por que esa forza?

...

Por que ese poder?

(anne)

Eu seino. A historia non remata aí.  
A historia comeza coa súa partida Así comeza todo  
  
A frustración que deixa  
  
O desespero  
  
As ausencias.  
  
(odetta)  
Xa non son eu  
  
Identidade fragmentada  
  
Ira  
  
Dor  
Frustración  
  
(anne)  
  
Teño que deitarme mesa cama  
Soa  
Inerte  
Abandonada  
  
A secuencia máis dura  
  
[ 100% passolini  
  
(odetta)  
  
Apretar o puño  
Apretar o puño  
Apretar o puño  
  
Non podo moverme  
A miña mente está máis alá  
  
Co seu corpo

Quen era el?

Cales eran as súas intención?

(anne)

Eu seino. Un viaxeiro que deixa ronsel

Bondadoso

Cruel

Luminoso e

Escuro

Ambigüedad

Desespero

Desolación

A falta de entendemento E

moción pura

Sentimento transversal

Oblícuo

(odetta)

Sei que é a miña fin

A fin

Por el:

Fatalidade

(passolini)

Esta historia é dura

Moito

Seino

Unha das primeiras filmacións

[ 40 anos

A necesidade de mostrar

Emocións

Entre a realidade  
E a imaxinación

Unha personaxe poderosísima  
Extremadamente

E ela, o detta... ela anne  
Representa

Candidez  
Desarraigo  
A fascinación destructora



**Comezo dun poemario**

Escola de Francoforte.  
Adorno. “As obras  
de arte  
saen  
do mundo  
empírico  
e producen  
un mundo  
cunha esencia  
propia”

A cuestión da esencia,  
a cuestión da orixe:

A carón da Coruña,  
limitando polo mar  
esta aldea que é  
área metropolitana  
chámase  
Suevos

Se puidese  
elixir unha cidade  
de nacemento  
elixiría a mesma,  
aínda que tal vez, París.

Dicía en  
#INDUSTRIAL  
“Tal vez voemos polos aires”,  
perto da refinería.

A ruta que bordea Suevos pode ser a de Manhattan  
(entrevista con inma lópez silva)  
Dúas  
cidades  
de moda,  
Nova Iorque e París,

na moda  
e para a moda

/ Modas /  
/ Tendencias /  
/ Popularidades súbitas /

Título da conversa con Sande no cgai.

“Todo está ao noso alcance”.

Unha cámara,  
unha cámara de vídeo.  
Todos poden ser cineastas,  
e poetas  
todos poden ser o que queiran  
pero  
non podemos elixir  
a cidade onde nacer

París.

Vinteun anos.

Alvedro, dúas horas  
e xa estamos en París!

Nese avión,  
un home sentado ao meu carón collía o avión para ir traballar todos os  
días.

O iep,  
é unha institución moi reputada de onde saen  
os Presidentes da República francesa.

A esencia,  
as orixes,  
no tempo do *constructio*.

Constructio o video no Porto Exterior.

E o reino suevo de galiza?

O castro

A arte do reino suevo da galiza

“Algunhas obras que eran Arte, xa non o son.”

O canon.  
O clasicismo.  
A música clásica lévame  
ás variaciós goldberg.  
Un lonxano antecesor deste poema.  
Ou non tan lonxano.  
Cuestión de perspectiva.  
Subxectividades; tantas como seres.  
Únicos,  
singulares,  
insustituíbeis.

René  
“Os teus nervios atrófianse entre cella e cella”  
Que importancia teñen todas as apertas que foron dadas?  
da-dá  
Despedirse no aeroporto de México.  
GUIÓN ronsel pan (o libro que é filme).  
Un triángulo  
amoroso fictício.

BORGES!  
“Non hai azar, só encontros”

Wissam agora en Canadá;  
Roger segue en Beirut.  
Con eles úne  
-me l  
e mans.  
24 horas.  
A chamarada industrial.  
Esa que nunca se apaga.

A producción compulsiva.  
O capitalismo. O anarco-capitalismo.  
Sacarlle rédito!!  
Víaxes a México por 600 euros.

Alí pintara a Vitoria de Samotracia.  
Un mural na biblioteca da Escola de artes plásticas.

**A arte que foi  
e xa non é.  
Os poemas que foron  
e xa non son.  
Isto non pode ser  
un anti-poema.  
Un anti-todo.**

*A imposición da identidade,  
o non-idéntico.*

E os imaxinarios coléctivos.

Intersubxectividades que crean o mundo.  
A alteridade constitutiva da arte.  
Se lemos  
o mesmo,  
seremos o mesmo?  
E nada existe fóra de min.

Dani Salgado:  
“Mantén sempre a posibilidade de negarte”  
Vietcong.  
Ruído.  
Música experimental.  
Spoken word.  
Puramente espirituais na época da reificación  
submerxidos nese intercambio mercantil.

Budismo.  
Sutra do Diamante.  
O diamante que se converte  
en corazón.

Miles Davis  
eleva a miña vibración anímica.  
Jazz.

Voltamos a París, a cidade onde non nacín.  
O concerto de jazz no que el  
non apareceu.

Soa.  
Aplaudindo.

Chegar  
a coñecerse a si mesmo no tempo das identidades  
nómades.

Aquí, aló.  
Agora, despois.  
No future.  
Vivre sa vie.  
Maio do 68. Anos 60.

Julián Hernández que lle subministra a  
pastilla ao seu gato.  
Giuseppe  
o gato de Borxa vilas  
inmortalizado na foto comigo.  
Eu que cortara moito o cabelo.  
Todas temos etapas co cabelo moi curto  
quizais para sempre e as mulleres que non queren ensinalo...  
A memoria do diploma de estudos avanzados.  
Respeito a outras culturas.

A (des)aparición de ocidente,  
conversa con  
dani palau.

USA. Addison. O disco “Stay Alive”.  
Outro grupo  
que se dissolve.

Unha fin  
que  
se instala.

Saír  
do círculo  
entrar na espiral  
Gz celta  
inventar unha posíbel lingua,  
o labirinto de babel,  
un mito fundacional.

Lendas.  
A dama do Lago,  
amiga de Merlín,  
quen o seduce até  
aniquila-lo.  
Aniquilarei  
este poema,  
estes versos, neste preciso  
intre.



Lotte Friderike Svetlana

## A MORTE DE LOTTE

Unha noite  
en Petrópolis  
non como as outras  
22 de febreiro de 1942

a definitiva  
a derradeira

No leito  
no leito de morte.

Aquí o corpo xace inerte  
A morte núa.

Unha longa viaxe. De Europa  
a América.

Lusofonía. 1939.

O nacemento. A morte.  
Sen principio nin fin.

A fatalidade que se instala.  
Só uns intres.  
Os do coma provocado polos barbitúricos.

Ácido. O corazón que deixá de latir.  
Os músculos non se moven.  
O sangue que non flúe.

E a mente pensando en alcanzar un estado,  
unha dimensión mellor.

O mundo das ánimas  
A síndrome dos expatriados.  
Abandoar o país,  
e verse extranxeira  
para sempre.

Brasil acolleuna. Amabélmiente. Sen saber o desenlace.  
Ninguén o imaxinaba.  
Quizáis, Lotte si.

Quizáis as súas almas permanecen a carón  
eternamente.

Aquela carta. A despedida dos seus amigos.  
Sen descendencia  
eles sós na fin.

Deitados na cama  
cama branca. Como a súa aura.

Frialdade  
Comunión  
Destino

sinéctodo dun sufrimento colectivo  
II Guerra Mundial

fascismo  
nazismo

A dor de ver o destino común  
na vía da  
aniquilación  
a derrota dos bos e xenerosos.

Dor que nunca será eliminada.  
Que os acompañará ata esa noite.

Porque o político penetra no persoal.  
Postfeminismos: sentirse igual ao seu home.  
as mesmas experiencias  
o mesmo pasado  
a mesma cultura

Alemaña. Deterioro da Historia.

Nuremberg e as súas eivas. A desnazificación total, a imposiblidade.

Sufrir.

Sufrimento

absoluto.

Indecíbel

Imperante

“nin no caso dunha derrota de Hitler me vería capaz de inciar unha nova vida”.

Perder o pasado

o presente

o futuro.

Deslucidar a trama: ese amor, ese suicidio.

Querer-se libres.

Os pensamentos afloraban  
cada vez más lentos.

A infancia.

As ensinanzas

O amor cara Sweig.

*O efémera que é a vida  
eu Lotte inferíndo-me (nós)  
a morte.  
Suicidio  
querer acabar con todo.*

*Non resistir á triste e louca identidade.*

*Sentir que non teño raíces  
agás a infancia. A verdadeira patria.*

*Volver sentir como unha nena  
pero  
aquí  
xa non existe o tempo.  
Tempo suspendido.  
Non poder ir á búsquedas do tempo perdido.*

*Todo remata. sínto-o  
o meu corpo é lívián.  
Doce*

*unha paz repentina inúnda-o.  
Non resistir ao Fascismo.*

*A ideoloxía nazi que puidi comigo.  
Que me levou aquí  
a esta cama  
co meu marido.*

*Non aturar máis a existencia  
o peso das mortes  
das dos outros  
das nosas.*

*Morte inferida.  
Terror  
constantes vitais*

*Hitler foi derrocado.  
Ela non o verá.*

*Movementos de resistencia.  
Loitas antifascistas  
a batalla de stalingrado.*

*Saír de Alemaña a París,  
aínda non liberado.  
Reino unido. Finalmente América.*

Periplo para conseguir a liberdade.

Un lugar onde pousar a identidade.

Un fogar.

A paz  
exterior  
interior.

## ARREDOR DE FRIDERIKE

### VONTADE PROPIA

Soidade da infancia ( 4 de decembro de 1882, Viena)

As experiencias dos primeiros anos:

facerse a unha mesma

Desenvolver unha personalidade.

Quizáis as esencias

Quizáis o *constructio*

Ser berro no oco do silenzo

Aadar unha verdade

Ela. De agora para sempre

Evoluír en constante interacción

Ela. Os outros.

Arredor de Friderike.

## ADALBERT STIFFER

Achegarse aos seus versos,  
unha constante.

O tempo e a universalidade.

Biedermeier

Bohemia. Chequia.

Romanticismo e sentimentalismo.

Weltschmerz. Estado. Burguesía.

Exclusión.

Resistir á descomposición lingüística.  
Bauhaus. Influencias.  
Fliegende Bläter  
Handke.

## AFRANCESADOS

Ensinanza de literatura e historia.  
A Franza da FRONTE POPULAR  
O pobo erguido en pé de loita.  
A fame. Os tiros. O amor no medio da metralha.  
A vida *ailleurs*.  
Pertencer ao país equivocado.  
A liberación nacional.  
A desesperanza. O medo.

## INDEPENDENCIA

Ambición  
A pesares da necesidade do outro.  
Ser libre. Constituíndo-se. Formando-se.  
Comezos do século xx: non depender dun varón.  
Con todo, os matrimonios.  
O común. Unha estructura. Un sistema.  
Dereito ao divorcio.  
Reiniciar.  
Ser dona do pasado.  
Acompañar o futuro.

## JOHAN STRAUSS

Viena. 1899.  
O Danubio azul. Epopeia dilucidando o heroísmo.  
Corte Imperial. Hamburgo.  
Apoyo aos revolucionarios.  
Freiheitslieder.  
“Cancións de liberdade”  
A morte.

Zentralfriedhof  
A inmanente morte.

## LIBERDADE

A familia e o EU.  
Non sentir remordimentos.  
Saír. Loitar.  
Liberdade.  
Experimentar no mapa mundial.  
Austria. Franza. E.E.U.U.  
Moverse para forxar unha presenza. Nómada.  
Enraizarse.  
Cortar as raíces.  
O territorio. A identidade.  
Coordenadas cambiantes.  
A idea do eu. Do nós. Do Todo.

## VALSES

Lugares de encontro.  
Vida social.  
Danzar.  
Amizades.  
A música na epiderme.  
Desleixar a trama.  
Abandonarse ao movemento.  
Divertimento. Intelecto.  
Confesiós.  
Enfronte o amor.  
Enfronte a revolución.

## OCASO DAS MONARQUÍAS

Caída de Nicolás II.  
Revolución de outubro. 1917.  
Relación cos zares.  
Disposición a errar.

Chamamento.  
Antigo Réxime. Destrucción.  
Debastación.  
Loitas proletarias.  
Cor vermella. Altofalantes. A masa.  
A masa crítica.  
Reivindicacións de dereitos.  
Obrigas.

## MARC TWAIN

1910. Redding.  
Libros de viaxes. E.E.U.U.  
William Faulker: “Pai da literatura norteamericana”.  
Escravaxe. Infancia. Negros.  
Amizade con Nicola Tesla.  
Últimos tempos. “American Anti-Imperialist League”  
Apoyo a Revolución.  
Reiniciar a dúbida de ideoloxías imperantes. Por- se do lado dos vencidos.

## MINORÍAS

Descomposición do Imperio Austro-Húngaro.  
Bohemia  
Polonia  
Balcáns  
...  
Reclamar a independencia. O dereito á autodeterminación.  
Revoltas.  
Motivos de sublemación.  
A construcción nacional.  
A disposición a posuír un Poder propio.  
A se gobernar.  
Fin dos grandes imperios.

## XÓVENES DE VIENA

Revolta dos estudantes.  
Xuventude. Reivindicacións.  
Xuntanzas que pretenden dár-lle un novo sentido á dirección política.  
A utopía resiste á realidade.  
As estructuras. O sistema.  
É posíbel unha sociedade sá?  
Tentar cambiar a conciencia social.  
Expandir o pensamento.  
Difundir a ideoloxía.

## DISCUSIÓNS

*Historia do Materialismo*. Lange  
Idealismo. Misticismo.  
Os que sofren. A cuestión social.  
Facerse oco no desterro existencial.  
A miseria das masas.  
Xustiza social. Xustiza poética.  
Axitación obreira.  
*Forza e Materia*. Büchner.  
Abstraccións. Puntos de vista.  
Non ter realidades separadas.  
Naturalismo. Magnetismo.  
Os sentidos. O empirismo.

## STEFAN ZWEIG

Grielparzer  
Bauernfeld  
Recoñecemento.  
O trunfo vs o underground.  
A exposición pública.  
Formas sociais de interacción.  
Ela admíra-o. Nembargantes o amor oculta-se.  
Ninguén sabe por que xorde o amor...!  
Ninguén sabe por que desaparece o amor...!

## STRUNZ

Aprender. Mestres.  
Ensinanzas sobre Kiekegaard.  
Abrir-se ao mundo no delirio da existencia.  
Revelacións.  
Combater o desastre coa escrita.  
Referentes. E ser unha mesma.  
Iniciar a descoberta duns idearios. Revolucionarios.  
“Toda revolta léva-a a ti”.

## WEINER ZEITUNG

Primeiros xornais mundiais.  
1703. Viena.  
Medios ao servizo do poder. Corte Imperial.  
Alianza Franco-Austríaca.  
Prusia como inimigo  
Sempre un inimigo?  
É posíbel unha paz mundial?  
“Cada vez que se bican, rómpe-se unha arma”

## FELIX VON WINTERNITZ

Dúas fillas: Alexia e Susanna.  
O amor creou descendencia. Non se mantivo no tempo.  
Rematou cunha amizade. Eterna.  
Complicacións de saúde.  
Subsanación.  
Repouso  
Calma  
Atencións.  
Matrimonio 1906. Divorcio 1914.  
Tanto dura unha revolución e tan pouco o amor!

## WESTERMANNS MONATSHEFTEN

A vida núa. O frío. O lume.  
O amor  
A morte.  
Primeiros relatos. Saberse escritora.  
Non proclamar a inercia.  
Imaxinación. Realidade.  
Clamar ao ceo. Terra firme.  
Perspectivas cambiantes.  
Evolucionar coa escrita.  
Kiekeegard: director da revista.  
Novo xornalismo.  
Códigos narrativos.  
Investigación e ficción.

## GIRARDI

Unha festa. Cancións populares.  
Rodaun.  
Élites e pobo mesturadas.  
Pobo e élites en Stelzer.  
Unha morte. Unha homenaxe. Un encontro.  
Fugaz.  
Intentos do destino.  
Interaccións. Partillar desde o eu.  
Sentir a liberdade do amor.  
Coller-se as mans; iniciar unha revolución.

## HAMBURGER FREMDENBLATT

Sincornías. Simbioses.  
Aquilo que podemos conseguir.  
O que tentamos comprender.  
Autoría.  
A loita ata o final.  
Manter unha ideoloxía.  
Dignidade

Contra a guerra. Pacifismo.  
Conciencia de Europa.  
Crítica de *A Casa xunto ao mar*.  
O amor que non emerxe das orixes.

## LARANXAS

A desigualdade. A infancia.  
Stefan comprou laranxas para os nenos da rúa. Hamburgo.  
Herdanza grandiosa.  
Pero a fame. A desidia. O abandono.  
Tentar non ter remordimentos.  
Saberse afortunado.  
Aplacar a ira.  
Combater.  
Escribir.  
Amar.

## RILKE

*A chamada da Patria*, en proceso.  
Visita a Viena.  
Antisemitismo. Conversión ao cristianismo.  
A realidade política que se impón.  
Os feitos e os suxeitos.  
A deriva  
Seguir adiante  
Volver a comezar  
“Se nada cambia agardara-te no resorte libre,  
aí poderemos amar-nos”.

## LÜBECK

A *rendez-vous* esperada.  
Determinar o azar?  
Sentirse querida. Amada. Proclama-lo.  
Revitalizar o cotiá. Adentrarse na comprensión. Mutua.  
Non capitalizar o amor.

Deixa-lo libre.  
“Que temos que dicir cando o non-dito se instala?  
Os xestos. A invocación.  
Resistir ás palabras.  
Loitar polas palabras.

#### DIE SCHWALBEN

Receber o poema.  
Mostras dese amor.  
O substrato último. Feito sagrado.  
Saír do pálpito constante  
Asumir unha posterior derrota.  
Planos que se alonxan do “nós”.  
Fugacidade.  
O tempo decide.

#### SENTIMENTO CÓSMICO

Unión dela co universo  
Situacións que proveñen desa estancia superior.  
Conxunción humanista.  
O máis alá.  
A separación do nacemento.  
Somos a decisión final dunha orixe. Incerta.  
O pouso indeterminado, non pensado dunha explosión.  
Pasar á acción. Ao movemento.  
Ciclos.

#### TRAVEMÜNDE

O mar, o sagrado.  
Ve-o por vez primeira.  
Estupefacción. Abraio.  
Sensación de comunión.  
Éxtase. Catarse. Sublimación.  
A natureza impone.  
Báltico.

Os sentidos pronunciados.  
O intelecto queda á marxe.  
Olvidarse da vida diaria.

## BADEN

Stefan escribe sobre Dostoievski.  
Ela apóia-o.  
Ela coída-o.  
El apoía-a  
El coidá-a.  
A vida nas Letras.  
Reificación.  
O adentro e o afóra.  
A resignificación.  
Novas ideas. Novos significados.

## A NAI DE SVETLANA

Non amaba aos seus fillos  
tampouco á súa filla  
svetlana.

Segunda esposa de stalin  
non aguantou  
o peso  
da alta Política.

Ser a muller de stalin reforza a idea:  
o político como privado.

Unha muller de ferro.  
Non expresar os seus sentimentos.  
Nunca.

A súa irmá, tía de svetlana  
e a súa nai, avoa de svetlana

recriminan  
esa falta  
de expresión sentimental.

Blindada  
personalidade blindada.

Sen máis tensión que o peso do poder.

Muller dun home todopoderoso  
sentir o fracaso da súa vida persoal.

A vida *ailleurs*  
fóra do mundo  
no centro do mundo Comunista.

URSS  
Socialismo real na época  
da desaparición dos  
soviets

aquel proxecto belo  
e xusto  
que non foi adiante.

O comunismo estaba por riba dela  
sen sabe-lo ou sabéndoo

Aplacada.

Quizáis desde o primeiro día  
1919. matrimonio.

Familia numerosa.

Sevtlana percorrendo o mundo  
cambiando de ideoloxía

Identidade nómada. Identidade híbrida.

A ideoloxía ao servizo da xente  
e non ao revés.

A nai de svetlana non falaba.  
E fuxía.  
Cando así o quería.

Non aturar o seo familiar.  
Necesidade de respirar  
de ser libre  
de sentirse libre.

Liberdade amada.

Marchar de Moscova.  
Centro neurálico da URSS  
aforas

abandono  
resignificación  
fuxida.

Stalin chama a Nedezhda.  
Ela non quere volver  
Cede.

O comité central.  
Kremlin.  
Ela sostiña

“é mellor dar máis salario a que se lle roube ao Estado”.

Público e privado: o centro dos sistemas.  
Regresa a Moscova. Sen saber por que.  
Reflexións políticas.  
Reflexións sobre o real  
dos sentimentos.

En EUA xa estaba permitido o divorcio.

Estar mellor soa

*Vivre sa vie*

abandoa-lo todo.

Ela no foco.

Oxímoron: poder e pobreza.

Resignación

a súa vida material non era un problema.

Si a espiritual. A da alma.

Ela non tiña calma,

a ansiada calma.

O sosego.

En definitiva: a felicidade

non era feliz.

Ante esta situación de inestabilidad emocional  
difícil amar.

Combater co amor. Amor universal. Sentimento cósmico.

Nunha época de división: capitalismo vs comunismo

(sen esquecer a Terceira Vía)

Neste confrontamento

a existencia

manter o equilibrio

buscar o entendemento.

Resistir á descomposición do Real.

Resistir á decadencia.

Gulags

campos de refuxiados

torturas

A vida á marxe  
o que fica a carón.

Un refuxio  
unha casa. Sentirse en casa.  
Non ser extraneira  
ou  
selo para sempre.

Sentimentos de pertenza  
identidades cambiantes.  
Decisións. Cambios  
mudar de pel  
mudar de espazo.

Sobrevivir ao espazo-tempo imposto.

Viaxes: internas e externas.  
Unha decisión crucial. Decisións cruciais.

Non saber amar. Non querer amar.  
Soidade como sino fatal. Interacción. Os outros.

Abandoar os traumas: a felicidade que se instala.  
Nedezhda no centro do mundo, soa.  
A salvación social. Ser no Outro.  
Resistir ás ruínas do propio ser.  
Enteira


designios.  
Post-existencialismo  
un Humanismo.

Querer o ben común.  
A felicidade  
para a Humanidade.

E para unha mesma?  
pravda. 10 de novembro de 1932.  
versión oficial: apendicitis  
disparo no corazón.

**Cabalos salvaxes  
transparentes na noite**

A Maruxa Mallo, in memoriam



A cadencia líquida simultánea



Sono escuro na cadeira



Soliloquio lontano fulgurante



Ao abeiro do río lento



Imaxe transversal reificada




Animal percorrendo sendas infatigábeis



Recordos transfigurados de lonxe



Aperta de amor incomprensíbel



Auga no baleiro dos ollos



Sagrada montaña nómada



# Les animaux

## (France, 14 avril 2023)

UN ANIMAL DANS LA ROUTE DU TRAIN  
ON NE SAIT PAS VRAIMENT LE POUR QUOI IL EST LÀ  
UN ANIMAL SAUVAGE  
ON EST DES ANIMAUX  
LÉO FERRÉ: JE PLEUR, JE PIS, J'ÉJACULE  
ET ALORS?  
ON ATTENDS  
CONNERRÉ-BEILLÉ  
5 HEURES PIED DU MANS  
JE SUIS EN L'INTÉRIEUR DU TRAIN  
AVEC VÍTOR  
J'AIME VÍTOR  
J'AIME LES ANIMAUX  
LES GENS DU MONDE QUI VONT À PARIS  
ET QUI RETOURNENT CHEZ EUX  
LES ANIMAUX SAUVAGES N'ONT PAS DE MAISON  
Ils PASSENT À TRAVERS LES VOIES DU TRAIN  
CHERCHENT OÙ SE REPOSER LA NUIT  
C'EST NUIT  
LE TRAIN EST ARRETÉ  
À CONNERRÉ-BEILLÉ



